

DICIONARIO DE BIOLOGÍA



DICIONARIO DE BIOLOXÍA **galego-castelán-inglés**

COORDINADORES:

Jaime Gómez Márquez, Ana M^a Viñas Díaz e Manuel González González

REDACTORES:

David Villar Docampo e Luís Vale Ferreira

REVISORES LINGÜÍSTICOS:

Víctor Fresco e M^a Liliana Martínez Calvo

2010

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
Secretario Xeral de Política Lingüística
Anxo Lorenzo
Coordinador Científico
Manuel González González
Director Técnico de Lingüística
Guillermo Rojo Sánchez
Director de Termigal
Manuel González González
Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago

© Jaime Gómez Márquez, Ana M^a Viñas Díaz, Manuel González González,
David Villar Docampo, Luís Vale Ferreira
© Termigal. Xunta de Galicia. Real Academia Galega

Imprime
Galigraf Galicia

ISBN
978-84-453-4973-1

Depósito Legal
C. 4.033-2010

Índice

Presentación de Jaime Gómez Márquez	9
Diccionario de Biología.....	11
Índice de términos ingleses	181
Índice de términos castelláns	201

Presentación

Hai xa aproximadamente 8 anos un dos obxectivos que nos propuxemos dende o decanato da Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela foi traballar na elaboración dun dicionario trilingüe –galego, castelán, inglés– de termos biolóxicos. Non pretendiamos afrontar a realización dunha obra definitiva, que fose un punto final, senón máis ben ofrecer un punto de partida, o máis rigoroso e detallado posible, un dicionario que sen dúbida deberá ser perfeccionado e actualizado periodicamente, mesmo con ilustracións e esquemas que axuden a comprender ou explicar un concepto, unha estrutura, un mecanismo.

Queriamos un dicionario que abranguese toda a Bioloxía, dende as moléculas ata os ecosistemas, xa que ata agora contabamos só con dicionarios parciais, sobre todo de termos relacionados co mundo da natureza, pero ningunha obra de carácter global. Neste dicionario aparecen termos relacionados coa Antropoloxía, a Bioquímica e a Bioloxía Molecular, a Zooloxía, a Botánica, a Fisioloxía, a Xenética, a Microbioloxía, a Ecoloxía, a Bioloxía Celular, o Medio Ambiente. Finalmente, queriamos facer un dicionario que fose trilingüe, porque estamos nunha comunidade cunha lingua propia, o galego, e outra común ao estado español, o castelán, e porque a linguaxe científica universal é o inglés.

Neste momento de lexítima reivindicación do galego como lingua propia e coma lingua viva, e nun contexto internacional que emprega o inglés como lingua científica preferente, case exclusiva, facíase necesario que houbera un texto de referencia que servise de axuda para poder expresar correctamente, dun xeito oral ou por escrito, os principais termos da Bioloxía. Este dicionario ten que ser unha ferramenta útil tanto para o ensino preuniversitario como para os universitarios e para as persoas que se dedican á investigación ou a divulgación da Bioloxía. O desexo de todas as persoas que traballamos na confección deste, penso que magnífico, dicionario trilingüe de termos biolóxicos é que a xente o aproveite empregándoo como unha ferramenta no seu traballo educativo, investigador ou de divulgación. E esa é a súa razón de ser e de existir.

Agradecementos

Este dicionario é froito dun traballo interdisciplinario, dunha estreita colaboración fundamentalmente entre biólogos/as e filólogos/as. Vaia por diante o meu sincero agradecemento a todas as persoas e institucións que participaron na confección deste dicionario trilingüe.

Esta obra faise posible grazas ao apoio de institucións –a Facultade de Bioloxía da USC, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades– e o traballo e impulso de persoas da nosa comunidade.

Quero, en primeiro lugar, agradecer ás persoas da Facultade de Bioloxía o seu traballo para que este proxecto fose unha realidade. En particular quero mencionar a que foi vicedecana, Ana Viñas, quen tivo un papel moi activo en todo este proxecto, e a actual decana da Facultade de Bioloxía, Mariluz González Caamaño, quen tamén como vicedecana, e agora como decana, apoiou sen reservas este proxecto cultural e científico. Por suposto, quero salientar o esforzo ímprobo feito por David e Luís que traballaron arreo durante moitos meses na recompilación de termos e na redación do dicionario. Non me quero esquecer de expresar o agradecemento a Victor e M^a Liliana polo seu minucioso traballo de revisores lingüísticos.

Máis todo este proxecto non sería sido unha realidade tanxible sen a colaboración da Xunta de Galicia, en especial de Marisol López –dende o seu posto na Secretaría Xeral de Política Lingüística no anterior goberno da Xunta de Galicia– e Anxo Lorenzo, o actual Secretario Xeral de Política Lingüística, quen lle deu continuidade institucional á elaboración deste dicionario trilingüe. Finalmente, non podo deixar de mencionar unha persoa clave no desenvolvemento metodolóxico do dicionario, e no seu impulso dende o principio ata o final. Refírome a Manuel González, Coordinador científico do Centro Ramón Piñeiro e membro da Real Academia Galega, quen foi un catalizador ilusionante de todos os procesos durante estes anos.

Jaime Gómez Márquez

Decano da Facultade de Bioloxía da USC

Diccionario de Biología

3 fosfogliceraldehido *loc.s.m.* V. **gliceraldehido 3 fosfato**.

á *s.f.* Extremidade ou apéndice, especializado para o voo, que posúen algúns tipos de animais. Só tres grupos actuais de animais posúen ás; as aves, os insectos e os quirópteros. As ás destes tres grupos teñen diferente orixe, polo que se di que son órganos análogos.

SIN GL: **ala** *s.f.*

ES: **ala** *s.f.*

EN: **wing**

ABA *sigla* Hormona vexetal isoprenoide implicada na regulación dun gran número de procesos.

SIN GL: **ácido abscísico** *loc.s.m.*

ES: **ABA sigla; ácido abscísico** *loc.s.m.*

EN: **ABA; abscisic acid**

abaxial *adx.* Situado en posición apartada do eixe.

ES: **abaxial** *adx.*

EN: **abaxial**

V. TAMÉN: **adaxial**

abdome *s.m.* Parte posterior do corpo dos animais, situada a continuación do tórax.

ES: **abdomen** *s.m.*

EN: **abdomen**

aberración cromosómica *loc.s.f.* Calquera cambio no número ou estrutura dos cromosomas. As aberracións cromosómicas poden ser numéricas, como as aneuploidías, ou estruturais, como as delecións, translocacións, inversións e duplicacións.

ES: **aberración cromosómica** *loc.s.f.*

EN: **chromosome abnormality**

abisal *adx.* Relativo ás augas profundas do océano, normalmente por debaixo dos

4000 metros. A zona abisal dos océanos atópase delimitada polas zonas batial e hadal. A zona abisal permanece en escuridade continua.

ES: **abisal** *adx.*

EN: **abyssal**

V. TAMÉN: **batial; hadal**

abrazadeira móbil *loc.s.f.* Estrutura proteica trimérica en forma de anel que actúa na replicación bacteriana e que mantén unido o núcleo da polimerase á cadea de ADN.

ES: **abrazadera deslizante** *loc.s.f.*

EN: **sliding clamp**

abrocho *s.m.* Órgano vexetal complexo formado por un xermolo meristemático, en ocasións cuberto por escamas, que dará orixe a novas estruturas da planta.

SIN GL: **brote** *s.m.*; **anovo** *s.m.*; **abrollo** *s.m.*; **botón** *s.m.*; **broulla** *s.f.*; **gromo** *s.m.*; **rebento** *s.m.*; **xema** *s.f.*

ES: **vástago; s.f. brote** *s.m.*; **yema** *s.f.*; **co-gollo** *s.m.*

EN: **sprout; offshoot; shoot**

abrollo *s.m.* V. **abrocho**.

abscisión *s.f.* Proceso polo cal os vexetais se desprenden de órganos tales como froitos, follas, flores ou pólas.

ES: **abscisión** *s.f.*

EN: **abscission**

abundancia *s.f.* Número total de individuos dunha especie nunha área determinada.

ES: **abundancia** *s.f.*

EN: **abundance**

acervo *s.m.* Conxunto de todos os alelos que existen no seo dos membros reprodutores dunha determinada poboación ou especie.

ES: **acervo** *s.m.*

EN: **gene pool**

acérvulo *s.m.* Masa de hifas que se forma baixo a epiderme ou a cutícula da planta parasitada e que produce unha capa de conidióforos. O acérvulo é formado por un fungo parasito, unha vez que este logra parasitar unha planta.

ES: **acérvulo** *s.m.*

EN: **acervulus**

acetil CoA *loc.s.m.sg.* V. **acetilcoencima A.**

acetilcoencima A *loc.s.m.* Composto intermediario clave no metabolismo, formado pola unión covalente do ácido acético e un tiol, o coencima A.

SIN GL: **acetil CoA** *loc.s.m.sg.*

ES: **acetil-CoA** *loc.s.m.*; **acetil coenzima A** *loc.s.m.sg.*

EN: **acetyl coenzyme A**; **acetyl-CoA**

acetilcolina *s.f.* Neurotransmisor nas sinapses das neuronas do sistema parasimpático e doutras zonas do sistema nervioso central. A súa abreviatura é Ach.

ES: **acetilcolina** *s.f.*

EN: **acetylcholine**

acetilcolina *s.f.* Neurotransmisor formado por un éster de ácido acético e unha amina, a colina.

ES: **acetilcolina** *s.f.*

EN: **acetylcholine**; **Ach**

acícula *s.f.* Puga ou aguillón fino.

ES: **acícula** *s.f.*

EN: **needle**

V. TAMÉN: **ferrete**

acícula *s.f.* Folla longa, delgada e puntiaguada, con forma de agulla.

ES: **acícula** *s.f.*

EN: **needle**

ácido abscísico *loc.s.m.* V. **ABA.**

ácido graxo *loc.s.m.* Biomolécula lipídica constituída por unha cadea hidrocarbonada lineal cun extremo ocupado por un grupo carboxilo.

ES: **ácido graso** *loc.s.m.*

EN: **fatty acid**; **FA**

ácido hialurónico *loc.s.m.* Polisacárido ácido de elevada masa molecular composto

de disacáridos de ácido N-acetil glicosamina e ácido glicurónico.

ES: **ácido hialurónico** *loc.s.m.*

EN: **hyaluronic acid**

ácido nucleico *loc.s.m.* Polímero de nucleótidos unidos mediante enlaces fosfodiéster.

ES: **ácido nucleico** *loc.s.m.*

EN: **nucleic acid**

ácido ribonucleico *loc.s.m.* Polinucleótido, xeralmente de cadea simple, que posúe o azucre ribosa na súa estrutura.

SIN GL: **ARN** *sigla*

ES: **ácido ribonucleico** *loc.s.m.*; **ARN** *sigla*

EN: **ribonucleic acid**; **RNA**

ácido úrico *loc.s.m.* Composto orgánico que se forma como produto de refugallo do metabolismo do nitróxeno.

ES: **ácido úrico** *loc.s.m.*

EN: **uric acid**

ácido xasmónico *loc.s.m.* Hormona vexetal derivada do ácido linoleico.

ES: **ácido jasmónico** *loc.s.m.*

EN: **jasmonic acid**

acidófilo, acidófila *adx.* Dise do organismo que se desenvolve prioritariamente e con maior eficacia en medios ácidos.

ES: **acidófilo, acidófila** *adx.*

EN: **acidophil**

acidose *s.f.* Trastorno que produce unha acidificación do sangue.

ES: **acidosis** *s.f.*

EN: **acidosis**

acinetos *s.m.* Célula de resistencia propia dalgunhas cianobacterias que carece de mobilidade. Aparece como resposta a condicións desfavorables (baixa humidade ou baixa temperatura). Caracterízase por unha parede fortemente engrosada, acumulación de substancias de reserva no citoplasma e un metabolismo reducido.

ES: **acinetos** *s.m.*

EN: **akinetes**

acnio *s.m.* Inflorescencia ou infrutescencia que consta dun eixe indefinido a partir do cal xorden flores ou froitos pedicelados.

- ES: **racimo** *s.m.*
EN: **raceme; cluster**
- aclimación** *s.f.* Adaptación fisiolóxica a un cambio ambiental producido en condicións de laboratorio.
ES: **aclimación** *s.f.*
EN: **acclimation**
- aclimatación** *s.f.* Adaptación fisiolóxica a un cambio dun ou máis factores ambientais.
ES: **aclimatación** *s.f.*
EN: **acclimatization**
- acomodación** *s.f.* Adaptación automática do ollo para focalizar obxectos próximos.
ES: **acomodación** *s.f.*
EN: **accommodation; adaptation**
- acrocarpo, acrocarpa** *adx.* V. **acrocarpo, acrocarpa**.
- acrocarpo, acrocarpa** *adx.* Dise da forma de crecemento dos musgos na cal o esporófito se encontra situado no ápice do eixe principal do gametófito. Adoita darse este fenómeno en musgos pouco ramificados.
SIN GL: **acrocarpo, acrocarpa** *adx.*
ES: **acrocárpico, acrocárpica** *adx.*; **acrocarpo, acrocarpa** *adx.*
EN: **acrocarpous**
V. TAMÉN: **pleurocarpo**
- acroconto, acroconta** *adx.* Das células que contan cun só flaxelo en posición anterior.
ES: **acroconto, acroconta** *adx.*
EN: **acrokont**
- acrópeto, acrópeta** *adx.* Dise do proceso que ocorre nunha planta dende a base dunha estrutura cara ao ápice da mesma.
ES: **acrópeto, acrópeta** *adx.*
EN: **acropetal**
- acrosoma** *s.m.* Orgánulo anterior do espermatozoide cargado de encimas hidrolíticos que son segregados no momento de contacto coas envolturas do óvulo.
ES: **acrosoma** *s.m.*
EN: **acrosome**
- ACTH** *sigla* Hormona segregada pola adenohipófise que estimula as glándulas suprarrenais.
- ES: **ACTH** *sigla*
EN: **ACTH**
- actina** *s.f.* Proteína globular moi abundante nas células eucariotas e que na súa forma polimérica constitúe os microfilamentos.
ES: **actina** *s.f.*
EN: **actin**
- actinomórfico, actinomórfica** *adx.* V. **actinomorfo, actinomorfa**.
- actinomorfo, actinomorfa** *adx.* Dise das flores que presentan simetría radial.
SIN GL: **actinomórfico, actinomórfica** *adx.*
ES: **actinomorfo, actinomorfa** *adx.*; **actinomórfico, actinomórfica** *adx.*
EN: **actinomorphic**
V. TAMÉN: **zigomorfo**
- actinorriza** *s.f.* Nódulo radical fixador de nitróxeno que se forma pola simbiose de fungos actinomicetos do xénero *Frankia* coas raíces de anxiospermas non leguminosas.
ES: **actinorriza** *s.f.*
EN: **actinorhiza**
- activador** *s.m.* Proteína que regula positivamente a transcrición dun xene.
ES: **activador** *s.m.*
EN: **activator**
- activador** *s.m.* Substancia que actúa como modulador positivo dun encima alostérico.
ES: **activador** *s.m.*
EN: **activator**
- activador** *s.m.* Composto que potencia a actividade dunha droga ou outra substancia estraña nun organismo.
ES: **activador** *s.m.*
EN: **activator**
- actividade específica** *loc.s.f.* Número de micromoles dun substrato transformados por un encima por minuto e por miligramo de proteína, a 25°C.
ES: **actividad específica** *loc.s.f.*
EN: **specific activity**
- actividade óptica** *loc.s.f.* Propiedade dunha substancia de producir unha rotación no plano de luz polarizada.

- SIN GL: **rotación óptica** *loc.s.f.*
 ES: **rotación óptica** *loc.s.f.*; **actividad óptica** *loc.s.f.*
 EN: **optical activity**
- acuaporina** *s.f.* Proteína integral que forma unha canle que permite o paso selectivo de auga a través dunha membrana.
 ES: **acuaporina** *s.f.*
 EN: **aquaporin**
- adaptación evolutiva** *loc.s.f.* Acumulación de características herdadas que facilita a capacidade dun organismo para sobrevivir e reproducirse nun ambiente específico.
 ES: **adaptación evolutiva** *loc.s.f.*
 EN: **evolutionary adaptation**
- adaptación sensitiva** *loc.s.f.* Tendencia das neuronas sensitivas a se faceren menos sensibles cando son estimuladas repetidamente.
 ES: **adaptación sensitiva** *loc.s.f.*
 EN: **sensory adaptation**
- adaxial** *adx.* Situado xunto ao eixe ou na súa dirección.
 ES: **adaxial** *adx.*
 EN: **adaxial**
 V. TAMÉN: **abaxial**
- adenilato ciclase** *loc.s.f.* Encima liase transmembrana que cataliza a reacción de conversión de ATP en AMPc e pirofosfato.
 SIN GL: **adenilil ciclase** *loc.s.f.*
 ES: **adenilil ciclase** *loc.s.f.*; **adenilato ciclase** *loc.s.f.*
 EN: **adenylil cyclase; adenylate cyclase**
- adenilil ciclase** *loc.s.f.* V. **adenilato ciclase**.
- adenohipófise** *s.f.* Porción anterior ou glandular da hipófise. Segrega seis tipos de hormonas con diferentes funcións, como son a TSH (hormona estimulante da tiroide), ACTH (hormona adrenocorticotrópica), GH (hormona do crecemento), FSH (hormona foliculo-estimulante), LH (hormona luteinizante) e prolactina.
 ES: **adenohipófisis** *s.f.*
 EN: **adenohypophysis**
- adenosín difosfato** *loc.s.m.* Adenosín difosfato. Nucleótido difosfato de adenina.
 SIN GL: **ADP** *sigla*
- ES: **ADP** *sigla*; **adenosín difosfato** *loc.s.m.*
 EN: **adenosine diphosphate; ADP**
- adipocito** *s.m.* Célula que forma parte do tecido adiposo.
 ES: **adipocito** *s.m.*
 EN: **adipocyte; fat cell**
- ADN** *sigla* Polímero lineal constituído por unha cadea de nucleótidos unidos mediante enlaces éster e que conteñen a desoxirribosa como pentosa.
 ES: **ADN** *sigla*
 EN: **DNA**
 V. TAMÉN: **ARN**
- ADN ligase** *loc.s.f.* Tipo especial de encima ligase capaz de unir de forma covalente unha dobre cadea de ADN. Unha característica importante da ADN ligase é que só pode realizar a unión de moléculas de ADN de dobre cadea.
 ES: **ADN ligasa** *loc.s.f.*
 EN: **DNA ligase**
- ADN polimerase** *loc.s.f.* Encima que cataliza unha reacción de unión de desoxirribonucleótidos para formar unha cadea de ADN.
 ES: **ADN polimerasa** *loc.s.f.*
 EN: **DNA polymerase**
- ADP** *sigla* V. **adenosín difosfato**.
- adrenalina** *s.f.* Hormona do tipo catecolamina segregada polas glándulas suprarrenais nos vertebrados. En situacións de perigo ou risco a adrenalina segregase e actúa excitando as terminacións simpáticas en todos os órganos.
 SIN GL: **epinefrina** *s.f.*
 ES: **adrenalina** *s.f.*; **epinefrina** *s.f.*
 EN: **adrenaline**
- adventicio, adventicia** *adx.* Aplícase á estrutura que non se desenvolve no seu lugar usual. Fai referencia principalmente a raíces, xemias e xermes.
 ES: **adventicio, adventicia** *adx.*
 EN: **adventitious**
- adxuvante** *s.m.* Substancia que, ao ser administrada co antíxeno, mellora a resposta inmunitaria contra este.

ES: **adyuvante** *s.m.*

EN: **adjuvant**

AER *sigla* V. **crista ectodérmica apical**.

aerobiose *s.f.* Tipo de metabolismo baseado no emprego do osíxeno como aceptor final de electróns no proceso de degradación da materia orgánica.

ES: **aerobiosis** *s.f.*

EN: **aerobiosis**

aerotolerante *adx.* Dise do organismo anaerobio que non inhibe o seu metabolismo pola presenza de osíxeno.

ES: **aerotolerante** *adx.*

EN: **aerotolerant**

V. TAMÉN: **aerobiose; anaerobiose**

AFLP *sigla* Amplified Fragment Length Polymorphism. Ferramenta xenética que combina as técnicas de análise RFLP e PCR para a detección de polimorfismos.

ES: **AFLP** *sigla*

EN: **AFLP**

aglutinación *s.f.* Fenómeno polo que partículas en suspensión se agrupan e precipitan pola reacción cunha substancia aglutinante, xeralmente un anticorpo.

ES: **aglutinación** *s.f.*

EN: **agglutination**

ágnato *s.m.* Organismo pertencente ao grupo *Agnatha*. Os ágnatos son vertebrados que non posúen mandíbulas e son considerados como os máis primitivos.

ES: **agnato** *s.m.*

EN: **agnatha**

ágnato, ágnata *adx.* Relativo aos ágnatos.

ES: **agnato, agnata** *adx.*

EN: **agnathan; agnathous**

agranulocito *s.m.* Leucocito mononucleado cun citoplasma no que non se atopan gránulos. Os agranulocitos son os monocitos e os linfocitos.

ES: **agranulocito** *s.m.*

EN: **agranulocyte**

aguillón *s.m.* Órgano ou parte do corpo con forma de puga dalgúns animais, que normalmente expulsa algún tipo de veneno ou descarga eléctrica. Os aguillóns poden servir

tanto para a defensa do organismo como para a caza.

SIN GL: **ferrete** *s.m.*

ES: **aguijón** *s.m.*

EN: **stinger**

ala *s.f.* V. **á.**

alantoide *s.m.* Estrutura extraembrionaria que se desenvolve nos amniotas a partir do mesoderma posterior. Nos embrións de aves e réptiles ten funcións respiratorias e excretoras mentres que en mamíferos dá lugar a vasos sanguíneos que van e veñen da placenta.

ES: **alantoides** *s.m.*

EN: **allantois**

albume *s.m.* V. **clara**.

albume *s.m.* Material de reserva nas sementes das anxiospermas.

ES: **albumen** *s.m.*

EN: **albumen; albumin**

V. TAMÉN: **endosperma**

albura *s.f.* Capa histolóxica das plantas leñosas situada inmediatamente debaixo do córtex e arredor do durame, que se corresponde cos últimos aneis de crecemento. Na albura é onde se desenvolve o tecido vascular activo. A albura é a parte viva do talo das plantas leñosas.

ES: **albura** *s.f.*

EN: **sapwood**

V. TAMÉN: **durame**

alcalófilo, alcalófila *adx.* Dise do organismo capaz de desenvolverse en ambientes con pH superior a 9. Os alcalófilos son na súa totalidade microorganismos clasificados como extremófilos que sobreviven grazas a un bombeo continuo de protóns cara ao citoplasma.

ES: **alcalófilo, alcalófila** *adx.*

EN: **alkaliphile**

alcalose *s.f.* Trastorno que produce unha alcalinización do sangue.

ES: **alcalosis** *s.f.*

EN: **alkalosis**

aldosa *s.f.* Monosacárido que contén un grupo aldehído.

ES: **aldosa** *s.f.*

EN: **aldose**

aldosterona *s.f.* Hormona esteroide da familia dos mineralocorticoides que controla a excreción de sodio no ril.

ES: **aldosterona** *s.f.*

EN: **aldosterone**

alelo *s.m.* Unha das varias formas alternativas dun xene que ocupa un locus determinado nun cromosoma. A etimoloxía de 'alelo' é apócope de aleomorfo.

ES: **alelo** *s.m.*

EN: **allele**

alérxeno; alérxena *s.m.* Antíxeno que pode inducir unha reacción de hipersensibilidade en individuos susceptibles.

ES: **alérgeno** *s.m.*

EN: **allergen; allergenic agent**

alérxeno, alérxena *adx.* Referente á substancia que pode producir unha reacción de alerxia.

ES: **alérgeno, alérgena** *adx.*

EN: **allergenic; allergen**

alergia *s.f.* Reacción de hipersensibilidade a un antíxeno ambiental habitualmente ino-
cuo.

ES: **alergia** *s.f.*

EN: **allergy; allergie**

aleta *s.f.* Órgano externo dos vertebrados mariños que se emprega para a locomoción e o equilibrio. Existen dous tipos de aletas nos peixes; as aletas pares, que teñen unha relación evolutiva coas extremidades dos vertebrados terrestres e as aletas impares, que son excrecencias da pel. Nos mamíferos acuáticos, as aletas son transformacións das extremidades.

ES: **aleta** *s.f.*

EN: **fin**

alga *s.f.* Grupo extenso e diverso de organismos eucariontes simples fotosintetizados que viven en ambientes acuáticos ou moi húmidos. Algúns autores inclúen no termo un grupo de organismos procariontes denominado *Cyanobacteria*, aínda que esta tendencia estase abandonando. As algas presentan dúas características principais que as diferencian das plantas; seren talófitas e vexetais non vasculares.

ES: **alga** *s.f.*

EN: **alga**

alóctono, alóctona *adx.* Dise do individuo que non é orixinario do lugar no que vive.

ES: **alóctono, alóctona** *adx.*

EN: **allochthon**

V. TAMÉN: **autóctono**

aloficocianina *s.f.* Pigmento captador de luz, da familia das ficobiliproteínas.

ES: **aloficocianina** *s.f.*

EN: **allophycocyanin**

alogamia *s.f.* Tipo de fecundación na que os gametos proceden de individuos diferentes.

ES: **alogamia** *s.f.*

EN: **alogamy**

alometría *s.f.* Medición e estudo dos cambios relativos de dimensións de partes corporais en relación co cambio no tamaño total do corpo.

ES: **alometría** *s.f.*

EN: **allometry**

alopátrico, alopátrica *adx.* Que ten diferentes áreas de distribución xeográfica non solapantes. O termo alopátrico, -a emprégase tanto para especies como para poboacións.

ES: **alopátrico, alopátrica** *adx.*

EN: **allopatric**

alopoliploide *adx.* V. **anfidiplóide**.

alostérico, alostérica *adx.* Dise do encima con actividade catalítica modulada pola unión non covalente dun metabolito específico a un sitio distinto do centro activo.

ES: **alostérico, alostérica** *adx.*

EN: **allosteric**

alotipo *s.m.* Variante natural dunha proteína, codificada por un alelo do xene correspondente.

ES: **alotipo** *s.m.*

EN: **allotype**

alotipo *s.m.* Espécime de sexo oposto ao exemplar holotipo dunha especie.

ES: **alotipo** *s.m.*

EN: **allotype**

altricial *adx.* Dise das crías de aves e de mamíferos que, durante un período máis ou menos prolongado, presentan dependencia absoluta dos seus pais.

- ES: **altricial** *adx.*
EN: **altricial**
- alvéolo** *s.m.* Fino saco situado nos pulmóns, ao final de cada bronquíolo, onde ten lugar o intercambio de gases entre o aire inspirado e o sangue.
ES: **alvéolo** *s.m.*; **alveolo** *s.m.*
EN: **alveolus**
- alxinato** *s.m.* Sal de ácido alxínico.
ES: **alginato** *s.m.*
EN: **alginate**
- ámago** *s.m.* Tecido situado no centro do caule das plantas e formado por un parénquima lixeiro e incoloro.
SIN GL: **medula** *s.f.*
ES: **médula** *s.f.*
EN: **pith; medulla**
- ambiente** *s.m.* Conxunto de características externas que afectan o comportamento dun sistema. Na bioloxía, o sistema fai referencia a un conxunto de seres vivos.
ES: **ambiente** *s.m.*
EN: **environment**
- ambulacro** *s.m.* Sistema de condutos e reservorios cheos de líquido que interveñen no transporte interno e participan na locomoción nos equinodermos.
SIN GL: **aparello ambulacral** *loc.s.m.*; **sistema vascular acuífero** *loc.s.m.*
ES: **ambulacro** *s.m.*; **aparato ambulacral** *loc.s.m.*; **sistema vascular acuífero** *loc.s.m.*
EN: **ambulacrum; ambulacral system; water vascular system**
- ameba** *s.f.* Protozoo pertencente ao xénero *Amoeba*. Caracterízase pola súa forma cambiante e o movemento ameboide por medio de pseudópodos.
ES: **ameba** *s.f.*
EN: **amoeba**
- amebocito** *s.m.* Célula capaz de emitir pseudópodos, que lle confiren mobilidade ameboide e capacidade de fagocitar.
ES: **amebocito** *s.m.*
EN: **amebocyte**
- amensalismo** *s.m.* Relación simbiótica entre dous organismos na cal un deles dana o outro e non gaña nada.
ES: **amensalismo** *s.m.*
EN: **amensalism**
- amento** *s.m.* Inflorescencia a modo de espiga con flores apétalas unisexuais. O amento é unha inflorescencia propia de árbores como o salgueiro, a abeleira ou a aciñeira.
ES: **amento** *s.m.*
EN: **seaweed; catkin; ament**
- amidón** *s.m.* Principal polisacárido vexetal de reserva enerxética.
ES: **almidón** *s.m.*
EN: **amylum; starch**
- amilase** *s.f.* V. **ptialina**.
- aminoácido** *s.m.* Molécula que posúe un substituínte carboxilo e outro amino unidos a un carbono α .
ES: **aminoácido** *s.m.*
EN: **aminoacid; amino acid**
- aminotransferase** *s.f.* V. **transaminase**.
- amnio** *s.m.* Membrana extraembrionaria dos amniotas que forma un saco que encerra e protexe o embrión. O amnio deriva do mesoderma e ectoderma extraembrionario.
ES: **amnios** *s.m.*
EN: **amnion**
- amniota** *s.m.* Vertebrado caracterizado por desenvolver durante a etapa embrionaria tres envoltas: o corion, o amnio e o alantóide. Pertencen ao grupo dos amniotas os réptiles, as aves e os mamíferos.
ES: **amniota** *s.m.*
EN: **amniote**
- amniota** *adx.* Relativo ou pertencente aos amniotas.
ES: **amniota** *adx.*
EN: **amniote**
- amionotélico, amionotélica** *adx.* Dise dos animais que seguen un padrón de excreción no que o amonio é o principal produto de refugallo dos derivados nitroxenados.
ES: **amionotélico, amionotélica** *adx.*
EN: **ammoniotelic**

AMPc *sigla* Adenosín monofosfato cíclico. Nucleótico monofosfato de adenina no cal existe unha estrutura cíclica entre o grupo fosfato e o azucre.

ES: **AMPc** *sigla*

EN: **cAMP**

amplición *s.m.* Conxunto de moléculas que resultan dunha reacción de amplificación de ADN.

ES: **amplición** *s.m.*

EN: **amplicon**

anabolismo *s.m.* Fase do metabolismo intermediario con requirimento de enerxía na que se sintetizan compostos orgánicos complexos a partir doutros máis sinxelos.

ES: **anabolismo** *s.m.*

EN: **anabolism**

anádromo, anádrroma *adx.* Dise do peixe que, dende o mar, migra cara aos ríos a desovar. Un exemplo de peixe anádromo é o salmón.

ES: **anádromo, anádrroma** *adx.*

EN: **anadromous**

anaerobiose *s.f.* Tipo de metabolismo que non emprega o osíxeno como aceptor final de electróns no proceso de degradación da materia orgánica. Os organismos anaerobios empregan nitratos ou sulfatos como aceptores finais de electróns nas cadeas respiratorias.

ES: **anaerobiosis** *s.f.*

EN: **anaerobiosis**

V. TAMÉN: **aerobiose**

anafase *s.f.* Fase do ciclo de división celular, entre a metafase e a telofase, na que os dous xogos cromosómicos se separan.

ES: **anafase** *s.f.*

EN: **anaphase**

anafilaxe *s.f.* Reacción inmunolóxica aguda, severa e sistémica de hipersensibilidade mediada por IgE.

ES: **anafilaxia** *s.f.*

EN: **anaphylaxis**

anátida *s.f.* Ave pertencente ao grupo *Anatidae*.

SIN GL: **palmípede** *s.f.*

ES: **anátida** *s.f.*; **palmípeda** *s.f.*

EN: **anatid**

anátida *adx.* Relativo ás aves palmípedes.

SIN GL: **palmípede** *adx.*

ES: **anátida** *adx.*; **palmípeda** *adx.*

EN: **web-footed**

anatomía *s.f.* Estudo da estrutura dos seres vivos.

ES: **anatomía** *s.f.*

EN: **anatomy**

anaxénese *s.f.* Fenómeno evolutivo que ocorre dentro dunha mesma liña, e que implica cambios nas frecuencias xénicas sen que se produza unha ramificación de liñas.

ES: **anaxénesis** *s.f.*

EN: **anagenesis**

androceo *s.m.* Estrutura reprodutora masculina dunha flor. O androceo está formado polo conxunto de estames da flor.

ES: **androceo** *s.m.*

EN: **androecium**

andróxeno *s.m.* Cada unha das hormonas esteroideas que teñen como función desenvolver os caracteres sexuais masculinos. Os andróxenos son a testosterona, a androsterona e a androstendiona. Son producidos polos testículos, o córtex suprarrenal e tamén en pequena proporción polos ovarios.

ES: **andrógeno** *s.m.*

EN: **androgen**

V. TAMÉN: **estróxeno**

andróxeno, andróxena *adx.* Que provoca ou estimula a aparición de caracteres sexuais masculinos.

ES: **andrógeno, andrógena** *adx.*

EN: **androgen**

anel contráctil *loc.s.m.* Estrutura anular de actina e miosina II que se forma na superficie citoplasmática da membrana durante o ciclo de división celular e que intervéen na citocinese, orixinando o suco de segmentación.

ES: **anillo contráctil** *loc.s.m.*

EN: **contractile ring**

anélido *s.m.* Animal pertencente ao filo *Annelida*. Os anélidos constitúen o grupo dos vermes segmentados chamados metámeros.

Comprenden tres clases: *Polychaeta*, *Oligochaeta* e *Hirudinea*.

ES: **anélido** *s.m.*

EN: **annelid**

anélido, anélida *adx.* Relativo aos anélidos.

ES: **anélido, anélida** *adx.*

EN: **annelidous**

anemocoria *s.f.* Dispersión dos xermes ou sementes por medio da acción do vento.

ES: **anemocoria** *s.f.*

EN: **anemochory**

V. TAMÉN: **anemofilia**

anemofilia *s.f.* Polinización producida pola acción do vento.

ES: **anemofilia** *s.f.*

EN: **anemophily**

V. TAMÉN: **anemocoria**

aneuploidía *s.f.* Número anormal de cromosomas, non múltiplo da dotación haploide. O termo aneuploidía pode referirse a un núcleo, célula ou individuo.

ES: **aneuploidía** *s.f.*

EN: **aneuploidy**

anfibio *s.m.* Animal pertencente á clase *Amphibia*. Os anfibios son unha clase de vertebrados non amniotas e tetrápodos que, en xeral, sofren un proceso de metamorfose que supón o paso da vida acuática á terrestre. Comprende tres ord

ES: **anfibio** *s.m.*

EN: **amphibian**

anfibio, anfibia *adx.* Relativo aos anfibios.

ES: **anfibio, anfibia** *adx.*

EN: **amphibious**

anfidiplóide *adx.* Poliplóide formado pola combinación de xogos cromosómicos de dúas especies diferentes e posteriormente duplicados.

SIN GL: **alopoliplóide** *adx.*

ES: **anfidiplóide** *adx.*; **alopoliplóide** *adx.*

EN: **amphidiploid**; **allopolyploid**

V. TAMÉN: **autopoliplóide**

anfifílico, anfifílica *adx.* Dise daquela molécula que ten un extremo polar hidrófilo e outro apolar hidrófobo.

SIN GL: **anfipático, anfipática** *adx.*

ES: **anfifílico, anfifílica** *adx.*; **anfipático, anfipática** *adx.*

EN: **amphiphilic**

anfioxo *s.m.* Nome común do cefalocordado *Branchiostoma sp.* Trátase dun organismo filtrador duns cinco centímetros de lonxitude, morfología fusiforme e sen pigmentación, que vive en zonas costeiras tropicais. É un organismo moi importante en estudos de desenvolvemento.

ES: **anfioxo** *s.m.*

EN: **amphioxus**

anfipático, anfipática *adx.* V. **anfifílico, anfifílica.**

anfistomático, anfistomática *adx.* Dise das follas que presentan estomas por ambas as caras.

ES: **anfistomático, anfistomática** *adx.*

EN: **amphistomatic**

anfítrico, anfítrica *adx.* Das células que posúen flaxelos en ambos os extremos.

ES: **anfítrico, anfítrica** *adx.*

EN: **amphitrichous**

anfólito *s.m.* Substancia anfótera.

ES: **anfólito** *s.m.*

EN: **ampholyte**

anfótero *s.m.* Substancia que pode actuar como ácido ou como base.

ES: **anfótero** *s.m.*

EN: **amphoteric**

anfótero, anfótera *adx.* Dise daquela molécula capaz de actuar como ácido ou como base.

ES: **anfótero, anfótera** *adx.*

EN: **amphoteric**

anhidrobiose *s.f.* Estado de metabolismo reducido ou inactivado en resposta a condicións de extrema desecación.

ES: **anhidrobiosis** *s.f.*

EN: **anhydrobiosis**

V. TAMÉN: **criptobiose**

animal *s.m.* Organismo pertencente ao grupo *Animalia*.

ES: **animal** *s.m.*

EN: **animal**

animal *adx.* Relativo aos animais.

ES: **animal** *adx.*

EN: **animal**

anisogamia *s.f.* V. **heterogamia**.

anómero *s.m.* Glícido que presenta isomería anómera.
ES: **anómero** *s.m.*
EN: **anomer**

anómero, anómera *adx.* Dise de cada unha das formas isoméricas dun glícido cíclico que difire da outra forma unicamente na configuración arredor do carbono carbonílico.
ES: **anómero, anómera** *adx.*
EN: **anomeric**

anovo *s.m.* V. **abrocho**.

antela *s.f.* Inflorescencia de tipo corimbo na que as flores laterais alcanzan unha altura superior á das flores centrais
ES: **antela** *s.f.*
EN: **anhela**
V. TAMÉN: **corimbo; panículo**

antena *s.f.* Apéndice multisegmentado cefálico de moitos artrópodos.
ES: **antena** *s.f.*
EN: **antenna**

anténula *s.f.* Primeiro par de apéndices cefálicos en crustáceos.
ES: **anténula** *s.f.*
EN: **antennule**

antera *s.f.* Porción terminal dun estame, en forma de saco, que produce e almacena o pole. O filamento e a antera son as partes do estame.
ES: **antera** *s.f.*
EN: **anther**
V. TAMÉN: **filamento**

antese *s.f.* Acto de apertura do abrollo floral. A antese é o acto de florecer.
SIN GL: **floración** *s.f.*
ES: **antesis** *s.f.*; **floración** *s.f.*
EN: **antesis; flowering**

antese *s.f.* Fase de desenvolvemento floral dende a aparición do abrollo ata que murcha.
ES: **antesis** *s.f.*
EN: **antesis**

antibiograma *s.m.* Resultado dunha proba da sensibilidade dunha colonia bacteriana a diferentes antibióticos.
ES: **antibiograma** *s.m.*
EN: **antibiogram**

antibiótico *s.m.* Substancia química producida por un ser vivo ou sintetizada artificialmente capaz de paralizar o desenvolvemento de microorganismos ou de causarlles a morte.
ES: **antibiótico** *s.m.*
EN: **antibiotic**

antibiótico, antibiótica *adx.* Que é capaz de paralizar o desenvolvemento de microorganismos ou de causarlles a morte.
ES: **antibiótico, antibiótica** *adx.*
EN: **antibiotic**

anticodón *s.m.* Trinucleótido do ARN de transferencia complementaria ao codón do ARN mensaxeiro. O anticodón permítelle ao ARN de transferencia recoñecer o codón correspondente e introducir o aminoácido adecuado na síntese proteica.
ES: **anticodón** *s.m.*
EN: **anticodon**
V. TAMÉN: **codón; ARN de transferencia; ARN mensaxeiro**

anticorpo *s.m.* Forma segregada das inmunoglobulinas producidas polas células B.
ES: **anticuerpo** *s.m.*
EN: **antibody**

anticorpo monoclonal *loc.s.m.* Anticorpo homoxéneo producido por unha célula híbrida, produto da fusión dun clon de linfocitos B descendente dunha única célula nai e unha célula plasmática tumoral.
ES: **anticuerpo monoclonal** *loc.s.m.*
EN: **monoclonal antibody**

antiparalelo, antiparalela *adx.* Dise de dúas estruturas dispostas na mesma dirección pero que transcorren en sentidos ou orientacións contrarias. As dúas hélices da cadea de ADN están orientadas en sentido antiparalelo unha con respecto da outra.
ES: **antiparalelo, antiparalela** *adx.*
EN: **antiparallel**

antiséptico *s.m.* Axente antimicrobiano que pode empregarse en tecidos vivos sen risco para a saúde debido ao seu baixo nivel de toxicidade.

ES: **antiséptico** *s.m.*

EN: **antiseptic**

antiséptico, antiséptica *adx.* Que ten capacidade antimicrobiana, pero pode empregarse en tecidos vivos sen risco para a saúde debido ao seu baixo nivel de toxicidade. Chámanse "desinfectantes" os produtos utilizados para desinfección de obxectos inanimados e "antisépticos" os empregados en tecidos vivos.

ES: **antiséptico, antiséptica** *adx.*

EN: **antiseptic**

V. TAMÉN: **desinfectante; esterilización**

antisoro *s.m.* Compoñente líquido do sangue coagulado dun animal inmune, que contén anticorpos contra un antixeno.

ES: **antisuero** *s.m.*

EN: **antiserum**

antixeno *s.m.* Substancia que é capaz de unirse especificamente a un anticorpo ou de ser recoñecida polo sistema inmune adaptativo.

ES: **antígeno** *s.m.*

EN: **antigen**

antócero *s.m.* V. **antocerota**.

antocerota *s.f.* Grupo de plantas briófitas caracterizadas por presentar un gametófito talófito. Nome científico: *Anthocerotophyta*. O seu nome provén da estrutura que presenta o esporófito, en forma de corno.

SIN GL: **antócero** *s.m.*

ES: **antocerota** *s.f.*; **antocero** *s.m.*

EN: **hornwort**

V. TAMÉN: **hepática; musgo**

antofilo *s.m.* Cada unha das follas modificadas que dan lugar aos compoñentes da flor. Existen antofilos protectores ou estériles (pétalos, sépalos e tépalos) e antofilos fértiles (estames e carpelos).

ES: **antofilo** *s.m.*

antropocoria *s.f.* Dispersión das sementes pola acción dos humanos.

ES: **antropocoria** *s.f.*

EN: **anthropochory**

anual *adx.* Dise da planta que xermina, florece e morre no mesmo ano. Moitos cereais son anuais. Moitas plantas son anuais pola súa domesticación.

ES: **anual** *adx.*

EN: **annual**

anxiospermo, anxiosperma *adx.* Aplícase ás plantas que posúen as sementes dentro do ovario e cubertas dunha capa protectora ou pericarpo.

ES: **angiospermo, angiosperma** *adx.*

EN: **angiosperm**

V. TAMÉN: **ximnospermo**

anxiotensina I *s.f.* Péptido derivado da escisión do anxiotensinóxeno pola acción da renina.

ES: **angiotensina I** *s.f.*

EN: **angiotensin**

V. TAMÉN: **anxiotensina II; anxiotensinóxeno; renina**

anxiotensina II *s.f.* Péptido derivado da anxiotensina I que presenta unha potente acción vasoconstritora e promove a liberación de aldosterona.

ES: **angiotensina II** *s.f.*

EN: **angiotensin**

V. TAMÉN: **anxiotensina I; anxiotensinóxeno; renina**

anxiotensinóxeno *s.m.* Globulina sérica precursora da anxiotensina I. O anxiotensinóxeno é procesado pola renina para dar lugar á anxiotensina II.

ES: **angiotensinógeno** *s.m.*

EN: **angiotensinogen**

aparato dixestivo *loc.s.m.* V. **aparello dixestivo**.

aparello ambulacral; sistema vascular acuífero *loc.s.m.* V. **ambulacro**.

aparello dixestivo *loc.s.m.* Conxunto de órganos e estruturas que participan no procesamento do alimento nun animal.

SIN GL: **aparato dixestivo** *loc.s.m.*

ES: **aparato digestivo** *loc.s.m.*

EN: **digestive system**

apéndice *s.m.* Parte do corpo unida ou contigua a outra principal.

ES: **apéndice** *s.m.*

EN: **appendix**

apéndice *s.m.* Nos artrópodos, cada unha das estruturas anatómicas pares formadas por elementos articulados entre si, que se inseren en todos ou algún dos metámeros do corpo. Os artrópodos presentan dous tipos de apéndice

ES: unirrámeos, que son segmentos non ramificados propios de artrópodos terrestres (arácnidos, miriápodos e insectos) e birrámeos, que constan de dous eixes, cada un dos cales pode presentar un ou máis segmentos, e que son propios de crustáceos.

ES: **apéndice** *s.m.*

EN: **appendix**

apicomplexo *s.m.* Cada un dos organismos pertencentes ao grupo *Apicomplexa*. Amplo grupo de protistas unicelulares, formadores de esporas, e parasitos doutros animais.

ES: **apicomplexo** *s.m.*

EN: **aplicomplexa**

aplanogamia *s.f.* Tipo de reprodución, característico de moitas rodofitas, na que ámbolos dous gametos son inmóbiles.

ES: **aplanogamia** *s.f.*

EN: **aplanogamy**

apnea *s.f.* Suspensión completa da respiración durante un certo período de tempo. Existen tres tipos de apnea: a obstrutiva (non é posible a respiración a pesar de existir esforzo respiratorio), a central (non se produce respiración nin esforzo respiratorio) e mixta (que comeza como central e remata como obstrutiva).

ES: **apnea** *s.f.*

EN: **apnea**

apoencima *s.m.* Parte proteica dun encima, sen ningún dos cofactores ou grupos prostéticos que poden ser precisos para a actividade catalítica.

ES: **apoenzima** *s.m./f.*

EN: **apoenzyme**

apomixe *s.f.* Proceso de formación do embrión sen fecundación previa.

ES: **apomixis** *s.f.*

EN: **apomixis**

apomorfía *s.f.* Trazo evolutivamente derivado ou novidoso, non existente nun taxon ancestral.

ES: **apomorfía** *s.f.*

EN: **apomorphy**

apoplasto *s.m.* Nos vexetais, o espazo de libre difusión de auga e solutos no exterior da membrana celular, constituído polas paredes celulares e os espazos intercelulares.

ES: **apoplasto** *s.m.*

EN: **apoplast**

apoptose *s.f.* Morte celular programada.

ES: **apoptosis** *s.f.*

EN: **apoptosis; programmed cell death**

aposematismo *s.m.* V. **coloración de advertencia**.

apotecio *s.m.* Ascocarpo que presenta o himenio descuberto, unha vez que as ascósporas alcanzan a madurez.

ES: **apotecio** *s.m.*

EN: **apothecium**

V. TAMÉN: **cleistotecio; peritecio**.

áptero, áptera *adx.* Que carece de ás.

ES: **áptero, áptera** *adx.*

EN: **apterous**

aptitude biolóxica *loc.s.f.* Capacidade potencial dun individuo cun xenotipo particular para se reproducir.

SIN GL: **fitness** *s.f.*

ES: **fitness** *s.f.*; **aptitud biológica** *loc.s.f.*

EN: **fitness**

aptómero *s.m.* Secuencia de oligonucleótidos de cadea sinxela, xeralmente sintetizada de forma artificial, que se une especificamente a unha molécula diana.

ES: **aptámero** *s.m.*

EN: **aptamer**

aquenio *s.m.* Froito seco, indehiscente, cunha soa semente que queda libre no pericarpo a non ser por un único punto de fixación. Exemplos de aquenios son as sementes dos amorodos, ou os mexacáns.

ES: **aquenio** *s.m.*

EN: **achene**

V. TAMÉN: **cariópside**

árbore filoxenética *loc.s.f.* Representación gráfica que representa unha hipótese sobre as relacións de parentesco evolutivo entre especies ou outras entidades que se cre que tiveron unha descendencia común.

ES: **árbol filoxenético** *loc.s.m.*

EN: **phylogenetic tree**

arco branquial *loc.s.m.* V. **arco farínxeo.**

arco farínxeo *loc.s.m.* Estrutura en forma de arco situada entre as bolsas farínxeas, que comprende un arco cartilaxinoso, un vaso sanguíneo e un nervio cranial.

SIN GL: **arco branquial** *loc.s.m.*

ES: **arco faríngeo** *loc.s.m.*; **arco branquial** *loc.s.m.*

EN: **pharyngeal arches; branchial arches**

arilo *s.m.* Cobertura carnosa da semente dalgunhas coníferas que se forma como excrecencia do pedúnculo. Adoitase asociar a coníferas tropicais.

ES: **arilo** *s.m.*

EN: **aril; arillus**

ARN *sigla* V. **ácido ribonucleico.**

ARN heteronuclear *loc.s.m.* Molécula transcrita de ARN que pode ser precursor do ARNm, ARNt ou ARNr.

SIN GL: **ARN nuclear heteroxéneo** *loc.s.m.*; **ARNnh** *sigla*

ES: **ARN nuclear heterogéneo** *loc.s.m.*; **ARN heteronuclear** *loc.s.m.*; **ARNnh** *sigla*

EN: **heterogeneous nuclear RNA; ARNnh**

ARN interferente *loc.s.m.* Molécula curta de ARN que participa na regulación da expresión xénica interferindo na tradución do ARNm.

SIN GL: **ARNi** *sigla*

ES: **ARNi** *sigla*; **ARN interferente** *loc.s.m.*

EN: **ARN interference; ARNi**

ARN mensaxeiro *loc.s.m.* Molécula de ARN que resulta da transcrición dunha secuencia de ADN e que contén información para a síntese dun ou varios polipéptidos.

SIN GL: **ARNm** *sigla*

ES: **ARN mensajero** *loc.s.m.*; **ARNm** *sigla*

EN: **messenger RNA; mRNA**

ARN micro *loc.s.m.* Molécula de ARN duns 21p.b. de lonxitude que participa na regulación da expresión xénica.

SIN GL: **ARNmi** *sigla*

ES: **ARN micro** *loc.s.m.*; **ARNmi** *sigla*

EN: **microRNA; miRNA**

ARN nuclear heteroxéneo *loc.s.m.* V. **ARN heteronuclear.**

ARN nuclear pequeno *loc.s.m.* V. **ARNnp.**

ARN nucleolar pequeno *loc.s.m.* V. **ARNnop.**

ARN polimerase *loc.s.f.* V. **primase.**

ARN ribosómico *loc.s.m.* Molécula de ARN que forma parte da estrutura dos ribosomas.

SIN GL: **ARNr** *sigla*

ES: **ARN ribosómico** *loc.s.m.*; **ARNr** *sigla*

EN: **ribosomal RNA; rRNA**

ARN satélite circular *loc.s.m.* Molécula patóxena de ARN que se atopa encapsulada en certos virus de plantas con secuencias de ARN de maior tamaño. O virus que hospeda o virusoide denomínase "asistente" e é necesario para que este produza unha infección exitosa. Os virusoides son semellantes aos viroides, pero a diferenza é que estes últimos non precisan dun virus asistente.

SIN GL: **virusoide** *s.m.*

ES: **ARN satélite circular** *loc.s.m.*; **virusoide** *s.m.*

EN: **circular satellite RNA; virusoid**

ARN transferente *loc.s.m.* V. **ARNt.**

ARNi *sigla* V. **ARN interferente.**

ARNm *sigla* V. **ARN mensaxeiro.**

ARNmi *sigla* V. **ARN micro.**

ARNnop *sigla* Molécula curta de ARN que actúa nas modificacións químicas das bases de ARNr e outras moléculas curtas de ARN.

SIN GL: **ARN nucleolar pequeno** *loc.s.m.*

ES: **ARNnop sigla**; **ARN nucleolar pequeno** *loc.s.m.*

EN: **snoRNA**; **small nucleolar RNA**

ARNnp sigla Molécula curta de ARN que se atopa no núcleo celular e cuxa principal función é contribuír ao procesamento do ARNm.

SIN GL: **ARN nuclear pequeno** *loc.s.m.*

ES: **ARNnp sigla**; **ARN nuclear pequeno** *loc.s.m.*

EN: **snRNA**; **small nuclear ribonucleic acid**

ARNr sigla V. **ARN ribosómico**.

ARNt sigla Molécula de ácido ribonucleico con estrutura secundaria en forma de trevo que cumpre unha función esencial na tradución da secuencia do ARN nun polipéptido, recoñecendo a molécula de ARNm e transportando os aminoácidos correspondentes.

SIN GL: **ARN transferente** *loc.s.m.*

ES: **ARN transferente** *loc.s.m.*; **ARNt sigla**

EN: **transfer RNA**; **tRNA**

arquea *s.f.* V. **arqueobacteria**.

arqueogonio *s.m.* Estrutura pluricelular sexual das plantas que produce un único gameto feminino rodeado dunha cuberta de células estériles.

ES: **arqueogonio** *s.m.*

EN: **archegonium**

V. TAMÉN: **gametanxio**

arquéntero *s.m.* Cavidade formada no interior do embrión cando o endoderma e o mesoderma se invaxinan durante a gastrulación. O arquéntero dá lugar á formación do intestino.

SIN GL: **gastrocele** *s.m.*

ES: **arquénteron** *s.m.*; **gastrocelo** *s.m.*

EN: **archenteron**; **gastrocoel**

V. TAMÉN: **gastrulación**

arqueobacteria *s.f.* Microorganismo pertencente ao dominio *Archaea*. Constitúe un dos dous grupos de procariotas, e distínguese profundamente dos organismos do dominio *Bacteria*. As arqueobacterias caracterízanse por posuíren unha membrana citoplasmática con éteres de gli-

cerol, unha parede que nunca contén ácido murámico, abundantes porcións de ADN extracromosómico formando episomas, e por presentaren ribosomas e unha ARN polimerase cunha estrutura e forma propias. As arqueobacterias inclúen organismos metanóxenos, hipertermófilos e halófilos, e adoitan colonizar ambientes extremos, aínda que poden estar presentes noutros contornos.

SIN GL: **arquea** *s.f.*

ES: **arquea** *s.f.*; **arqueobacteria** *s.f.*

EN: **archaeobacteria**; **archaeobacteria**

arrestina *s.f.* Proteína que bloquea a interacción de certos receptores coa proteína G.

ES: **arrestina** *s.f.*

EN: **arrestin**

artello *s.m.* Cada un dos segmentos nos que se dividen os apéndices dos artrópodos.

ES: **podito** *s.m.*; **artejo** *s.m.*

EN: **knuckle**

arteria *s.f.* Cada un dos vasos que levan o sangue dende o corazón ao resto das partes do corpo. As arterias son condutos membranosos elásticos, con ramificacións diverxentes, encargadas de distribuíren sangue saturado de osíxeno aos diferentes tecidos.

ES: **arteria** *s.f.*

EN: **artery**

arteríola *s.f.* Vaso sanguíneo de pequenas dimensións, resultado das últimas ramificacións arteriais, que verte sangue cara aos capilares.

ES: **arteriola** *s.f.*

EN: **arteriole**

artrópodo *s.m.* Animal pertencente ao filo *Arthropoda*. Os artrópodos constitúen o filo animal máis importante en canto ao número de especies que o compoñen. Hai unha serie de características comúns a todos el ES: presenza de apéndices articulados, exoesqueleto de quitina e metamería.

ES: **artrópodo** *s.m.*

EN: **arthropoda**

artrópodo, artrópoda *adx.* Relativo aos artrópodos.

ES: **artrópodo, artrópoda** *adx.*

- EN: **arthropod; arthropodal; arthropo-
dan; arthropodous**
- asa de Henle** *loc.s.f.* Estrutura renal cunha forma característica en “U” ubicada nas nefronas, que conecta o túbulo proximal co túbulo distal. Debe o seu nome ao seu descubridor, F. G. J. Henle, e á súa forma.
ES: **asa de Henle** *loc.s.f.*
EN: **loop of Henle**
- asco** *s.m.* Célula a modo de saco dos fungos ascomicetos na que se forman as ascósporas por meiose.
ES: **asca** *s.f.*
EN: **ascus**
- ascocarpo** *s.m.* Estrutura portadora de ascos, corpo frutífero dos ascomicetos.
ES: **ascocarpo** *s.m.*
EN: **ascocarp**
- ascomiceto** *s.m.* Cada un dos fungos pertencentes a un grupo caracterizado pola formación de ascósporas como forma de reprodución sexual.
ES: **ascomiceto** *s.m.*
EN: **ascomycetes**
- ascóspora** *s.f.* Espora formada no interior dun asco.
ES: **ascospora** *s.f.*
EN: **ascospore**
- áster** *s.m.* Conxunto de microtúbulos dispostos radialmente ao redor do centrosoma que se forma durante a profase no ciclo de división celular.
ES: **áster** *s.m.*
EN: **aster**
- astrocito** *s.m.* Célula da glía con numerosas prolongacións radiais que conectan con células veciñas.
ES: **astrocito** *s.m.*
EN: **astrocyte**
- ATP** *sigla* Adenosín trifosfato. Nucleótido trifosfato de adenina.
ES: **ATP** *sigla*
EN: **ATP; adenosine triphosphate**
- ATP sintase** *loc.s.f.* Encima que sintetiza ATP a partir de ADP e un grupo fosfato e grazas á enerxía subministrada por un fluxo de protóns.
ES: **ATP sintasa** *loc.s.f.*
EN: **ATP synthetase; ATP synthase; F0F1 complex**
- ATPase** *s.f.* Encima que produce a hidrólise do ATP en ADP e fosfato.
ES: **ATPasa** *s.f.*
EN: **ATPase**
- augas abaixo** *loc. adv.* Posicionamento relativo do ADN ou ARN referido a unha situación máis próxima ao extremo 3’ que a secuencia de referencia.
ES: **aguas abajo** *loc. adv.*
EN: **downstream**
- augas arriba** *loc. adv.* Posicionamento relativo do ADN ou ARN referido a unha situación máis próxima ao extremo 5’ que a secuencia de referencia.
ES: **aguas arriba** *loc. adv.*
EN: **upstream**
- aurícula** *s.f.* Cada unha das dúas cavidades superiores nas que se divide o corazón. As aurículas reciben o sangue e pásano aos ventrículos.
ES: **aurícula** *s.f.*
EN: **auricle**
- aurícula** *s.f.* Parte externa do aparato auditivo.
ES: **aurícula** *s.f.*
EN: **auricle**
- aurícula** *s.f.* Lóbulo foliáceo situado na base do limbo, xunto ao pecíolo.
ES: **aurícula** *s.f.*
EN: **auricle**
- autoanticorpo** *s.m.* Anticorpo que actúa contra antíxenos do propio organismo polo que foi sintetizado.
ES: **autoanticuerpo** *s.m.*
EN: **autoantibody**
- autoapomorfía** *s.f.* Trazo ou carácter derivado que se atopa presente nunha única liña evolutiva e ausente nos devanceiros e o resto de descendentes doutras liñas evolutivas.
ES: **autoapomorfía** *s.f.*
EN: **autoapomorphy**

autocoria *s.f.* Tipo activo de dispersión das sementes mediante a intervención de mecanismos propios do vexetal. Os mecanismos polos que pode darse a autocoria son a turgencia e os movementos higroscópicos, entre outros.

ES: **autocoria** *s.f.*

EN: **autochory**

autócrino, autócrina *adx.* Tipo de secreción que afecta a mesma célula ou tecido que a liberou.

ES: **autocrino, autocrina** *adx.*

EN: **autocrine**

V. TAMÉN: **parácrino; endócrino; exócrino**

autóctono, autóctona *adx.* Que se orixinou no mesmo contorno onde vive.

ES: **autóctono, autóctona** *adx.*

EN: **autochthonous**

autofecundación *s.f.* Fusión de gametos de distinto sexo procedentes dun mesmo individuo.

SIN GL: **autogamia** *s.f.*

ES: **autofecundación** *s.f.*; **autogamia** *s.f.*

EN: **self-fertilization; autogamy**

autogamia *s.f.* V. **autofecundación.**

autogamia *s.f.* Tipo de fecundación na que os gametos proceden do mesmo individuo.

ES: **autogamia** *s.f.*

EN: **autogamy**

autopoliploide *adx.* Dise da célula ou organismo poliploide formado pola multiplicación da dotación cromosómica dunha especie concreta.

ES: **autopoliploide** *adx.*

EN: **autopolyploid**

V. TAMÉN: **anfidiplóide**

autosoma *s.m.* Cada un dos cromosomas que non son sexuais.

ES: **autosoma** *s.m.*

EN: **autosome**

V. TAMÉN: **cromosoma sexual**

autotomía *s.f.* Autoamputación ou desprendemento voluntario dalgunha parte non vital do corpo que poden levar a cabo certos animais. Esta estratexia emprégase moi a

miúdo de defensa ou distracción ante os depredadores.

ES: **autotomía** *s.f.*

EN: **autotomy**

autótrofo *s.m.* Organismo que emprega CO₂ como fonte de carbono.

ES: **autótrofo** *s.m.*

EN: **autotroph**

autótrofo, autótrofa *adx.* Que emprega o dióxido de carbono como fonte de enerxía.

ES: **autótrofo, autótrofa** *adx.*

EN: **autotrophic**

auxina *s.f.* Hormona vexetal relacionada con procesos de crecemento.

ES: **auxina** *s.f.*

EN: **auxin**

auxótrofo *adx.* Dise do microorganismo que require, ademais da fonte principal de carbono, un ou máis nutrientes orgánicos.

ES: **auxótrofo** *adx.*

EN: **auxotrophic**

V. TAMÉN: **protótrofo**

ave *s.f.* Organismo pertencente ao grupo *Aves*.

As aves son un grupo de vertebrados amniotas de sangue quente, co corpo cuberto de plumas, un bico en xeral sen dentes, e as extremidades anteriores modificadas como ás.

ES: **ave** *s.f.*

EN: **bird**

axénico *adx.* Dise do cultivo microbiolóxico puro, sen contaminación. Os medios de cultivo axénicos son aqueles nos que só un tipo de microorganismo é quen de desenvolverse.

ES: **axénico** *adx.*

EN: **axenic**

V. TAMÉN: **gnotobiótico**

axón *s.m.* Proxección longa e delgada dunha neurona, a través da cal viaxan os sinais nerviosos dende o soma celular cara a outras células.

ES: **axón** *s.m.*

EN: **axon; axone**

axonema *s.m.* Estrutura axial dos cilios e do flaxelo eucariota.

ES: **axonema** *s.m.*

EN: **axoneme**

azucro *s.m.* Stricto sensu: sacarosa.

ES: **azúcar** *s.m.*

EN: **sugar**

azucro *s.m.* Lato sensu: calquera monosacárido ou disacárido de sabor doce.

ES: **azúcar** *s.m.*

EN: **sugar**

azucro *s.m.* Por extensión: Calquera glícido.

ES: **azúcar** *s.m.*

EN: **sugar**

BAC *sigla* Vector de clonación baseado nun plásmido bacteriano e sintetizado en laboratorio que permite a integración de fragmentos de ADN de entre 100kb e 300kb de lonxitude.

ES: **BAC** *sigla*

EN: **BAC**; **bacterial artificial chromosomes**

bacilo *s.m.* Calquera bacteria con forma de pequeno bastón ou filamento. A súa lonxitude adoita ser de dúas a dez veces o seu ancho, e poden ser completamente rectos ou lixeiramente curvados. Malia que existe un xénero de bacterias Gram+ que se denomina *Bacillus*, o termo bacilo non fai referencia a ningún grupo taxinómico e pode ser aplicado a todo tipo de bacterias con esta morfoloxía.

ES: **bacilo** *s.m.*

EN: **bacillus**

bacteria *s.f.* V. **monera**.

bacteria *s.f.* Microorganismo pertencente ao dominio *Bacteria*.

ES: **bacteria** *s.f.*

EN: **bacterium**; **prokariote**; **bacteria**

V. TAMÉN: **archaea**

bactericida *s.m.* Axente letal para as bacterias. Os axentes bactericidas non producen a lise da célula bacteriana.

ES: **bactericida** *s.m.*

EN: **bactericide**

V. TAMÉN: **bacteriostático**; **bacteriolítico**

bactericida *adx.* Que é letal para as bacterias.

ES: **bactericida** *adx.*

EN: **bactericidal**

bacteriocina *s.f.* Substancia producida por unha cepa bacteriana que inhibe ou mata outras especies ou cepas estreitamente relacionadas sen causar ningún dano sobre si mesma. Adoitan ser péptidos codificados por un plásmido ou transposón. Designanse conforme ao nome da especie que as produce (coliquinas producidas por *Escherichia coli*, subtilisinas por *Bacillus subtilis*,...).

SIN GL: **bacterioquina** *s.f.*

ES: **bacteriocina** *s.f.*; **bacterioquina** *s.f.*

EN: **bacteriocin**

bacteriófago *s.m.* Virus de calquera tipo que infecta exclusivamente bacterias.

SIN GL: **fago** *s.m.*

ES: **bacteriófago** *s.m.*; **fago** *s.m.*

EN: **bacteriophage**

bacteriolítico, bacteriolítica *adx.*

Aplícase ao axente que provoca a morte das bacterias por lise da célula. Dentro dos bacteriolíticos inclúense antibióticos que inhiiben a síntese da parede celular e compostos químicos que lesionan a membrana citoplasmática.

ES: **bacteriolítico, bacteriolítica** *adx.*

EN: **bacteriolytic**

V. TAMÉN: **bacteriostático**; **bactericida**

bacterioplancto *s.m.* Conxunto de organismos procariotas que viven libres nas augas e se moven dependendo das correntes.

ES: **bacterioplancton** *s.m.*

EN: **bacterioplankton**

bacterioquina *s.f.* V. **bacteriocina**.

bacteriostático, bacteriostática *adx.* Dise de calquera axente que inhiibe o crecemento das bacterias pero non produce a súa morte. Os axentes bacteriostáticos actúan con frecuencia uníndose aos ribosomas e impedindo

- deste xeito a síntese proteica. O seu efecto adoita ser reversible.
 ES: **bacteriostático, bacteriostática** *adx.*
 EN: **bacteriostatic**
 V. TAMÉN: **bacteriolítico; bactericida**
- bacteroide** *s.m.* Célula deforme do xénero *Rhizobium* que aparece na raíz dalgúñas leguminosas, formando un nódulo radical, e que se encarga de fixar o nitróxeno. A fixación do nitróxeno non se produce ata que se establece a relación entre a bacteria e unha célula vexetal.
 ES: **bacteroide** *s.m.*
 EN: **bacteroid**
- baga** *s.f.* Froito carnoso simple, normalmente indehiscente, de formas redondeadas e cores rechamantes. Son bagas froitos coma o tomate, a uva, o arando etc. O termo inglés atinxe tanto ás bagas coma ás froitas do bosque.
 ES: **baya** *s.f.*
 EN: **berry**
- balanceo** *s.m.* Fenómeno polo que a base que se atopa no extremo 5' do anticodón pode emparellarse de forma non estándar con diferentes bases. O balanceo permite que un anticodón poida establecer as pontes de hidróxeno con máis dun codón posible.
 ES: **balanceo** *s.m.*
 EN: **wobble**
- balancín** *s.m.* V. **halterio**.
- balea** *s.f.* V. **barba**.
- banda de Caspary** *loc.s.f.* Capa de materiais impermeables que se atopa nas células do endoderma das raíces.
 ES: **banda de Caspary** *loc.s.f.*
 EN: **Casparian strip**
- barba** *s.f.* Cada unha das formacións queratinosas que colgan do maxilar superior das baleas e que adoitan ter forma de peite.
 SIN GL: **balea** *s.f.*
 ES: **barba** *s.f.*; **ballena** *s.f.*
 EN: **baleen**
- barba** *s.f.* Calquera dos filamentos ríxidos situados a ámbolos dous lados do eixe central dunha pluma.
 ES: **barba** *s.f.*
 EN: **baleen**
- barba** *s.f.* Proxección con forma de gancho das plantas.
 ES: **barba** *s.f.*
 EN: **baleen**
- barófilo, barófila** *adx.* Dise do organismo que se desenvolve en ambientes caracterizados polas elevadas presións.
 ES: **barófilo, barófila** *adx.*
 EN: **barophilic**
- base nitróxenada** *loc.s.f.* Composto orgánico cíclico de carácter básico que contén nitróxeno.
 ES: **base nitrogenada** *loc.s.f.*
 EN: **nitrogenous base**
- basidio** *s.m.* Célula dos basidiomicetos na que se forman as basidiósporas que logo quedarán situadas enriba dela.
 ES: **basidio** *s.m.*
 EN: **basidium**
- basidiocarpo** *s.m.* Estrutura pluricelular que sustenta o himenio produtor de esporas nos fungos basidiomicetos.
 ES: **basidiocarpo** *s.m.*
 EN: **basidiocarp**
- basidiomiceto** *s.m.* Cada un dos fungos pertencentes ao grupo caracterizado por producir basidios con basidiósporas. En xeral, os basidiomicetos, posúen estruturas de tipo cogumelo ou fungos con chapeu.
 SIN GL: **basidiomicota** *s.m.*
 ES: **basidiomiceto** *s.m.*; **basidiomicota** *s.m.*
 EN: **basidiomycetes; basidiomycota**
- basidiomicota** *s.m.* V. **basidiomiceto**.
- basidióspora** *s.f.* Espora formada no interior dun basidio.
 ES: **basidiospora** *s.f.*
 EN: **basidiospore**
- basípeto, basípeta** *adx.* Dise do proceso que ocorre nunha planta dende o ápice dunha estrutura cara á base da mesma.
 ES: **basípeto, basípeta** *adx.*
 EN: **basipetal**
- basófilo** *s.m.* Tipo de leucocito granulocito que se tingue con colorantes básicos.
 ES: **basófilo** *s.m.*

EN: **basophil**
basófilo *adx.* Que se tingue con colorantes básicos.
ES: **basófilo** *adx.*
EN: **basophil**
bastón *s.m.* Célula fotorreceptora da retina cunha alta sensibilidade á luz.
SIN GL: **bastonete** *s.m.*
ES: **bastón** *s.m.*; **bastoncillo** *s.m.*
EN: **rod**
bastonete *s.m.* V. **bastón**.
bentos *s.m.* Conxunto de organismos animais e vexetais que habitan nos fondos mariños ou lacustres dende a beira ata os niveis máis profundos.
ES: **bentos** *s.m.*
EN: **benthos**
beta oxidación *loc.s.f.* Primeira das tres fases da oxidación mitocondrial dos ácidos graxos. A beta oxidación consiste na eliminación oxidativa de unidades sucesivas de dous átomos de carbono en forma de acetil CoA.
ES: **beta oxidación** *loc.s.f.*
EN: **beta oxidation**
biblioteca xénica *loc.s.f.* Conxunto de vectores de clonación, cada un dos cales contén unha parte do xenoma dun determinado organismo.
SIN GL: **xenoteca** *s.f.*
ES: **biblioteca génica** *loc.s.f.*; **genoteca** *s.f.*
EN: **DNA library**; **gene library**; **gene bank**
bico *s.m.* V. **peteiro**.
bienal *adx.* Referido a unha planta, que tarda dous anos en rematar o seu ciclo biolóxico.
ES: **bienal** *adx.*
EN: **biennial**
V. TAMÉN: **anual**; **perenne**
bigote *s.m.* V. **vibrisa**.
bilateral *adx.* Dise do animal que presenta simetría bilateral. Os organismos bilaterais son simétricos respecto ao seu plano saxital, que divide o corpo en aproximadamente dúas metades especularmente idénticas.

ES: **bilateral** *adx.*
EN: **bilateral**
bile *s.f.* V. **fel**.
biodiversidade *s.f.* Medida dos diferentes tipos de organismos dunha rexión determinada.
ES: **biodiversidad** *s.f.*
EN: **biodiversity**
biofotoxénese *s.f.* V. **bioluminiscencia**.
bioindicador *s.m.* Especie empregada para monitorizar o estado de saúde dun medio.
ES: **bioindicador** *s.m.*
EN: **bioindicator**
bioindicador, bioindicadora *adx.* Que pode ser empregado para monitorizar o estado de saúde dunha comunidade ou ecosistema.
ES: **bioindicador, bioindicadora** *adx.*
EN: **bioindicator**
bioinformática *s.f.* Disciplina que aplica algoritmos complexos e tecnoloxía informática na xestión e análise de datos biolóxicos.
ES: **bioinformática** *s.f.*
EN: **bioinformatics**
biolística *s.f.* Técnica de transformación de células sen vectores, na que o material xenético que se desexa introducir é disparado directamente ao núcleo adherido a unha micropartícula.
SIN GL: **pistola xénica** *loc.s.f.*; **biobalística** *s.f.*
ES: **biobalística** *s.f.*; **pistola génica** *loc.s.f.*; **biolística** *s.f.*
EN: **biolistics**; **bioballistics**
bioloxía celular *loc.s.f.* V. **citoloxía**.
bioluminiscencia *s.f.* Emisión de luz por parte de certos organismos vivos. A bioluminiscencia é un fenómeno moi estendido en todos os niveis biolóxicos (bacterias, fungos, algas, protozoos, poríferos, cnidarios, anélidos, moluscos, artrópodos, equinodermos e peixes), e especialmente frecuente en ambientes mariños abisais. A xeración de luz lévase a cabo grazas á reacción de oxidación da molécula luciferina (cuxa composición varía segundo a especie) polo encima lucife-

- rase. A reacción luminiscente pode ter lugar no interior da célula ou de xeito extracelular. Asemade pode realizala o propio organismo ou producirse grazas á simbiose con bacterias bioluminiscentes. É común observar bioluminiscencia nas costas, asociada ao fenómeno de marea vermella, debido á actividade metabólica dos dinoflaxelados.
- SIN GL: **biofotoxénese** *s.f.*
 ES: **bioluminiscencia** *s.f.*; **biofotogénesis** *s.f.*
 EN: **bioluminescence**
- bioma** *s.m.* Comunidade ecolóxica formada por unha vexetación e fauna características directamente relacionadas co clima.
 ES: **bioma** *s.m.*
 EN: **biome**
- biomagnificación** *s.f.* Incremento na concentración dunha substancia na cadea trófica.
 ES: **biomagnificación** *s.f.*
 EN: **biomagnification**
- biomasa** *s.f.* Masa de organismos vivos nunha área ou ecosistema nun momento determinado.
 ES: **biomasa** *s.f.*
 EN: **biomass**
- biomasa** *s.f.* Materia orgánica orixinada a partir dun proceso biolóxico que pode ser empregada como fonte de enerxía directa ou indirectamente.
 ES: **biomasa** *s.f.*
 EN: **biomass**
- biopelícula** *s.f.* Comunidade estruturada de microorganismos e a matriz polimérica que eles mesmos producen que se adhire a unha superficie.
 ES: **biopelícula** *s.f.*
 EN: **biofilm**
- bioquímica** *s.f.* Eido da bioloxía que estuda os compostos e procesos químicos propios dos seres vivos.
 ES: **bioquímica** *s.f.*
 EN: **biochemistry**
- biorreactor** *s.m.* Recipiente no cal se proporcionan as condicións para manter unha reacción biolóxica activa.
 ES: **biorreactor** *s.m.*
 EN: **bioreactor**
- biorremediación** *s.f.* Proceso levado a cabo por organismos ou encimas derivados deles que devolve un ambiente contaminado ao seu estado natural.
 ES: **biorremediación** *s.f.*
 EN: **bioremediation**
- biosensor** *s.m.* Instrumento deseñado para a medición ou detección dalgún parámetro e que inclúe compoñentes biolóxicos e físico-químicos.
 ES: **biosensor** *s.m.*
 EN: **biosensor**
- biosfera** *s.f.* Capa da Terra que alberga a vida.
 ES: **biosfera** *s.f.*
 EN: **biosphere**
- biosfera** *s.f.* Ecosistema mundial global.
 ES: **biosfera** *s.f.*
 EN: **biosphere**
- biota** *s.f.* Conxunto de organismos vivos que ocupan unha determinada área.
 ES: **biota** *s.f.*
 EN: **biota**
- biotina** *s.f.* Vitamina que actúa como cofactor encimático en moitas reaccións de carboxilación.
 SIN GL: **vitamina B8** *loc.s.f.*; **vitamina B7** *loc.s.f.*; **vitamina H** *loc.s.f.*
 ES: **biotina** *s.f.*; **vitamina B8** *loc.s.f.*; **vitamina B7** *loc.s.f.*; **vitamina H** *loc.s.f.*
 EN: **biotin**; **vitamin H**; **vitamin B7**
- biotipo** *s.m.* Conxunto de todos os organismos que comparten un mesmo xenotipo.
 ES: **biotipo** *s.m.*
 EN: **biotype**
- biótopo** *s.m.* Área con condicións ambientais uniformes que supón o lugar físico de establecemento dunha comunidade específica de seres vivos.
 ES: **biotopo** *s.m.*
 EN: **biotope**
- bioxeografía** *s.f.* Estudo espacial e temporal da distribución xeográfica dos seres vivos, dos hábitats nos que viven e das súas relacións ecolóxicas.

ES: **biogeografía** *s.f.*

EN: **biogeography**

bipartición *s.f.* Forma de multiplicación na cal a célula, orgánulo ou individuo se divide en dúas partes, cada unha das cales posúe a mesma entidade biolóxica que o precursor.

ES: **bipartición** *s.f.*

EN: **binary fission**

biso *s.m.* Conxunto de filamentos que usan certos bivalvos para suxeitarse firmemente ás rochas. É producido pola glándula do biso, que é exclusiva de moluscos bivalvos. A glándula do biso produce unha secreción pegañosa que se solidifica en contacto coa auga para formar filamentos.

ES: **biso** *s.m.*

EN: **byssus**

bivalente *s.m.* Estrutura que contén as catro cromátides ao iniciarse a meiose.

ES: **bivalente** *s.m.*

EN: **bivalent**

blastocelo *s.m.* Cavidade chea de líquido no interior da blástula.

ES: **blastocelo** *s.m.*

EN: **blastocoel**

V. TAMÉN: **blástula**

blastocelomado *s.m.* V. **pseudocelomado**.

blastocelomado, blastocelomada *adx.* V. **pseudocelomado, pseudocelomada**.

blastocisto *s.m.* Estado embrionario dos animais mamíferos correspondente co estado de blástula dos embrións doutros animais. No estado de blastocisto é cando o embrión se implanta na parede do útero.

ES: **blastocisto** *s.m.*

EN: **blastocyst**

V. TAMÉN: **blástula**

blastoderma *s.m.* Masa de células producidas pola segmentación do óvulo fecundado que adquire unha disposición compacta e que logo dará lugar á capa que rodea a esfera oca da blástula.

ES: **blastoderma** *s.m.*

EN: **blastoderm**

blastómero *s.m.* Cada unha das células formadas durante o estadio de segmentación do óvulo fecundado.

ES: **blastómero** *s.m.*

EN: **blastomere**

blastóporo *s.m.* Orificio formado pola invaxinación da blástula durante a gastrulación, a través do cal as células se moven cara ao interior da blástula. Nos organismos protóstomos a boca deriva directamente do blastóporo embrionario.

ES: **blastoporo** *s.m.*

EN: **blastopore**

blástula *s.f.* Período de desenvolvemento embrionario consecutivo á segmentación do óvulo fertilizado. O período de blástula segue ao de mórula e precede á gástrula.

ES: **blástula** *s.f.*

EN: **blastula**

bolo *s.m.* Masa de alimento mastigado e insalivado que se forma na boca. O bolo alcanza o tamaño e forma adecuados para a deglución.

SIN GL: **bolo alimenticio** *loc.s.m.*

ES: **bolo** *s.m.*; **bolo alimenticio** *loc.s.m.*

EN: **bolus**

bolo alimenticio *loc.s.m.* V. **bolo**.

bomba *s.f.* Proteína transmembrana que facilita o transporte activo de ións e pequenas moléculas a través dela.

ES: **bomba** *s.f.*

EN: **pump**

bomba de protóns *loc.s.f.* Proteína integral de membrana que é capaz de mobilizar protóns a través dela en contra de gradiente.

ES: **bomba de protones** *loc.s.f.*

EN: **proton pump**

bordo en cepillo *loc.s.m.* Superficie da membrana dunha célula que está cuberta dunha capa de microvilosidades.

ES: **borde en cepillo** *loc.s.m.*

EN: **brush border**

botón *s.m.* V. **abrocho**.

bráctea *s.f.* Estrutura semellante a unha folla que se atopa na base das flores, inflorescencias ou conos.

- ES: **bráctea** *s.f.*
EN: **bract**
- bradicardia** *s.f.* Redución dos latexos do corazón por debaixo do nivel normal.
ES: **bradicardia** *s.f.*
EN: **bradycardia**
- braquiblasto** *s.m.* Póla de crecemento limitado e nós moi xuntos.
ES: **braquiblasto** *s.m.*
EN: **brachyblast**
- brasinoesteroide** *s.m.* Hormona esteroidea vexetal.
ES: **brasinoesteroide** *s.m.*
EN: **brassinosteroid; brassin**
- briófita** *s.f.* Cada un dos vexetais do grupo *Bryophyta*.
ES: **briófita** *s.f.*
EN: **bryophyte**
- brión** *s.m.* Planta talófito non vascular, que comunmente se inclúe no grupo *Bryophyta*.
SIN GL: **mofo** *s.m.*; **musgo** *s.m.*; **carriza** *s.f.*
ES: **musgo** *s.m.*
EN: **moss**
- bronquio** *s.m.* Cada un dos condutos fibrocartilaxinosos nos que se bifurca a traquea e que entran nos pulmóns. Son tubos con ramificacións progresivas e decrecentes en diámetro, formados por cartilaxe e capas musculares.
ES: **bronquio** *s.m.*
EN: **bronchia**
- bronquiolo** *s.m.* Cada unha das subdivisións dos bronquios, que comunican estes cos alvéolos.
ES: **bronquiolo** *s.m.*
EN: **bronchiole**
- brote** *s.m.* V. **abrocho**.
- broulla** *s.f.* V. **abrocho**.
- bugallo** *s.m.* Tumoracións das follas e outras partes das plantas da familia *Fagales* desenvolvidas en resposta á picadura ou posta de moitos insectos. Familia *Fagal* ES: castiñeiro, faia, aciñeira, sobreira, carballo...
ES: **agalla** *s.f.*; **cecidia** *s.f.*
EN: **gall; oakapple**
- bulbo** *s.m.* Talo subterráneo dedicado ao almacenamento de nutrientes, cuberto de bases foliares ou escamas engrosadas e carnosas.
ES: **bulbo** *s.m.*
EN: **bulb**
- bulbo** *s.m.* Engrosamento globuloso do pé dalgúns cogumelos.
ES: **bulbo** *s.m.*
EN: **bulb**
- bulbo** *s.m.* Disco de fixación basal dalgunhas algas.
ES: **bulbo** *s.m.*
EN: **bulb**
- bulbo** *s.m.* Protuberancia redondeada dalgúns órganos que lembra aos bulbos vexetais pola súa forma. Son exemplos de bulbos o bulbo raquídeo, os bulbos pilosos, os bulbos olfativos etc.
ES: **bulbo** *s.m.*
EN: **bulb**
- burbulla de replicación** *loc.s.f.* Estrutura molecular que se manifesta durante a replicación cando se produce a abertura ou separación da dobre cadea. A ADN topoisomerase e a ADN helicase son os encimas encargados de que se produza a separación da cadea e se mantéña neste estado o tempo axeitado.
ES: **burbuja de replicación** *loc.s.f.*
EN: **replication bubble**
- burbulla de transcrición** *loc.s.f.* Estrutura molecular que se manifesta durante a transcrición cando se produce a abertura ou separación da dobre cadea. A ADN topoisomerase e a ADN helicase son os encimas encargados de que se produza a separación da cadea e se mantéña neste estado o tempo axeitado.
ES: **burbuja de transcrición** *loc.s.f.*
EN: **transcription bubble**

cabezolo *s.m.* V. **cágado**.

cabezolo; cabezón *s.m.*; *s.m.* V. **cágado**.

cabezón *s.m.* V. **cágado**.

cadea adiantada; cadea continua *loc.s.f.*
V. **cadea líder**.

cadea antisentido *loc.s.f.* V. **cadea molde**.

cadea codificadora *loc.s.f.* Cadea de ADN que ten a secuencia equivalente ao transcrito de ARN producido. A diferenza que se atopa entre a secuencia de ADN da cadea codificadora e a secuencia de ARN do transcrito é que na primeira atoparemos timinas onde na segunda hai uracilos.

ES: **cadena codificadora** *loc.s.f.*

EN: **coding strand**

cadea de transporte electrónico *loc.s.f.*

Conxunto de complexos proteicos que median reaccións polas cales os electróns son transportados dende un doador cun nivel enerxético superior a un aceptor de menor enerxía.

ES: **cadena de transporte electrónico** *loc.s.f.*

EN: **electron transport chain**

cadea discontinua *loc.s.f.* V. **cadea retardada**.

cadea líder *loc.s.f.* Na replicación do ADN, cadea que se sintetiza de forma continua en sentido 5'-3' e crece no mesmo sentido.
SIN GL: **cadea adiantada** *loc.s.f.*; **cadea continua** *loc.s.f.*

ES: **cadena líder** *loc.s.f.*; **cadena adelantada** *loc.s.f.*; **cadena continua** *loc.s.f.*

EN: **leading strand**

V. TAMÉN: **cadea retardada**

cadea molde *loc.s.f.* Cadea de ADN que se transcribe para dar lugar ao ARN.

SIN GL: **cadea antisentido** *loc.s.f.*

ES: **cadena molde** *loc.s.f.*; **cadena antisentido** *loc.s.f.*

EN: **template strand; antisense strand**

V. TAMÉN: **cadea codificadora**

cadea retardada *loc.s.f.* Na replicación do ADN, cadea que se sintetiza de forma discontinua en sentido 5'-3' e crece no sentido oposto.

SIN GL: **cadea discontinua** *loc.s.f.*

ES: **cadena retardada** *loc.s.f.*; **cadena discontinua** *loc.s.f.*

EN: **lagging strand**

V. TAMÉN: **cadea líder**

cadea trófica *loc.s.f.* Movemento de enerxía e nutrientes desde un grupo de organismos cuns requirimentos alimentarios comúns ata outro grupo.

ES: **cadena trófica** *loc.s.f.*

EN: **trophic structure**

cadherina *s.f.* Proteína transmembrana que media en unións adherentes dependentes de calcio.

ES: **cadherina** *s.f.*

EN: **cadherin**

caducifolio, caducifolia *adx.* Dise das árbores ou arbustos que perden a folla durante unha parte do ano.

ES: **caducifolio, caducifolia** *adx.*

EN: **deciduous plant**

V. TAMÉN: **perennifolio**

cágado *s.m.* Larva dun anfibio anuro.

SIN GL: **cabezolo** *s.m.*; **cabezón** *s.m.*; **culler** *s.f.*

ES: **renacuajo** *s.m.*

EN: **tadpole**

caixa de Goldberg-Hogness *loc.s.f.*
 Secuencia de ADN que se atopa nunha rexión augas arriba do promotor da maioría de xenes eucarióticos e de arqueas.
 SIN GL: **caixa TATA** *loc.s.f.*
 ES: **caixa de Goldberg-Hogness** *loc.s.f.*;
caja TATA *loc.s.f.*
 EN: **Goldberg-Hogness box**; **TATA box**

caixa homeótica *loc.s.f.* Familia de secuencias de ADN bastante similares que codifican unha secuencia polipeptídica denominada homeodominio.
 ES: **caja homeótica** *loc.s.f.*
 EN: **homeobox**

caixa pribnow *loc.s.f.* V. **secuencia -10**.

caixa TATA *loc.s.f.* V. **caixa de Goldberg-Hogness**.

calaza *s.f.* Parte basal da nucela do rudimento seminal.
 ES: **calaza** *s.f.*; **chalaza** *s.f.*
 EN: **chalaza**

calaza *s.f.* Parte dos ovos dos animais formada por un ou dous filamentos encargados de manter a xema suspendida no lugar adecuado no centro da clara.
 ES: **calaza** *s.f.*; **chalaza** *s.f.*
 EN: **chalaza**

calcitonina *s.f.* Hormona proteica segregada polo tiroide que actúa diminuíndo os niveis de calcio do sangue. A calcitonina prodúcese como consecuencia dun aumento nos niveis de calcio no sangue.
 ES: **calcitonina** *s.f.*
 EN: **calcitonin**

calículo *s.m.* Verticilo extrafloral con aspecto de cáliz.
 ES: **calículo** *s.m.*
 EN: **caliculus**

caliptra *s.f.* V. **cofia**.

caliptra *s.f.* Cofia ou cuberta da raíz.
 ES: **caliptra** *s.f.*
 EN: **calyptra**

cáliz *s.m.* Conxunto dos sépalos dunha flor. Atópase por debaixo da corola e, xunto con esta, forma o perianto.

ES: **cáliz** *s.m.*
 EN: **calyx**
 V. TAMÉN: **corola**; **perianto**

callado *s.m.* Proceso polo que o ovario dunha flor se transforma en froito en desenvolvemento.
 ES: **cuajado** *s.m.*
 EN: **fruit formation**

calo *s.m.* Masa de células indiferenciadas en proliferación.
 ES: **callo** *s.m.*
 EN: **callus**

cámbium *s.m.sg.* V. **meristema secundario**.

cámbium interfascicular *loc.s.m.* Tecido meristemático secundario das plantas nas que o sistema vascular se dipón en feixes e cordóns e que se organiza formando un cilindro continuo con estes.
 ES: **cámbium interfascicular** *loc.s.m.*
 EN: **interfascicular cambium**

cámbium suberoso *loc.s.m.* V. **felóxeno**.

cámbium vascular *loc.s.m.* Meristema secundario que dá orixe a xilema e floema.
 ES: **cámbium vascular** *loc.s.m.*
 EN: **vascular cambium**

caméfito, caméfita *adx.* Segundo a clasificación de Raunkiaer, planta que desenvolve unha pequena altura (máximo 25 centímetros) e durante a época desfavorable mantén gromos aéreos moi próximos ao chan.
 ES: **caméfito, caméfita** *adx.*
 EN: **chamaephyte**

canibalismo *s.m.* Captura e consumo de individuos dunha mesma especie.
 SIN GL: **depredación intraespecífica** *loc.s.f.*
 ES: **depredación intraespecífica** *loc.s.f.*;
canibalismo *s.m.*
 EN: **cannibalism**

canle iónica *loc.s.f.* Proteína ou complexo proteico transmembrana que permite a difusión regulada de ións a través dunha membrana.
 ES: **canal iónico** *loc.s.m.*
 EN: **ion channel**

capacidade de carga *loc.s.f.* Número de organismos individuais que poden ser sustentados polos recursos dunha área determinada.

ES: **capacidad de carga** *loc.s.f.*

EN: **carrying capacity**

capacitación *s.f.* Proceso final de maduración do espermatozoide que lle confire a capacidade para fecundar o óvulo. Este proceso ocorre no conduto xenital feminino de todos os mamíferos.

ES: **capacitación** *s.f.*

EN: **capacitation**

capilar *s.m.* Cada un dos condutos que unen as arteriolas coas vénulas, formando redes. Os capilares son os encargados de recoller o sangue que vén nas arterias cheo de nutrientes e osíxeno para conducilo ás células vivas. Ademais recolle destas o CO₂ e os materiais de refugallo para transportalo ás veas.

ES: **capilar** *s.m.*

EN: **capillary**

capítulo *s.m.* Inflorescencia racimosa formada por un agregado denso de flores sésiles.

ES: **capítulo** *s.m.*; **cabezuela** *s.f.*

EN: **capitulum**

cápside *s.f.* Envoltura de natureza proteica que recobre a molécula de ácido nucleico dos virus. Adoita estar constituída por subunidades denominadas capsómeros. Distínguense tres tipos atendendo á súa morfoloxía: helicoidal, icosaédrica e complexa. Ás veces, exteriormente á cápside, pode existir unha envolta lipoproteica.

ES: **cápside** *s.f.*

EN: **capsid**

capsómero *s.m.* Subunidade proteica que forma a cápside dos virus.

ES: **capsómero** *s.m.*

EN: **capsomere**

cápsula *s.f.* Froito seco dehiscente procedente da soldadura de varios carpelos que na súa madurez se abre por unha serie de fendas lonxitudinais ou poros.

ES: **cápsula** *s.f.*

EN: **capsule**

cápsula *s.f.* Parte do esporófito na que se producen as esporas haploides nas carrizas e hepáticas.

ES: **cápsula** *s.f.*

EN: **capsule**

cápsula *s.f.* Capa ríxida con bordo definido que se deposita no exterior da parede celular das bacterias. A cápsula ten unha función defensiva (protexe contra a desecación e evita o ataque de bacteriófagos), intervén na adherencia celular e funciona como depósito de substancias de reserva e como lugar de eliminación de substancias de refugallo. O xeito máis doado de detección é mediante a tinción negativa. Non é esencial para a función celular, e moitas bacterias que a producen poden perdela por mutación sen ningún efecto sobre o crecemento.

SIN GL: **cápsula bacteriana** *loc.s.f.*

ES: **cápsula** *s.f.*; **cápsula bacteriana** *loc.s.f.*

EN: **capsule; bacterial capsule**

V. TAMÉN: **glicocálix; biopelícula**

cápsula bacteriana *loc.s.f.* V. **cápsula**.

carena *s.f.* V. **quilla**.

carena *s.f.* Conxunto dos dous pétalos inferiores da flor das papilionáceas.

SIN GL: **quilla** *s.f.*

ES: **carena** *s.f.*; **quilla** *s.f.*

EN: **carina; keel**

carena *s.f.* Saínte afiado na base da cola dalgúns peixes.

SIN GL: **quilla** *s.f.*

ES: **carena** *s.f.*, **quilla** *s.f.*

EN: **keel**

cariogamia *s.f.* Fusión dos núcleos de dúas células. Dous exemplos de cariogamia son a fertilización e a conxugación verdadeira.

ES: **cariogamia** *s.f.*

EN: **karyogamy**

cariograma *s.m.* Representación gráfica dun cariotipo ordenando os cromosomas por pares en función do tamaño e posición do centrómero.

ES: **cariograma** *s.m.*

EN: **karyogram**

carióside *s.f.* Froito seco, indehiscente, cunha soa semente, na que a envoltura seminal está completamente soldada co pericarpo.

ES: **carióside** *s.f.*; **cariopsis** *s.f.*

EN: **caryopsis**

V. TAMÉN: **aquenio**

cariotipo *s.m.* Ordenación dos cromosomas dunha célula ou organismo seguindo criterios preestablecidos: tamaño do cromosoma, posición do centrómero, padrón de bandeio.

ES: **cariotipo** *s.m.*

EN: **karyotype**

V. TAMÉN: **cariograma; idiograma**

carnívoro *s.m.* Organismo que se alimenta unicamente de tecidos animais.

ES: **carnívoro** *s.m.*

EN: **carnivore**

carnívoro, carnívora *adx.* Que se alimenta exclusivamente de tecidos animais.

ES: **carnívoro, carnívora** *adx.*

EN: **carnivorous**

caroteno *s.m.* Pigmento carotenoide sen ningún grupo osixenado e de cor amarela, alaranxada ou vermella.

ES: **caroteno** *s.m.*

EN: **carotene**

carotenoide *s.m.* Pigmento orgánico terpenoide, xeralmente con 40 carbonos, e de estrutura lineal.

ES: **carotenoide** *s.m.*

EN: **carotenoid**

carpelo *s.m.* Folla modificada que forma a unidade básica do xineceo envolvendo os óvulos. É característico das plantas anxiospermas. Adoita ser considerado como un megasporófilo.

ES: **carpelo** *s.m.*

EN: **carpel**

carpóforo *s.m.* Prolongación do receptáculo dalgunhas flores que sostén o xineceo e, posteriormente, os froitos.

ES: **carpóforo** *s.m.*

EN: **carpophore**

carpóforo *s.m.* Corpo frutífero ou de reprodución dos fungos ascomicetos e basidiomicetos.

ES: **carpóforo** *s.m.*

EN: **carpophore**

carpogonio *s.m.* Gametanxio feminino das algas do grupo *Rhodophyta*. Os carpogonios son células especializadas na reprodución sexual por oogamia.

ES: **carpogonio** *s.m.*

EN: **carpogonium**

carragenano *s.m.* V. **carragenina**.

carragenina *s.f.* Polisacárido lineal de galactosa e anhidrogallactosa.

SIN GL: **carragenano** *s.m.*

ES: **carragenina** *s.f.*; **carragenano** *s.m.*

EN: **carrageenan; carrageenin; carrageen**

carrapucho 5' *s.m.* V. **casquete 5'**.

cartilaxe *s.f.* Peza de tecido conectivo avascular, elástico e flexible, formado por condrocitos e unha abundante matriz extracelular.

ES: **cartilago** *s.m.*

EN: **cartilage; gristle**

cartografía xenética *loc.s.f.* Disciplina que estuda a localización cromosómica dos xenes e outras secuencias xenéticas.

ES: **cartografía genética** *loc.s.f.*

EN: **gene mapping**

caseta xénica *loc.s.f.* Secuencia de ADN que codifica un ou máis xenes para unha función concreta e que pode ser incorporada a un integrón.

ES: **casete xénico** *loc.s.m.*

EN: **gene cassette**

casmogamia *s.f.* Tipo de polinización que ten lugar estando as flores abertas.

ES: **casmogamia** *s.f.*

EN: **chasmogamy**

V. TAMÉN: **cleistogamia**

caspase *s.f.* Protease cun residuo de cisteína que media a ruptura doutras proteínas a nivel dun aspartato.

ES: **caspasa** *s.f.*

EN: **caspase**

casquete 5' *s.m.* Estrutura formada por un residuo de 7-metilguanosa que se engade ao extremo 5' do ARN mensaxeiro eucariótico no núcleo. O carrapucho protexe o mensaxeiro de ser degradado e é necesario para a súa tradución no citoplasma.

SIN GL: **carrapucho 5'** *s.m.*

ES: **caperuza 5'** *s.m.*; **casquete 5'** *s.m.*

EN: **5' cap**

V. TAMÉN: **cola de poli A**

catabolismo *s.m.* Fase do metabolismo intermediario na que se degradan compostos orgánicos complexos, orixinando outros máis sinxelos e liberando enerxía.

ES: **catabolismo** *s.m.*

EN: **catabolism**

catádro, catádroa *adx.* Dise do peixe que vive en medios de auga doce e migra cara ao mar a desovar.

ES: **catádro, catádroa** *adx.*

EN: **catadromous**

catecolamina *s.f.* Composto biolóxico activo derivado da tirosina que pode ter función hormonal ou neurotransmisora. As principais catecolaminas son a adrenalina, nora-drenalina e dopamina.

ES: **catecolamina** *s.f.*

EN: **catecholamine**

catecolamina *s.f.* Substancia cun grupo amino e outro catecol.

ES: **catecolamina** *s.f.*

EN: **catecholamine**

caule *s.m.* Órgano vexetal das cormófitas con funcións de transporte e almacenamento de substancias e de soporte para as partes aéreas da planta.

SIN GL: **talo** *s.m.*

ES: **tallo** *s.m.*

EN: **stalk; stem**

caulidio *s.m.* Órgano análogo ao caule das plantas superiores de estrutura máis simple, sen vasos condutores. Os caulidios son típicos das briófitas e outras plantas inferiores.

ES: **caulidio** *s.m.*

EN: **non vascular stern**

cauloide *s.m.* Órgano análogo ao talo de plantas superiores, de estrutura máis sim-

ple, con función de sostén ou condución. O cauloides é o talo típico dalgunhas algas.

ES: **cauloide** *s.m.*

EN: **cauliculus**

cavidade gástrica *loc.s.f.* V. **estómago**.

cavidade paleal *loc.s.f.* É unha cámara que forma o manto dos moluscos na súa parte posterior, onde se aloxan as branquias. Na cavidade paleal desembocan os nefridios e o ano.

ES: **cavidade paleal** *loc.s.f.*

EN: **paleal cavity**

cavitación *s.f.* Rotura da columna de auga no xilema dunha planta vascular pola aparición dunha burbulla de aire na mesma.

SIN GL: **embolia** *s.f.*

ES: **cavitación** *s.f.*; **embolia** *s.f.*

EN: **cavitation**

CDK *sigla* Familia de encimas quinase que só actúan en presenza de ciclina.

SIN GL: **proteína quinase dependente de ciclina** *loc.s.f.*

ES: **CDK** *sigla*; **proteína quinasa dependente de ciclina** *loc.s.f.*

EN: **CDK, cyclin-dependent kinase**

cDNA *sigla* ADN de cadea sinxela sintetizado a partir de ARN mensaxeiro maduro.

ES: **cDNA** *sigla*

EN: **cDNA; complementary DNA**

cebador *s.m.* Oligonucleótido de ARN ou ADN que pode servir como punto de inicio na replicación do ADN. Os cebadores son necesarios porque a ADN polimerase precisa dun extremo 3'-OH libre para proceder a realizar a súa función. Na replicación do ARN non é necesario o emprego de cebadores, xa que a ARN polimerase non precisa dun extremo 3'-OH para levar a cabo a súa función.

ES: **cebador** *s.m.*

EN: **primer**

cefalocordado *s.m.* Animal pertencente ao subfilo *Cefalochordata*. Os cefalocordados caracterízanse por posuíren notocorda que os percorre dorsalmente en sentido lonxitudinal. Por enriba desta encóntrase un cordón nervioso que finaliza nun abultamento (vesícula cerebral).

ES: **cefalocordado** *s.m.*

EN: **cephalochordata**

cefalocordado, cefalocordada *adx.*
Relativo aos cefalocordados.

ES: **cefalocordado, cefalocordada** *adx.*

EN: **cephalochordate**

cego *s.m.* Evxinación do tubo dixestivo circunscrita e sen saída.

ES: **ciego** *s.m.*

EN: **caecum**

cego *s.m.* Primeira porción do intestino groso que se sitúa entre o fleon e o colon.

ES: **ciego** *s.m.*

EN: **caecum; cecum**

celo *s.m.* Período de tempo no que as femias dos mamíferos son receptivas sexualmente. Durante esta época ten lugar a ovulación.

ES: **celo** *s.m.*

EN: **heat**

celoma *s.m.* Cavidade secundaria do corpo de animais celomados. É a segunda cavidade en aparecer, despois do blastocelo, durante o proceso embrionario. Ten orixe mesodérmica e, polo tanto, é exclusivo de animais triblásticos. Está limitado polo peritoneo e cheo de líquido celomático. Os órganos internos quedan fóra do celoma.

ES: **celoma** *s.m.*

EN: **coelom**

célula *s.f.* Unidade estrutural e funcional básica dos seres vivos.

ES: **célula** *s.f.*

EN: **cell**

célula acompañante *loc.s.f.* Célula parenquimática asociada aos membros dos vasos cribosos de anxiospermas e que cumpren a función de sustento metabólico destes.

ES: **célula acompañante** *loc.s.f.*

EN: **companion cell**

célula acompañante *loc.s.f.* Célula epidérmica asociada funcionalmente a un estoma.

SIN GL: **célula anexa** *loc.s.f.*; **célula subsidiaria** *loc.s.f.*

ES: **célula acompañante** *loc.s.f.*; **célula anexa** *loc.s.f.*; **célula subsidiaria** *loc.s.f.*

EN: **subsidiary cell; accessory cell**

célula amácrina *loc.s.f.* Célula nerviosa sen prolongacións longas, como as células da capa nuclear interna da retina.

ES: **célula amácrina** *loc.s.f.*

EN: **amacrine cell**

célula anexa *loc.s.f.* V. **célula acompañante**.

célula asasina natural *loc.s.f.* V. **célula NK**.

célula B *loc.s.f.* Linfocito que produce inmunoglobulinas e anticorpos.

SIN GL: **linfocito B** *loc.s.m.*

ES: **célula B** *loc.s.f.*; **linfocito B** *loc.s.m.*

EN: **B cell; B lymphocyte**

célula bipolar *loc.s.f.* Célula nerviosa sensorial con dúas prolongacións opostas, como as da retina.

ES: **célula bipolar** *loc.s.f.*

EN: **bipolar cell**

célula cebada *loc.s.f.* V. **mastocito**.

célula de garda *loc.s.f.* V. **célula oclusiva**.

célula de Leydig *loc.s.f.* Célula intersticial testicular que produce andróxenos.

ES: **célula de Leydig** *loc.s.f.*

EN: **Leydig cell; interstitial cell**

célula de Schwann *loc.s.f.* Célula glial que acompaña a neurona, rodeando o axonio e formando a vaina de mielina no sistema nervioso periférico.

ES: **célula de Schwann** *loc.s.f.*

EN: **Schwann cell**

célula endócrina *loc.s.f.* Célula especializada, comunmente pertencente a unha glándula, que segrega unha hormona ao torrente sanguíneo.

ES: **célula endócrina** *loc.s.f.*

EN: **endocrine cell**

célula nai *loc.s.f.* Célula indiferenciada capaz de dividirse indefinidamente para formar outras células diferenciadas ou non.

ES: **célula madre** *loc.s.f.*; **célula tronco** *loc.s.f.*

EN: **mother cell**

célula NK *loc.s.f.* Linfocito citotóxico grande e granuloso que circula no sangue e que participa na inmunidade innata.

SIN GL: **célula asasina natural** *loc.s.f.*

ES: **célula NK** *loc.s.f.*; **célula asesina natural** *loc.s.f.*

EN: **NK cell**; **natural killer cell**

célula nutricia *loc.s.f.* Célula da liña xerme que contribúe ao desenvolvemento do oocito dos insectos. Cada unha das quince células nutricias produce entre 250 e 500 células nucleadas que logo verterán o seu citoplasma no oocito.

ES: **célula nodriza** *loc.s.f.*

EN: **nurse cell**

célula oclusiva *loc.s.f.* Célula epidérmica que se dispón en parellas que rodean o ostíolo e regulan a apertura estomática.

SIN GL: **célula de garda** *loc.s.f.*

ES: **célula oclusiva** *loc.s.f.*; **célula de guardia** *loc.s.f.*

EN: **guard cell**

célula presentadora de antígeno *loc.s.f.*

Célula que é capaz de procesar unha partícula antixénica e presentala na súa superficie, unida a unha molécula do complexo maior de histocompatibilidade, para o seu recoñecemento polos linfocitos T.

SIN GL: **CPA** *sigla*

ES: **célula presentadora del antígeno** *loc.s.f.*; **CPA** *sigla*

EN: **antigen-presenting cell**; **APC**

célula somática *loc.s.f.* Célula constituínte dos tecidos vexetativos dun organismo, non pertencente á liña xerminar.

ES: **célula somática** *loc.s.f.*

EN: **somatic cell**; **body cell**

célula T *loc.s.f.* Linfocito responsable da resposta inmune mediada por células.

SIN GL: **linfocito T** *loc.s.m.*

ES: **célula T** *loc.s.f.*; **linfocito T** *loc.s.m.*

EN: **T cell**; **T lymphocyte**

célula xerme *loc.s.f.* Célula inmadura que, ao desenvolverse, forma un espermatozoide ou un óvulo.

ES: **célula germinal** *loc.s.f.*

EN: **germ cell**

células HeLa *loc.s.f.* Liña celular humana, de proliferación permanente en cultivo, amplamente empregada en investigación.

ES: **células HeLa** *loc.s.f.*

EN: **HeLa cells**

celulosa *s.f.* Polímero lineal de glicosa

ES: **celulosa** *s.f.*

EN: **cellulose**

cenobio *s.m.* Colonia que contén un número constante de células que presentan escasa ou nula especialización.

ES: **cenobio** *s.m.*

EN: **coenobium**

cenocito *s.m.* Estrutura multinucleada resultante de divisións nucleares sucesivas sen citocinese.

ES: **cenocito** *s.m.*

EN: **coenocyte**

centimorgan *s.m.* Unidade de distancia entre os xenes. Un centimorgan equivale á distancia que separa dous marcadores xenéticos tales que a frecuencia de recombinación entre eles sexa do 1%. A frecuencia de recombinación xenética serve para medir o grao de ligamento

SIN GL: **unidade de mapa** *loc.s.f.*

ES: **centimorgan** *s.m.*; **unidad de mapa** *loc.s.f.*

EN: **centimorgan**; **map unit**

centríolo *s.m.* Estrutura microtubular cilíndrica e curta das células de animais e dalgúns protozoos que participa na organización do citoesqueleto e na formación do fuso acromático durante a división celular.

ES: **centríolo** *s.m.*

EN: **centriole**

centro organizador de microtúbulos

loc.s.m. Rexión da célula a partir da cal polimerizan os microtúbulos.

SIN GL: **COMT** *sigla*

ES: **centro organizador de microtúbulos** *loc.s.m.*; **COMT** *sigla*

EN: **microtubule-organizing centre**; **MTOC**

centrómero *s.m.* Rexión do cromosoma mitótico, situada na constrición primaria do mesmo, que mantén unidas as cromátides irmás e que interactúa coas fibras do fuso acromático.

ES: **centrómero** *s.m.*

EN: **centromere**; **kinetochore**

centrosoma *s.m.* Área central das células animais e dalgúns protozoos que actúa como organizador dos microtúbulos do citoesqueleto e do fuso mitótico.

ES: **centrosoma** *s.m.*

EN: **centrosome**

cepa *s.f.* Variante xenotípica dunha especie propagada de forma clonal. A cepa é o principal nivel taxinómico empregado na microbioloxía.

ES: **cepa** *s.f.*

EN: **strain**

cerebelo *s.m.* Rexión do encéfalo que ocupa a parte posterior da cavidade craniana e ten como función principal a integración das vías sensitiva e motora.

ES: **cerebelo** *s.m.*

EN: **cerebellum**

cerebro *s.m.* Porción do encéfalo que comprende dous grandes lóbulos coñecidos como hemisferios cerebrais e os bulbos olfactivos. A zona máis externa dos hemisferios cerebrais denomínase codia cerebral, rexión cortical ou córtex. O resto dos tecidos do cerebro forman a denominada rexión subcortical.

SIN GL: **telencéfalo** *s.m.*

ES: **cerebro** *s.m.*; **telencéfalo** *s.m.*

EN: **brain**

cerebrósido *s.m.* Esgingolípido que contén un residuo glicídico.

ES: **cerebrósido** *s.m.*

EN: **cerebroside**

cetosa *s.f.* Monosacárido que contén un grupo cetona.

ES: **cetosa** *s.f.*

EN: **ketose**

chaperona molecular *loc.s.f.* Proteínas ou complexos proteicos que interactúan con outras proteínas para colaborar no seu correcto pregamento e ensamblaxe.

ES: **chaperona molecular** *loc.s.f.*

EN: **molecular chaperone**; **chaperone**

chouparro *s.m.* V. **cogordo**.

chromosome painting *loc.s.* Técnica de hibridación que consegue visualizar cada cromosoma metafásico dunha cor, permi-

tindo axiña a detección de aberracións como as que se adoitan producir en células cancerixenas.

SIN GL: **pintado cromosómico** *loc.s.m.*

ES: **chromosome painting** *loc.s.*; **pintado cromosómico** *loc.s.m.*

EN: **chromosome painting**

ciatio *s.m.* Inflorescencia formada por unha flor feminina apical e longamente pedunculada rodeada por cinco grupos de flores masculinas sen perianto. O ciatio é típico das plantas euforbiáceas.

ES: **ciatio** *s.m.*

EN: **cyathium**

ciclina *s.f.* Proteína reguladora do ciclo celular, fundamental na replicación do ADN e na consecución da mitose.

ES: **ciclina** *s.f.*

EN: **cyclin**

ciclo celular *loc.s.m.* Secuencia ordenada de eventos necesaria para que unha célula multiplique o seu contido e se divida.

ES: **ciclo celular** *loc.s.m.*

EN: **cell cycle**

ciclo de Calvin *loc.s.m.* Ruta cíclica mediante a cal o carbono é fixado durante a fase escura da fotosíntese.

SIN GL: **ciclo de Calvin-Benson** *loc.s.m.*

ES: **ciclo de Calvin-Benson** *loc.s.m.*; **ciclo de Calvin** *loc.s.m.*

EN: **Calvin cycle**; **Calvin-Benson cycle**; **photosynthetic carbon reduction cycle**

ciclo de Calvin-Benson *loc.s.m.* V. **ciclo de Calvin**.

ciclo de Krebs *loc.s.m.* V. **ciclo dos ácidos tricarbóxicos**.

ciclo dos ácidos tricarbóxicos *loc.s.m.* Sistema cíclico de reaccións encimáticas no cal son oxidados grupos acetilo con produción de CO₂, auga e enerxía utilizable.

SIN GL: **ciclo de Krebs** *loc.s.m.*; **ciclo de los ácidos tricarbóxicos** *loc.s.m.*

ES: **ciclo del ácido cítrico** *loc.s.m.*; **ciclo de Krebs** *loc.s.m.*; **ciclo do ácido cítrico** *loc.s.m.*

EN: **citric acid cycle; tricarboxylic acid cycle; Krebs cycle**

ciclo estral *loc.s.m.* Conxunto de cambios que ocorren de forma periódica no ovario, útero e outros órganos sexuais accesorios nas femias de moitos mamíferos, exceptuando os primates, en relación co ciclo sexual. No ciclo estral prodúcese a reabsorción do endometrio, se non ocorre a concepción durante o ciclo.

ES: **ciclo estral** *loc.s.m.*

EN: **oestrous cycle**

V. TAMÉN: **ciclo menstrual**

ciclo fútil *loc.s.m.* Conxunto de reaccións cíclicas catalizadas encimaticamente que non dan lugar a ningún outro efecto que a liberación de enerxía térmica por hidrólise de ATP.

ES: **ciclo fútil** *loc.s.m.*

EN: **futile cycle; substrate cycle**

ciclo menstrual *loc.s.m.* Conxunto de cambios que ocorren de forma periódica no ovario, útero e outros órganos sexuais accesorios nas femias de primates, en relación co ciclo sexual.

ES: **ciclo menstrual** *loc.s.m.*

EN: **menstrual cycle**

ciclose *s.f.* V. **correntes citoplasmáticas.**

ciclo ovárico *loc.s.m.* Proceso mediante o cal se forman os gametos femininos e maduran os folículos. O ciclo ovárico remata coa ovulación nos mamíferos placentarios.

ES: **ciclo ovárico** *loc.s.m.*

EN: **follicular phase**

V. TAMÉN: **ciclo estral; ciclo menstrual**

ciclo vital *loc.s.m.* Período que comprende unha xeración referida á reprodución, xa sexa sexual ou asexual. O ciclo vital dun organismo pode ser de tres tipos: haplonte, diplonte ou haplodiplonte/diplohaplonte.

ES: **ciclo vital** *loc.s.m.*

EN: **life cycle**

ciclo vital *loc.s.m.* Secuencia ordenada de estados que experimenta un organismo ao longo do seu desenvolvemento e que completan a súa historia reprodutiva de xeración en xeración.

ES: **ciclo vital** *loc.s.m.*

EN: **life cycle**

cigomiceto *s.m.* Fungo pertencente ao grupo dos *Zygomycetes*.

ES: **cigomiceto** *s.m.*

EN: **zygomycete**

cigomiceto, cigomiceta *adx.* Relativo aos cigomicetos.

ES: **cigomiceto, cigomiceta** *adx.*

EN: **zygomycetous**

cigomorfo, cigomorfa *adx.* Dise da flor ou verticilo floral que presenta simetría con respecto a un só plano.

SIN GL: **zigomorfo, zigomorfa** *adx.*

ES: **cigomorfo, cigomorfa** *adx.;* **zigomorfo; zigomorfa** *adx.*

EN: **zygomorphic**

cigosporanxio *s.m.* Estrutura que contén unha cigóspora.

ES: **zigosporangio** *s.m.*

EN: **zygosporangium**

cigoteno *s.m.* Segunda etapa da profase da primeira división meiótica na que os cromosomas homólogos chegan a estar intimamente ligados.

ES: **cigoteno** *s.m.*

EN: **zygotene**

cigoto *s.m.* Óvulo fecundado, posterior á fase de fusión dos pronúcleos feminino e masculino.

SIN GL: **zigoto** *s.m.*

ES: **cigoto** *s.m.;* **zigoto** *s.m.*

EN: **zygote**

ciliado *s.m.* Pertencente ao grupo dos *Ciliophora*. Os ciliados son un grupo de protozoos caracterizados polo seu rápido movemento producido por numerosos cilios e pola presenza dun micronúcleo, implicado na reprodución sexual, ademais do macronúcleo.

ES: **ciliado** *s.m.*

EN: **ciliate**

ciliado, ciliada *adx.* Dise de calquera estrutura que porta cilios.

ES: **ciliado, ciliada** *adx.*

EN: **ciliate**

cilio *s.m.* Apéndice móbil, filiforme e curto, de células eucariotas que contén un axonema central.

ES: **cilio** *s.m.*

EN: **cilium**

cinase *s.f.* Encima que cataliza a fosforilación de certas moléculas polo ATP.

SIN GL: **quinase** *s.f.*

ES: **cinasa** *s.f.*; **quinasa** *s.f.*

EN: **kinase**

cinetocoro *s.m.* Estrutura proteica do centrómero á cal se unen os microtúbulos do fuso mitótico e que participa no proceso de migración dos cromosomas cara ao polo celular.

ES: **cinetocoro** *s.m.*

EN: **kinetochore**

cinetosoma *s.m.* Estrutura microtubular cilíndrica e curta situada na base de cilios e flaxelos.

SIN GL: **corpúsculo basal** *loc.s.m.*

ES: **cinetosoma** *s.m.*; **cuero basal** *loc.s.m.*

EN: **kinetosome**; **basal body**

cíngulo *s.m.* Suco transversal que rodea a célula dos dinoflaxelados e que alberga o flaxelo transversal.

ES: **cíngulo** *s.m.*

EN: **cingulum**

cíngulo *s.m.* Porción do frústulo das diatomeas onde se produce a imbricación.

ES: **cíngulo** *s.m.*

EN: **cingulum**

cintura pélvica *loc.s.f.* V. **pelve**.

cipsela *s.f.* Aquenio de máis dun carpelo procedente dun ovario ínfero.

ES: **cipsela** *s.f.*

EN: **cypsela**

V. TAMÉN: **aquenio**

cis *adx.* Que ten unha mutación en xenes que se atopan no mesmo cromosoma ou par de homólogos.

ES: **cis** *adx.*

EN: **cis configuration**

cisterna *s.f.* Compartimento intracelular aplanado, delimitado por membrana, que forma parte do aparello de Golgi.

ES: **cisterna** *s.f.*

EN: **cistern**; **cisterna**

cistidio *s.m.* Célula estéril engrosada que se atopa no himenio dos basidiomicetos. A función dos cistidios é facilitar a liberación das basidiósporas.

ES: **cistidio** *s.m.*

EN: **cystidium**

cistocarpo *s.m.* Conxunto formado polos carposporanxios e pola cuberta das células estériles asociadas a eles nas algas vermellas.

ES: **cistocarpo** *s.m.*

EN: **cystocarp**

cistrón *s.m.* Unidade funcional xenética responsable de codificar un produto polipeptídico específico.

ES: **cistrón** *s.m.*

EN: **cistron**

citocina *s.f.* V. **citoquina**.

citocinese *s.f.* Proceso de división e reparto do citoplasma e os orgánulos en dúas células.

ES: **citocinesis** *s.f.*

EN: **cytokinesis**

citocromo *s.m.* Proteína cun grupo hemo que actúa como transportador electrónico.

ES: **citocromo** *s.m.*

EN: **cytochrome**

citoesqueleto *s.m.* Entramado de filamentos proteicos que se estende no citoplasma da célula eucariota, funcionando como armazón celular.

ES: **citoesqueleto** *s.m.*

EN: **cytoskeleton**

citoloxía *s.f.* Eido da bioloxía que se ocupa do estudo integral das células, en relación á súa estrutura, propiedades, funcións, interaccións, ciclo etc

SIN GL: **bioloxía celular** *loc.s.f.*

ES: **citología** *s.f.*; **biología celular** *loc.s.f.*

EN: **cytology**

citometría *s.f.* Análise das características e propiedades das células dunha mostra.

ES: **citometría** *s.f.*

EN: **cytometry**

citoplasma *s.m.* Contido interno dunha célula, incluíndo o citosol, os orgánulos e outros corpos que poidan existir, e excluindo nas células eucariotas o núcleo.

ES: **citoplasma** *s.m.*

EN: **cytoplasm**

citoquina *s.f.* Proteína ou péptido sinal extracelular que intervéñen na comunicación intercelular.

SIN GL: **citocina** *s.f.*

ES: **citocina** *s.f.*; **citoquina** *s.f.*

EN: **cytokine**

citoquinina *s.f.* Hormona vexetal relacionada con procesos de desenvolvemento.

ES: **citoquinina** *s.f.*

EN: **cytokinin**

citosol *s.m.* V. **hialoplasma**.

citoxenética *s.f.* Disciplina da xenética encargada do estudo da estrutura e comportamento dos cromosomas dentro da célula, en especial durante os procesos de mitose e meiose.

ES: **citogenética** *s.f.*

EN: **cytogenetics**

clado *s.m.* Taxon constituído por un único antepasado común e todos os seus descendentes.

ES: **clado** *s.m.*

EN: **clade**

cladodio *s.m.* Talo modificado, con aspecto de folla, que suple as funcións destas. Os cladodios son típicos dalgunhas plantas con follas demasiado pequenas para soste todas a súas funcións para coa planta de forma eficiente.

ES: **cladodio** *s.m.*

EN: **cladophyll**

cladograma *s.m.* Diagrama que representa de forma dicotómica a hipótese de parentesco dentro dun grupo de organismos en función da diverxencia a partir dun último devanceiro común.

ES: **cladograma** *s.m.*

EN: **cladogram**

cladoma *s.m.* Tipo de talo propio das algas que se caracteriza por presentar o maior grao de complexidade neste grupo de organismos.

ES: **cladoma** *s.m.*

EN: **cladode**

cladoxénese *s.f.* Evento evolutivo no que se produce unha ramificación de liñaxes, que quedan illadas reprodutivamente e comezan a evolucionar por separado.

ES: **cladoxénese** *s.f.*

EN: **cladogenesis**

clara *s.f.* Solución de albúminas nos ovos de aves e réptiles que constitúe unha reserva de auga para o embrión. O albume ou clara rodea a xema.

SIN GL: **albume** *s.m.*

ES: **clara** *s.f.*; **albumen** *s.m.*

EN: **albumen**

clatrina *s.f.* Proteína capaz de ensamblarse en estruturas poliédricas na cara citoplasmática da membrana, de xeito que forma vesículas que participan na endocitose mediada por receptor.

ES: **clatrina** *s.f.*

EN: **clathrin**

cleistogamia *s.f.* Tipo de polinización que ten lugar estando as flores fechadas.

ES: **cleistogamia** *s.f.*

EN: **cleistogamy**

V. TAMÉN: **casmogamia**

cleistotecio *s.m.* Ascocarpo caracterizado por posuír os ascos completamente encerrados durante a madurez das ascósporas.

ES: **cleistotecio** *s.m.*

EN: **cleistothecium**

V. TAMÉN: **apotecio**; **peritecio**.

climaterio *s.m.* Proceso fisiolóxico asociado a un incremento da respiración e da produción de etileno que ocorre durante a maduración dalgúns froitos.

ES: **climaterio** *s.m.*

EN: **climacteric**

climaterio *s.m.* Proceso prolongado de esgotamento da función gonadal, asociado á

- diminución da produción hormonal e outros cambios fisiolóxicos.
 ES: **climaterio** *s.m.*
 EN: **climacteric**
- clímax** *s.m.* Comunidade final teórica dunha sucesión ecolóxica que acadou unha situación estable ou estacionaria.
 ES: **clímax** *s.m.*
 EN: **climax; climax community**
- clina** *s.f.* Graduación que presenta unha característica nun ambiente cambiante.
 ES: **clina** *s.f.*
 EN: **cline**
- clivaxe** *s.f.* Proceso de rápidas divisións sen aumento do citoplasma que ocorre no óvulo fertilizado e orixina en último termo a blástula.
 SIN GL: **segmentación** *s.f.*
 ES: **clivaje** *s.f.*; **segmentación** *s.f.*
 EN: **cleavage; segmentation**
- cloaca** *s.f.* Cámara común na que desembocan o intestino e os condutos xenitais e excretorios dos vertebrados, exceptuando a maioría dos mamíferos.
 ES: **cloaca** *s.f.*
 EN: **cloaca**
- clon** *s.m.* Entidade biolóxica xeneticamente idéntica a outra debido á orixe común.
 ES: **clon** *s.m.*
 EN: **clone**
- clonación** *s.f.* Proceso de obtención de clons.
 ES: **clonación** *s.f.*
 EN: **cloning**
- clorofila** *s.f.* Pigmento fotosintético de cor verde cuxa estrutura básica está formada por un anel de porfirina cun átomo de magnesio.
 ES: **clorofila** *s.f.*
 EN: **chlorophyll**
- cloroplasto** *s.m.* Orgánulo propio das células eucariotas fotosintéticas que contén clorofila e no cal se desenvolve a fotosíntese.
 ES: **cloroplasto** *s.m.*
 EN: **chloroplast; chloroplastid**
- clorose** *s.f.* Síntoma visual de certas desordes fisiolóxicas vexetais, caracterizado pola cor pálida, xeralmente amarelenta, que adquire a follaxe.
 ES: **clorosis** *s.f.*
 EN: **chlorosis**
- cnidario** *s.m.* Animal pertencente ao filo *Cnidaria*. Trátase de animais invertebrados acuáticos, diblásticos e con simetría radial. Presentan unha cavidade corporal cunha abertura que actúa á vez como boca e como ano.
 ES: **cnidario** *s.m.*
 EN: **cnidaria**
- cnidario, cnidaria** *adx.* Relativo aos cnidarios.
 ES: **cnidario, cnidaria** *adx.*
 EN: **cnidarian**
- cnidocisto** *s.m.* V. **nematocisto**.
- cnidocito** *s.m.* Célula especial dos cnidarios capaz de segregar unha substancia urticante. A súa función é tanto defensiva como ofensiva. Son células con núcleo en posición basal e un orgánulo característico (nematocisto). Contan tamén cun flaxelo modificado (cnidocilio) que capta os estímulos e desencadea a resposta.
 ES: **cnidocito** *s.m.*
 EN: **cnidocyte**
- coanocito** *s.m.* Cada unha das células que forman o coanoderma de poríferos. Son células flaxeladas que producen as correntes de auga que percorren o sistema acuífero.
 ES: **coanocito** *s.m.*
 EN: **choanocyte**
- coanocito** *s.m.* Célula propia dos poríferos que posúe un flaxelo no centro dunha coroa de microvilosidades.
 ES: **coanocito** *s.m.*
 EN: **choanocyte; collar cell**
- cobalamina** *s.f.* Complexo orgánico que contén un átomo de cobalto e que ten actividade vitamínica.
 SIN GL: **vitamina B12** *loc.s.f.*
 ES: **cobalamina** *s.f.*; **vitamina B12** *loc.s.f.*
 EN: **cobalamin; vitamin B12**
- coco** *s.m.* Bacteria de forma esférica ou case esférica. Segundo a súa forma de división adoita falarse de diplococos (divídense en dous), estrep-tococos (en cadea) e estafilococos (en acio).

ES: **coco** *s.m.*

EN: **coccus**

código dexenerado *loc.s.m.* Código xenético no que a maioría dos aminoácidos están codificados por máis dun codón.

ES: **código degenerado** *loc.s.m.*

EN: **degenerate code**

código xenético *loc.s.m.* Sistema de correspondencias entre os codóns do ADN ou o ARN e os aminoácidos que darán lugar ás proteínas a partir deles. O código xenético está composto por catro bases nitroxenadas que se traducen en bloques de tres en tres (codóns). Cada un destes bloques, ou codóns, dará lugar a un aminoácido concreto. Na súa maior parte, cada aminoácido pode estar codificado por máis dun codón diferente, xa que existen 64 combinacións destes e só 20 aminoácidos.

ES: **código genético** *loc.s.m.*

EN: **genetic code**

codominancia *s.f.* Fenómeno polo cal un individuo heterocigoto expresa ambos os fenotipos.

ES: **codominancia** *s.f.*

EN: **codominance**

V. TAMÉN: **dominante; recesivo**

codón *s.m.* Secuencia de ARN de tres nucleótidos de lonxitude que codifica un único aminoácido. O código xenético consta de 64 codóns que codifican 20 aminoácidos diferentes.

ES: **codón** *s.m.*

EN: **codon**

V. TAMÉN: **anticodón**

coencima *s.m.* Molécula non proteica que, unida a un apoencima, desempeña unha función clave no mecanismo catalítico do holoencima.

ES: **coenzima** *s.f.*

EN: **coenzyme**

coevolución *s.f.* Proceso polo que dous ou máis organismos exercen presión de selección mutua e sincrónica, que resulta en adaptacións específicas recíprocas. As relacións ecolóxicas entre dúas especies provoca que as adaptacións que se producen nunha afecten a fitness da outra, que tamén pode sufrir novas alteracións que a axeiten mellor ao ambiente.

ES: **coevolución** *s.f.*

EN: **coevolution**

coexistencia *s.f.* Existencia simultánea ou convivencia de dúas ou máis especies nun mesmo hábitat.

ES: **coexistencia** *s.f.*

EN: **coexistence**

cofactor *s.m.* Composto químico non proteico que é preciso que se una a un apoencima para que se desenvolva a reacción enzimática.

ES: **cofactor** *s.m.*

EN: **cofactor**

cofia *s.f.* Parede modificada do arquegonio de briófitos que protexe o esporófito que se atopa en desenvolvemento. A capa que forma a caliptra pérdese durante o desenvolvemento do esporófito.

SIN GL: **caliptra** *s.f.*

ES: **cofia** *s.f.*; **caliptra** *s.f.*

EN: **calyptra**

cogomelo *s.m.* V. **cogordo**.

cogomelo; chouparro *s.m.*; *s.m.* V. **cogordo**.

cogordo *s.m.* Corpo frutífero de fungos basidiomicetos e dalgúns ascomicetos constituído por unha masa de hifas e no que se adoita distinguir un pé e unha capa fértil na que se producen as esporas.

SIN GL: **cogomelo** *s.m.*; **chouparro** *s.m.*;

cogorda *s.f.*

ES: **seta** *s.f.*

EN: **mushroom**

cohorte *s.f.* Grupo de individuos da mesma idade.

ES: **cohorte** *s.f.*

EN: **cohort**

cola de poli A *loc.s.f.* Longo tracto de nucleótidos de adenina que se engaden no extremo 3' no ARN mensaxeiro despois de ser sintetizado. A cola de poli A adoita posuír ao redor de 200 bases. Os ARN mensaxeiros que dan lugar ás histonas non posúen colas de poli A.

ES: **cola de poli A** *loc.s.f.*

EN: **poli A tail**

coláxeno *s.m.* Certa substancia proteica que tende a formar fibras.

ES: **colágeno** *s.m.*

EN: **collagen**

colénquima *s.m.* Tecido vexetal de sostemento de órganos en desenvolvemento e plantas herbáceas, formado por células vivas de paredes engrosadas.

ES: **colénquima** *s.m.*

EN: **collenchyma**

coleóptilo *s.m.* Vaíña membranosa ou carnosa do embrión dalgunhas monocotiledóneas que rodea a plúmula.

ES: **coleóptilo** *s.m.*

EN: **coleoptile**

coleorriza *s.f.* Vaíña que recobre e protexe a radícula dalgunhas monocotiledóneas.

ES: **coleorriza** *s.f.*

EN: **coleorrhiza**

colesterol *s.m.* Lípido esterol presente na membrana citoplasmática e no citoplasma das células animais.

ES: **colesterol** *s.m.*

EN: **cholesterol**

coliforme *s.m.* Organismo do grupo de bacterias Gram- pertencentes á familia das enterobacteriáceas, semellantes a *Escherichia coli*. Caracterízanse por seren bacterias non esporuladas, fermentadoras da lactosa e aeróbicas ou anaeróbicas facultativas. Teñen importancia relevante como indicadores de contaminación da auga e alimentos. Coliforme fai referencia a que son bacterias con forma de *E. coli*.

ES: **coliforme** *s.m.*

EN: **coliform**

colinearidade *s.f.* Principio que defende que a secuencia na que se atopan as bases nitróxenadas no ADN se encontra na mesma orde que os aminoácidos do polipéptido ao que dá lugar.

ES: **colinealidad** *s.f.*

EN: **collinearity**

colinearidade *s.f.* Correlación existente entre os diferentes elementos dun acio de xenes e os seus efectos.

ES: **colinealidad** *s.f.*

EN: **colinearity**

colonia *s.f.* Grupo de organismos da mesma ou diferente especie que viven xuntos e manteñen unha estreita relación.

ES: **colonia** *s.f.*

EN: **colony**

coloración críptica *loc.s.f.* Coloración dun organismo que imita a coloración de fondo do seu hábitat.

ES: **coloración críptica** *loc.s.f.*

EN: **cryptic coloration**

coloración de advertencia *loc.s.f.* Estratexia de coloración dun organismo baseada na presenza de cores ou marcas chamativas que teñen como finalidade a disuasión de depredadores potenciais.

SIN GL: **aposematismo** *s.m.*

ES: **coloración de advertencia** *loc.s.f.;*

aposematismo *s.m.*

EN: **warning colouration; aposematism**

colpo *s.m.* Suco dun gran de pole a partir do cal emerxe o tubo polínico.

ES: **colpo** *s.m.*

EN: **colpus**

comensalismo *s.m.* Relación entre especies que é beneficiosa para unha e non achega nada á outra.

ES: **comensalismo** *s.m.*

EN: **commensalism**

compensación de dose *loc.s.f.* Mecanismo xenético que actúa para igualar a expresión fenotípica de características determinadas por xenes do cromosoma X entre machos e femias de mamíferos. Este mecanismo tamén se dá en aves para igualar a expresión fenotípica de características determinadas por xenes do cromosoma Z entre machos (ZZ) e femias (ZW).

ES: **compensación de dosis** *loc.s.f.*

EN: **dosage compensation**

competencia *s.f.* Interacción entre especies que resulta daníña para todos os participantes.

ES: **competencia** *s.f.*

EN: **competition**

complementación *s.f.* Fenómeno polo que unha célula diploide que posúe dúas mu-

tacións e é heterocigota para cada unha delas, produce un fenotipo salvaxe.

ES: **complementación** *s.f.*

EN: **complementation**

complemento *s.m.* Conxunto de proteínas plasmáticas que actúan nunha cadea de reaccións para atacar as formas extracelulares de axentes patóxenos.

ES: **complemento** *s.m.*

EN: **complement**

complexo de recoñecemento da orixe *loc.s.m.* V. ORC.

complexo maior de histocompatibilidade *loc.s.m.* Familia de xenes que codifican proteínas de superficie celular capaces de unirse a fragmentos proteicos estraños, presentándoos aos linfocitos T para desencadear a resposta inmune.

SIN GL: **MHC** *sigla*

ES: **complejo mayor de histocompatibilidad** *loc.s.m.*; **MHC** *sigla*

EN: **MHC, major histocompatibility complex**

complexo sinaptonémico *loc.s.m.* Estrutura proteica que se forma entre os cromosomas dun bivalente durante o paquiteno na meiose.

ES: **complejo sinaptonémico** *loc.s.m.*

EN: **synaptonemal complex; synaptonemal complex**

complexo TIM *loc.s.m.* Translocador da membrana interna das mitocondrias que transporta proteínas dende o espazo intermembrana á matriz mitocondrial.

ES: **complejo TIM** *loc.s.m.*

EN: **TIM complex; translocase of the inner membrane complex**

complexo TOM *loc.s.m.* Translocador da membrana externa das mitocondrias que transporta proteínas dende o citosol ao espazo intermembrana.

ES: **complejo TOM** *loc.s.m.*

EN: **TOM complex; translocase of outer membrane complex**

COMT *sigla* V. **centro organizador de microtúbulos**.

comunidade *s.f.* Grupo de individuos que interactúan entre si e que habitan nunha mesma área.

ES: **comunidad** *s.f.*

EN: **community**

comunidade biótica *loc.s.f.* Conxunto de organismos que coexisten e interactúan nun mesmo biótopo.

SIN GL: **comunidade ecolóxica** *loc.s.f.*; **biocenose** *s.f.*

ES: **comunidad biótica** *loc.s.f.*; **comunidad ecolóxica** *loc.s.f.*; **biocenosis** *s.f.*

EN: **biotic community; biocenose**

comunidade ecolóxica *loc.s.f.* V. **comunidade biótica**.

conceptáculo *s.m.* Cavidade especializada dos talos dalgunhas algas marróns que conteñen os órganos reprodutivos. Os conceptáculos están situados nos receptáculos.

ES: **conceptáculo** *s.m.*

EN: **conceptacle**

V. TAMÉN: **receptáculo**

concha *s.f.* V. **cuncha**.

cóndilo *s.m.* Eminencia ou protuberancia redondeada dun óso que encaixa co oco doutro para formar unha articulación.

ES: **cóndilo** *s.m.*

EN: **condyle**

condrioma *s.m.* Conxunto das mitocondrias dunha célula.

ES: **condrioma** *s.m.*

EN: **chondriome; chondrioma**

condrocito *s.m.* Célula do tecido cartilaxinoso, produtora da matriz do mesmo.

ES: **condrocito** *s.m.*

EN: **chondrocyte**

conidio *s.f.* Espora asexual dos fungos ascomicetos, deuteromicetos e algúns basidiomicetos. Os conidios fórmanse pola constrición do extremo dunha hifa que recibe o nome de conidióforo.

SIN GL: **conidióspora** *s.f.*

ES: **conidio** *s.m.*; **conidiospora** *s.m.*

EN: **conidium; conidiospore**

conidióforo *s.m.* Hifa produtora e portadora de conidios.

ES: **conidióforo** *s.m.*
 EN: **conidiophore**

conidióspora *s.f.* V. **conidio**.

conífera *s.f.* Árbore ou arbusto caracterizado por posuír estruturas reprodutivas chamadas conos.
 ES: **conífera** *s.f.*
 EN: **coniferae**

cono *s.m.* Conxunto de esporofilos e brácteas asociadas a eles dispostos en ciclo ou helicoidalmente sobre un eixe lignificado.
 SIN GL: **estróbilo** *s.m.*
 ES: **cono** *s.m.*; **estróbilo** *s.m.*
 EN: **strobilus**; **cone**

cono *s.m.* Célula fotorreceptora da retina responsable da visión das cores.
 ES: **cono** *s.m.*
 EN: **cone**

consanguinidade *s.f.* Proximidade no parentesco entre individuos que se aparean, maior que a do promedio da poboación da que proveñen.
 ES: **consanguinidad** *s.f.*
 EN: **consanguinity**

cóntigo *s.m.* Conxunto de clons ordenados e solapados que constitúen unha rexión cromosómica concreta.
 ES: **cóntigo** *s.m.*
 EN: **contig**

conversión xénica *loc.s.f.* Proceso baseado na recombinación xenética polo que un alelo dirixe a transformación do outro á súa propia forma.
 ES: **conversion génica** *loc.s.f.*
 EN: **gene conversion**

conxugación *s.f.* Proceso de transferencia de material xenético entre dúas células bacterianas. É un mecanismo que está codificado nun plásmido. Están implicadas neste proceso unha célula doadora, denominada macho e que porta o plásmido conxugativo, e unha célula receptora chamada femia, que carece del.
 ES: **conjugación** *s.f.*
 EN: **conjugation**

conxugación *s.f.* Forma de reprodución sexual propia de algas, protozoos ciliados

e lévedos na que dúas células se unen mediante unha ponte citoplasmática.

ES: **conjugación** *s.f.*

EN: **conjugation**

cooperatividade *s.f.* Fenómeno que ten lugar nalgúns encimas e proteínas con varios lugares de unión, nos que a fixación dun ligando ou substrato a un lugar facilita ou dificulta a unión a outros.

ES: **cooperatividad** *s.f.*

EN: **cooperativity**

corazón *s.m.* Órgano oco, de natureza circular, común a todos os vertebrados e a moitos invertebrados e que actúa como impulsor do sangue. O corazón de todos os vertebrados segue un esquema básico xeral, pero pode presentar variación no número de aurículas e ventrículos e no grao de separación do sangue osixenado (parte esquerda) do desosixenado (parte dereita). Pola outra banda, o corazón de invertebrados pode presentar un amplo abano en canto a forma e funcións.

ES: **corazón** *s.m.*

EN: **heart**

cordado *s.m.* Animal pertencente ao filo *Chordata*. Presentan cinco caracteres en común: notocorda e fendas farínxeas (durante toda a vida ou nalgún momento do desenvolvemento), endostilo ou glándula tiroide, tubo nervioso dorsal e cola postanal.

ES: **cordado** *s.m.*

EN: **chordata**

cordado, cordada *adx.* Relativo aos cordados.

ES: **cordado, cordada** *adx.*

EN: **chordate**

cordón nervioso *loc.s.m.* Groso feixe de fibras nerviosas. Moitos invertebrados teñen un par de cordóns nerviosos en disposición ventral e con ganglios localizados de maneira segmentaria. Todos os animais do filo *Chordata* teñen un cordón nervioso dorsal que, nos vertebrados, se corresponde coa medula espinal.

ES: **cordón nervioso** *loc.s.m.*

EN: **nerve corde**

corimbo *s.m.* Inflorescencia racemosa caracterizada por posuír os pedúnculos florais a

diferentes alturas do talo pero alcanzaren as flores o mesmo nivel.

ES: **corimbo** *s.m.*

EN: **corymb**

V. TAMÉN: **panículo; antela**

corion *s.m.* Membrana extraembrionaria dos amniotas que representa a posición máis externa con funcións de nutrición, respiración e eliminación de residuos. Posúe vilosidades en contacto co sangue materno, e no transcurso do embarazo dará lugar á placenta.

ES: **corion** *s.m.*

EN: **chorion**

V. TAMÉN: **amnion**

cornio *s.m.* Forma de organización do corpo das plantas vasculares consistente nunha estrutura diferenciada en raíz, talo e follas.

ES: **cornio** *s.m.*

EN: **corn**

cornio *s.m.* Talo subterráneo acurtado con follas escamiformes.

ES: **cornio** *s.m.*

EN: **corn**

cornia *s.f.* Estrutura semellante a un corno, completamente ósea. Normalmente presentan crecemento anual, pérdense despois da estación de cría e son típicas dun só sexo.

SIN GL: **hasta** *s.f.*

ES: **asta** *s.f.*; **cuerna** *s.f.*

EN: **antler**

V. TAMÉN: **cornio**

cornio *s.m.* Vaíña oca de epiderme queratinizada, que se dispón ao redor dun núcleo de óso que sae do cranio. Tamén se lles pode chamar cornos ás hastas doutros animais, aínda que non é o sentido estrito do termo. Normalmente os cornos non se mudan nin son ramificados e crecen continuamente, e poden aparecer en ámbolos dos sexos.

ES: **cuerno** *s.m.*

EN: **horn**

V. TAMÉN: **cornia**

corola *s.f.* Verticilo estéril de partes florais integrado por pétalos.

ES: **corola** *s.f.*

EN: **corolla; flower head**

V. TAMÉN: **perianto; cáliz**

corpo amarelo *loc.s.m.* V. **corpo lúteo.**

corpo de Barr *loc.s.m.* V. **corpúsculo de Barr.**

corpo lúteo *loc.s.m.* Masa celular amarela que aparece a partir do folículo de Graaf como consecuencia da ovulación. A súa propiedade principal é a produción de hormonas como a proxesterona.

SIN GL: **corpo amarelo** *loc.s.m.*

ES: **cuerpo lúteo** *loc.s.m.*; **cuerpo amarillo** *loc.s.m.*

EN: **corpus luteum**

corpúsculo basal *loc.s.m.* V. **cinetosoma.**

corpúsculo de Barr *loc.s.m.* Cromosoma sexual inactivo representado en forma de cromatina que se atopa pegado á cara interna na membrana celular. Nas especies onde a determinación sexual vén definida pola presenza de cromosomas sexuais, o sexo representado polo homocigoto (XX ou ZZ) vai presentar o corpúsculo de Barr. Por exemplo, as femias de mamíferos presentarán un cromosoma X inactivo e os machos das aves presentarán o cromosoma Z inactivo. O cromosoma inactivo non ten por que ser o mesmo en todas as células.

SIN GL: **corpo de Barr** *loc.s.m.*

ES: **corpúsculo de Barr** *loc.s.m.*; **cuerpo de Barr** *loc.s.m.*

EN: **Barr body**

corpúsculo polar *loc.s.m.* Estrutura celular haploide asociada a un óvulo, produto da división celular asimétrica durante a meiose dos oocitos. Nos oocitos prodúcese unha división celular asimétrica durante a meiose para facilitar que sexa o óvulo quen leve a maior parte do citoplasma e substancias nutritivas.

ES: **corpúsculo polar** *loc.s.m.*

EN: **polar body**

corpúsculo polar *loc.s.m.* Estrutura celular residual formada como resultado de cada unha das divisións asimétricas que ocorren durante a meiose na ovoxénese.

ES: **corpúsculo polar** *loc.s.m.*

EN: **polar body**

correntes citoplasmáticas *loc.s.f.pl.* Movemento de circulación permanente do

- citoplasma por acción dos microfilamentos do citoesqueleto.
 SIN GL: **ciçlose** *s.f.*
 ES: **corriente citoplasmática** *loc.s.f.*; **ciçlosis** *s.f.*
 EN: **cytoplasmic streaming**
- cortexo** *s.m.* Conduta animal de selección e atracción que forma parte dos movementos que inducen á atracción sexual ou que forman parte da propia cópula.
 ES: **cortejo** *s.m.*
 EN: **courtship**
- corticoide** *s.m.* Grupo de hormonas esteroideas producidas no córtex das glándulas suprarrenais.
 SIN GL: **corticosteroide** *s.m.*
 ES: **corticosteroide** *s.m.*; **corticoide** *s.m.*
 EN: **corticosteroid**; **corticoid**
- corticosteroide** *s.m.* V. **corticoide**.
- cortisol** *s.m.* V. **hidrocortisona**.
- cósmido** *s.m.* Vector de clonación sintetizado a partir de elementos dun plásmido bacteriano e os extremos do xenoma do fago λ.
 ES: **cósmido** *s.m.*
 EN: **cosmid**
- cótila** *s.f.* Follas primordiais constitutivas das sementes que se atopan no embrión. As plantas monocotiledóneas presentan un embrión cun único cotiledón e as dicotiledóneas presentan dous cotiledóns. Na maior parte dos casos os cotiledóns teñen a función de reserva nutritiva.
 SIN GL: **cotiledón** *s.m.*
 ES: **cotiledón** *s.m.*
 EN: **cotyledon**
- cotiledón** *s.m.* V. **cótila**.
- cotransporte** *s.m.* Transporte simultáneo de dous solutos a través da membrana por un único transportador.
 ES: **cotransporte** *s.m.*
 EN: **co-transport**
- CPA** *sigla* V. **célula presentadora de antíxeno**.
- cranio** *s.m.* Envoltura ósea ou cartilaxinosa a modo de caixa que encerra e protexe o encéfalo de certos animais.
 ES: **cráneo** *s.m.*
 EN: **cranium, braincase; brainpan; skull**
- crecemento primario** *loc.s.m.* Incremento lonxitudinal do tamaño dunha planta, xerado nos meristemas primarios.
 ES: **crecemento primario** *loc.s.m.*
 EN: **primary growth**
- crecemento secundario** *loc.s.m.* Incremento do diámetro dunha planta por acción dos meristemas secundarios: cámbium e felóxeno.
 ES: **crecemento secundario** *loc.s.m.*
 EN: **secondary growth**
- crexa** *s.f.* Larva vermiforme e acéfala propia dalgúns dípteros.
 ES: **crexa** *s.f.*
 EN: **maggot**
- cría de peixe** *loc.s.f.* Peixe nado recentemente, ou no momento en que rompe o ovo e comeza a alimentarse.
 ES: **alevín** *s.m.*
 EN: **alevin**
- criofractura** *s.f.* Técnica empregada en microscopía electrónica que consiste nunha rápida conxelación da mostra seguida dun corte ou fractura da mesma.
 ES: **criofractura** *s.f.*
 EN: **cryofracture**
- criptobiose** *s.f.* Suspensión das actividades metabólicas por parte dun organismo debido a calquera condición ambiental desfavorable.
 ES: **criptobiosis** *s.f.*
 EN: **cryptobiosis**
- criptófito, criptófita** *adx.* Segundo a clasificación de Raunkiaer, dise da planta que durante a época desfavorable mantén grmos subterráneos ou subacuáticos.
 ES: **criptófito, criptófita** *adx.*
 EN: **cryptophyte**
- criptógamo, criptógama** *adx.* Dise dos organismos pertencentes a un grupo de vexetais caracterizado por non producir sementes. Pertencen ao grupo das criptógamas as algas, fungos, fentos, briófitos e líques. Trátase dun grupo artificial.
 ES: **criptógamo, criptógama** *adx.*

- EN: **cryptogam**
V. TAMÉN: **fanerógamo**
- crisálide** *s.f.* Estado quiescente inactivo ou pupa dos insectos lepidópteros.
ES: **crisálida** *s.f.*
EN: **chrysalid**
- crista** *s.f.* Protuberancia ósea que serve de punto de inserción de músculos e tendóns.
ES: **cresta** *s.f.*
EN: **crest**
- crista** *s.f.* Protuberancia situada de forma lonxitudinal nas zonas superiores da cabeza, tronco e/ou cola dun animal. Poden ser carnosas, membranosas ou óseas.
ES: **cresta** *s.f.*
EN: **crest**
- crista** *s.f.* Mecanorreceptor nas canles semicirculares do aparato vestibular do oído. É o encargado de detectar a aceleración angular.
ES: **cresta** *s.f.*
EN: **crista ampullaris**
- crista ectodérmica apical** *loc.s.f.*
Espesamento do ectoderma no extremo distal do embrión de aves e mamíferos.
SIN GL: **AER** *sigla*
ES: **cresta ectodérmica apical** *loc.s.f.*;
AER *sigla*
EN: **apical ectodermal ridge; AER**
- crista neural** *loc.s.f.* Compoñente ectodérmico dos embrións de animais vertebrados formado por células migratorias a partir do tubo neural dorsal que darán lugar a un amplo abano de grupos celulares.
ES: **cresta neural** *loc.s.f.*
EN: **neural crest**
- crystalino** *s.m.* Compoñente do ollo de vertebrados e cefalópodos, con forma biconvexa, que está situado entre a pupila e o humor vítreo e permite enfocar os obxectos.
ES: **crystalino** *s.m.*
EN: **crystalline**
- croia** *s.f.* V. **pedra**.
- cromátide** *s.f.* Copia dun cromosoma producida pola replicación. Xeralmente fábase de cromátides para referirse a cada unha das copias dun cromosoma no período previo á súa separación na seguinte división celular.
ES: **cromátida** *s.f.*
EN: **chromatid**
V. TAMÉN: **cromosoma**
- cromatina** *s.f.* Estado do ADN nuclear e as proteínas e ARN asociados durante a interfase do ciclo celular eucariótico.
ES: **cromatina** *s.f.*
EN: **chromatin**
- cromatografía** *s.f.* Técnica de separación de mesturas complexas na que existe unha fase móbil que arrastra a mostra a través dunha fase estacionaria.
ES: **cromatografía** *s.f.*
EN: **chromatography**
- cromosoma** *s.m.* Entidade morfolóxica que se pode observar durante a división celular constituída por unha gran molécula de ADN dúplex e as proteínas asociadas a ela. O ADN que forma parte dos cromosomas atópase nun estado de empacamento ou compactación moi denso.
ES: **cromosoma** *s.m.*
EN: **chromosome**
- crustáceo** *s.m.* Animal pertencente ao subfilo *Crustacea*. É o único grupo de artrópodos que posúen dous pares de antenas.
ES: **crustáceo** *s.m.*
EN: **crustacea**
- crustáceo, crustácea** *adx.* Relativo aos crustáceos.
ES: **crustáceo, crustácea** *adx.*
EN: **crustacean; crustaceous**
- ctenóforo** *s.m.* Animal pertencente ao filo *Ctenophora*. Os ctenóforos posúen unhas células especiais chamadas coloblastos que empregan para capturar o alimento. Ademais posúen unha única cavidade corporal (cavidade gastrovascular) que remata en dous pequenos poros anais. O sistema nervioso está constituído por un plexo.
ES: **ctenóforo** *s.m.*
EN: **ctenophora**
- ctenóforo, ctenófora** *adx.* Relativo aos ctenóforos.
ES: **ctenóforo, ctenófora** *adx.*

EN: **ctenophoran; ctenophoric**
cultivo celular *loc.s.m.* Mantemento e propagación de células en laboratorio.
ES: **cultivo celular** *loc.s.m.*
EN: **cell culture; tissue culture**
cuncha *s.f.* Cobertura dura, ríxida e externa do exoesqueleto dos moluscos. Pode constar dunha soa peza (coma nos caracois), de dúas pezas (coma nos bivalvos) ou de oito pezas (coma nos poliplacóforos).
SIN GL: **concha** *s.f.*; **cónchega** *s.f.*
ES: **concha** *s.f.*
EN: **shell**

cutícula *s.f.* Capa cerosa externa que protexe as plantas terrestres.
ES: **cutícula** *s.f.*
EN: **cuticle**
cutícula *s.f.* Pel morta sobre a base da unlla.
ES: **cutícula** *s.f.*
EN: **cuticle**
cutícula *s.f.* V. **exoesqueleto**.
cutina *s.f.* Substancia lipídica impermeable que forma a cutícula vexetal.
ES: **cutina** *s.f.*
EN: **cutin**

- darwinismo** *s.m.* Corrente de pensamento que defende as leis que enunciou Charles Darwin sobre a evolución que sofren todas as especies.
ES: **darwinismo** *s.m.*
EN: **darwinism**
- dedo de zinc** *loc.s.m.* Superfamilia de dominios proteicos formados por dúas cadeas β antiparalelas e unha hélice α estabilizadas grazas á unión de zinc.
ES: **dedo de zinc** *loc.s.m.*
EN: **zinc finger**
- dehiscencia** *s.f.* Proceso mediante o cal un órgano vexetal libera algunha estrutura dispersiva almacenada, como grans de pole ou sementes.
ES: **dehiscencia** *s.f.*
EN: **dehiscence**
- deitada** *s.f.* Conxunto de crías que naceron da mesma nai e a un tempo. Esta denominación utilízase sobre todo cando se trata de mamíferos.
SIN GL: **rolada** *s.f.*; **ñiñada** *s.f.*; **camada** (en mamíferos) *s.f.*
ES: **camada** *s.f.*; **nidada** (en aves) *s.f.*
EN: **litter**
- delección** *s.f.* Tipo de mutación consistente na perda dun fragmento de ADN de calquera magnitude. As deleccións poden afectar desde un só nucleótido ata un cromosoma enteiro.
ES: **delección** *s.f.*
EN: **deletion**
- deme** *s.m.* Conxunto de individuos dunha poboación que forman un colectivo reprodutor local compartindo un determinado patrimonio xénico.
ES: **demo** *s.m.*; **demo** *s.m.*
EN: **deme**
- demersal** *adx.* Dise da parte dun océano ou lago que comprende a columna de auga que está máis preto do fondo.
ES: **demersal** *adx.*
EN: **demersal**
- demografía** *s.f.* Estudo estatístico das poboacións.
ES: **demografía** *s.f.*
EN: **demography**
- dendrita** *s.f.* Prolongación dunha célula nerviosa, xeralmente ramificada e curta, implicada na recepción do sinal nervioso.
ES: **dendrita** *s.f.*
EN: **dendrite; dendritic process; dendron; neurodendrite; neurodendron**
- densidade ecolóxica** *loc.s.f.* Densidade medida tendo en conta o número de individuos e a superficie apta para a vida nun espazo concreto.
ES: **densidad ecológica** *loc.s.f.*
EN: **ecological density**
- dente** *s.m.* Peza ósea especialmente dura que forma parte das mandíbulas, maxilas ou premaxilas da maioría de vertebrados, e que é exclusiva destes.
ES: **diente** *s.m.*
EN: **tooth**
- dentículo** *s.m.* Escama de peixes cartilaxinosos. Consta dunha placa basal de dentina metida na pel e unha espiña curvada cara a atrás cuberta de esmalte.
SIN GL: **placa dérmica** *loc.s.f.*
ES: **dentículo** *s.m.*; **escama placoidea** *loc.s.f.*; **placa dérmica** *loc.s.f.*
EN: **dermal denticle**

depredación *s.f.* Relación trófica na que un organismo (predador) se alimenta doutro (presa), resultando desta interacción a morte do segundo.

SIN GL: **predación** *s.f.*

ES: **depredación** *s.f.*; **predación** *s.f.*

EN: **predation**

depredación intraespecífica *loc.s.f.* V. **canibalismo**.

deriva xenética *loc.s.f.* Cambio non direccional na frecuencia relativa coa que aparece un alelo nunha poboación como resultado de procesos aleatorios.

ES: **deriva genética** *loc.s.f.*

EN: **genetic drift**

derma *s.m.* Capa de tecido conxuntivo denso do tegumento dalgúns animais, situada por baixo da epiderme.

SIN GL: **derme** *s.f.*

ES: **dermis** *s.f.*

EN: **dermis**; **corium**; **cutis**

dermatoesqueleto *s.m.* V. **exoesqueleto**.

derme *s.f.* V. **derma**

desaturase *s.f.* Encima que cataliza a eliminación de dous átomos de hidróxeno e a formación de dobres enlaces na cadea hidrocarbonada dos ácidos graxos.

ES: **desaturasa** *s.f.*

EN: **desaturase**

descompoñedor *s.m.* Organismo que obtén a súa enerxía a partir da descomposición da materia orgánica en compostos máis simples.

ES: **descomponedor** *s.m.*

EN: **decomposer**

descompoñedor, descompoñedora *adx.* Que obtén enerxía da descomposición de moléculas orgánicas en substancias máis sinxelas.

ES: **descomponedor, descomponedora** *adx.*

EN: **decomposer**

desdiferenciación *s.f.* Proceso polo cal unha célula diferenciada parcial ou totalmente reverte o seu estado

ES: **desdiferenciación** *s.f.*

EN: **dedifferentiation**

desenvolvemento *s.m.* Conxunto de procesos que conducen á formación dun individuo completo a partir do óvulo fecundado.

ES: **desarrollo** *s.m.*

EN: **development**

desequilibrio de ligamento *loc.s.m.* Desviación da frecuencia haplotípica nunha poboación respecto da que se espera cando os alelos dos loci implicados segregan aleatoriamente.

ES: **desequilibrio de ligamiento** *loc.s.m.*

EN: **linkege disequilibrium**

V. TAMÉN: **ligamento**

desetioliación *s.f.* Rápido proceso de cambios morfolóxicos e fisiolóxicos polo que se reverten as características da etioliación dunha planta debido á acción da luz.

ES: **desetioliación** *s.f.*

EN: **deetiolation**

desinfectante *s.m.* Axente que causa a eliminación dos organismos nocivos ou causantes de enfermidades. Chámanse "desinfectantes" os produtos utilizados para desinfección de obxectos inanimados, e "antisépticos" os empregados en tecidos vivos.

ES: **desinfectante** *s.m.*

EN: **disinfectant**

V. TAMÉN: **antiséptico**; **esterilización**

desmosoma *s.m.* Estrutura de membrana en forma de placa que une células adxacentes por medio de cadherinas.

ES: **desmosoma** *s.m.*

EN: **desmosome**

desnaturalización *s.f.* Perda da estrutura tridimensional nativa dunha cadea polipeptídica, unha proteína ou un ácido nucleico.

ES: **desnaturalización** *s.f.*

EN: **denaturation**

desova *s.f.* Acto de verter os ovos polas femias de animais ovíparos, en especial de anfibios e peixes.

ES: **desove** *s.m.*; **freza** *s.f.*

EN: **spawn**

desova *s.f.* Conxunto de ovos resultantes da posta en anfíbios e peixes.

ES: **freza** *s.f.*

EN: **spawn**

desova *s.f.* Época na que desovan as femias de anfíbios e peixes.

ES: **freza** *s.f.*

EN: **spawn**

despolarización *s.f.* desprazamento do potencial de membrana dunha célula cara a un valor menos negativo. A despolarización xoga un papel moi importante nas neuronas e nas células musculares.

ES: **despolarización** *s.f.*

EN: **depolarization**

desprazamento de caracteres *loc.s.m.*

Principio que postula que dúas especies se diferencian máis cando están xuntas que cando están xeograficamente separadas.

ES: **desplazamiento de caracteres** *loc.s.m.*

EN: **character displacement**

determinante antixénico *loc.s.m.* V. **epítipo**.

determinación celular *loc.s.f.* Proceso polo cal unha célula indiferenciada leva a cabo un camiño específico de diferenciación cara a un tipo celular. A determinación celular leva asociada a fixación dunhas certas características.

ES: **determinación celular** *loc.s.f.*

EN: **cell fate determination**

V. TAMÉN: **diferenciación celular**

determinación embrionaria *loc.s.f.*

Proceso polo cal as células embrionarias se desenvolven nunha única dirección para constituíren un determinado tipo celular no organismo adulto.

ES: **determinación embrionaria** *loc.s.f.*

EN: **embryonic determination**

determinación sexual *loc.s.f.* Proceso xenético e de desenvolvemento mediante o cal quedan fixadas as características sexuais dun organismo. O sexo dun organismo pode estar definido por un amplo e diverso grupo de mecanismos.

ES: **determinación sexual** *loc.s.f.*

EN: **sex determination**

determinante citoplasmático *loc.s.m.*

Substancia localizada en parte do blastómero transmitida a outras células que adquirirán un determinado destino durante o desenvolvemento. Os determinantes citoplasmáticos poden provocar a expresión dun conxunto de xenes, que terá como resultado que se diferencien nun grupo específico de células.

ES: **determinante citoplasmático** *loc.s.m.*

EN: **cytoplasmic determinant**

detritívoro *s.m.* Organismo que, para a súa alimentación, emprega materia orgánica morta.

SIN GL: **saprófago** *s.m.*

ES: **saprófago** *s.m.*; **detritívoro** *s.m.*

EN: **saprophage**

detritívoro, detritívora *adx.* Que se alimenta de materia orgánica morta.

SIN GL: **saprófago, saprófaga** *adx.*

ES: **saprófago, saprófaga** *adx.*; **detritívoro, detritívora** *adx.*

EN: **saprophagous**

detrito *s.m.* Materia procedente dos organismos vivos que está fresca ou parcialmente descomposta.

ES: **detritus** *s.m.*; **detrito** *s.m.*

EN: **detritus**

deuteromiceto *adx.m.* V. **fungo imperfecto**.

deuteróstomo, deuteróstoma *adx.* Dise do grupo animal caracterizado pola formación do ano a partir do blastóporo. Os deuteróstomos posúen outras características propias, como unha segmentación radial e un desenvolvemento no cal se forman máis estruturas das previstas polo mapa de destinos celulares.

ES: **deuteróstomo, deuteróstoma** *adx.*

EN: **deuterostome**

diacilglicerol *s.m.* V. **diglicérido**.

diacnese *s.f.* Última etapa da profase I da meiose, a continuación do diploteno, na cal os cromosomas se visualizan xa completamente condensados e unidos polos quiasmas.

ES: **diacnesis** *s.f.*

EN: **diakinesis**

díade *s.f.* Parella de cromátides irmás unidas polo centrómero. Os cromosomas aparecen organizados en díades durante a primeira división meiótica.

ES: **díada** *s.f.*

EN: **dyad**

diafragma *s.m.* Membrana muscular que separa a cavidade torácica da abdominal nos mamíferos. Pode aparecer de forma rudimentaria nalgunhas aves.

ES: **diafragma** *s.m.*

EN: **diaphragm**

dialipétalo, dialipétala *adx.* Dise da corola ou da flor que presenta os seus pétalos libres. O termo dialipétalo oponse a gamopétalo.

ES: **dialipétalo, dialipétala** *adx.*

EN: **dialypetalous**

dialisépalo, dialisépala *adx.* Dise do cáliz dunha flor que ten os sépalos separados entre si. O termo dialisépalo oponse a gamosépalo.

ES: **dialisépalo, dialisépala** *adx.*

EN: **dialysepalous**

diana de restrición *loc.s.f.* Secuencia de ADN recoñecida por un encima de restrición.

ES: **diana de restrición** *loc.s.f.*

EN: **restriction site; cleavage site**

diapausa *s.f.* Período de letargo ou pausa no desenvolvemento dun organismo, especialmente nos estados de ovo ou larva. A diapausa pode deberse a unha adaptación ás condicións de alimentación ou temperatura adversas ou para sincronizar a aparición de tódolos adultos da poboación. Os principais organismos que levan a cabo os procesos de diapausa son os insectos, aínda que se pode observar en moitos outros.

ES: **diapausa** *s.f.*

EN: **diapause**

diástole *s.f.* Fase do ciclo atrial ou ventricular durante a cal o miocardio se mantén relaxado.

ES: **diástole** *s.f.*

EN: **diastole**

diatomea *s.f.* Grupo de algas unicelulares ou coloniais pertencentes á clase *Diatomeae* ou *Bacillariophyceae*. As diatomeas son or-

ganismos fotosintetizadores que forman unha porción moi importante do fitoplancto e constan dunha cuberta de sílice chamada frústulo que se divide en dúas valvas ben diferenciadas por un suco.

ES: **diatomea** *s.f.*

EN: **diatom**

dicasio *s.m.* Inflorescencia cimosa caracterizada polo desenvolvemento de dous eixes secundarios. No dicasio obsérvase que a flor máis vella está situada entre dúas flores máis novas.

ES: **dicasio** *s.m.*

EN: **dichasium**

V. TAMÉN: **monocasio; cima**

Dícer *s.m.* Ribonuclease, membro da familia das Rnase III, que intervén na formación do ARNi.

ES: **Dícer** *s.m.*

EN: **Dicer; Dicer enzyme; endoribonuclease Dicer**

dicotiledóneo, dicotiledónea *adx.*

Referido ao grupo das anxiospermas caracterizado pola presenza de dúas follas seminais ou cotiledóns nos embrións. As dicotiledóneas pertencen ao grupo *Magnoliopsida* e presentan unha serie de características propias, como a presenza de partes florais múltiples de catro ou cinco e feixes vasculares en forma de anel.

ES: **dicotiledóneo, dicotiledónea** *adx.*

EN: **dicotyledon**

V. TAMÉN: **monocotiledónea**

dictiosoma *s.m.* Conxunto apilado de cisternas do aparello de Golgi.

ES: **dictiosoma** *s.m.*

EN: **dictyosome**

diferenciación celular *loc.s.f.* Adquisición durante o desenvolvemento das propiedades dunha célula madura funcional.

ES: **diferenciación celular** *loc.s.f.*

EN: **differentiation**

V. TAMÉN: **determinación celular**

difusión *s.f.* Movemento de partículas a través dunha membrana a favor de gradiente.

ES: **difusión** *s.f.*

EN: **diffusion**

diglicérido *s.m.* Molécula de glicerol con dous ácidos graxos.

SIN GL: **diacilglicerol** *s.m.*

ES: **diglicérido** *s.m.*; **diacilglicerol** *s.m.*

EN: **diglyceride**; **diacylglycerol**

dimorfismo *s.m.* Condición das especies animais ou vexetais que presentan dúas formas ou aspectos anatómicos.

ES: **dimorfismo** *s.m.*

EN: **dimorphism**

dineína *s.f.* Proteína motora dependente de ATP que migra cara ao extremo menos dos microtúbulos.

ES: **dineína** *s.f.*

EN: **dynein**

dinófito *s.m.* V. **dinoflaxelado**.

dinófito, dinófito *adx.* V. **dinoflaxelado, dinoflaxelada**.

dinoflaxelado *s.m.* Cada un dos organismos protistas flaxelados pertencentes ao grupo *Dinoflagellata*. Dentro do grupo dos dinoflaxelados encontrámonos con especies fotosintetizadoras (maioría), depredadoras ou parasitas, e son na maioría dos casos unicelulares. Posúen dous flaxelos de diferente tamaño que lles proporcionan uns movementos característicos. Ademais posúen cubertas celulares complexas que poden estar endurecidas ou non.

SIN GL: **dinófito** *s.m.*

ES: **dinoflagelado** *s.m.*; **dinófito** *s.m.*

EN: **dinoflagellate**; **dinophyta**

dinoflaxelado, dinoflaxelada *adx.* Dise de dos organismos protistas flaxelados pertencentes ao grupo *Dinoflagellata*.

SIN GL: **dinófito, dinófito** *adx.*

ES: **dinófito, dinófito** *adx.*; **dinoflagelado, dinoflagelada** *adx.*

EN: **dinoflagellate**

dioecia *s.f.* Sistema de reprodución caracterizado porque cada individuo só produce un tipo de gameto, masculino ou feminino.

ES: **dioecia** *s.f.*

EN: **dioecy**

V. TAMÉN: **monoecia**

diploblástico, diploblástica *adx.* Dise do grupo de animais que posúen unicamente

dúas capas xerminativas, o endoderma e o ectoderma. Os animais diploblásticos determinan o seu desenvolvemento embrionario no período de gástrula, de aí que unicamente posúan dúas capas embrionarias. Carecen de mesoderma. Os diploblásticos son os ctenóforos e os cnidarios.

ES: **diploblástico, diploblástica** *adx.*

EN: **diploblastic**

diplofásico, diplofásica *adx.* Dise do ciclo vital no que a fase dominante é a diploide, sendo habitualmente os gametos a única fase haploide.

ES: **diplofásico, diplofásica** *adx.*

EN: **diploptic**

diploide *adx.* Dise da célula ou individuo que posúe dous xogos completos e homólogos de cromosomas.

ES: **diploide** *adx.*

EN: **diploid**

V. TAMÉN: **haploide**

diploide *s.m.* Individuo que posúe dous xogos de cromosomas completos e homólogos en cada unha das súas células.

ES: **diploide** *s.m.*

EN: **diploid**

V. TAMÉN: **haploide**

diplosoma *s.m.* Estrutura do centrosoma constituída por dous centríolos dispostos en perpendicular.

ES: **diplosoma** *s.m.*

EN: **diplosome**

diploteno *s.m.* Cuarta etapa da profase I da meiose, entre o paquiteno e a diacinese, na cal comezan a ser visibles as cromátides irmás e os quiasmas.

ES: **diploteno** *s.m.*

EN: **diplotene**

disacárido *s.m.* Glícido formado pola unión de dous monosacáridos, iguais ou diferentes, mediante un enlace O-glicosídico.

ES: **disacárido** *s.m.*

EN: **disaccharide**

disco imaxinario *loc.s.f.* Estrutura na larva dalgúns insectos holometábolos que dará lugar á cutícula do individuo adulto no momento da metamorfose.

ES: **disco imaxinal** *loc.s.f.*

EN: **imaginal disc**

distrófico *adx.* Dise do ambiente acuático con alto contido en material orgánico ou húmico.
ES: **distrófico** *adx.*
EN: **dystrophic**

diszoocoria *s.f.* Dispersión dos propágulos das plantas debida ao enterramento dos mesmos por medio de animais. Os propágulos son enterrados en períodos de abundancia polos animais coa intención de recollelos cando sexa necesario. Non todos son recollidos, e poden xerminar.
ES: **diszoocoria** *s.f.*
EN: **diszoochory**

diurese *s.f.* Eliminación dos ouriños.
ES: **diuresis** *s.f.*
EN: **diuresis**

división celular *loc.s.f.* Partición dunha célula orixinal en dúas células fillas.
ES: **división celular** *loc.s.f.*
EN: **cell division; cellular division**

dixenético, dixenética *adx.* Dise do ciclo vital no que deben transcorrer dúas xeracións para completalo.
ES: **digenético, digenética** *adx.*
EN: **digenetic**

dixestión *s.f.* Acción e efecto de converter os alimentos inxeridos en compostos capaces de seren absorbidos e asimilados. A dixestión ten dúas compoñentes, unha mecánica e outra encimática. A fase de absorción comeza no estómago, aínda que presenta a súa carga máis importante na mucosa intestinal.
ES: **digestión** *s.f.*
EN: **digestion**

dominancia *s.f.* Relación entre dous alelos dun heterocigoto pola cal o fenotipo para ese carácter vai estar moito máis próximo a un só deles. Os alelos dominantes non sempre presentan unha dominancia completa, senón que esta pode desenvolver diferentes graos
ES: **dominancia** *s.f.*
EN: **dominance**

dominancia apical *loc.s.f.* Fenómeno polo cal se inhibe en maior ou menor medida o

crecemento lateral dunha planta en presenza dunha xema apical. A dominancia apical é un fenómeno debido á acción das auxinas.
ES: **dominancia apical** *loc.s.f.*
EN: **apical dominance**

dominio *s.m.* Secuencia continua de aminoácidos dunha proteína, que se prega para formar unha unidade estrutural.
ES: **dominio** *s.m.*
EN: **domain**

dominio *s.m.* Cada unha das tres grandes ramas evolutivas nas que se divide a diversidade da vida.
ES: **dominio** *s.m.*
EN: **domain**

dominio *s.m.* Rexión dunha proteína asociada a unha función específica.
ES: **dominio** *s.m.*
EN: **domain**

dominio *s.m.* Rexión da membrana plasmática formada por moléculas dun determinado tipo.
ES: **dominio** *s.m.*
EN: **domain**

dominio *s.m.* Unidade bioxeográfica que comprende grandes extensións con características climáticas e de vexetación semellantes
ES: **dominio** *s.m.*
EN: **biogeographic realm; ecozone**

dopamina *s.f.* Neurotransmisor catecolamínico e hormona precursora da noradrenalina.
ES: **dopamina** *s.f.*
EN: **dopamine**

dose xénica *loc.s.f.* Número de copias dun xene presentes nun xenoma particular.
ES: **dosis génica** *loc.s.f.*
EN: **gene dosage**

dotación cromosómica *loc.s.f.* Conxunto de cromosomas diferentes que levan o conxunto básico da información xenética dunha especie determinada.
ES: **dotación cromosómica** *loc.s.f.*
EN: **chromosome set**

drupa *s.f.* Froito simple, carnoso e indehiscente, cunha soa semente. Os froitos tipo drupa presentan un endocarpo endurecido, un mesocarpo carnoso e un exocarpo a modo de pel.

ES: **drupa** *s.f.*

EN: **drupe**

duplicación *s.f.* Fenómeno polo que se produce máis dunha copia dun segmento cromosómico.

ES: **duplicación** *s.f.*

EN: **duplication**

durame *s.m.* Rexión interna do xilema secundario das árbores formada por células lignificadas.

ES: **duramen** *s.m.*

EN: **heartwood; duramen**

durmencia *s.f.* Período no ciclo de vida dun organismo no que o crecemento, desenvolvemento e a actividade física se ven momentaneamente suspendidos.

SIN GL: **repouso invernal** *loc.s.m*

ES: **dormancia** *s.f.*

EN: **dormancy**

durmición *s.f.* Estado de diminución temporal da actividade metabólica e fisiolóxica ata niveis mínimos en vexetais, e que leva parella unha supresión do desenvolvemento nese mesmo período.

ES: **dormición** *s.f.*

EN: **dormition**

écdisse *s.f.* Desprendemento periódico do exoesqueleto dalgúns animais que lles permite continuar crescendo. A écdisse é un fenómeno que ocorre en tardígrados, nematodos e artrópodos.

SIN GL: **muda** *s.f.*

ES: **ecdysis** *s.f.*; **muda** *s.f.*

EN: **ecdysis**; **molt**

V. TAMÉN: **ecdisona**

ecdisona *s.f.* Hormona esteroidea que induce a écdisse. Nos insectos a ecdisona prodúcese na glándula protorácica.

ES: **ecdisona** *s.f.*

EN: **ecdysone**

V. TAMÉN: **écdisse**

ecdisozoo *s.m.* Cada un dos animais que pertencen ao grupo *Ecdisozoa*. Os ecdisozoos acollen un amplo abano de fillos de protóstomos caracterizados, entre outras cousas, por sufrir a écdisse.

ES: **ecdisozoo** *s.m.*

EN: **ecdysozoa**

V. TAMÉN: **lofotrocozoo**

eclosión *s.f.* Fenómeno que comprende a rotura e saída do ovo por parte dun animal en estado larvario ou xa desenvolvido.

ES: **eclosión** *s.f.*

EN: **hatching**

eclosión *s.f.* Fenómeno de rotura e saída do casulo dun insecto adulto tras a metamorfose.

ES: **eclosión** *s.f.*

EN: **hatching**

ecoclina *s.f.* Gradiente xeográfico de comunidades ou ecosistemas producido pola resposta da vexetación fronte a gradientes ambientais.

ES: **ecoclina** *s.f.*

EN: **ecocline**

ecolocación *s.f.* V. **ecolocalización**.

ecolocalización *s.f.* Método de percepción sensorial baseado na emisión de sons e a recepción dos mesmos en forma de eco, o que lles permite aos animais analizar a fisíonomía do seu contorno. Posúena varios mamíferos e algunhas aves.

SIN GL: **ecolocación** *s.f.*

ES: **ecolocalización** *s.f.*; **ecolocación** *s.f.*

EN: **echolocation**

ecoloxía *s.f.* Eido da bioloxía que estuda a distribución dos seres vivos e as interaccións destes co ambiente e entre si.

ES: **Ecología** *s.f.*

EN: **ecology**

ecosistema *s.m.* Sistema natural formado por unha comunidade biótica e o ambiente abiótico no que se desenvolve.

ES: **ecosistema** *s.m.*

EN: **ecosystem**

ecotón *s.m.* Zona de transición entre dúas comunidades ou ecosistemas estruturalmente diferentes.

ES: **ecotono** *s.m.*

EN: **ecotone**

ectoblasto *s.m.* Capa externa ou superficial do blastoderma da que derivan a epiderme e o sistema nervioso nos vertebrados.

SIN GL: **ectoderma** *s.m.*

ES: **ectoblasto** *s.m.*; **ectodermo** *s.m.*

EN: **ectoderm**

ectoderma *s.m.* V. **ectoblasto**.

ectomicorriza *s.f.* Asociación simbiótica entre un fungo e as raíces dunha planta su-

perior na que as hifas do fungo penetran nas raíces da planta pero non no interior das súas células. As hifas do fungo forman un manto ao redor do córtex da raíz da planta e esténdense cara ao seu interior entre as células. O mando externo que forma o fungo pode verse a simple vista.

ES: **ectomicorriza** *s.f.*
EN: **ectomycorrhiza**
V. TAMÉN: **endomicorriza; micorriza**

ectoparasito *s.m.* Parasito que se desenvolve no exterior ou sobre a superficie do organismo ao que parasita.

SIN GL: **exoparasito** *s.m.*; **epiparasito** *s.m.*
ES: **ectoparásito** *s.m.*; **exoparásito** *s.m.*; **epiparásito** *s.m.*
EN: **ectoparasite**

ectoparasito, ectoparasita *adx.* Dise do parasito que se dispón sobre a superficie externa do organismo parasitado.

SIN GL: **exoparasito, exoparasita** *adx.*; **epiparasito, epiparasita** *adx.*
ES: **ectoparásito, ectoparásita** *adx.*; **exoparásito, exoparásita** *adx.*; **epiparásito, epiparásita** *adx.*
EN: **ectoparasitic**

ectotérmico, ectotérmica *adx.* Dise do organismo que presenta unha regulación da súa temperatura corporal por intercambio pasivo de calor co ambiente.

SIN GL: **ectotermo, ectoterma** *adx.*
ES: **ectotérmico, ectotérmica** *adx.*; **ectotermo, ectoterma** *adx.*
EN: **ectotherm; ectothermic**
V. TAMÉN: **endotermo**

ectotermo, ectoterma *adx.* V. **ectotérmico, ectotérmica.**

edición *s.f.* Proceso de cambio na secuencia do ARN despois da transcripción.

ES: **edición** *s.f.*
EN: **editing**

efecto bordo *loc.s.m.* Resposta dos organismos ás condicións ambientais creadas na zona onde se xuntan dous ou máis tipos de vexetación.

ES: **efecto borde** *loc.s.m.*

EN: **edge effect**

efecto fundador *loc.s.m.* Diferenza aleatoria na frecuencia dun xenotipo entre unha poboación e unha nova colonia xurdida a partir desta.

ES: **efecto fundador** *loc.s.m.*
EN: **founder effect**

efecto materno *loc.s.m.* Fenómeno polo que o xenotipo materno se expresa no fenotipo da súa descendencia.

ES: **efecto materno** *loc.s.m.*
EN: **maternal effect**

eficiencia ecolóxica *loc.s.f.* Porcentaxe de biomasa producida por un nivel trófico que é incorporada como biomasa no nivel trófico inmediatamente superior.

ES: **eficiencia ecológica** *loc.s.f.*
EN: **ecological efficiency**

egagrópila *s.f.* Materiais regurxitados por algunhas aves, procedente dos restos non dixeribles da súa alimentación.

ES: **egagrópila** *s.f.*
EN: **pellet**

eiruga *s.f.* Larva típica de insectos lepidópteros.

ES: **oruga** *s.f.*
EN: **caterpillar**

electroforese *s.f.* Método de separación de moléculas baseado na súa mobilidade nun campo eléctrico

ES: **electroforesis** *s.f.*
EN: **electrophoresis**

electroporación *s.f.* Técnica consistente no uso de impulsos eléctricos para crear poros transitorios nunha membrana celular.

ES: **electroporación** *s.f.*
EN: **electroporation**

elemento asimilable *loc.s.m.* Elemento que entra na planta e que pode ser incorporado ao metabolismo da mesma.

ES: **elemento asimilable** *loc.s.m.*
EN: **assimilable element**

elemento beneficioso *loc.s.m.* Elemento que resulta esencial nun grupo concreto de plantas, ou que pode suplir parcialmente

- ou mellorar a función dun elemento esencial.
 ES: **elemento beneficioso** *loc.s.m.*
 EN: **beneficial element**
- elemento cis** *loc.s.m.* Segmento de ADN que se atopa arredor ou no interior de segmentos de xenes.
 ES: **elemento cis** *loc.s.m.*
 EN: **cis-regulatory element; cis-element**
- elemento de vaso** *loc.s.m.* Célula morta e de gran diámetro que forma parte dunha traquea do xilema.
 ES: **elemento de vaso** *loc.s.m.*
 EN: **vessel element**
- elemento dispoñible** *loc.s.m.* Elemento presente no solo en disolución e que pode ser absorbido pola raíz dunha planta.
 ES: **elemento disponible** *loc.s.m.*
 EN: **available element**
- elemento esencial** *loc.s.m.* nutriente implicado nalgún proceso metabólico ou fisiolóxico concreto e que resulta imprescindible para que calquera planta complete o seu ciclo biolóxico.
 ES: **elemento esencial** *loc.s.m.*
 EN: **essential element**
- eleosoma** *s.m.* Estrutura asociada ás sementes de moitas plantas ricas en lípidos e proteínas. Os eleosomas están en moitos casos asociados á zoocoria, e teñen unha función de atracción de cara a diferentes organismos que logo dispersarán as sementes.
 ES: **eleosoma** *s.m.*
 EN: **elaiosome**
- ELISA** *sigla* Inmunoensaio que emprega anticorpos específicos para detectar antíxenos ou anticorpos.
 ES: **ELISA** *sigla*
 EN: **ELISA, enzyme-linked immunosorbent assay**
- élitro** *s.m.* Á anterior dalgúns insectos modificada por engrosamento e endurecemento. Os élitros perden a función de voo pero acadan unha nova función protectora. Posúen élitros os coleópteros, heterópteros e algúns hemípteros.
 ES: **élitro** *s.m.*
 EN: **elytron**
- embolia** *s.f.* V. **cavitación.**
- embrión** *s.m.* Organismo en fase de desenvolvemento desde o estado de óvulo fecundado ata o momento no que mostra a súa estrutura adulta ou é capaz de levar unha vida independente aínda que sexa no aspecto de larva.
 ES: **embrión** *s.m.*
 EN: **embryo**
 V. TAMÉN: **feto**
- embrión** *s.m.* Esporófito das plantas superiores antes da xerminación.
 ES: **embrión** *s.m.*
 EN: **embryo**
- emigración** *s.f.* Desprazamento permanente fóra dunha área por parte dunha poboación.
 ES: **emigración** *s.f.*
 EN: **migration**
- empalme** *s.m.* Proceso de modificación do ARN despois da súa transcrición, polo cal se eliminan certas secuencias e se unen as restantes.
 ES: **empalme** *s.m.*
 EN: **splicing**
- enantiómero** *s.m.* Molécula que presenta isomería enantiómera.
 ES: **enantiómero** *s.m.*
 EN: **enantiomer**
- enantiómero, enantiómera** *adx.* Relativo a cada unha das formas isoméricas nas que as moléculas son imaxes especulares non superpoñibles.
 ES: **enantiómero, enantiómera** *adx.*
 EN: **enantiomeric**
- encéfalo** *s.m.* Conxunto de órganos que forman parte do sistema nervioso de vertebrados e que están recollidos na cavidade interna do cráneo. Os compoñentes estruturais que forman parte do encéfalo son os seguintes: cerebro (cos seus dous hemisferios), diencéfalo, tronco cerebral (mesencéfalo, protuberancia anular e bulbo raquídeo) e cerebelo.
 ES: **encéfalo** *s.m.*
 EN: **encephalon**

encima *s.m.* Molécula de natureza proteica ou ARN que cataliza unha reacción específica.

ES: **enzima** *s.m.ff.*

EN: **enzyme**

encima de restrición *loc.s.m.* Endonuclease que reconece unha secuencia específica de ADN e a escinde.

ES: **enzima de restricción** *loc.s.m.ff.*

EN: **restriction enzyme; restriction endonuclease**

encima regulador *loc.s.m.* Encima que participa no control de diferentes rutas metabólicas activándoas ou desactivándoas. Pode levar a cabo a súa función grazas á súa capacidade para experimentar un cambio na súa actividade catalítica por mecanismos alostéricos ou modificación covalente.

ES: **enzima regulador** *loc.s.m.*; **enzima reguladora** *loc.s.f.*

EN: **regulatory enzyme**

endemismo *s.m.* Taxon pertencente unicamente a unha área xeográfica definida.

ES: **endemismo** *s.m.*

EN: **endemism**

endoblasto *s.m.* V. **endoderma**.

endocitose *s.f.* Proceso polo cal unha célula capta material mediante a invaxinación da súa membrana plasmática, de xeito que se forma unha vesícula interna.

ES: **endocitosis** *s.f.*

EN: **endocytosis**

endócrino, endócrina *adx.* Relativo á secreción hormonal cara ao torrente sanguíneo.

ES: **endocrino, endocrina** *adx.*

EN: **endocrine**

endoderma *s.m.* Capa celular interna do embrión formada a partir do proceso de gastrulación. O endoderma dá lugar ao aparato dixestivo e os seus órganos adxuntos e tamén ao aparato respiratorio.

SIN GL: **endoblasto** *s.m.*

ES: **endodermo** *s.m.*; **endoblasto** *s.m.*

EN: **endoderm**

endoderma *s.m.* Capa celular monoestratificada do interior da codia das raíces dunha planta, en contacto co periciclo.

ES: **endodermis** *s.f.*

EN: **endodermis**

endoesqueleto *s.m.* Esqueleto interno. Presente nos vertebrados e noutros animais, dá forma ao corpo e permite a inserción de músculos e tendóns. Ademais protexe o sistema nervioso.

ES: **endoesqueleto** *s.m.*

EN: **endoskeleton**

endoflaxelo *s.m.* Conxunto de flaxelos dispostos en feixe, localizados no espazo periplásmico e rodeados dunha vaíña externa, propios de espiroquetas. Os filamentos parten dos polos celulares e esténdense arredor de dous terzos da lonxitude da célula, solapándose na zona central. A súa rotación provoca unha flexión da bacteria que se traduce en movemento.

SIN GL: **filamento axial** *loc.s.m.*

ES: **endoflagelo** *s.m.*; **filamento axial** *loc.s.m.*

EN: **endoflagellum; axial filaments**

endogamia *s.f.* Unión entre individuos dentro dun grupo ou subgrupo da poboación.

ES: **endogamia** *s.f.*

EN: **endogamy**

endometrio *s.m.* Membrana mucosa que tapiza a parede interna do útero dos mamíferos. Trátase dun epitelio altamente vascularizado, que ten como función aloxar o cigoto despois da fecundación, permitindo a súa implantación.

ES: **endometrio** *s.m.*

EN: **endometrium**

endomicorriza *s.f.* Asociación simbiótica entre un fungo e as raíces dunha planta superior na que as hifas do fungo penetran nas raíces e crecen dentro das células. Á diferenza das ectomicorrizas, non se pode apreciar o crecemento do fungo a simple vista.

ES: **endomicorriza** *s.f.*

EN: **endomycorrhiza**

V. TAMÉN: **ectomicorriza; micorriza**

endonuclease *s.f.* Encima que escinde os enlaces fosfodiéster dentro das cadeas nucleotídicas.

ES: **endonucleasa** *s.f.*

EN: **endonuclease**

endoparasito *s.m.* Parasito que vive nos tecidos ou órganos do seu hospedador. Existen endoparasitos que atacan plantas (endófitos) e animais (endozoos), e podéense clasificar atendendo a diferentes criterios: fisionomía, tecido atacado etc.

SIN GL: **entoparasito** *s.m.*

ES: **endoparásito** *s.m.*; **entoparásito** *s.m.*

EN: **endoparasite**

endoparasito, endoparasita *adx.* Dise do parasito que se desenvolve no interior do hospedador.

SIN GL: **entoparasito, entoparasita** *adx.*

ES: **endoparásito, endoparásita** *adx.*; **entoparásito, entoparásita** *adx.*

EN: **endoparasitic**

endorfina *s.f.* Neurotransmisor con efectos semellantes á morfina. As endorfinas prodúcese como resposta a diferentes situacións de entre as cales a máis importante é a dor, funcionando como analxésicos endóxenos.

ES: **endorfina** *s.f.*

EN: **endorphin**

endosimbiose *s.f.* Asociación simbiótica entre dúas especies na que unha delas reside no interior das células da outra.

ES: **endosimbiosis** *s.f.*

EN: **endosymbiosis**

endosoma *s.m.* Vesícula que transporta material que acaba de ser incorporado á célula por endocitose.

ES: **endosoma** *s.m.*

EN: **endosome**

endosperma *s.m.* Tecido nutricional formado no saco embrional das plantas fanerógamas. Serve ao embrión como alimento.

ES: **endospermo** *s.m.*

EN: **endosperm**

V. TAMÉN: **albume**

endóspora *s.f.* Forma de resistencia bacteriana que xorde en situacións ambientais adversas. É unha forma de resistencia intracelular propia dalgunhas bacterias Gram+, especialmente do xénero *Bacillus* e *Clostridium*, e a súa disposición e morfoloxía son características de cada

especie. As endósporas poden soportar a calor, desecación, irradiación, a lisocima e a actividade de xermicidas, e poden permanecer en estado latente durante anos ata que as condicións ambientais sexan favorables.

SIN GL: **espora endóxena** *loc.s.f.*

ES: **endospora** *s.f.*; **espora endóxena** *loc.s.f.*

EN: **endospore**

endóspora *s.f.* Espora formada no interior dunha célula ou esporanxio.

SIN GL: **espora endóxena** *loc.s.f.*

ES: **endospora** *s.f.*

EN: **endospore**

endotecio *s.m.* Tecido interno dun esporófito embrionario.

ES: **endotecio** *s.m.*

EN: **endothecium**

endotecio *s.m.* Tecido dunha das capas que forman a cuberta das anteras e das cápsulas de briófitos situada no interior do exotecio.

ES: **endotecio** *s.m.*

EN: **endothecium**

endotelio *s.m.* Capa unicelular que recobre as superficies internas do corazón, vasos sanguíneos e vasos linfáticos.

ES: **endotelio** *s.m.*

EN: **endothelium**

endotérmico, endotérmica *adx.* Dise do organismo que controla a súa temperatura corporal dentro duns límites mediante mecanismos fisiolóxicos.

SIN GL: **endotermo, endoterma** *adx.*

ES: **endotérmico, endotérmica; endotermo, endoterma** *adx.*

EN: **endothermic**

V. TAMÉN: **ectotermo**

endotermo, endoterma *adx.* V. **endotérmico, endotérmica.**

endotoxina *s.f.* Fracción do lipopolisacárido da parede celular dalgunhas bacterias Gram- que ao solubilizarse actúa como unha toxina. Orixina unha toxicidade máis leve que a exotoxina, pero estimula os mecanismos que producen a febre.

ES: **endotoxina** *s.f.*

EN: **endotoxin**
 V. TAMÉN: **exotoxina**

endoxenote *s.m.* Xenoma bacteriano orixinal e completo dunha célula receptora de material xenético externo mediante combinación.

ES: **endogenote** *s.m.*
 EN: **endogenote**

enterobacteria *s.f.* Organismo pertencente á familia *Enterobacteriaceae*. Son bacterias Gram-, xeralmente con morfoloxía bacilar, anaeróbicas facultativas e que non forman esporas. Algunhas enterobacterias forman parte da flora intestinal de mamíferos e aves, aínda que poden vivir en diversos ambientes.

ES: **enterobacteria** *s.f.*
 EN: **enterobacterium**

enterocelia *s.f.* Proceso de formación do celoma pola proliferación do mesoderma. A enterocelia comeza coa proliferación das células do arquéntero cara ao blastocele para formar o mesoderma. A partir deste vaise formar o celoma.

ES: **enterocelia** *s.f.*
 EN: **enterocoely**

entoparasito *s.m.* V. **endoparasito**.

entoparasito, entoparasita *adx.* V. **endoparasito, endoparasita**.

entrecruzamento *s.m.* Intercambio das secuencias correspondentes de dous cromosomas homólogos mediante escisión e reunión.

ES: **entrecruzamiento** *s.m.*
 EN: **crossing-over**

entrenó *s.m.* Porción do caule comprendida entre dous nós.

ES: **entrenudo** *s.m.*, **internodo** *s.m.*
 EN: **internode**

envés *s.m.* Cara inferior da lámina ou limbo dunha folla. A epiderme do envés adoita ser diferente da epiderme da face, ademais adoita ter maior número de estomas e tricomas.

ES: **envés** *s.m.*
 EN: **face**
 V. TAMÉN: **face**

envoltura *s.f.* Estrutura membranosa complexa que rodea a cápside dalgúns virus.

Consiste nunha bicapa lipídica con proteínas (xeralmente glicoproteínas) embebidas nela. A capa lipídica adoita provir da célula hospedadora, mentres as glicoproteínas son codificadas polo xenoma vírico. Os virus envoltos máis comúns son os que infectan animais, pero tamén se coñecen de bacterias e plantas.

ES: **envuelta** *s.f.*
 EN: **envelope**

enxeñaría de ADN recombinante *loc.s.f.* Biotecnoloxía aplicada á produción de moléculas de ADN que conteñen novos xenos ou novas combinacións de xenos.

SIN GL: **enxeñaría xenética** *loc.s.f.*
 ES: **ingeniería del ADN recombinante** *loc.s.f.*; **ingeniería genética** *loc.s.f.*
 EN: **recombinant DNA technology**

enxeñaría xenética *loc.s.f.* V. **enxeñaría de ADN recombinante**.

enxerto *s.m.* V. **transplante**.

eosinófilo *s.m.* Tipo de leucocito granulocito que se tingue con colorantes ácidos.

ES: **eosinófilo** *s.m.*
 EN: **eosinophil**

eosinófilo *adx.* Que se tingue con colorantes ácidos.

ES: **eosinófilo** *adx.*
 EN: **eosinophil**

epéndimo *s.m.* Membrana que recobre o interior dos ventrículos cerebrais e a canle da medula espiñal.

ES: **epéndimo** *s.m.*
 EN: **ependyma**

epicótilo *s.m.* Parte do talo xuvenil situada por riba dos cotiledóns no momento da xerminación.

ES: **epicótilo** *s.m.*
 EN: **epicotyl**

V. TAMÉN: **hipocótilo**

epiderme *s.f.* Capa de tecido que reviste a superficie externa dun animal.

ES: **epidermis** *s.f.*
 EN: **epidermis**

epiderme *s.f.* Capa máis externa de tecido dunha planta, que recobre as follas e as raíces e caules xoves.

- ES: **epidermis** *s.f.*
EN: **epidermis**
- epifauna** *s.f.* Animais bentónicos que viven ou se moven sobre a superficie dun substrato.
ES: **epifauna** *s.f.*
EN: **epifauna**
- epífito, epífita** *adx.* Dise da planta que crece sobre outra planta que mantén con aquela unha relación unicamente de soporte. Non se trata dunha relación de parasitismo, simbiose ou similar, senón que unha planta epífita emprega a outra planta como soporte.
ES: **epífito, epífita** *adx.*
EN: **epiphyte**
- epiflora** *s.f.* Vexetais bentónicos que viven sobre a superficie dun substrato.
ES: **epiflora** *s.f.*
EN: **epiflora**
- epiglote** *s.f.* Órgano en forma de lámina e natureza fibrocartilaxinosa que obstrúe a entrada da larínxe durante a deglución do alimento.
SIN GL: **lígula** *s.f.*
ES: **epiglottis** *s.f.*; **lígula** *s.f.*
EN: **epiglottis**
- epinastia** *s.f.* Curvatura cara a abaixo das follas ou outros órganos vexetais como consecuencia do crecemento incrementado das partes superiores.
ES: **epinastia** *s.f.*
EN: **epinasty**
- epinefrina** *s.f.* V. **adrenalina**.
- episoma** *s.m.* Elemento xenético bacteriano que pode replicarse libremente no citoplasma ou inserirse no cromosoma bacteriano e replicarse con el.
ES: **episoma** *s.m.*
EN: **episome**
- epistase** *s.f.* Fenómeno de interacción xénica polo que a expresión fenotípica dun xene depende da expresión doutro xene dun locus diferente. En moitas especies de animais dáse un fenómeno de epistase relacionado coa súa coloración. Un locus controla a produción de melanina e outro locus a súa disposición. Neste caso o segundo locus é epistático do primeiro, xa que a disposición de melanina depende da súa produción.
ES: **epistasia** *s.f.*
EN: **epistasis**
- epitálamo** *s.m.* Estrutura diencefálica situada sobre o tálamo e que comprende a epífise, os núcleos habenulares e as estrías medulares.
ES: **epitálamo** *s.m.*
EN: **epithalamus**
- epiteca** *s.f.* Metade superior do frústulo das diatomeas, que encaixa exteriormente coa hipoteca.
ES: **epiteca** *s.f.*
EN: **epitheca**
- epitecio** *s.m.* Capa situada sobre o himenio do apotecio formada por ápices de paráfises.
ES: **epitecio** *s.m.*
EN: **epithecium**
V. TAMÉN: **hipotecio**
- epitelio** *s.m.* Calquera estrutura formada por tecido epitelial.
ES: **epitelio** *s.m.*
EN: **epithelium**
- epítopo** *s.m.* Rexión molecular dun antíxeno que é recoñecida polo sistema inmune.
SIN GL: **determinante antixénico** *loc.s.m.*
ES: **epítopo** *s.m.*; **determinante antigénico** *loc.s.m.*
EN: **epitope**; **determinant**; **antigenic determinant**
- epixenética** *s.f.* Estudo dos cambios no fenotipo ou na expresión xénica debidos a mecanismos que non implican cambios nas secuencias do ADN.
ES: **epixenética** *s.f.*
EN: **epigenetic**
- epíxino, epíxina** *adx.* Dise das flores situadas por riba do xineceo nas anxiospermas.
ES: **epígino, epígina** *adx.*
EN: **epigynous**
V. TAMÉN: **hipóxino**
- EPO** *sigla* V. **eritropoetina**.

equinodermo *s.m.* Animal pertencente ao grupo dos *Echinodermata*. Os equinodermos caracterízanse por posuíren simetría pentarradial, un esqueleto interno formado por osículos calcarios e un sistema especial chamado aparello ambulacral.

ES: **equinodermo** *s.m.*

EN: **echinoderm**

equinodermo, equinoderma *adx.*

Relativo aos animais equinodermos.

ES: **equinodermo, equinoderma** *adx.*

EN: **echinodermal; echinodermatous**

eritrocito *s.m.* Célula sanguínea portadora de hemoglobina que transporta o osíxeno e o dióxido de carbono.

SIN GL: **glóbulo vermello** *loc.s.m.*

ES: **eritrocito** *s.m.*; **glóbulo rojo** *loc.s.m.*

EN: **erythrocyte; red blood cell**

eritropoese *s.f.* Proceso polo cal se forman, maduran e se liberan os eritrocitos desde os órganos hematopoéticos ata o sangue.

ES: **eritropoyesis** *s.f.*

EN: **erythropoiesis**

eritropoetina *s.f.* Hormona peptídica sintetizada polo ril que estimula a diferenciación e maduración de glóbulos vermellos.

SIN GL: **EPO** *sigla*

ES: **eritropoyetina** *s.f.*; **EPO** *sigla*

EN: **erythropoietin; EPO**

escama *s.f.* Cada unha das placas óseas ou córneas presentes na derme de moitos seres vivos.

ES: **escama** *s.f.*

EN: **scale**

escapo *s.m.* Talo desprovisto de follas coas flores no ápice. No caso das monocotiledóneas nace dun bulbo ou rizoma.

ES: **escapo** *s.m.*

EN: **scape**

esclereida *s.f.* Célula do esclerénquima máis curta que as fibras e que conta con poros ramificados na súa parede.

ES: **esclereida** *s.f.*

EN: **sclereid**

esclerénquima *s.m.* Tecido vexetal formado por células mortas cunhas paredes secundarias moi lignificadas.

ES: **esclerénquima** *s.m.*

EN: **sclerenchyma**

esclerito *s.m.* Placa endurecida de cutícula que forma parte do exoesqueleto nalgúns artrópodos e que se encontra delimitada por articulacións.

ES: **esclerito** *s.m.*

EN: **sclerite**

esclerofilo, esclerofila *adx.* Tipo de vexetación caracterizada por posuír follas duras e entrenós pouco separados.

ES: **esclerofilo, esclerofila** *adx.*

EN: **sclerophyll**

escutelo *s.m.* Cotiledón das poáceas.

ES: **escutelo** *s.m.*

EN: **scutellum**

esfingolípido *s.m.* Lípido complexo derivado da esfingosina.

ES: **esfingolípido** *s.m.*

EN: **sphingolipid**

esfínter *s.m.* Músculo anular que abre ou pecha un orificio.

ES: **esfínter** *s.m.*

EN: **sphincter**

esfuerzo reprodutivo *loc.s.m.* Proporción dos recursos que un organismo dedica á reprodución.

ES: **esfuerzo reprodutivo** *loc.s.m.*

EN: **reproductive effort**

esófago *s.m.* Conduto muscular e membranoso do aparello dixestivo que comunica a farinxe e o estómago. O esófago axuda a mobilidade do alimento grazas a que contén músculos anulares e lonxitudinais que realizan movementos peristálticos. Remata nun esfínter que se denomina cardias.

ES: **esófago** *s.m.*

EN: **esophagus**

espádice *s.f.* Inflorescencia de tipo espiga cun eixe carnoso e envolta normalmente nunha espata.

ES: **espádice** *s.f.*

EN: **spadix**

especiación *s.f.* Conxunto de procesos evolutivos que conducen á formación dunha nova especie.

ES: **especiación** *s.f.*

EN: **speciation**

especie *s.f.* Comunidade de poboacións reprodutivamente illadas doutras especies.

ES: **especie** *s.f.*

EN: **species**

esperanza de vida *loc.s.f.* Número medio de anos que vivirán no futuro os membros dunha poboación.

ES: **esperanza de vida** *loc.s.f.*

EN: **life expectancy**

esperma *s.m.* Substancia exaculada durante o orgasmo sexual masculino composta polos espermatozoides suspendidos no líquido seminal.

ES: **esperma** *s.m.*

EN: **sperm**

V. TAMÉN: **espermatozoide**

espermacio *s.m.* Gameto masculino inmóbil propio dalgunhas algas vermellas e fungos ascomicetos e basidiomicetos.

ES: **espermacio** *s.m.*

EN: **spermatium**

espermateca *s.f.* V. **espermatoteca**.

espermatogonia *s.f.* Célula indiferenciada que dá lugar aos espermatozoides despois do proceso de espermatoxénese. Cada espermatogonia que comeza o proceso de espermatoxénese divídese por mitose en dous espermatoцитos primarios.

ES: **espermatogonia** *s.f.*

EN: **spermatogonium**

V. TAMÉN: **espermatozoide; espermato-cito**

espermatoteca *s.f.* Receptáculo propio de animais femias ou hermafroditas utilizado para acumular e conservar os espermatozoides despois da cópula ata o momento da fecundación. É unha estrutura moi común en moluscos, insectos, crustáceos e algúns peixes. Os espermatozoides só poden ser conservados un determinado tempo.

SIN GL: **espermateca** *s.f.*

ES: **espermatoteca** *s.f.*; **espermateca** *s.f.*

EN: **spermatheca**

espermatozoide *s.m.* V. **espermatozoo**.

espermatoxénese *s.f.* Proceso de xeración e maduración das células que darán lugar aos gametos masculinos.

ES: **espermatogénesis** *s.f.*

EN: **spermatogenesis**

V. TAMÉN: **ooxénese**

espermatozoo *s.m.* Célula sexual masculina madura de dotación cromosómica haploide.

SIN GL: **espermatozoide** *s.m.*

ES: **espermatozoide** *s.m.*

EN: **spermatozoid; spermatozoon**

V. TAMÉN: **óvulo**

espícula *s.f.* Inflorescencia espiciforme típica de gramíneas. Está formada por flores hermafroditas situadas sobre un eixe que adoita ter brácteas.

ES: **espícula** *s.f.*

EN: **spicula**

espícula *s.f.* Estrutura auxiliar da cópula situada no interior da cloaca nos nematodos machos. A súa función é a de dilatar a abertura vulvar durante a cópula.

ES: **espícula** *s.f.*

EN: **spicula**

espícula *s.f.* Elemento calcario ou silíceo que actúa de sostén dos tecidos de poríferos.

ES: **espícula** *s.f.*

EN: **spicula**

espiga *s.f.* Inflorescencia racemosa simple de flores sésiles inseridas sobre un eixe alongado.

SIN GL: **espigo** *s.m.*

ES: **espiga** *s.f.*

EN: **ear**

espigo *s.m.* V. **espiga**.

espiráculo *s.m.* Cada unha das aberturas da cabeza de elasmobranquios que comunica a farinxe co exterior para o paso de auga.

ES: **espiráculo** *s.m.*

EN: **spiracle**

espiráculo *s.m.* Abertura ao exterior dunha traquea en artrópodos.

ES: **espiráculo** *s.m.*

- EN: **spiracle**
- espiráculo** *s.m.* Abertura exhalante da cámara branquial dos cágados.
ES: **espiráculo** *s.m.*
EN: **spiracle**
- espiroqueta** *s.f.* Bacteria Gram- caracterizada pola súa morfloxía helicoidal. Componse dun protoplasma enroscado arredor dunha estrutura chamada filamento axial ou endoflaxelo. A rotación dos endoflaxelos dá lugar á mobilidade da bacteria.
ES: **espiroqueta** *s.f.*
EN: **spirochete**
- esplíceosoma** *s.m.* Complexo formado por ribonucleoproteínas (RNP) que elimina os intróns dos ARNm inmaduros e une os fragmentos restantes.
ES: **esplíceosoma** *s.m.*
EN: **spliceosome**
- espongocèle** *s.m.* Cavidade central do corpo dunha esponxa.
ES: **espongocèle** *s.m.*
EN: **spongocoel**
- espora** *s.f.* Elemento reprodutivo asexual propio de plantas, fungos, algas e algúns protozoos. As esporas están adaptadas á dispersión e supervivencia en condicións desfavorables. As esporas diferéncianse das sementes en que posúen un contido moito menor de materiais de reserva. Normalmente, as esporas son haploides e unicelulares e son producidas por meiose.
ES: **espora** *s.f.*
EN: **spore**
V. TAMÉN: **semente**
- espora** *s.f.* Forma de resistencia das bacterias. Cando as condicións do medio son desfavorables algúns tipos de bacterias poden recorrer a esta estratexia para se protexeren.
ES: **espora** *s.f.*
EN: **spore**
V. TAMÉN: **endóspora**
- espora endóxena** *loc.s.f.* V. **endóspora**.
- esporanxio** *s.m.* Estrutura onde se producen e almacenan as esporas en algas, fungos e briófitos. Poden ser unicelulares, como é o caso das algas e fungos, ou pluricelulares como nas briófitas.
ES: **esporanxio** *s.m.*
EN: **sporangium**
- esporocito** *s.m.* Célula que produce esporas haploides durante a meiose.
ES: **esporocito** *s.m.*
EN: **sporocyte**
- esporofilo** *s.m.* Apéndice semellante a unha folla portador de esporanxios.
SIN GL: **esporófito** *s.m.*
ES: **esporofilo** *s.m.*; **esporofito** *s.m.*
EN: **sporophyll; sporophyte**
- esporófito** *s.m.* Planta produtora de esporas. Por regra xeral é diploide e dá lugar a meiósporas.
ES: **esporofito** *s.m.*
EN: **sporophyte**
- esporófito** *s.m.* V. **esporofilo**.
- esporopolenina** *s.f.* Substancia lipídica que forma parte da parede celular de esporas e grans de pole.
ES: **esporopolenina** *s.f.*
EN: **sporopollenin**
- esporozoíto** *s.m.* Fase do ciclo vital dalgúns protozoos parasitos que constitúe a forma infestante.
ES: **esporozoíto** *s.m.*
EN: **sporozoite**
- esquizocelia** *s.f.* Proceso polo que algunhas células situadas no endoderma e ectoderma proliferan e migran cara ao blastocele para formaren o mesoderma.
ES: **esquizocelia** *s.f.*
EN: **schizocoely**
- esquizogonia** *s.f.* Tipo de reprodución asexual na que o núcleo celular se divide en múltiples núcleos secundarios, cada un dos cales se rodea dun protoplasma e constitúe unha célula filla.
ES: **esquizogonia** *s.f.*
EN: **schizogony**
- EST** *sigla* Secuencias curtas de ADN xeradas a partir de cDNA.
ES: **EST** *sigla*
EN: **EST, expressed sequence tag**

estame *s.m.* Esporofilo masculino nunha flor. Está constituído por unha antera e un filamento e é o portador dos sacos polínicos.

ES: **estambre** *s.m.*

EN: **stamen**

estatocisto *s.m.* Órgano do equilibrio propio de cnidarios e ctenóforos formado por unha cápsula tapizada de células sensitivas. Os estatocistos están compostos por unha serie de células denominadas estatocitos, que conteñen unha ou máis estruturas libres denominadas estatólitos.

ES: **estatocisto** *s.m.*

EN: **statocyst**

estatólito *s.m.* Estrutura densa situada dentro dun estatocisto ou doutra estrutura de percepción do equilibrio que indica mediante a súa posición a orientación con respecto ao centro de gravidade.

ES: **estanolito** *s.m.*

EN: **statolith**

estefanoconto, estefanoconta *adx.* Dise do tipo de disposición flaxelar, na que existe un penacho de flaxelos formando un anel ou coroa arredor da célula.

ES: **estefanoconto, estefanoconta** *adx.*

EN: **stephanokont**

estepa *s.f.* Bioma de pradería eurasiática que se estende desde o leste de Europa ata o oeste de Siberia e China

ES: **estepa** *s.f.*

EN: **steppe**

esterilización *s.f.* Proceso que causa a morte e destrución de todos os microorganismos, tanto na súa forma vexetativa como na esporulada.

ES: **esterilización** *s.f.*

EN: **sterilization**

V. TAMÉN: **antiséptico; desinfectante**

esteroide *s.m.* Molécula orgánica de natureza lipídica derivada do núcleo do ciclopentanoperhidrofenantreno.

ES: **esteroide** *s.m.*

EN: **steroid**

estilbeno *s.m.* Composto con dous aneis fenólicos unidos por unha cadea de dous

átomos de carbono, de orixe vexetal e que actúa como antioxidante.

ES: **estilbeno** *s.m.*

EN: **stilbene**

estilete *s.m.* Estrutura ríxida, oca e punzante da boca dos nemertinos e nematodos parasitos que se emprega para distintas tarefas. No caso dos nemertinos, trátase dunha estrutura utilizada para matar as súas presas. A través do estilete verten unha secreción neurotóxica. Nos nematodos fitoparasitos, o estilete utilízase para penetrar as paredes das plantas. Ademais pode verter secrecións dixestivas.

ES: **estilete** *s.m.*

EN: **stylet**

estipe *s.m.* V. **estípite**.

estípite *s.m.* Pé do corpo frutífero dalgúns fungos

SIN GL: **estipe** *s.m.*

ES: **estípite** *s.m.*; **estipe** *s.m.*

EN: **stipe**

estípite *s.m.* Estrutura de soporte dunha laminaaria comprendida entre a lámina e a base.

SIN GL: **estipe** *s.m.*

ES: **estípite** *s.m.*; **estipe** *s.m.*

EN: **stipe**

estivación *s.f.* Período de repouso na actividade fisiolóxica dalgúns organismos que ocorre no verán. A estivación é propia de organismos que viven en zonas cálidas e secas.

ES: **estivación** *s.f.*

EN: **aestivation; estivation; summer sleep**

estolón *s.m.* Abrocho lateral procumbente que nace da base do talo dalgúns plantas herbáceas e medra horizontalmente. Pode ser aéreo ou subterráneo.

ES: **estolón** *s.m.*

EN: **stolon**

estolón *s.m.* Estrutura tubular que une os pólipos nas colonias de hidrozoos.

ES: **estolón** *s.m.*

EN: **stolon**

estoma *s.m.* Fisura intercelular que funciona a modo de poro na epiderme das plantas

vasculares e algúns briófitos. Os estomas están flanqueados por un par de células oclusivas.
ES: **estoma** *s.m.*

EN: **stoma**

V. TAMÉN: **célula oclusiva**

estómago *s.m.* Porción ensanchada do tubo dixestivo situada entre o esófago e o duodeno. O estómago está separado fisicamente do esófago e do duodeno polas válvulas cardias e píloro respectivamente. Nel realízase gran parte da dixestión dos alimentos grazas aos zumes gástricos.

SIN GL: **cavidade gástrica** *loc.s.f.*

ES: **estómago** *s.m.*; **cavidad gástrica** *loc.s.f.*

EN: **stomach**; **gastric cavity**

estratega do k *loc.s.f.* Especie competitiva lonxeva con baixas taxas de reprodución en poboacións estables.

ES: **estratega de la k** *loc.s.f.*

EN: **K strategit**

estratega do r *loc.s.f.* Especie de vida curta cunha elevada taxa de reprodución en baixas densidades de poboación.

ES: **estratega de la r** *loc.s.f.*

EN: **R strategit**

estridulación *s.f.* Proceso polo cal algúns animais poden producir sons ao frotar entre si dúas partes do corpo. A estridulación está asociada principalmente aos insectos (que a producen ao frotaren un órgano tegumentario da á coa cara interior do fémur), pero tamén algunhas serpes e arañas poden desenvolver esta estratexia.

ES: **estridulación** *s.f.*

EN: **stridulation**

estróbilo *s.m.* V. **cono**.

estroma *s.m.* Matriz fundamental dun órgano, formada por tecido conectivo e compoñentes extracelulares.

ES: **estroma** *s.m.*

EN: **stroma**

estroma *s.m.* Medio interno dun plasto, entre a membrana plastidial interna e os tilacoides.

ES: **estroma** *s.m.*

EN: **stroma**

estromatólito *s.m.* Masa rocosa formada pola acumulación de láminas de CaCO_3^* depositadas por cianobacterias. Os depósitos máis abundantes datan do Precámbrico, malia que na actualidade aínda se están formando nalgúns puntos do planeta.

ES: **estromatolito** *s.m.*

EN: **stromatolith**

estróxeno *s.m.* Variedade de hormona esteroidea feminina sintetizada principalmente polo ovario. Os estróxenos sintetízanse no ovario, testículo, córtex suprarrenal e placenta, e levan a cabo funcións relacionadas principalmente co mantemento dos caracteres sexuais secundarios e interveñen no crecemento e funcións dos órganos sexuais femininos. Regularan moitos aspectos relacionados coa reprodución feminina, como a ooxénese, a ovulación ou os caracteres sexuais secundarios.

ES: **estrógeno** *s.m.*

EN: **oestrogen**

estrucioniforme *adx.* Referente ás ratites.

ES: **estrucioniforme** *adx.*

EN: **struthioniforme**

estrucioniforme *s.f.* V. **ratite**.

eterio *s.m.* Froito múltiple formado por frutículos independentes orixinados a partir dunha única flor. Un eterio pode estar formado por frutículos de tipo aquenio, drupa ou baga.

ES: **eterio** *s.m.*

EN: **etaerio**

etiolación *s.f.* Conxunto de modificacións morfolóxicas e fisiolóxicas que sofre unha planta como consecuencia de crecer na ausencia de luz.

ES: **etiolación** *s.f.*

EN: **etiolation**

etioloxía *s.f.* Ciencia que estuda a relación que existe entre dous eventos ou as causas polas que se produce un acontecemento.

ES: **etiología** *s.f.*

EN: **aetiology**

etoloxía *s.f.* Eido da zooloxía que estuda os costumes e comportamento dos animais.

ES: **etología** *s.f.*

EN: **ethology**

eucarionte *s.m.* Organismo pertencente ao Dominio *Eukarya*.

SIN GL: **eucariota** *s.m.*

ES: **eucarionte** *s.m.*; **eucariota** *s.m.*

EN: **eukaryote**; **eucaryote**

eucariota *adx.* Relativo aos eucariontes.

ES: **eucariota** *adx.*

EN: **eukaryotic**; **eucaryotic**

eucariota *s.m.* V. **eucarionte**.

euromatina *s.f.* Cromatina en estado pouco condensado. A euromatina é o estado no que se pode producir a transcripción dos xenos.

ES: **euromatina** *s.f.*

EN: **euchromatin**

eumetazoo *s.m.* Cada un dos animais pertencentes ao subreino *Eumetazoa*. Os eumetazoos caracterízanse por seren animais que presentan verdadeiros tecidos. Comprende a totalidade dos metazoos coa excepción dos poríferos e os placozoos.

ES: **eumetazoo** *s.m.*

EN: **eumetazoa**

euploide *s.m.* Núcleo, célula ou organismo que posúe un número enteiro concreto de complementos cromosómicos completos.

ES: **euploide** *s.m.*

EN: **euploid**

eutelia *s.f.* Propiedade pola cal nunha especie concreta o individuo adulto presenta un número constante e concreto de células ou núcleos. Unha vez chegado á madureza, o crecemento realízase unicamente por aumento do tamaño celular. A maioría de organismos eutélicos son microscópicos, incluíndo rotíferos, nematodos e tardígrados.

ES: **eutelia** *s.f.*

EN: **eutely**

euterio *s.m.* V. **placentario**.

euterio, euteria *adx.* V. **placentario, placentaria**.

eutrofización *s.f.* Enriquecemento en nutrientes dunha masa de auga ata un nivel moi elevado.

ES: **eutrofización** *s.f.*

EN: **eutrophication**

euxenesia *s.f.* Proceso de mellora xenética inducido de forma artificial. A euxenesia pode ser positiva, cando se emprega unha programación selectiva da descendencia, ou negativa, cando o que se fai é eliminar os alelos con efectos considerados negativos.

ES: **eugenesia** *s.f.*

EN: **eugenesia**

evapotranspiración *s.f.* Perda de auga cara á atmosfera a través da evaporación directa da superficie do solo e da transpiración das plantas.

ES: **evapotranspiración** *s.f.*

EN: **evapotranspiration**

evaxinación *s.f.* Formación por parte dunha membrana dunha bolsa ou saco cara a fóra.

ES: **evaginación** *s.f.*

EN: **evagination**

exaptación *s.f.* Carácter que orixinalmente evolucionou cunha determinada función adaptativa e que posteriormente adquiriu importancia como adaptación a outra función diferente da orixinal.

ES: **exaptación** *s.f.*

EN: **exaptation**

exina *s.f.* Capa externa dunha espóra ou gran de pole. A exina está formada basicamente por esporopolenina.

ES: **exina** *s.f.*

EN: **exine**

V. TAMÉN: **esporopolenina**

exocitose *s.f.* Proceso polo que unha célula libera ao medio externo material contido nunha vesícula que se fusiona coa membrana citoplasmática

ES: **exocitosis** *s.f.*

EN: **exocytosis**

exócrino, exócrina *adx.* Relativo á secreción hormonal externa das glándulas.

ES: **exocrino, exocrina** *adx.*

EN: **exocrine**

exoencima *s.m.* Encima producido no interior dunha célula e que é segregado ao exterior, onde actúa.

ES: **exoenzima** *s.f.*

EN: **exoenzyme**

exoesqueleto *s.m.* Estrutura de soporte producida polo ectoderma ou a epiderme, externa e non envolta por tecido vivo. Trátase dun esqueleto externo que pode ter orixe orgánica, inorgánica ou mixta. Ten función de protección. Nos artrópodos, ademais, contribúe á función de respiración e desempeña unha función mecánica, xa que proporciona o soporte para o tecido muscular.

SIN GL: **dermatoesqueleto** *s.m.*

ES: **exoesqueleto** *s.m.*; **dermatoesqueleto** *s.m.*

EN: **exoskeleton**

exoesqueleto *s.m.* Capa máis externa do tegumento nos artrópodos, por riba da epiderme. É unha estrutura ríxida, acelular e complexa, formada na súa maior parte por quitina. Presenta unha dobre función: protección e lugar de inserción para os músculos.

SIN GL: **cutícula** *s.f.*

ES: **exosqueleto** *s.m.*; **cutícula** *s.f.*

EN: **exoskeleton**

exón *s.m.* Secuencias do ADN eucariótico que se expresa en forma de polipéptido.

ES: **exón** *s.m.*

EN: **exon**

V. TAMÉN: **intrón**

exonuclease *s.f.* Encima que escinde nucleótidos de un en un dende un extremo dunha cadea polinucleotídica.

ES: **exonucleasa** *s.f.*

EN: **exonuclease**

exoparasito *s.m.* V. **ectoparasito**.

exoparasito, exoparasita *adx.* V. **ectoparasito, ectoparasita**.

exotecio *s.m.* Capa máis externa da cuberta das anteras.

ES: **exotecio** *s.m.*

EN: **exothecium**

exotoxina *s.f.* Proteína liberada por un microorganismo durante o crecemento e que posúe efectos tóxicos. As exotoxinas teñen unha elevada toxicidade que estimula rapidamente a produción de anticorpos específicos.

SIN GL: **toxina esóxena** *loc.s.f.*

ES: **exotoxina** *s.f.*; **toxina exóxena** *loc.s.f.*

EN: **exotoxin**

V. TAMÉN: **endotoxina**

exoxenote *s.m.* Fragmento de material xenético esóxeno que pode ser incorporado nun proceso de recombinación ao xenoma bacteriano.

ES: **exoxenote** *s.m.*

EN: **exogenote**

expansina *s.f.* Proteína da parede celular que acelera a expansión da mesma. Presenta actividade óptima a pH ácido.

ES: **expansina** *s.f.*

EN: **expansin**

extremo cohesivo *loc.s.m.* Extremo dunha dupla cadea de ADN caracterizado por posuír unha secuencia de nucleótido de cadea única.

ES: **extremo cohesivo** *loc.s.m.*

EN: **cohesive end; sticky end**

extremo romo *loc.s.m.* Extremo dunha dupla cadea de ADN composto por un par de nucleótidos.

ES: **extremo romo** *loc.s.m.*

EN: **blunt end**

extremófilo *s.m.* Organismo que crece en ou precisa de condicións físicas ou xeoquímicas consideradas extremas, nos límites do desenvolvemento da vida.

ES: **extremófilo** *s.m.*

EN: **extremophile**

extremófilo, extremófila *adx.* Que é capaz de crecer en condicións consideradas límite para o desenvolvemento da vida.

ES: **extremófilo, extremófila** *adx.*

EN: **extremophilic**

face *s.f.* Superficie superior ou adaxial do limbo da folla.

ES: **haz** *s.f.*

EN: **face**

factor de crecemento *loc.s.m.* Proteína natural que induce o crecemento, proliferación e diferenciación celular.

ES: **factor de crecimiento** *loc.s.m.*

EN: **growth factor**

factor de transcripción *loc.s.m.* Proteína que se une a un elemento regulador en cis e afecta o inicio da transcripción. Un factor de transcripción pode afectar o inicio da transición de forma directa ou indirecta.

ES: **factor de transcripción** *loc.s.m.*

EN: **transcription factor**

factor promotor da maduración *loc.s.m.*

Complexo CDK-ciclina que se activa ao final da fase G² do ciclo celular e controla a entrada en fase de mitose.

SIN GL: **factor promotor da mitose** *loc.s.m.*; **FPM** *sigla*

ES: **factor promotor de la maduración** *loc.s.m.*; **factor promotor de la mitosis** *loc.s.m.*; **FPM** *sigla*

EN: **MPF, maturation promoting factor**

factor promotor da mitose *loc.s.m.* V. **factor promotor da maduración**.

factor Rh *loc.s.m.* V. **Rh**.

FAD *sigla* V. **flavín adenín dinucleótido**.

fago *s.m.* V. **bacteriófago**.

fagocitose *s.f.* Tipo de endocitose na cal a célula engloba o material coa súa membrana mediante a emisión de pseudópodos que rodean a partícula.

ES: **fagocitosis** *s.f.*

EN: **phagocytosis**

fagolisosoma *s.m.* Orgánulo que resulta da unión dun fagosoma e un lisosoma, no cal se dixiren as partículas fagocitadas pola célula.

ES: **fagolisosoma** *s.m.*

EN: **phagolysosome**

fagómido *s.m.* V. **fásmido**.

fagosoma *s.m.* Vesícula intracelular formada no proceso de fagocitose.

ES: **fagosoma** *s.m.*

EN: **phagosome**

familia xénica *loc.s.f.* Conxunto de xenes dun mesmo xenoma que descenden dun mesmo xene ancestral.

ES: **familia génica** *loc.s.f.*

EN: **gene family**

fanerófito, fanerófita *adx.* Segundo a clasificación de Raunkiaer, planta que desenvolve gromos perdurantes aéreos a unha altura superior a 25 centímetros.

ES: **fanerófito, fanerófita** *adx.*

EN: **phanerophyte**

fanerógamo, fanerógama *adx.* Dise do vexetal que presenta flores ou órganos sexuais aparentes. Este termo encóntrase actualmente en desuso.

ES: **fanerógamo, fanerógama** *adx.*

EN: **phanerogam**

faringotremado *s.m.* Animal pertencente ao grupo *Hemichordata*. Son animais deuteróstomos, vermiformes, bentónicos e de augas pouco profundas. Presentan un sistema respiratorio baseado nas fendas branquiais, de igual maneira que os cordados. O divertículo bucal que presentan foi por moito tempo considerado como

unha rudimentaria notocorda, aínda que se demostrou que non é así.

SIN GL: **hemicordado** *s.m.*

ES: **hemicordado** *s.m.*; **faringotremado** *s.m.*

EN: **hemichordate**

faringotremado, faringotremada *adx.*

Relativo aos hemicordados.

SIN GL: **hemicordado, hemicordada** *adx.*

ES: **hemicordado, hemicordada** *adx.*; **faringotremado, faringotremada** *adx.*

EN: **hemichordate**

farinxe *s.f.* Parte do aparello dixestivo entre a cavidade bucal e o esófago. Nos vertebrados é común aos sistemas respiratorio e dixestivo. Nos cefalocordados as fendas branquiais abren ao exterior a través da farinxe.

ES: **farinxe** *s.f.*

EN: **pharynx**

farmacoxenómica *s.f.* Disciplina que estuda as distintas respostas dos pacientes aos fármacos en función das súas variacións xenéticas.

ES: **farmacogenómica** *s.f.*

EN: **pharmacogenomics**

fase de latencia *loc.s.f.* V. **fase de retardo.**

fase de morte *loc.s.f.* Fase do crecemento bacteriano, posterior á estacionaria, na que as células morren. Débese á falta de nutrientes e á acumulación de produtos de refugallo. Nalgúns casos, a morte pode ir acompañada de lise celular real. A curva de morte é exponencial.

ES: **fase de muerte** *loc.s.f.*

EN: **death phase**

fase de retardo *loc.s.f.* Primeira das fases do crecemento bacteriano, na cal aínda non se observa aumento no número de células. Este retraso no crecemento é debido a unha necesidade de síntese dos novos encimas. Tamén se pode observar un fenómeno semellante cando se producen danos parciais nas células por mor do tempo requirido para a reparación dos mesmos.

SIN GL: **fase de latencia** *loc.s.f.*

ES: **fase de retardo** *loc.s.f.*; **fase de latencia** *loc.s.f.*

EN: **lag phase**

fase estacionaria *loc.s.f.* Fase do crecemento bacteriano, entre a exponencial e a de morte, na que non se observa un incremento neto no número de células viables. Normalmente provocada pola escaseza dun nutriente (factor limitante) e/ou a acumulación no medio de produtos que inhiben o crecemento.

ES: **fase estacionaria** *loc.s.f.*

EN: **stationary phase**

fase exponencial *loc.s.f.* V. **fase logarítmica.**

fase logarítmica *loc.s.f.* Fase do crecemento bacteriano, comprendida entre a de latencia e a estacionaria, na que se produce un aumento logarítmico no número total de células viables.

SIN GL: **fase exponencial** *loc.s.f.*

ES: **fase logarítmica** *loc.s.f.*; **fase exponencial** *loc.s.f.*

EN: **log phase; exponential phase**

fásmido *s.m.* Vector de clonación baseado nun plásmido con características dun bacteriófago filamentoso.

SIN GL: **fagómido** *s.m.*

ES: **fagémido** *s.m.*; **fásmido** *s.m.*

EN: **phagemid; phasmid**

fauna *s.f.* Conxunto de especies que habitan nunha rexión concreta, son propias dun período xeolóxico ou se atopan nun ecosistema determinado.

ES: **fauna** *s.f.*

EN: **fauna**

fauna intersticial *loc.s.f.* Conxunto dos animais que habitan entre as partículas de area dos sedimentos mariños ou de auga doce.

SIN GL: **meiofauna** *s.f.*

ES: **fauna intersticial** *loc.s.f.*; **meiofauna** *s.f.*

EN: **interstitial fauna**

febre *s.f.* Signo que representa un aumento da temperatura corporal por riba dos niveis considerados normais.

ES: **fiebre** *s.f.*

EN: **fever**

fecundación *s.f.* Fusión dos núcleos de dous gametos para formar un cigoto diploide.

- ES: **fecundación** *s.f.*
EN: **fecundation**
- fel** *s.m.* Secreción do fígado, que contén pigmentos e sales biliares e ten como principal función a dixestión das graxas.
SIN GL: **bile** *s.f.*
ES: **bilis** *s.f.*
EN: **bile**
V. TAMÉN: **vesícula biliar**
- felóxeno** *s.m.* Meristemo secundario responsable da produción de súber e feloderma.
SIN GL: **cámbium suberoso** *loc.s.m.*
ES: **cámbium suberoso** *s.m.*; **felógeno** *loc.s.m.*
EN: **phellogen; cork cambium**
- fenocopia** *s.f.* Fenotipo inducido por axentes ambientais que é semellante a outro fenotipo producido por xenotipos diferentes.
ES: **fenocopia** *s.f.*
EN: **phenocopy**
- fenoloxía** *s.f.* Aspecto da bioloxía que estuda os fenómenos asociados a certo ritmo periódico.
ES: **fenología** *s.f.*
EN: **phenology**
- fenotipo** *s.m.* Manifestación externa observable dun xenotipo particular en combinación co ambiente onde se desenvolve. O fenotipo dun organismo está determinado por unha serie complexa de características, como: o xenotipo do individuo, a influencia do ambiente, as interaccións entre os xenes etc.
ES: **fenotipo** *s.m.*
EN: **phenotype**
- fenotipo** *s.m.* Forma que toma un carácter ou conxunto destes nun individuo concreto.
ES: **fenotipo** *s.m.*
EN: **phenotype**
- fermentación** *s.f.* Degradación anaeróbica mediante oxidación incompleta na que a partir dun nutriente se obtén enerxía e algún composto orgánico simple.
ES: **fermentación** *s.f.*
EN: **fermentation**
- fermento** *s.m.* Fungos unicelulares que na súa maior parte pertencen ao grupo dos ascomicetos. Son moi importantes pola súa capacidade para realizar a fermentación de glúcidos producindo distintas substancias, como cervexa, viño, pan, hidromel ou antibióticos.
SIN GL: **lévedo** *s.m.*
ES: **levadura** *s.f.*
EN: **yeast**
- feromona** *s.f.* Substancia química liberada por un organismo no medio que inflúe no comportamento ou desenvolvemento doutros organismos da mesma especie.
ES: **feromona** *s.f.*
EN: **pheromone**
- ferrete** *s.m.* V. **aguillón**.
- feto** *s.m.* Vertebrado vivíparo en estado de desenvolvemento anterior ao estado de embrión.
ES: **feto** *s.m.*
EN: **fetus**
V. TAMÉN: **embrión**
- fibrina** *s.f.* Proteína fibrosa que desempeña un importante papel na coagulación do sangue. A fibrina está formada por subunidades de fibrinóxeno.
ES: **fibrina** *s.f.*
EN: **fibrin**
- fibrinóxeno** *s.m.* Glicoproteína plasmática sintetizada no fígado que forma parte da fibrina.
ES: **fibrinógeno** *s.m.*
EN: **fibrinogen**
- fibroblasto** *s.m.* Célula propia do tecido conxuntivo que segrega moléculas da matriz extracelular.
ES: **fibroblasto** *s.m.*
EN: **fibroblast**
- fibronectina** *s.f.* Glicoproteína presente no plasma sanguíneo e na matriz extracelular da maior parte de células animais.
ES: **fibronectina** *s.f.*
EN: **fibronectin**
- ficobilina** *s.f.* Pigmento fotosintético de estrutura tetrapirrólica presente en cianobacterias, rodofíceas e outras algas.
ES: **ficobilina** *s.f.*
EN: **phycobilin**

ficobilisoma *s.m.* Estrutura de recolección de enerxía luminosa do fotosistema II en cianobacterias e algas vermellas.

ES: **ficobilisoma** *s.m.*

EN: **phycobilisome**

ficocianina *s.f.* Pigmento captador de luz, da familia das ficobiliproteínas. A ficocianina absorbe as luces laranxa e vermella, especialmente preto dos 620nm de lonxitude de onda.

ES: **ficocianina** *s.f.*

EN: **phycocyanin**

V. TAMÉN: **ficoeritrina; aloficocianina**

ficoeritrina *s.f.* Pigmento captador de luz, da familia das ficobiliproteínas. A ficoeritrina ten un amplo abano de lonxitudes de onda ás que pode absorber enerxía, dependendo do organismo de que se trate (entre 495 e 545nm.)

ES: **ficoeritrina** *s.f.*

EN: **phycoerythrin**

ficoloxía *s.f.* Eido da bioloxía que se encarga do estudo das algas.

ES: **ficología** *s.f.*

EN: **phycology**

ficourobilina *s.f.* Pigmento captador de luz, da familia das ficobiliproteínas. A ficourobilina presenta un máximo de poder de absorción en 495nm. de lonxitude de onda.

ES: **ficourobilina** *s.f.*

EN: **phycourobilin**

feito *s.m.* Planta vascular pteridófita que conta con verdadeiras follas ou frondes.

SIN GL: **folgueira** *s.f.*; **feita** *s.f.*; **fenta** *s.f.*;

felgo *s.m.*; **fento** *s.m.*

ES: **helecho** *s.m.*

EN: **fern**

fígado *s.m.* Órgano glandular que desempeña unha serie de funcións metabólicas esenciais nos vertebrados.

ES: **hígado** *s.m.*

EN: **liver**

filamento *s.m.* Pedúnculo dos estames que serve de soporte ás anteras.

ES: **filamento** *s.m.*

EN: **filament**

V. TAMÉN: **antera; estame**

filamento axial *loc.s.m.* V. **endoflaxelo**.

filamento de actina *loc.s.m.* V. **microfilamento**.

filamento intermedio *loc.s.m.* Filamento proteico estable duns 10nm de diámetro que forma parte do citoesqueleto.

ES: **filamento intermedio** *loc.s.m.*

EN: **intermediate filament**

filidio *s.m.* Órgano laminar das plantas inferiores que se asemella a unha folla.

ES: **filidio** *s.m.*; **filodio** *s.m.*

EN: **phyllode**

filoide *s.m.* Parte do talo dunha alga que se asemella a unha folla.

ES: **filoide** *s.m.*

EN: **phyloide**

filopodio *s.m.* Proxección fina e longa da membrana plasmática orixinada por unha reorganización dos filamentos de actina.

SIN GL: **microespiña** *s.f.*

ES: **filopodio** *s.m.*

EN: **filopodium**

filotaxe *s.f.* Disposición das follas respecto do talo.

ES: **filotaxis** *s.f.*

EN: **phyllotaxis**

filoxenia *s.f.* Estudo e determinación da historia evolutiva dos organismos.

ES: **filogenia** *s.f.*

EN: **phylogenetics**

filtrador, filtradora *adx.* V. **suspensívoro, suspensívora**.

fimbria *s.f.* Filamento recto composto por unha serie de subunidades proteicas de pilina e presente en moitas bacterias. As fimbrias están implicadas na adhesión bacteriana a substratos e a outras células. Só son visibles ao microscopio electrónico.

ES: **fimbria** *s.f.*

EN: **fimbria**

fisión *s.f.* Proceso polo cal unha célula, tras medrar, se divide en dúas ou máis partes.

ES: **fisión** *s.f.*

EN: **fission**

fitoalexina *s.f.* Metabolito secundario con actividade antimicrobiana que se sintetiza

e acumula no lugar onde se produciu a infección. Moitos flavonoides son fitoalexinas.

ES: **fitoalexina** *s.f.*

EN: **phytoalexin**

V. TAMÉN: **flavonoide**

fitness *s.f.* V. **aptitude biolóxica**.

fitocromo *s.m.* Molécula pertencente a unha familia de proteínas que funcionan como fotorreceptores de luz vermella. En función do tipo de luz detectada pode desencadear diferentes respostas na planta.

ES: **fitocromo** *s.m.*

EN: **phytochrome**

V. TAMÉN: **fotorreceptor**

fitohormona *s.f.* V. **hormona vexetal**.

fitómero *s.m.* Unidade funcional dunha planta producida de forma continua polos meristemas vasculares e polos abrollos durante todo o ciclo vexetativo.

ES: **fitómero** *s.m.*

EN: **phytomere**

fitoplancto *s.m.* Conxunto de organismos autótrofos, tradicionalmente estudados pola Botánica, con escasa ou nula capacidade de movemento autónomo e que viven libres nas augas, movéndose dependendo das correntes.

ES: **fitoplancton** *s.m.*

EN: **phytoplankton**

fitorremediación *s.f.* Biorremediación levada a cabo grazas ao uso de vexetais.

ES: **fitorremediación** *s.f.*

EN: **fitoremediation**

flavín adenín dinucleótido *loc.s.m.* Molécula de riboflavina unida a unha adenina difosfato.

SIN GL: **FAD** *sigla*

ES: **flavín adenín dinucleótido** *loc.s.m.*;

FAD *sigla*

EN: **flavin adenine dinucleotide**; **FAD**

flavonoide *s.m.* Amplo grupo de pigmentos vexetais de natureza fenólica. Presentan propiedades biolóxicas como antimicrobianos, insecticidas ou antioxidantes.

ES: **flavonoide** *s.m.*

EN: **flavonoid**

V. TAMÉN: **antocianina**

flaxelo *s.m.* Filamento bacteriano oco, de forma sinuosa, empregado para o desprazamento celular. Está formado por multitude de subunidades proteicas de flaxelina, que se dispoñen en paquetes hexagonais unidos helicoidalmente. Na súa base atópase un corpúsculo de estrutura cilíndrica que funciona como rotor.

ES: **flagelo** *s.m.*

EN: **flagellum**

flaxelo *s.m.* V. **undulipodio**.

floema *s.m.* Tecido vexetal condutor do zume elaborado.

ES: **floema** *s.m.*

EN: **phloem**; **bast**

flor *s.f.* Estrutura reprodutiva das plantas fanerógamas.

ES: **flor** *s.f.*

EN: **flower**

flora *s.f.* Conxunto de plantas que viven nun lugar determinado.

ES: **flora** *s.f.*

EN: **flora**

floración *s.f.* V. **antese**.

fluxo xénico *loc.s.m.* Transferencia de alelos dunha poboación cara a outra.

ES: **flujo génico** *loc.s.m.*

EN: **gene flow**

folgueira; fieita; fenta *s.f.*; *s.f.*; V. **feito**.

folículo *s.m.* Froito sinxelo e seco orixinado por un único carpelo e que contén varias sementes no seu interior. Ao abrirse para liberar as súas sementes divídese ao longo dunha única zona de ruptura.

ES: **folículo** *s.m.*

EN: **follicle**

folículo de Graaf *loc.s.m.* Estrutura formada por un oocito primario e as células foliculares que se desenvolven ao seu redor. As células foliculares axudan a nutrir o óvulo e a que no interior deste se forme o vitelo.

SIN GL: **folículo ovárico** *loc.s.m.*

ES: **folículo de Graaf** *loc.s.m.*; **folículo ovárico** *loc.s.m.*

EN: **ovarian follicle**

foliculo ovárico *loc.s.m.* V. **foliculo de Graaf**.

foliculo piloso *loc.s.m.* Zona da pel dende a cal crece o pelo. Dentro do foliculo encontrámos as glándulas sebáceas, e na súa base unhas papilas onde se orixinan as células que dan lugar ao cabelo.

ES: **foliculo piloso** *loc.s.m.*

EN: **hair follicle**

folíolo *s.m.* Cada unha das láminas foliares dunha folla composta.

ES: **folíolo** *s.m.*

EN: **leaflet**

folla *s.f.* Órgano aéreo das plantas vasculares, especializado na fotosíntese.

ES: **hoja** *s.f.*

EN: **leaf**

fómites *s.m.* Calquera obxecto inanimado ou material que, de ser contaminado cun patóxeno viable, pode transferir o devandito patóxeno ao hospedador.

ES: **fómites** *s.m.*

EN: **fomite**

foraminífero *s.m.* Organismo pertencente ao grupo *Foraminifera*. Os foraminíferos son protozoos caracterizados por posuíren un esqueleto calcario con multitude de poros a través dos cales emerxen pseudópodos retráctiles.

ES: **foraminífero** *s.m.*

EN: **foraminifer**

foraminífero, foraminífera *adx.* Relativo aos foraminíferos.

ES: **foraminífero, foraminífera** *adx.*

EN: **foraminiferous**

forcada de replicación *loc.s.f.* Estrutura en forma de Y que se manifesta durante a replicación do ADN pola apertura das cadeas da dobre hélice, e na que o proceso avanza cara a unha dirección.

ES: **horquilla de replicación** *loc.s.f.*

EN: **replication fork**

fosfatase *s.f.* Encima hidrolase que cataliza a eliminación de grupos fosfato dalgún substrato.

ES: **fosfatasa** *s.f.*

EN: **phosphatase**

fosfolípido *s.m.* Molécula lipídica composta por un glicerol, dous ácidos graxos e un grupo fosfato ao que xeralmente se une outro radical polar.

ES: **fosfolípido** *s.m.*

EN: **phospholipid**

fosforilación *s.f.* Adición dun grupo fosfato a unha molécula.

ES: **fosforilación** *s.f.*

EN: **phosphorylation**

fosforilase *s.f.* Encima que cataliza a escisión dunha molécula orgánica pola acción dun fosfato.

ES: **fosforilasa** *s.f.*

EN: **phosphorylase**

fósil *s.m.* Resto ou sinal da actividade dun organismo do pasado remoto.

ES: **fósil** *s.m.*

EN: **fossil**

fotoasimilado *s.m.* Composto biolóxico formado por asimilación por reaccións dependentes da luz.

ES: **fotoasimilado** *s.m.*

EN: **photoassimilate**

fotoautótrofo *s.m.* Organismo que aproveita a enerxía da luz para impulsar a síntese de compostos orgánicos a partir de dióxido de carbono.

ES: **fotoautótrofo** *s.m.*

EN: **phototroph; photoautotroph**

fotoautótrofo, fotoautótrofa *adx.* Que emprega a enerxía da luz solar para a síntese de compostos orgánicos a partir de CO₂.

ES: **fotoautótrofo, fotoautótrofa** *adx.*

EN: **phototrophic**

fotofosforilación *s.f.* Síntese de ATP a partir de ADP acoplada á transferencia de electróns dependente da luz que ocorre durante a fotosíntese.

ES: **fotofosforilación** *s.f.*

EN: **photophosphorylation**

fotoheterótrofo *s.m.* Organismo que emprega a luz para xerar ATP pero que debe obter o carbono dunha fonte orgánica.

ES: **fotoheterótrofo** *s.m.*

- EN: **photoheterotrophs**
- fotoheterótrofo, fotoheterótrofa** *adx.*
Que emprega a luz para obter enerxía pero precisa dunha fonte orgánica de carbono.
ES: **fotoheterótrofo, fotoheterótrofa** *adx.*
EN: **photoheterotrophic**
- fotoinhibición** *s.f.* Redución da capacidade de taxa fotosintética nun organismo por exposición a unha forte luminosidade.
ES: **fotoinhibición** *s.f.*
EN: **photoinhibition**
- fotólise** *s.f.* Reacción química mediante a cal un compoñente químico se disocia debido á enerxía dos fotóns.
ES: **fotólisis** *s.f.*; **photodisociación** *s.f.*
EN: **photolysis**; **photodissociation**
- fotolitótrofo** *s.m.* Organismo fotoautótrofo que emprega unha fonte inorgánica de electróns.
ES: **fotolitótrofo** *s.m.*
EN: **photolithotroph**
- fotolitótrofo, fotolitótrofa** *adx.* Que emprega substancias inorgánicas como doadores de electróns para reaccións de biosíntese fotoautótrofa.
ES: **fotolitótrofo, fotolitótrofa** *adx.*
EN: **photolithotrophic**
- fotomorfoxénese** *s.f.* Modificación dos padróns de desenvolvemento pola enerxía lumínica percibida polos fotorreceptores.
ES: **fotomorfoxénese** *s.f.*
EN: **photomorphogenesis**
- fotoorganótrofo** *s.m.* Microorganismo que emprega a enerxía lumínica e é doador de electróns orgánicos.
ES: **fotoorganótrofo** *s.m.*
EN: **photoorganotroph**; **photoheterotroph**
- fotoorganótrofo, fotoorganótrofa** *adx.*
Que utiliza a enerxía da luz e é doador de electróns orgánicos.
ES: **fotoorganótrofo, fotoorganótrofa** *adx.*
EN: **photoorganotrophic**
- fotoperíodo** *s.m.* Tempo de exposición á luz diúrna por parte dos organismos.
EN: **fotoperíodo** *s.m.*
EN: **photoperiod**
- fotorreactivación** *s.f.* Reparación do ADN dos danos causados pola exposición á luz. A fotorreactivación é levada a cabo por encimas chamados fotoliasas.
ES: **fotorreactivación** *s.f.*
EN: **photoreactivation**
- fotorreceptor** *s.m.* Receptor electromagnético que detecta a radiación coñecida como luz visible.
ES: **fotorreceptor** *s.m.*
EN: **photoreceptor**
- fotorrespiración** *s.f.* Vía metabólica vexetal na que se consome ribulosa-1,5-difosfato e osíxeno, dando lugar a 3-fosfoglicerato e dióxido de carbono.
ES: **fotorrespiración** *s.f.*
EN: **photorespiration**
- fotosíntese** *s.f.* Proceso bioquímico no que se converte enerxía luminosa en enerxía química.
ES: **fotosíntesis** *s.f.*
EN: **photosynthesis**
- fotosistema** *s.m.* Complexo proteínico que actúa absorbendo e transformando a enerxía luminosa en enerxía química aproveitábel pola planta, algas ou cianobacteria. Contén unha serie de proteínas entre as que destacan pola súa función as clorofilas, carotenoides e cofactores.
ES: **fotosistema** *s.m.*
EN: **photosystem**
V. TAMÉN: **centro de reacción**; **complejo antena**
- fototropismo** *s.m.* Crecemento direccional dun órgano en resposta á luz.
ES: **fototropismo** *s.m.*
EN: **phototropism**
- fragmento de Okazaki** *loc.s.m.* Pequeno segmento de ADN de cadea simple que se orixina durante a replicación da cadea retardada.
ES: **fragmento de Okazaki** *loc.s.m.*
EN: **Okazaki fragment**

fragmento de restrición *loc.s.m.* Segmento de ADN orixinado polo corte deste por parte dun encima de restrición.

ES: **fragmento de restricción** *loc.s.m.*

EN: **restriction fragment**

fragmoplasto *s.m.* Estrutura cilíndrica composta por unha complexa asociación de microtúbulos, microfilamentos e elementos do retículo endoplasmático que serve como andamiaxe para a formación da placa celular.

ES: **fragmoplasto** *s.m.*

EN: **phagmoplast**

V. TAMÉN: **placa celular**

frecuencia alélica *loc.s.f.* Proporción de todos os alelos dun xene que son dun tipo concreto nunha poboación.

SIN GL: **frecuencia xénica** *loc.s.f.*

ES: **frecuencia alélica** *loc.s.f.*; **frecuencia génica** *loc.s.f.*

EN: **allele frequency**; **gene frequency**

frecuencia xénica *loc.s.f.* V. **frecuencia alélica**.

frecuencia xenotípica *loc.s.f.* Proporción dun xenotipo concreto dentro dunha poboación.

ES: **frecuencia genotípica** *loc.s.f.*

EN: **genotype frequency**

froitto *s.m.* Estrutura orixinada a partir do ovario dunha flor unha vez fecundados os primordios seminais. Na súa formación poden intervir elementos accesorios como o tálamo floral.

ES: **fruto** *s.m.*

EN: **fruit**

frústulo *s.m.* Capa externa ou parede celular dura e porosa que recobre as diatomeas.

ES: **frústulo** *s.m.*

EN: **frustule**

fruxívoro *s.m.* Organismo que se alimenta a base de froitos.

ES: **frugívoro** *s.m.*

EN: **frugivore**

fruxívoro, fruxívora *adx.* Que se alimenta de froita.

ES: **frugívoro, frugívora** *adx.*

EN: **frugivorous**

FSH *sigla* Hormona sintetizada e segregada pola adenohipófise que intervéen no desenvolvemento, crecemento, maduración sexual e procesos reprodutivos dos mamíferos.

ES: **FSH** *sigla*

EN: **FSH, follicle stimulating hormone**

fungo *s.m.* Organismo pertencente ao taxon *Fungi*.

ES: **hongo** *s.m.*

EN: **fungus; deuteromycetes**

fungo imperfecto *loc.s.m.* Fungo pertencente ao grupo dos *Deuteromycetes*. Os deuteromicetos son fungos que se reproducen de forma asexual por medio de conidios, pertencentes aos filos ascomicetos e basidiomicetos. O termo deuteromiceto non encaixa na clasificación taxinómica actual e prefírese o termo fungos imperfectos.

SIN GL: **deuteromiceto** *s.m.*

ES: **hongo imperfecto** *loc.s.m.*; **deuteromiceto** *s.m.*

EN: **fungi imperfecti; deuteromycetes**

fusión xénica *loc.s.f.* Manipulación de material xenético co obxectivo de dispoñer de forma contigua xenes separados.

ES: **fusión génica** *loc.s.f.*

EN: **gene fusion; fusion gene**

fuso acromático *loc.s.m.* Estrutura formada polos microtúbulos durante a división celular.

SIN GL: **fuso mitótico** *loc.s.m.*

ES: **huso acromático** *loc.s.m.*; **huso mitótico** *loc.s.m.*

EN: **achromatic spindle; mitotic spindle**

fuso mitótico *loc.s.m.* V. **fuso acromático**.

GABA *sigla* Ácido Gamma Amino-Butírico.

Neurotransmisor inhibitor que actúa no sistema nervioso central, especialmente do cerebro. Sintetízase a partir do glutamato

ES: **GABA** *sigla*

EN: **GABA**

V. TAMÉN: **Glutamato**

GABA *sigla* Principal neurotransmisor de inhibición no sistema nervioso central de mamíferos.

ES: **GABA** *sigla*

EN: **GABA**; **Gamma-aminobutyric acid**

gabián *s.m.* Órgano vexetal filiforme das plantas rubideiras que se aferra a calquera soporte permitíndolle á planta gabear.

ES: **zarcillo** *s.m.*

EN: **tendrill**

gadoupa *s.f.* Man ou pé con unllas longas e afiadas que presentan algúns vertebrados.

SIN GL: **garra** *s.f.*; **pouta** *s.f.*

ES: **garra** *s.f.*

EN: **claw**

galada *s.f.* Órgano respiratorio que empregan os animais acuáticos para obterem osíxeno da auga. As branquias están formadas por membranas ou excrecencias do corpo, cunha grande superficie de exposición e un importante rego sanguíneo.

SIN GL: **guerla** *s.f.*; **branquia** *s.f.*

ES: **branquia** *s.f.*; **agalla** *s.f.*

EN: **gill**

gálbulo *s.m.* Estróbilo redondeado, carnoso e indehiscente, que encerra varias sementes no seu interior.

ES: **gálbulo** *s.m.*

EN: **galbulus**

gametanxio *s.m.* Estrutura unicelular ou pluricelular na que se producen os gametos que se atopa en protistas, algas, fungos e no gametófito das plantas.

ES: **gametangio** *s.m.*

EN: **gametangium**

gameto *s.m.* Células sexuais, normalmente produto da meiose, que portan unha soa dotación cromosómica.

ES: **gameto** *s.m.*

EN: **gamete**

gametófito *s.m.* Estrutura ou fase pluricelular, nalgunhas algas e plantas que presentan alternancia de xeracións, que produce gametos.

ES: **gametofito** *s.m.*

EN: **gametophyte**

gametoxénese *s.f.* Proceso de formación e diferenciación dos gametos dende células precursoras a gametos maduros.

ES: **gametogénesis** *s.f.*

EN: **gametogenesis**

gamopétalo, gamopétala *adx.* Dise da planta que presenta unha corola cos pétalos soldados.

ES: **gamopétalo, gamopétala** *adx.*

EN: **gamopetalous**

gamosépalo, gamosépala *adx.* Dise da planta que presenta un carpelo cos sépalos soldados.

ES: **gamosépalo, gamosépala** *adx.*

EN: **gamosepalous**

ganglio *s.m.* Engrosamento natural de tecido que pode ter lugar en calquera parte do corpo.

SIN GL: **nódulo** *s.m.*

ES: **ganglio** *s.m.*
 EN: **ganglion**

ganglio linfático *loc.s.m.* V. **nódulo linfático**.

ganglio nervioso *loc.s.m.* V. **nódulo nervioso**.

garra *s.f.* V. **gadoupa**.

gastrocele *s.m.* V. **arquéntero**.

gástrula *s.f.* Fase do desenvolvemento dos animais na que se produce a gastrulación.
 ES: **gástrula** *s.f.*
 EN: **gastrula**

gastrulación *s.f.* Proceso embrionario que ocorre despois da clivaxe e durante o cal se produce unha reestruturación do embrión mediante migración celular, formándose as capas xerminais e o arquéntero.
 ES: **gastrulación** *s.f.*
 EN: **gastrulation**

GH *sigla* V. **hormona de crecemento**.

glándula *s.f.* Formación tisular constituída por unha ou máis células especializadas na elaboración e liberación de substancias específicas.
 ES: **glándula** *s.f.*
 EN: **gland**

glándula adrenal *loc.s.f.* Glándula endócrina situada na parte superior dos riles. A glándula suprarrenal está formada por dúas porcións funcionalmente diferenciadas: o córtex (encargado de segregar hormonas sexuais, como a cortisona e a aldosterona) e a medula (que segrega adrenalina e noradrenalina)
 SIN GL: **glándula suprarrenal** *loc.s.f.*
 ES: **glándula suprarrenal** *loc.s.f.*; **glándula adrenal** *loc.s.f.*
 EN: **adrenal gland**

glándula de secreción externa *loc.s.f.* V. **glándula exócrina**.

glándula de secreción interna *loc.s.f.* V. **glándula endócrina**.

glándula endócrina *loc.s.f.* Glándula que verte os seus produtos directamente ao sangue ou ao medio interno do organismo. Poden ser unicelulares ou pluricelulares. As pluricelulares divídense en dous grupos: as macizas,

que almacenan os produtos no seu interior e as vesiculares, nas que o produto se almacena en folículos asociados ás células.

SIN GL: **glándula de secreción interna** *loc.s.f.*

ES: **glándula endocrina** *loc.s.f.*; **glándula de secreción interna** *loc.s.f.*

EN: **endocrine gland**

glándula exócrina *loc.s.f.* Glándula que posúe unha canle excretora e que verte os seus produtos ao exterior do corpo ou no interior dun órgano oco. Hai tres tipos de produtos que poden excretar: mucosos, sebosos e sebáceos.

SIN GL: **glándula de secreción externa** *loc.s.f.*

ES: **glándula exocrina** *loc.s.f.*; **glándula de secreción externa** *loc.s.f.*

EN: **exocrine gland**

glándula mamaria *loc.s.f.* Glándula exócrina que produce leite, propia das femias de mamíferos. As glándulas mamarias consisten en glándulas sudoríparas dilatadas e modificadas.

ES: **glándula mamaria** *loc.s.f.*

EN: **mammary gland**

glándula pituitaria *loc.s.f.* V. **hipófise**.

glándula sudorípara *loc.s.f.* Glándula exócrina, tubular, simple e moi pregada que segrega suor, típica de mamíferos. Levan a cabo dúas funcións, excretora e termorreguladora. Existen dous tipos de glándulas sudoríparas, as ecrinas e as apocrinas.

ES: **glándula sudorípara** *loc.s.f.*

EN: **sweat gland**

glándula suprarrenal *loc.s.f.* V. **glándula adrenal**.

glándula xenital *loc.s.f.* V. **gónada**.

gleba *s.f.* Masa interior do esporocarpo dalgúns fungos gasteromicetos, onde se producen as esporas.

ES: **gleba** *s.f.*

EN: **gleba**

glía *s.f.* V. **neuroglía**.

glicagón *s.m.* Hormona peptídica que actúa favorecendo un incremento da concentración de glicosa no sangue

ES: **glucagón** *s.m.*

EN: **glycagon**

gliceraldehído 3 fosfato *loc.s.m.* Éster de fosfato do gliceraldehído no terceiro Carbono que funciona como intermediario de numerosas rutas metabólicas. Moi importante na glicólise. Abreviatura: GAP, G3P.

SIN GL: **3 fosfogliceraldehído** *loc.s.m.*

ES: **gliceraldehído 3 fosfato** *loc.s.m.*

EN: **glyceraldehyde 3-phosphate**

V. TAMÉN: **dihidroxiacetona fosfato**

glícido; *s.m.* V. **hidrato de carbono**.

glicina *s.f.* Aminoácido non esencial.

Represéntase como Gly ou G.

ES: **glicina** *s.f.*

EN: **glycine**

V. TAMÉN: **aminoácido**; **glicocola**.

glicocáliz *s.m.* Capa externa de glícidos que existe en moitas células eucariotas ou procaríotas.

ES: **glucocáliz** *s.m.*

EN: **glycocalyx**

glicocorticoide *s.m.* Hormona esteroidea que se une ao receptor glicocorticoide e de acción contraria á insulina no sangue. Os receptores glicocorticoides están presente en case tódalas células animais.

ES: **glucocorticoide** *s.m.*

EN: **glucocorticoid**

glicolípido *s.m.* Composto formado como mínimo por un lípido e un glícido.

ES: **glucolípido** *s.m.*; **glicolípido** *s.m.*

EN: **glycolipid**

glicólise *s.f.* Secuencia de reaccións que levan á conversión da glicosa en piruvato con produción de ATP.

ES: **glucólisis** *s.f.*; **glicólisis** *s.f.*

EN: **glycolysis**

glicoproteína *s.f.* Molécula composta por unha proteína e un ou varios oligosacáridos.

SIN GL: **glucoproteína** *s.f.*

ES: **glicoproteína** *s.f.*

EN: **glycoprotein**

glicóxeno *s.m.* Homopolisacárido de reserva dos animais formado por cadeas ramificadas de glicosa. Está principalmente acumulado no fígado e o músculo.

ES: **glicóxeno** *s.m.*; **glucóxeno** *s.m.*

EN: **glycogen**

glóbulo branco *s.m.* V. **leucocito**.

glóbulo vermello *loc.s.m.* V. **eritrocito**.

glomérulo *s.m.* V. **glomérulo renal**.

glomérulo *s.m.* Agrupamento denso de vasos, glándulas ou nervios.

ES: **glomérulo** *s.m.*

EN: **glomerule**

glomérulo *s.m.* Inflorescencia de tipo cima coas flores sésiles e dispostas densamente. Esta disposición das flores confírelle ao conxunto un aspecto globuloso e compacto.

ES: **glomérulo** *s.m.*

EN: **glomerule**

glomérulo renal *loc.s.m.* Unidade anatómica funcional do ril, onde radica a función de filtración do plasma sanguíneo. O glomérulo atópase rodeado pola cápsula de Bowman no ril dos vertebrados.

SIN GL: **glomérulo** *s.m.*

ES: **glomérulo renal** *loc.s.m.*; **glomérulo** *s.m.*

EN: **glomerule**

glucoproteína *s.f.* V. **glicoproteína**.

gluma *s.f.* Cada unha das dúas brácteas que se atopan na base da espícula das gramíneas.

ES: **gluma** *s.f.*

EN: **chaff**; **glume**

glumela *s.f.* Cada unha das dúas brácteas que envolven a flor das gramíneas.

ES: **glumela** *s.f.*

EN: **glumella**

glutamato *s.m.* Calquera sal ou éster do ácido glutámico.

ES: **glutamato** *s.m.*

EN: **glutamate**

glutación *s.m.* Tripéptido que ten función antioxidante.

ES: **glutación** *s.m.*

EN: **glutathione**

gnatóstomo *s.m.* Animal vertebrado pertencente ao grupo *Gnathostomata*. Pertencen a este grupo os animais provistos de mandíbulas articuladas.

ES: **gnatóstomo** *s.m.*

EN: **gnathostomata**

gnatóstomo, gnatóstoma *adx.* Relativo aos gnatóstomos.

ES: **gnatóstomo, gnatóstoma** *adx.*

EN: **gnathostomatous**

gnatostomúlido *s.m.* Animal pertencente ao grupo *Gnathostomulida*. Os gnatostomúlidos son vermes acelomados ou pseudocelomados de pequeno tamaño (menor de 3mm) que posúen unha característica mandíbula na súa boca, situada en posición anteroventral.

ES: **gnatostomúlido** *s.m.*

EN: **gnathostomulida**

gnatostomúlido, gnatostomúlida *adx.* Relativo aos gnatostomúlidos

ES: **gnatostomúlido, gnatostomúlida** *adx.*

EN: **gnathostomulid**

gnotobiótico, gnotobiótica *adx.* Dise do organismo do cal se coñece con exactitude a súa microbiota, e que adoita obterse a partir de individuos axénicos.

ES: **gnotobiótico, gnotobiótica** *adx.*

EN: **gnotobiotic**

V. TAMÉN: **axénico**

gónada *s.f.* Glándula sexual encargada de producir os gametos. En xeral, as gónadas masculinas denomínanse testículos e as femininas ovarios.

SIN GL: **glándula xenital** *loc.s.f.*

ES: **gónada** *s.f.*; **glándula genital** *loc.s.f.*

EN: **gonad**

gonadotropina *s.f.* Cada unha das hormonas segregadas pola hipófise e implicada na regulación da reprodución en vertebrados. Regulan a reprodución de moi diferentes formas, directas e indirectas.

ES: **gonadotropina** *s.f.*

EN: **gonadotropin**

gonóporo *s.m.* Poro xenital de moitos invertebrados.

ES: **gonoporo** *s.m.*

EN: **gonopore**

Gram, tinguidura *loc.s.f.* Técnica de tinguidura empregada en microbioloxía que diferencia as bacterias segundo a composición da súa parede celular. O procedemento consiste en tinguir as paredes con colorante básico (cristal violeta) reforzado con lugol, a continuación trátanse con decolorante (alcohol-acetona) e, por último, aplícase unha segunda tinguidura vermella. As bacterias denominadas "Gram+" tinguiranse de vermello.

ES: **Gram, tinción** *loc.s.f.*

EN: **Gram staining**

granulocito *s.m.* Leucocito de núcleo multilobulado, forma irregular e gránulos citoplasmáticos. Os granulocitos son os neutrófilos, eosinófilos e basófilos.

ES: **granulocito** *s.m.*

EN: **granulocyte**

granum *s.m.* Cada un dos tilacoides agrupados formando montóns no estroma dun cloroplasto.

ES: **granum** *s.m.*

EN: **granum**

gravitropismo *s.m.* Crecemento direccional dun órgano en resposta á gravidade. Permite ás raíces afundir no chan e aos talos crecer cara ao espazo aéreo.

SIN GL: **xeotropismo** *s.m.*

ES: **gravitropismo** *s.m.*

EN: **gravitropism**

graxa *s.f.* Nome común polo que se designan os acilglicéridos sólidos a temperatura ambiente.

ES: **grasa** *s.f.*

EN: **fat**

gremio *s.m.* Grupo de poboacións que empregan un gradiente de recursos dunha forma similar.

ES: **gremio** *s.m.*

EN: **guild**

gromo *s.m.* V. **abrocho**.

geitonogamia *s.f.* Proceso de polinización dunha flor polo pole doutra flor do mesmo individuo.

ES: **geitonogamia** *s.f.*

EN: **geitonogamy**

guerla *s.f.* V. **galada**.

gutación *s.f.* Fenómeno polo cal as plantas segregan gotas de auga polos estomas cando o ambiente está cargado de humidade.

ES: **gutación** *s.f.*

EN: **guttation**

hábitat *s.m.* Lugar onde vive unha planta ou animal.

ES: **hábitat** *s.m.*

EN: **habitat**

hadal *s.m.* Zona máis profunda dos océanos, desde aproximadamente os 6000 metros de profundidade ata o fondo.

ES: **hadal** *s.m.*

EN: **hadal zone**

halófilo *s.m.* Organismo extremófilo que se desenvolve en zonas con alta concentración de sales.

ES: **halófilo** *s.m.*

EN: **halophile**

halófilo, halófila *adx.* Que crece en ambientes con elevada concentración de sales.

ES: **halófilo, halófila** *adx.*

EN: **halophilous**

halterio *s.m.* Ala posterior modificada dos dípteros que funciona a modo de órgano equilibrador do voo.

SIN GL: **balancín** *s.m.*

ES: **halterio** *s.m.*; **balancín** *s.m.*

EN: **haltere**

hamatecio *s.m.* Conxunto de hifas estériles no interior dun ascocarpo.

ES: **hamatecio** *s.m.*

EN: **hamathecium**

haplodiplofásico, haplodiplofásica *adx.*

Dise do ciclo vital no que non existe unha fase claramente dominante, alternándose fases haploides e diploides igualmente conspicuas.

ES: **haplodiplofásico, haplodiplofásica** *adx.*

EN: **haplodiplontic**

haplofásico, haplofásica *adx.* Dise do ciclo vital no que a fase dominante é a haploide, sendo habitualmente o cigoto a única fase diploide.

ES: **haplofásico, haplofásica** *adx.*

EN: **haplontic**

haploide *adx.* Célula cunha soa dotación cromosómica.

ES: **haploide** *adx.*

EN: **haploid**

V. TAMÉN: **monoploide**

haploide *s.m.* Organismo formado por células haploides.

ES: **haploide** *s.m.*

EN: **haploid**

haplosuficiente *adx.* Dise do xene que, nunha célula diploide, pode realizar a función de tipo salvaxe cando só hai unha copia.

ES: **haplosuficiente** *adx.*

EN: **haplosufficient**

haplotipo *s.m.* Combinación de alelos en múltiples loci que se transmiten de forma conxunta no mesmo cromosoma.

ES: **haplotipo** *s.m.*

EN: **haplotype**

hapteno *s.m.* Molécula de baixo peso molecular que reacciona especificamente cun anticorpo, pero que non é capaz de provocar unha resposta inmunitaria. Se un hapteno se une a unha proteína transportadora funciona como un determinante antixénico e si pode desenvolver unha resposta inmune.

ES: **hapteno** *s.m.*

EN: **hapten**

haptotropismo *s.m.* V. **tigmotropismo**.

hasta *s.f.* V. **corna**.

haustorio *s.m.* Estrutura de absorción de fungos e plantas parasitas.

ES: **haustorio** *s.m.*

EN: **haustorium**

hCG *sigla* Gonadotropina coriónica humana. Hormona glicoproteica producida durante o embarazo polo embrión en desenvolvemento que prevén a desintegración do corpo lúteo.

ES: **hCG** *sigla*

EN: **hCG**

HDL *sigla* Lipoproteína de Alta Densidade. Lipoproteína que transporta o colesterol dende os tecidos ata o fígado. Chamado comumente colesterol bo.

ES: **HDL** *sigla*

EN: **HDL**

hectocótilo *s.m.* Brazo especializado que serve como órgano copulador masculino nos cefalópodos. Ás veces, unha vez introducido na femia, despréndese.

ES: **hectocótilo** *s.m.*

EN: **hectocotyl**

helicase *s.f.* Encima que rompe as pontes de hidróxeno que unen dúas cadeas de ADN. A función das helicases é a de separar as cadeas de ADN para o desenvolvemento da burbulla de replicación.

ES: **helicasa** *s.f.*

EN: **helicase**

hematócrito *s.m.* Proporción do volume de sangue que é ocupado polos glóbulos vermellos.

ES: **hematocrito** *s.m.*

EN: **hematocrit**

hematopoese *s.f.* Desenvolvemento das células sanguíneas maduras. A hematopoese fai referencia a eritrocitos, leucocitos e plaquetas.

ES: **hematopoyesis** *s.f.*

EN: **hematopoiesis**

hemicelulosa *s.f.* Heteropolisacárido presente na práctica totalidade das paredes celulares vexetais que presenta unha estrutura amorfa.

ES: **hemicelulosa** *s.f.*

EN: **hemicellulose**

hemicigose *s.f.* Fenómeno polo cal algúns cromosomas ou xenes non atopan representación na súa zona homóloga. A hemicigose é común nos cromosomas sexuais. Por exemplo, nos mamíferos o cromosoma Y e o X presentan rexións específicas que non comparten, polo que os machos sempre van posuír algunha rexión hemicigótica.

ES: **hemicigosis** *s.f.*

EN: **hemizygonis**

hemicordado *s.m.* V. **faringotremado**.

hemicordado, hemicordada *adx.* V. **faringotremado, faringotremada**.

hemcriptófito *s.m.* Segundo a clasificación de Raunkiaer, planta que durante a época desfavorable mantén gromos a nivel da terra de diferentes formas.

ES: **hemcriptófito** *s.m.*

EN: **hemicyptophyte**

hemimetabolía *s.f.* Forma de desenvolvemento de certos insectos dende a fase xuvenil á adulta consistente nunha metamorfose gradual ou incompleta. Os insectos hemimetábolos, a diferenza dos holometábolos, nunca desenvolven un estado de pupa. A metamorfose das formas xuvenís ás de adulto lévase a cabo por sucesivas mudas.

ES: **hemimetabolía** *s.f.*

EN: **hemimetaboly**

V. TAMÉN: **holometabolía**

hemo *s.m.* Grupo prostético formado por un anel de porfirina e un átomo de ferro. O grupo hemo está presente en hemoglobinas, mioglobinas, citocromos etc.

ES: **hemo** *s.m.*

EN: **haem- (Britain English); heme- (American English)**

hemocianina *s.f.* Heteroproteína presente no plasma sanguíneo de crustáceos, moluscos e algúns insectos, que actúa como transportador de osíxeno. A hemocianina contén un grupo prostético hemo coordinado con dous átomos de cobre, que é o encargado de transportar o osíxeno.

ES: **hemocianina** *s.f.*

EN: **haemocyanin**

hemoglobina *s.f.* Heteroproteína dos eritrocitos dos vertebrados e do plasma sanguíneo dalgúns insectos que actúa como transportador de osíxeno. Abreviatura: Hb. A hemoglobina contén un grupo prostético hemo coordinado cun átomo de ferro, que é o encargado de transportar o osíxeno.

ES: **hemoglobina** *s.f.*

EN: **haemoglobin**

hemolinfa *s.f.* Medio interno fluído dalgúns invertebrados que equivale ao sangue e á linfa dos vertebrados. A hemolinfa é propia de sistemas circulatorios abertos.

ES: **hemolinfa** *s.f.*

EN: **haemolymph**

hepática *s.f.* Clase de plantas pertencente ás briófitas do grupo *Marchantiophyta*.

ES: **hepática** *s.f.*

EN: **liverwort**

hepatopáncreas *s.m.* Glándula dixestiva dalgúns invertebrados e peixes que fai funcións equivalentes ao fígado e páncreas dos mamíferos. O hepatopáncreas permite a acumulación de metais pesados sen que ocorra ningún efecto negativo no organismo.

ES: **hepatopáncreas** *s.m.*

EN: **hepatopancreas**

herbáceo, herbácea *adx.* Dise da planta de estrutura non lignificada.

ES: **herbáceo, herbácea** *adx.*

EN: **herbaceous**

herbívoro *s.m.* Organismo que se alimenta de tecidos vexetais.

ES: **herbívoro** *s.m.*

EN: **herbivorous**

herbívoro, herbívora *adx.* Que se alimenta de tecido vexetal.

ES: **herbívoro, herbívora** *adx.*

EN: **herbivorous**

hercogamia *s.f.* Condición na cal se evita a autopolinización por mor de impedimentos estruturais, como a posición relativa dos elementos florais.

ES: **hercogamia** *s.f.*

EN: **herkogamy**

herdabilidade en sentido amplo *loc.s.f.*
V. **herdabilidade xeral.**

herdabilidade en sentido estrito *loc.s.f.*
Proporción da varianza fenotípica que se lle pode atribuír á varianza xenética aditiva.

ES: **heredabilidad en sentido estricto** *loc.s.f.*

EN: **narrow sense heritability**

herdabilidade xeral *loc.s.f.* Proporción da varianza fenotípica total dunha poboación que se debe á varianza xenética. A herdabilidade en sentido amplo exprésase como H^2 .

SIN GL: **herdabilidade en sentido amplo** *loc.s.f.*

ES: **heredabilidad general** *loc.s.f.*; **heredabilidad en sentido amplo** *loc.s.f.*

EN: **broad-sense heritability**

herdanza *s.f.* Semellanza xenética entre a descendencia e os seus proxenitores.

ES: **herencia** *s.f.*

EN: **heredity**

hesperidio *s.m.* Froito indehiscente, carnoso e plurilocular, co epicarpio e mesocarpio fusionados para formar a pela, e o endocarpio dividido en tabiques de maneira que a pulpa está formada por múltiples fragmentos.

ES: **hesperidio** *s.m.*

EN: **hesperidium**

heterocigosidade *s.f.* Medida da variabilidade xenética dunha poboación.

ES: **heterocigosidad** *s.f.*

EN: **heterozygosity**

heterocigosidade *s.f.* Frecuencia de heterocigotos para un locus particular. A heterocigosidade emprégase como medida da variabilidade xenética dunha poboación respecto a un locus concreto.

ES: **heterocigosidad** *s.f.*

EN: **heterozygosity**

heterocisto *s.m.* Célula especializada de certas cianobacterias filamentosas na cal se realiza o proceso de fixación do nitróxeno. Os heterocistos son células incoloras, de parede engrosada e relativamente máis grandes que o resto das células e atópanse intercaladas no fila-

mento. O engrosamento da parede, xunto coa ausencia de actividade fotosintética, produce un ambiente anóxico no interior da célula, condición esencial para o funcionamento da nitroxenase.

ES: **heterocisto** *s.m.*

EN: **heterocyst**

heterocisto *s.m.* Célula dalgunhas algas cianofíceas filamentosas especializada na fixación de nitróxeno.

ES: **heterocisto** *s.m.*

EN: **heterocyst**

heteroconto, heteroconta *adx.* Dise das células que posúen dous flaxelos desiguais.

ES: **heteroconto, heteroconta** *adx.*

EN: **heterokont**

heterocromatina *s.f.* Rexións cromosómicas condensadas que se tinguen intensamente. Existen dous tipos de heterocromatina: heterocromatina constitutiva e heterocromatina facultativa.

ES: **heterocromatina** *s.f.*

EN: **heterochromatin**

V. TAMÉN: **eucromatina**

heterocronía *s.f.* Cambio evolutivo que afecta os tempos e ritmos do proceso de desenvolvemento, conducindo a pedomorfose ou peramorfose.

ES: **heterocronía** *s.f.*

EN: **heterochrony**

heterodúplex *s.m.* V. **heterodúplice**.

heterodúplice *s.m.* Cadea de ADN de dupla cadea formada pola reasociación de dúas cadeas sinxelas de distinta orixe. Os heterodúplex non sempre son perfectos, senón que unha das cadeas pode ser estruturalmente diferente da outra e formar lazos, bucles etc.

SIN GL: **heterodúplex** *s.m.*

ES: **heterodúplex** *s.m.*; **heterodúplice** *s.m.*

EN: **heteroduplex**

heterogamia *s.f.* Fecundación que implica a participación de gametos de diferente tamaño ou estrutura.

SIN GL: **anisogamia** *s.f.*

ES: **heterogamia** *s.f.*; **anisogamia** *s.f.*

EN: **heterogamy**; **anisogamy**

V. TAMÉN: **isogamia**; **homogamia**

heteromórfico, heteromórfica *adx.* Dise do ciclo vital no que as distintas xeracións alternantes son morfoloxicamente diferentes.

ES: **heteromórfico, heteromórfica** *adx.*

EN: **heteromorphic**

heterótrofo *s.m.* Organismo que emprega moléculas orgánicas preformadas, reducidas, como principal fonte de carbono.

ES: **heterótrofo** *s.m.*

EN: **heterotroph**

heterótrofo, heterótrofa *adx.* Que precisa dunha fonte orgánica de carbono.

ES: **heterótrofo, heterótrofa** *adx.*

EN: **heterotrophic**

hexápodo *s.m.* Animal pertencente ao grupo *Hexapoda*. Pertencen a este grupo os insectos, proturos, colémbolos e dipluros. Caracterízanse por posuíren tres pares de patas.

ES: **hexápodo** *s.m.*

EN: **hexapoda**

hexápodo, hexápoda *adx.* Relativo aos hexápodos.

ES: **hexápodo, hexápoda** *adx.*

EN: **hexapod**

hexosa *s.f.* Monosacárido formado por unha cadea de seis átomos de carbono. Distingúense dous grupos de hexosas segundo a posición do grupo carbonilo: aldosas (co grupo carbonilo terminal) e cetosas (co grupo carbonilo non terminal).

ES: **hexosa** *s.f.*

EN: **hexose**

hialoplasma *s.m.* Porción coloidal do citoplasma, que queda ao eliminar os orgánulos e o citoesqueleto.

SIN GL: **citosol** *s.m.*

ES: **hialoplasma** *s.m.*; **citosol** *s.m.*

EN: **hyaloplasm**; **cytosol**

hibernación *s.f.* Letargo invernal dos animais que se caracteriza por unha gran diminución do metabolismo.

SIN GL: **invernación** *s.f.*

ES: **hibernación** *s.f.*; **invernación** *s.f.*

EN: **hibernation**

hibridación *s.f.* Proceso de combinación de dúas cadeas sinxelas e complementarias de ácidos nucleicos para formar unha molécula de dobre cadea.

ES: **hibridación** *s.f.*

EN: **hybridization**

hibridación Northern *loc.s.f.* Técnica de detección dunha cadea simple de ácido nucleico (ARN ou ADN) pola hibridación con fragmentos de ARN inmovilizados nun filtro.

SIN GL: **Northern blot** *loc.s.m.*

ES: **Northern blot** *loc.s.m.*; **hibridación Northern** *loc.s.f.*

EN: **Northern blot**; **Northern transfer**

hibridación Southern *loc.s.f.* Técnica de detección dunha cadea simple de ácido nucleico (ADN ou ARN) pola hibridación con fragmentos de ADN inmovilizados nun filtro.

SIN GL: **Southern blot** *loc.s.m.*

ES: **hibridación Southern** *loc.s.f.*; **Southern blot** *loc.s.m.*

EN: **Southern blot**

hibridación Western *loc.s.f.* Técnica de detección de proteínas inmovilizadas nun filtro grazas á reacción de complementariedade con anticorpos específicos.

SIN GL: **Western blot** *loc.s.m.*; **immunoblot** *s.m.*

ES: **Western blot** *loc.s.m.*; **hibridación Western**; **immunoblot** *loc.s.f.*; *s.m.*

EN: **Western blot analysis**

hibridoma *s.m.* Liña celular inmortal en cultivo que é capaz de producir de xeito permanente un anticorpo específico de interese.

ES: **hibridoma** *s.m.*

EN: **hybridoma**

hidrato de carbono *s.m.* Composto orgánico polialcol con fórmula xeral $C_2(H_2O)_2$ no que algún grupo alcol está substituído por un carbonilo.

SIN GL: **glúcido** *s.m.*; **carbohidrato** *s.m.*

ES: **glúcido** *s.m.*

EN: **glucide**

hidrocoria *s.f.* Forma de dispersión das sementes na que o axente dispersante é a auga.

ES: **hidrocoria** *s.f.*

EN: **hydrochory**

hidrocortisona *s.f.* Glicocorticoide segregado polo córtex suprarrenal que ten función antiinflamatoria e inmunosupresora.

SIN GL: **cortisol** *s.m.*

ES: **hidrocortisona** *s.f.*; **cortisol** *s.m.*

EN: **hydrocortisone**; **cortisol**

hidrófilo, hidrófila *adx.* Dise da molécula que presenta interaccións de atracción coas moléculas de auga.

ES: **hidrófilo, hidrófila** *adx.*

EN: **hydrophilic**

hidrófobo, hidrófoba *adx.* Dise da molécula que é repelida por unha masa de auga.

ES: **hidrófobo, hidrófoba** *adx.*

EN: **hydrophobic**

hidrólise *s.f.* Rotura dun enlace pola adición de auga.

ES: **hidrólisis** *s.f.*

EN: **hydrolysis**

hidroponía *s.f.* Tipo de cultivo de plantas no cal non existe solo, e todos os elementos necesarios son subministrados mediante unha solución nutritiva.

ES: **hidroponía** *s.f.*

EN: **hydroponics**

hifa *s.f.* Cada un dos filamentos que constitúen o micelio dun fungo.

ES: **hifa** *s.f.*

EN: **hypha**

himenio *s.m.* Capa de tecido fértil do corpo frutífero dun fungo.

ES: **himenio** *s.m.*

EN: **hymenium**

hiperpolarización *s.f.* Calquera cambio no potencial de membrana da célula, que fai que se volva máis polarizada.

ES: **hiperpolarización** *s.f.*

EN: **hyperpolarization**

hipocótilo *s.m.* Parte do eixe caulinar da plántula que se atopa por baixo da inserción dos cotiledóns.

ES: **hipocótilo** *s.m.*
EN: **hypocotyl**

hipoestomático, hipoestomática *adx.*
Dise das follas que presentan estomas só no seu envés.
ES: **hipostomático, hipostomática** *adx.*
EN: **hypostomatic; hypostomatous**

hipófise *s.f.* Glándula endócrina situada na excavación da base do cráneo. Pódese dividir en tres partes anatómicas e funcionais: a hipófise anterior ou adenohipófise, hipófise media e hipófise posterior ou neurohipófise. Segrega unha serie de hormonas moi importantes como a LH, FSH, ACTH, GH, PRL e TSH.
SIN GL: **glándula pituitaria** *loc.s.f.*
ES: **hipófisis** *s.f.*; **glándula pituitaria** *loc.s.f.*
EN: **pituitary gland; hypophyse**

hipostoma *s.m.* Prolongación tubular que pendura no centro da subumbrela dunha medusa e que porta a boca.
SIN GL: **manubrio** *s.m.*
ES: **hipostoma** *s.m.*; **manubrio** *s.m.*
EN: **hypostome**

hipotálamo *s.m.* Glándula que forma parte do diencefalo, situada por debaixo do tálamo. O hipotálamo leva a cabo moitas funcións de maneira coordinada coa hipófise.
ES: **hipotálamo** *s.m.*
EN: **hypothalamus**

hipoteca *s.f.* Metade inferior do frústulo dunha diatomea, que encaixa interiormente coa epiteca.
ES: **hipoteca** *s.f.*
EN: **hypotheca**

hipotecio *s.m.* Capa de hifas situada por baixo do himenio dun apotecio.
ES: **hipotecio** *s.m.*
EN: **hypothecium**

hipoxia *s.f.* Presenza dunha baixa concentración de osíxeno, máis baixa que a demanda.
ES: **hipoxia** *s.f.*
EN: **hypoxia**

hipóxino, hipóxina *adx.* Relativo á posición do perianto e o androceo por baixo do ovario.
ES: **hipógino, hipógina** *adx.*
EN: **hypogynous**

histamina *s.f.* Amina biolóxica que funciona como mediador importante na hipersensibilidade inmediata.
ES: **histamina** *s.f.*
EN: **histamine**

histoloxía *s.f.* Eido da bioloxía que estuda a estrutura, organización, desenvolvemento e funcións dos tecidos orgánicos.
ES: **histología** *s.f.*
EN: **histology**

histona *s.f.* Proteína básica que se asocia ao ADN, asociación que constituirá un primeiro nivel de condensación: o nucleosoma.
ES: **histona** *s.f.*
EN: **histone**

holoencima *s.m.* Encima formado por un apoencima e un elemento non proteico.
ES: **holoenzima** *s.m.*
EN: **holo-enzyme**

holofilético, holofilética *adx.* Grupo constituído por un único devanceiro e todos os seus descendentes, que polo tanto pode ser considerado como clado.
SIN GL: **monofilético, monofilética** *adx.*
ES: **holofilético, holofilética** *adx.*; **monofilético, monofilética** *adx.*
EN: **holophyletic**

holometabolía *s.f.* Forma de desenvolvemento típica de certos insectos que pasan da etapa xuvenil á adulta grazas a unha metamorfose completa. A metamorfose vai precedida dunha fase de pupa.
ES: **holometabolía** *s.f.*
EN: **holometaboly**
V. TAMÉN: **hemimetabolía**

holotipo *s.m.* Exemplar de referencia dunha especie, empregado para a súa descrición formal e conservado para o seu posible exame e comparación.
ES: **holotipo** *s.m.*
EN: **holotype**

homeodominio *s.m.* Dominio de 60 aminoácidos de unión a ácidos nucleicos que presentan certas proteínas.

ES: **homeodominio** *s.m.*

EN: **homeodomain**

homeostase *s.f.* Condición fisiolóxica do corpo en estado de equilibrio.

ES: **homeostasis** *s.f.*

EN: **homeostasis**

homeotermo, homeoterma *adx.* Dise do animal que é capaz de manter máis ou menos constante a súa temperatura corporal por medios fisiolóxicos.

SIN GL: **homotermo, homoterma** *adx.*

ES: **homotermo, homoterma** *adx.*; **homeotermo, homeoterma** *adx.*

EN: **homeothermic**

homocigose *s.f.* Condición das células ou organismos que presentan alelos idénticos nun locus determinado en cromosomas homólogos.

ES: **homocigosis** *s.f.*

EN: **homozygosis**

homólogo, homóloga *adx.* Dise dos cromosomas dun mesmo par, entre os que se poden producir entrecruzamentos durante a meiose.

ES: **homólogo, homóloga** *adx.*

EN: **homologous**

homólogo, homóloga *adx.* Dise do carácter que presenta certa semellanza entre organismos diferentes por mor dunha orixe común.

ES: **homologo, homóloga** *adx.*

EN: **homologous**

homoplasia *s.f.* Condición de similaridade dun carácter en distintas especies como resultado dunha evolución converxente e non como herdanza a partir dunha orixe común.

ES: **homoplasia** *s.f.*

EN: **homoplasia**

homotermo, homoterma *adx.* V. **homeotermo, homeoterma.**

hormona *s.f.* Moléculas orgánicas de acción especializada que actúan como mensaxeiros, controlando tecidos e órganos situados en calquera parte do corpo.

ES: **hormona** *s.f.*

EN: **hormone**

hormona antidiurética *loc.s.f.* V. **vasopresina.**

hormona de crecemento *loc.s.f.* Hormona peptídica segregada pola adenohipófise que estimula a división celular en mamíferos.

SIN GL: **GH** *sigla*; **somatotropina** *s.f.*

ES: **somatotropina** *s.f.*; **GH** *sigla*; **hormona de crecimiento** *loc.s.f.*

EN: **somatotrophin**; **somatotropin**; **growth hormone**; **STH**

hormona luteinizante *loc.s.f.* Hormona glicoproteica producida pola adenohipófise que regula distintas funcións gonadais.

SIN GL: **LH** *sigla*; **ISCH** *sigla*

ES: **hormona luteinizante** *loc.s.f.*; **LH** *sigla*; **ISCH** *sigla*

EN: **luteinizing hormone**

hormona paratiroidea *loc.s.f.* Hormona peptídica segregada pola glándula paratiroide que intervéen na regulación da calcemia e da fosforemia.

SIN GL: **parathormona** *s.f.*; **PTH** *sigla*

ES: **hormona paratiroidea** *loc.s.f.*; **parathormona** *s.f.*; **PTH** *sigla*

EN: **parathyroid hormone**; **PTH**

hormona vexetal *loc.s.f.* Molécula orgánica sintetizada polos tecidos das plantas que ten a capacidade de afectar os procesos fisiolóxicos en concentracións moito máis pequenas que os nutrientes ou as vitaminas.

SIN GL: **fitohormona** *s.f.*

ES: **hormona vexetal** *loc.s.f.*; **fitohormona** *s.f.*

EN: **plant hormone**

hospedador, hospedadora *adx.* Dise do organismo que aloxa ou porta outro organismo.

ES: **hospedador, hospedadora** *adx.*

EN: **host**

humus *s.m.* Materia orgánica derivada da descomposición parcial de restos animais ou vexetais.

ES: **humus** *s.m.*

EN: **humus**

- IEF** *sigla* Técnica electroforética que separa as moléculas segundo o seu punto isoeléctrico nun medio no que existe unha diferenza de potencial e un gradiente de pH.
SIN GL: **isoelectroenfoque** *s.m.*
ES: **IEF** *sigla*; **isoelectroenfoque** *s.m.*
EN: **IEF**
- illote de Langerhans** *loc.s.m.* Cada unha das glándulas do páncreas que segregan encima dixestivos e hormonas.
ES: **islot de Langerhans** *loc.s.m.*
EN: **islet of Langerhans**
- imago** *s.m.* Último estadio de desenvolvemento dun insecto no que os órganos sexuais son maduros. Denomínase imago este estadio independentemente de se o insecto sofre metamorfose hemimetábola ou holometábola.
ES: **imago** *s.m.*
EN: **imago**
- imbibición** *s.f.* Desprazamento dun fluído por outro que é inmisible con el.
ES: **imbibición** *s.f.*
EN: **imbibition**
- impresión xenética** *loc.s.f.* Fenómeno epixenético polo cal a expresión dun determinado xene en organismos diploides depende exclusivamente do alelo de orixe paterna ou materna.
ES: **impronta génica** *loc.s.f.*
EN: **fingerprinting**
- in situ** *loc. adv. lat.* Referíndose á manipulación experimental, cando se fai sen extraer o material obxecto de estudo a outro medio.
ES: **in situ**
EN: **in situ**
- incidencia** *s.f.* Número de casos novos dunha enfermidade nunha poboación determinada e nun período determinado de tempo.
ES: **incidencia** *s.f.*
EN: **incidence**
V. TAMÉN: **morbilidade**; **prevalencia**
- incubación** *s.f.* Período embrionario no que un organismo comeza o seu desenvolvemento nun ovo grazas a unhas condicións de temperatura favorables.
ES: **incubación** *s.f.*
EN: **incubation**
- incubación** *s.f.* Período transcorrido antes de que se declaren os síntomas dunha enfermidade contraída anteriormente.
ES: **incubación** *s.f.*
EN: **incubation**
- incubación** *s.f.* Período durante o cal se deixa un cultivo microbiano crecer nunhas condicións axeitadas.
ES: **incubación** *s.f.*
EN: **incubation**
- indución** *s.f.* Proceso polo cal un grupo de células envía a unha rexión do embrión un sinal que afecta a súa diferenciación e desenvolvemento.
ES: **inducción** *s.f.*
EN: **induction**
- indusio** *s.m.* Membrana que protexe os esporanxios de moitos fentos.
ES: **indusio** *s.m.*
EN: **indusium**
- infauna** *s.f.* Fauna bentónica que habita dentro do substrato.
ES: **infauna** *s.f.*
EN: **infauna**

inflorescencia *s.f.* Conxunto de flores con pedicelos que parten do mesmo eixe.

ES: **inflorescencia** *s.f.*

EN: **inflorescence**

infrutescencia *s.f.* Conxunto de froitos desenvolvidos a partir dunha inflorescencia.

ES: **infrutescencia** *s.f.*

EN: **infructescence**

inhibición por produto final *loc.s.f.*

Inhibición dun encima alostérico ao principio dunha secuencia metabólica polo produto final da secuencia.

ES: **inhibición por produto final** *loc.s.f.*

EN: **negative feedback**

inmigración *s.f.* Chegada de novos individuos a unha poboación debido a movementos migratorios.

ES: **inmigración** *s.f.*

EN: **immigration**

inmidade *s.f.* Capacidade de resistencia á infección.

ES: **inmidad** *s.m.*

EN: **immunity**

inmidade adaptativa *loc.s.f.*

Mecanismo de defensa específico que actúa como resposta ao antíxeno polos linfocitos B e T e inclúe o desenvolvemento de memoria inmunolóxica.

SIN GL: **inmidade adquirida** *loc.s.f.*

ES: **inmidad adaptativa** *loc.s.f.*; **inmidad adquirida** *loc.s.f.*

EN: **apative immunity**

inmidade adquirida *loc.s.f.* V. **inmidade adaptativa**.

inmidade celular *loc.s.f.* Mecanismo de defensa, que implica a inmidade adaptativa, no que predominan os linfocitos T.

ES: **inmidad celular** *loc.s.f.*

EN: **cell mediated immunity**

inmidade humoral *loc.s.f.* Inmidade mediada por anticorpos.

ES: **inmidad humoral** *loc.s.f.*

EN: **humoral immunity**

inmidade innata *loc.s.f.* Mecanismo de defensa inespecífico que actúa ao comezo dunha infección.

ES: **inmidad innata** *loc.s.f.*

EN: **innate immunity**

inmunización *s.f.* Indución dunha resposta inmunitaria adaptativa por introdución de antíxenos no corpo.

ES: **inmunización** *s.f.*

EN: **immunization**

inmunización activa *loc.s.f.* Inxección de preparados antixénicos atenuados co fin de producir unha resposta inmunolóxica por parte do organismo.

ES: **inmunización activa** *loc.s.f.*

EN: **active immunization**

inmunización pasiva *loc.s.f.* Inxección de anticorpos específicos contra un patóxeno ou unha toxina.

ES: **inmunización pasiva** *loc.s.f.*

EN: **passive immunization**

inmunoglobulina *s.f.* Molécula ligadora de antíxenos das células B. Na definición de inmunoglobulina inclúense as formas segregadas (anticorpos) e as ancoradas á membrana. Adoitase empregar como sinónimo de anticorpos. As inmunoglobulinas clasifícanse, tendo en conta os cinco isotipos diferentes que existen, en: inmunoglobulina G (IgG), inmunoglobulina A (IgA), inmunoglobulina M (IgM), inmunoglobulina D (IgD) e inmunoglobulina E (IgE).

ES: **inmunoglobulina** *s.f.*

EN: **immunoglobulin**

inmunoloxía *s.f.* Estudo da inmidade biolóxica e as súas aplicacións.

ES: **inmunología** *s.f.*

EN: **immunology**

inmunoloxía *s.f.* Eido da bioloxía que se encarga de estudar todos os aspectos relacionados co sistema e a resposta inmune dos organismos.

ES: **inmunología** *s.f.*

EN: **immunology**

inositol trifosfato *loc.s.m.* V. **trifosfoinositol**.

inositol trifosfato *loc.s.m.* V. **trifosfoinositol**.

inserción *s.f.* Aberración cromosómica orixinal pola introdución dun fragmento cro-

mosómico extra, xeralmente como consecuencia dun erro durante a recombinación.

ES: **inserción** *s.f.*

EN: **insertion**

inserción *s.f.* Mutación puntual causada pola adición dun ou máis pares de bases intercalados nunha secuencia.

ES: **inserción** *s.f.*

EN: **insertion**

inserto *s.m.* Molécula de ADN que é incorporada a un vector de clonación.

ES: **inserto** *s.m.*

EN: **insert**

integración *s.f.* Proceso de inserción do ADN vírico no xenoma do hospedador durante o ciclo lisoxénico.

ES: **integración** *s.f.*

EN: **integration**

integrina *s.m.* Glicoproteína transmembrana que media na adherencia entre as células e a matriz extracelular. As integrinas están presentes na superficie celular en concentracións elevadas.

ES: **integrina** *s.f.*

EN: **integrin**

intensificador *s.m.* Secuencia xenética reguladora que actúa incrementando a transcripción dun xene.

ES: **intensificador** *s.m.*

EN: **enhancer**

interferón *s.m.* Citocina que actúa na resposta antiviral e nalgúns tipos de cáncer. O interferón actúa cunha dobre acción: por unha banda impide a replicación viral en células que están sas, e por outro lado favorece a destrución de células xa infectadas.

ES: **interferón** *s.m.*

EN: **interferon**

interleucina *s.f.* Proteína sintetizada e segregada polos leucocitos que media interaccións locais entre eles. As interleucinas encádranse dentro das citocinas.

SIN GL: **interleuquina** *s.f.*

ES: **interleucina** *s.f.*; **interleuquina** *s.f.*

EN: **interleukin**

intestinal *s.m.* Porción tubular do aparello dixestivo comprendido entre o estómago e o ano ou cloaca. Nos vertebrados amniotas consta de dúas rexións principais: intestino delgado e intestino grosso.

ES: **intestinal** *s.m.*

EN: **intestine**

intracrino, intracrina *adx.* Relacionado coa actuación dunha hormona sobre receptores situados dentro dunha célula.

ES: **intracrino, intracrina** *adx.*

EN: **intracrine**

intrón *s.m.* Porción de ADN, intercalada entre secuencias codificadoras, que é transcrita, pero resulta eliminada na maduración do ARNm, polo que non se traduce.

ES: **intrón** *s.m.*

EN: **intron**

invasor, invasora *adx.* Dise da especie que foi introducida nunha área xeográfica da que non é autóctona e na que logrou asentarse e prosperar.

ES: **invasor, invasora** *adx.*

EN: **invasive**

invaginación *s.f.* Repregamento cara a dentro dunha membrana, que chega a fusionarse consigo mesma ou non.

ES: **invaginación** *s.f.*

EN: **invagination**

invernación *s.f.* V. **hibernación**.

inversión *s.f.* Aberración estrutural dun cromosoma, orixinada porque un segmento do mesmo se presenta na orientación oposta á normal.

ES: **inversión** *s.f.*

EN: **inversion**

invertibrado *s.m.* Animal non pertencente ao grupo *Vertebrata*. Inclúe todos os metazoos agás ágnatos e gnatóstomos.

ES: **invertibrado** *s.m.*

EN: **invertibrate**

invertibrado, invertibrada *adx.* Relativo aos animais non vertebrados.

ES: **invertibrado, invertibrada** *adx.*

EN: **invertibrate**

involución *s.f.* Tipo de movemento da gastrulación de certos animais, como os anfibios, polo que unha capa externa de células se despraza cara ao interior por esvaramento baixo a capa superficial.

ES: **involución** *s.f.*

EN: **involution**

invólucro *s.m.* Conxunto de brácteas que protexen unha flor, particularmente o capítulo das compostas e a umbela das umbilíferas.

ES: **invólucro** *s.m.*

EN: **involucre, involucrum**

ionóforo *s.m.* Composto capaz de fixar un ou máis ións metálicos e que se pode difundir a través dunha membrana transportando o ión unido.

ES: **ionóforo** *s.m.*

EN: **ionophore**

isidio *s.m.* Estrutura de propagación dun lique, consistente nunha protuberancia superficial que contén células algais e está revestida de córtex.

ES: **isidio** *s.m.*

EN: **isidium**

isoconto, isoconta *adx.* Dise da célula que posúe dous ou máis flaxelos, todos iguais.

ES: **isoconto, isoconta** *adx.*

EN: **isokont**

isoelectroenfoque *s.m.* V. IEF.

isogamia *s.f.* Tipo de fecundación na que os dous gametos son morfolóxicos e fisioloxicamente iguais.

ES: **isogamia** *s.f.*

EN: **isogamy**

isómero *s.m.* Composto que posúe a mesma fórmula química que outro, pero diferente estrutura molecular.

ES: **isómero** *s.m.*

EN: **isomer**

isómero, isómera *adx.* Que presenta diferente estrutura molecular que outro composto coa mesma fórmula química.

ES: **isómero, isómera** *adx.*

EN: **isomeric**

isomórfico, isomórfica *adx.* Dise do ciclo vital no que as distintas xeracións alternantes, independentemente de se son gametofíticas ou esporofíticas, presentan unha morfoloxía semellante.

ES: **isomórfico, isomórfica** *adx.*

EN: **isomorphic**

isotacoforese *s.f.* Técnica electroforética que emprega un campo eléctrico cunha diferenza de potencial variable e diferente ao longo do percorrido, polo que a velocidade dos distintos compostos, unha vez separados, tende a igualarse.

ES: **isotacoforesis** *s.f.*

EN: **isotachophoresis**

isotipo *s.m.* Inmunoglobulina definida por unha rexión constante de cadea pesada determinada. Existen cinco isotipos: G, A, M, D, E, que definen os cinco tipos de anticorpos que se coñecen.

ES: **isotipo** *s.m.*

EN: **isotype**

isquemia *s.f.* Detención ou suspensión do rego sanguíneo dun órgano ou tecido, que pode producir danos irreparables ou mesmo morte deste.

ES: **isquemia** *s.f.*

EN: **ischaemia, ischemia**

iteroparidade *s.f.* Condición dos organismos que desenvolven máis dun evento reproductivo ao longo do seu ciclo vital.

ES: **iteroparidad** *s.f.*

EN: **iteroparity**

knockdown *s.m.* Proceso polo cal se induce unha redución na expresión xénica dun ou máis xenes nun organismo.

ES: **knockdown** *s.f.*

EN: **gene knockdown**

knockdown *s.m.* Organismo no que se induciu unha redución na expresión dalgún xene.

ES: **knockdown** *s.m.*

EN: **knockdown organism**

knockdown *adx.* Que posúe algún xene ao que se lle induciu unha expresión reducida.

ES: **knockdown** *adx.*

EN: **knockdown**

knockin *s.m.* Proceso polo cal se insire unha secuencia de ADNc nun locus específico dun organismo.

ES: **knockin** *s.f.*

EN: **knock-in; gene knock-in**

knockin *s.m.* Organismo no que se levou a cabo a inserción dunha secuencia de ADNc nun locus específico.

ES: **knockin** *s.m.*

EN: **knock-in**

knockin *adx.* Que ten un fragmento de material xenético inserido de forma específica.

ES: **knockin** *adx.*

EN: **knock-in**

knockout *s.m.* Proceso polo cal se inactiva especificamente un xene.

ES: **knockout** *s.m.*

EN: **gene knockout; knockout**

knockout *s.m.* Organismo no que se levou a cabo a inactivación dun ou máis xenes.

ES: **knockout** *s.m.*

EN: **knockout; knockout organism**

knockout *adx.* Que ten un ou varios xenes inactivados de forma artificial.

ES: **knockout** *adx.*

EN: **knockout**

krill *s.m.* Conxunto de pequenos crustáceos pertencentes ao grupo *Euphausiacea*, moi abundantes no zooplancto.

ES: **krill** *s.m.*

EN: **krill**

labio *s.m.* V. **labro**.

labio dorsal do blastóporo *loc.s.m.* V. **organizador de Spemann-Mangold**.

labio superior *loc.s.m.* V. **labro**.

labro *s.m.* Esclerito dorsal impar do aparello bucal que recobre as mandíbulas en insectos e crustáceos.

SIN GL: **labio superior** *loc.s.m.*

ES: **labro** *s.m.*; **labio superior** *loc.s.m.*

EN: **labrum**

labro *s.m.* bordo externo da apertura da cunha dun gasterópodo.

SIN GL: **labio** *s.m.*

ES: **labro** *s.m.*

EN: **labrum**

lactación *s.f.* Período durante o cal as crías de mamíferos son alimentadas exclusivamente a base de leite materno.

SIN GL: **lactancia** *s.f.*

ES: **lactación** *s.f.*; **lactancia** *s.f.*

EN: **breastfeeding**

lactación *s.f.* V. **lactancia**.

lactancia *s.f.* V. **lactación**.

lactancia *s.f.* Secreción e excreción de leite por parte das femias dos mamíferos, así como o consumo deste leite por parte das súas crías.

SIN GL: **lactación** *s.f.*

ES: **lactancia** *s.f.*; **lactación** *s.f.*

EN: **lactation**

lamarckismo *s.m.* Corrente de pensamento que defende o papel evolutivo do uso e desuso de órganos e da herdanza dos caracteres adquiridos.

ES: **lamarckismo** *s.m.*

EN: **lamarckism**

lamelipodio *s.m.* Proxección laminar da membrana plasmática orixinada por unha reorganización dos filamentos de actina.

ES: **lamelipodio** *s.m.*

EN: **lamellipodium; lamellipodia**

lámina media *loc.s.f.* Capa intercelular que se atopa entre as paredes primarias de células vexetais adxacentes.

ES: **lámina media** *loc.s.f.*

EN: **middle lamella**

laminarina *s.f.* Glicano de reserva usado polas algas feófitas. Polímero de glicosa e manitol unidos por enlaces beta 1-6 e beta 1-3.

ES: **laminarina** *s.f.*

EN: **laminarin**

lanterna de Aristóteles *loc.s.f.* Estrutura mastigadora especializada dos equinoideos. Trátase dunha estrutura esquelética e muscular protáctil, formada por cinco dentes.

ES: **linterna de Aristóteles** *loc.s.f.*

EN: **Aristotle's lantern**

larinxe *s.f.* Parte superior do tracto respiratorio da maioría de vertebrados, limitada pola glote e a traquea.

ES: **laringe** *s.f.*

EN: **larynx**

larva *s.f.* Cada unha das fases xuvenís dos animais que sofren metamorfose. Recibe diferentes nomes segundo o grupo animal ao que pertence.

ES: **larva** *s.f.*

EN: **larva**

V. TAMÉN: **ninfa; náiade; cágado; imago; eiruga; cresa**

LDL *sigla* Low Density Lipoprotein 'lipoproteínas de baixa densidade', son molé-

culas transportadoras de colesterol e triglicéridos dende o fígado cara aos tecidos. Tamén se chaman colesterol malo por seren os transportadores que manteñen o colesterol no sangue.
ES: **LDL sigla**
EN: **LDL**

lectotipo *s.m.* Espécime de referencia escollido entre os sintipos para servir de tipo nomenclatural.
ES: **lectotipo** *s.m.*
EN: **lectotype**

legume *s.m.* Froito seco dun só carpelo no que a dehiscencia se produce por medio de dúas suturas.
SIN GL: **vaiña** *s.f.*
ES: **legumbre** *s.f.*; **vaina** *s.f.*
EN: **legume**; **pod**; **pulse**

lek *s.m.* Área de cortexo na que se dispoñen os machos durante o período de apareamento de certas especies para fertilizaren as femias despois de seren escollidos por estas.
ES: **lek** *s.m.*
EN: **lek**

lenticela *s.f.* Poro do caule que permite o intercambio gasoso entre a atmosfera e os tecidos do interior da planta.
ES: **lenticela** *s.f.*
EN: **lenticel**

leptoteno *s.m.* Primeira etapa da profase I da meiose.
ES: **leptoteno** *s.m.*
EN: **leptotene**

leucocito *s.m.* Cada un dos compoñentes pertencentes a un grupo heteroxéneo de células sanguíneas que son os efectores celulares da resposta inmune. Todos os tipos celulares de leucocitos orixínanse na medula ósea a partir das células nai hematopoéticas.
SIN GL: **glóbulo branco** *s.m.*
ES: **leucocito** *s.m.*
EN: **leucocyte**

leucocito polimorfonuclear neutrófilo *loc.s.m.* V. **neutrófilo**.

lévedo *s.m.* V. **fermento**.

LH sigla V. **hormona luteinizante**.

ligamento *s.m.* Banda fibrosa de tecido conxuntivo que mantén unidos dous ou máis ósos ou cartilaxes ou que sostén un órgano na súa posición adecuada. A unión de ósos ou cartilaxes por medio dos ligamentos dá lugar ás articulacións.
ES: **ligamento** *s.m.*
EN: **ligament**

ligando *s.m.* Pequena molécula que se une especificamente a outra de maior tamaño.
ES: **ligando** *s.m.*
EN: **ligand**

ligase *s.f.* Encima que cataliza unha reacción que dá lugar a produtos máis complexos empregando nucleótidos trifosfato como fonte de enerxía. Os nucleótidos trifosfato máis usados son o ATP e o GTP.
SIN GL: **sintetase** *s.f.*
ES: **ligasa** *s.f.*; **sintetasa** *s.f.*
EN: **ligase**; **synthetase**

lignina *s.f.* Polímero orgánico complexo que forma parte da parede secundaria das plantas, depositándose entre os restos de celulosa. É o segundo polímero orgánico máis abundante na terra despois da celulosa.
ES: **lignina** *s.f.*
EN: **lignin**

lignina *s.f.* Polímero complexo de polialcois aromáticos que se deposita na parede secundaria das plantas.
ES: **lignina** *s.f.*
EN: **lignin**

lígula *s.f.* Pequeno apéndice membranoso que presentan as plantas gramíneas entre o limbo foliar e a vaiña.
ES: **lígula** *s.f.*
EN: **ligule**, **ligula**

limbo *s.m.* Parte laminar dunha estrutura foliar.
ES: **limbo** *s.m.*
EN: **lamina**

limícola *s.m.* Organismo que habita ou se alimenta en ambientes lodosos.
ES: **limícola** *s.m.*
EN: **wader**

limícola *adx.* Relativo aos organismos que viven ou se alimentan en medios húmidos e lodosos.

ES: **limícola** *adx.*

EN: **limicolous**

linfa *s.f.* Líquido transparente que percorre os vasos linfáticos.

ES: **linfa** *s.f.*

EN: **lymph**

linfocito *s.m.* Tipo de leucocito que produce unha resposta inmune cando é activado por un antíxeno. Existen dúas clases de linfocitos: B e T.

ES: **linfocito** *s.m.*

EN: **lymphocyte**

linfocito B *loc.s.m.* V. **célula B.**

linfocito T *loc.s.m.* V. **célula T.**

linfocina *s.f.* Subconxunto de citoquinas producidas polos linfocitos.

SIN GL: **linfoquina** *s.f.*

ES: **linfoquina** *s.f.*; **linfocina** *s.f.*

EN: **lymphokine**

linfoquina *s.f.* V. **linfocina.**

liña celular *loc.s.f.* Liñaxe celular que pode ser mantida en cultivo.

ES: **línea celular** *loc.s.f.*

EN: **cell line**

liña lateral *loc.s.f.* Órgano sensorial dos peixes e algunhas larvas de anfibios, que percorre o seu corpo dende cerca do opérculo ata a base da cola. Detecta o movemento e a vibración na auga circundante. Ás veces pode presentar partes modificadas e especializadas en detectar impulsos eléctricos.

ES: **línea lateral** *loc.s.f.*

EN: **lateral line**

liña pura *loc.s.f.* Grupo de individuos nos que unha serie de caracteres son conservados a través das xeracións por non existir ningún cruzamento con individuos externos ao grupo e que introduza variabilidade nos mesmos.

ES: **línea pura** *loc.s.f.*

EN: **pure-line**

liña somática *loc.s.f.* Conxunto de todas aquelas células que non son xerminais.

ES: **línea somática** *loc.s.f.*

EN: **somatic line**

liña xerminial *loc.s.f.* Conxunto de células que se diferencian para orixinar os gametos.

ES: **línea germinal** *loc.s.f.*

EN: **germ line; germ track**

lipase *s.f.* Encima que cataliza a hidrólise de triacilgliceróis.

ES: **lipase** *s.f.*

EN: **lipase**

lípido *s.m.* Pequena biomolécula insoluble en auga que adoita conter ácidos graxos, esteroides ou compostos isoprenoides.

ES: **lípido** *s.m.*

EN: **lipid**

lique *s.m.* Organismo talófito formado pola simbiose dun fungo e unha alga.

ES: **liquen** *s.m.*

EN: **lichen**

lisocima *s.m.* Encima lítico que actúa hidrolizando os enlaces beta 1-4 entre residuos de N-acetilmurámico e N-acetilglicosamina. Actúa sobre as bacterias Gram-, xa que estas basean a composición das súas paredes nestes dous compoñentes.

ES: **lisozima** *s.m./f.*

EN: **lysozyme**

lisosoma *s.m.* Orgánulos celulares que conteñen encimas hidrolíticos.

ES: **lisosoma** *s.m.*

EN: **lysosome**

lisoxénico, lisoxénica *adx.* Dise do ciclo vital de certos fagos, caracterizado pola integración do seu xenoma no da célula hospedadora. Tras a súa integración no xenoma do hospedador o ADN vírico replícase canda aquel nas sucesivas divisións celulares, polo xeral sen interferir na actividade normal da célula. Non obstante, un cambio nas condicións ambientais pode reactivar o virus, separándose de novo o seu material xenético e continuando co ciclo infeccioso, o que provoca a morte da célula hospedadora. No caso dos retrovirus, nos que o material xenético é ARN monocatenario, cómpre que actúe unha transcrición inversa para a integración no xenoma.

ES: **lisogénico, lisogénica** *adx.*

EN: **lysogenic**

V. TAMÉN: **lítico**

lítico, lítica *adx.* Dise do ciclo vital habitual nos virus, no cal se procede á replicación do material xenético inmediatamente despois da penetración, de xeito que o resto do ciclo pode proseguir. As catro fases do ciclo dun virus son: penetración, replicación, encapsulación e liberación.

ES: **lítico, lítica** *adx.*

EN: **lytic**

V. TAMÉN: **lisoxénico**

lobopodio *s.m.* Pseudópodo curto e redondeado propio das amebas. Utilízase tanto para a captura de partículas alimentarias sólidas como para desprazarse.

ES: **lobopodio** *s.m.*

EN: **lobopodia**

locus *s.m.* Localización cromosómica dun xene ou outro elemento xenético determinado.

ES: **locus** *s.m.*

EN: **locus**

lofoforado *s.m.* Organismo pertencente ao grupo *Lophophorata*.

ES: **lofoforado** *s.m.*

EN: **lophophore**

lofoforado; lofoforada *adx.* Relativo aos lofoforados

ES: **lofoforado, lofoforada** *adx.*

EN: **lophophorate**

lofóforo *s.m.* Órgano tentacular ciliado que rodea a boca, e nunca o ano, en foronídeos, braquiópodos e briozoos.

ES: **lofóforo** *s.m.*

EN: **lophophore**

lofotrocozoo *s.m.* Organismo pertencente ao grupo dos *Lophotrochozoa*.

ES: **lofotrocozoo** *s.m.*

EN: **lophotrochozoa**

lofotrocozoo *adx.* Relativo aos lofotrocozoos.

ES: **lofotrocozoo** *adx.*

EN: **lophotrochozoic**

macroblasto *s.m.* Póla de crecemento máis ou menos indefinido e con nós ben separados entre si.

ES: **macroblasto** *s.m.*

EN: **long shoot**

macroevolución *s.f.* Fenómeno evolutivo que implica a aparición de novos clados ao nivel de especie ou superior.

ES: **macroevolución** *s.f.*

EN: **macroevolution**

macrófago *s.m.* Grandes células fagocíticas derivadas dos monocitos que contribúen á inmunidade innata. Os macrófagos teñen dúas funcións principais: fagocitose de células mortas e axentes estraños e como células presentadoras de antíxenos.

ES: **macrófago** *s.m.*

EN: **macrophage**

macrofilo *s.m.* V. **megafilo**.

macrofilo, macrofila *adx.* V. **megafilo, megafila**.

macromolécula *s.f.* Molécula que posúe unha masa molecular superior a uns 10000 daltons.

ES: **macromolécula** *s.f.*

EN: **macromolecule**

macronutriente *s.m.* Substancia química que debe de obter un organismo en cantidades relativamente elevadas.

ES: **macronutriente** *s.m.*

EN: **macronutrient**

macróspora *s.f.* V. **megáspora**.

madreporito *s.m.* Placa perforada que constitúe a entrada ao sistema acuífero de certos equinodermos.

ES: **madreporito** *s.m.*

EN: **madreporite**

maduración *s.f.* Conxunto de cambios externos de sabor e textura que experimenta un froito cando completa o seu crecemento.

ES: **maduración** *s.f.*

EN: **ripening**

mamífero *s.m.* Animal pertencente ao grupo *Mammalia*.

ES: **mamífero** *s.m.*

EN: **mammal**

mamífero, mamífera *adx.* Relativo aos mamíferos.

ES: **mamífero, mamífera** *adx.*

EN: **mammalian**

manda *s.f.* Conxunto de animais que viven e se desprazan xuntos.

ES: **manada** *s.f.*

EN: **herd, flock; drove**

mandíbula *s.f.* Peza ósea ou cartilaxinosa que limita inferiormente a boca dos vertebrados e sostén os dentes, no caso de existiren.

SIN GL: **queixada** *s.f.*; **maxilar inferior** *loc.s.m.*

ES: **quijada** *s.f.*; **mandíbula** *s.f.*; **maxilar inferior** *loc.s.m.*

EN: **jaw; mandible**

mandíbula *s.f.* Cada unha das pezas córneas que forman o bico das aves.

ES: **mandíbula** *s.f.*

EN: **jaw**

mandíbula *s.f.* Primeiro par de apéndices orais de moitos artrópodos.

ES: **mandíbula** *s.f.*

EN: **jaw**

mangleiral *s.f.* Ecosistema de rexións salobres tropicais e subtropicais dominado por árbores e arbustos moi tolerantes ao sal (mangleiros).

ES: **manglar** *s.m.*

EN: **mangrove**

manto *s.m.* Extensión branda da parede corporal dalgúns invertebrados como os braquiópodos e os moluscos.

ES: **manto** *s.m.*

EN: **mantle**

manto *s.m.* Capa interna da parede corporal de tunicados.

ES: **manto** *s.m.*

EN: **mantle**

manubrio *s.m.* V. **hipostoma**.

manubrio *s.m.* Parte anterior do esterno.

ES: **manubrio** *s.m.*

EN: **manubrium**

manubrio *s.m.* Porción do martelo do oído.

ES: **manubrio** *s.m.*

EN: **manubrium**

MAP *sigla* Microtubule-associated protein (en.) 'proteínas asociadas a microtúbulos'. Son proteínas que se unen aos microtúbulos e que inflúen na súa organización e estabilidade.

ES: **MAP** *sigla*

EN: **MAP**

mapa de destino *loc.s.m.* Representación que amosa as estruturas ou tipos celulares que normalmente van orixinar as diferentes células ou rexións dun embrión en desenvolvemento.

ES: **mapa de destino** *loc.s.m.*

EN: **fate map**

mapa de restrición *loc.s.m.* Colección lineal dos lugares de restrición xerados polas endonucleases nunha molécula de ADN.

ES: **mapa de restrición** *loc.s.m.*

EN: **restriction map**

marca xenética *loc.s.f.* Técnica para a identificación individual mediante o uso de gran cantidade de marcadores xenéticos.

ES: **huella genética** *loc.s.f.*

EN: **genetic fingerprinting; DNA fingerprinting**

marcapasos *s.m.* Grupo de células cardíacas onde se inicia a corrente excitatoria que marca o ritmo das contraccións do corazón.

ES: **marcapasos** *s.m.*

EN: **pacemaker**

marco de lectura *loc.s.m.* V. **pauta de lectura**.

marsupial *s.m.* Animal mamífero pertencente ao grupo *Marsupialia*.

SIN GL: **metaterio** *s.m.*

ES: **marsupial** *s.m.*; **metaterio** *s.m.*

EN: **marsupial**

marsupial *adx.* Relativo aos marsupiais

SIN GL: **metaterio**, **metateria** *adx.*

ES: **marsupial** *adx.*; **metaterio**, **metateria** *adx.*

EN: **marsupial**

mastocito *s.m.* Célula con citoplasma granular e gran núcleo que se localiza nos tecidos conectivos preto dos capilares sanguíneos e actúa na resposta inflamatoria e alérxica. Os mastocitos son responsables da secreción de substancias como a heparina, histamina e ácido hialurónico.

SIN GL: **célula cebada** *loc.s.f.*

ES: **mastocito** *s.m.*

EN: **mast-cell**

matriz *s.f.* Órgano responsable da xestación nas femias dos mamíferos.

SIN GL: **útero** *s.m.*

ES: **útero** *s.m.*; **matriz** *s.f.*

EN: **uterus; womb**

maxila *s.f.* Óso maxilar superior de vertebrados, que dá soporte aos dentes.

ES: **maxila** *s.f.*

EN: **maxilla**

maxila *s.f.* V. **segunda maxila**.

maxilípede *s.m.* Cada un dos apéndices ce-fálicos de crustáceos situados por detrás das maxilas.

ES: **maxilípedo** *s.m.*

EN: **maxilliped**

maxílula *s.f.* V. **primeira maxila**.

mecanorreceptor *s.m.* Receptor sensorial que responde a estímulos mecánicos como a presión.

ES: **mecanorreceptor** *s.m.*

EN: **mechanoreceptor**

medio de cultivo *loc.s.m.* Substrato artificial que contén os nutrientes necesarios para o desenvolvemento controlado de microorganismos. Pódese atopar en estado líquido, semi-sólido e sólido. Asemade a súa composición pode variar segundo o propósito do cultivo e das necesidades das distintas especies.

ES: **medio de cultivo** *loc.s.m.*

EN: **growth medium**

medula *s.f.* V. **ámago**.

medula *s.f.* Rexión central dun tecido ou órgano.

ES: **médula** *s.f.*

EN: **medulla**

medula espiñal *loc.s.f.* Prolongación do encéfalo a modo de cordón nervioso que se estende polo conduto vertebral.

ES: **médula espinal** *loc.s.f.*

EN: **spinal cord**

medula oblonga *loc.s.f.* Parte do encéfalo dos vertebrados correspondente á última vesícula e que o conecta coa medula espiñal.

SIN GL: **mielencéfalo** *s.m.*; **bulbo raquídeo** *loc.s.m.*

ES: **médula oblonga** *loc.s.f.*; **milencéfalo** *s.m.*; **bulbo raquídeo** *loc.s.m.*

EN: **medulla oblongata**

V. TAMÉN: **encéfalo**

medula ósea *loc.s.f.* Tecido brando da cavidade interna dos ósos.

ES: **médula ósea** *loc.s.f.*

EN: **bone marrow**

megafilo *s.m.* Folla de nerviación complexa e que posúe o rastro foliar asociado a un intersticio.

SIN GL: **macrofilo** *s.m.*

ES: **macrofilo** *s.m.*; **megafilo** *s.m.*

EN: **macrophyll**; **megaphyll**

megafilo, megafila *adx.* Dise da vexetación de folla ou fronde grande.

SIN GL: **macrofilo, macrofila** *adx.*

ES: **megafilo, megafila** *adx.*; **macrofilo, macrofila** *adx.*

EN: **megaphyllous**

megáspora *s.f.* Espora de gran tamaño de vexetais heterósporos que dá orixe ao gametófito feminino.

SIN GL: **macrospora** *s.f.*

ES: **macrospora** *s.f.*; **megaspore** *s.f.*

EN: **macrospore**; **megaspore**

meiofauna *s.f.* Conxunto de pequenos animais invertibrados bentónicos de pequeno tamaño.

ES: **meiofauna** *s.f.*

EN: **meiofauna**

meiofauna *s.f.* V. **fauna intersticial**.

melatonina *s.f.* Hormona sintetizada a partir da serotonina dependente do fotoperíodo e que participa en gran variedade de procesos, especialmente nalgúns relacionados co ritmo circadiano.

ES: **melatonina** *s.f.*

EN: **melatonin**

membrana nictitante *loc.s.f.* Especie de terceira pálpebra translúcida ou transparente que protexe o ollo por baixo das pálpebras en moitos vertebrados.

ES: **membrana nictitante** *loc.s.f.*

EN: **nictitating membrane**

membrana vitelina *loc.s.f.* Estrutura directamente adxacente á membrana plasmática do cigoto. Nos mamíferos denomínase zona pelúcida.

ES: **membrana vitelina** *loc.s.f.*

EN: **vitelline membrane**

meristema *s.m.* Tecido vexetal pouco ou nada diferenciado formado por células que se poden dividir para producir o crecemento da planta.

ES: **meristemo** *s.m.*

EN: **meristem**

meristema secundario *loc.s.m.* Tecido vexetal con división celular activa que orixina o crecemento secundario da planta.

SIN GL: **cámbium** *s.m.sg.*

- ES: **meristemo secundario** *loc.s.m.*; **cám-bium** *s.m.sg.*
EN: **secondary meristem**
- mesénquima** *s.m* V. **mesoglea**.
- mesénquima** *s.m* V. **mesoglea**.
- mesenterio** *s.m.* Repregamento conxuntivo do peritoneo moi vascularizado que une o estómago e os intestinos coa parede posterior do abdome.
ES: **mesenterio** *s.m.*
EN: **mesentery**
- mesoderma** *s.m.* Capa embrionaria intermedia dos animais triblásticos.
ES: **mesodermo** *s.m.*
EN: **mesoderm**
- mesofilo** *s.m.* Conxunto de tecidos que atopamos entre as dúas epidermes dunha folla e entre os correspondentes nervios da mesma.
ES: **mesofilo** *s.m.*
EN: **mesophyll**
- mesoglea** *s.f.* Matriz xelatinosa que rodea as células das esponxas.
SIN GL: **mesénquima** *s.m.*; **mesohilo** *s.m.*
ES: **mesoglea** *s.f.*; **mesénquima** *s.m.*; **mesohilo** *s.m.*
EN: **mesoglea**; **mesoglea**
- mesoglea** *s.f.* Capa xelatinosa situada entre o ectoderma e o endoderma de cnidarios e ctenóforos.
ES: **mesoglea** *s.f.*
EN: **mesoglea**
- mesozoo** *s.m.* Animal pertencente ao grupo *Mesozoa*.
ES: **mesozoo** *s.m.*
EN: **mesozoon**
- metabolismo** *s.m.* Conxunto completo de transformacións das moléculas orgánicas nas células vivas. As reaccións do metabolismo son catalizadas por encimas. Comprende dous procesos xerais: anabolismo e catabolismo.
ES: **metabolismo** *s.m.*
EN: **metabolism**
- metabolismo basal** *loc.s.m.* Velocidade de consumo de osíxeno por un animal en estado de repouso.
ES: **metabolismo basal** *loc.s.m.*
EN: **basal metabolic rate**
- metabolismo C3** *loc.s.f.* Ruta de asimilación do carbono na que o primeiro produto é un composto de tres carbonos. O CO₂ captado durante a fotosíntese e a ribulosa bisfosfato do metabolismo fúndense para dar lugar a dúas moléculas de 3-fosfoglicerato.
ES: **metabolismo C3** *loc.s.f.*
EN: **C3 carbon fixation**
- metabolismo C4** *loc.s.m.* Ruta de asimilación do carbono por parte de certas plantas que se produce en dúas fases espacialmente illadas e na cal os primeiros produtos son compostos de 4 carbonos.
ES: **metabolismo C4** *loc.s.m.*
EN: **C4 metabolism**
- metabolismo CAM** *loc.s.m.* Metabolismo ácido das crasuláceas. Ruta de asimilación do carbono por parte de certas plantas que se produce en dúas fases temporalmente illadas.
ES: **metabolismo CAM** *loc.s.m.*
EN: **CAM photosynthesis; crassulacean acid metabolism**
- metabolismo intermediario** *loc.s.m.* Reaccións encimáticas que ocorren nas células, que extraen enerxía a partir de moléculas nutrientes.
ES: **metabolismo intermediario** *loc.s.m.*
EN: **special metabolism**
- metabolismo secundario** *loc.s.m.* Rutas metabólicas que levan a produtos especializados que non se encontran en todas as células vivas.
ES: **metabolismo secundario** *loc.s.m.*
EN: **secondary metabolism; special metabolism**
- metabolismo vectorial** *loc.s.m.* Transformacións metabólicas nas que a localización dun substrato cambia en relación a unha membrana que separa dous compartimentos.
ES: **metabolismo vectorial** *loc.s.m.*
EN: **vectorial metabolism**
- metafase** *s.f.* Período do ciclo de división celular comprendido entre a profase e a

- anafase no que se produce o desdoblamento dos cromosomas no plano ecuatorial.
 ES: **metafase** *s.f.*
 EN: **metaphase**
 V. TAMÉN: **profase; anafase; telofase**
- metamorfose** *s.f.* Proceso polo que un animal evoluciona dende unha fase do seu desenvolvemento a outra distinta con importantes cambios morfolóxicos asociados.
 ES: **metamorfosis** *s.f.*
 EN: **metamorphosis**
- metanóxeno** *s.m.* Organismo capaz de producir metano polo seu metabolismo. Un grupo de arqueas (*Methanobacteria*) leva a cabo a obtención de enerxía grazas á produción de metano.
 ES: **metanógeno** *s.m.*
 EN: **methanogen**
- metanóxeno, metanóxena** *adx.* Que xera metano como produto das súas reaccións metabólicas.
 ES: **metanógeno, metanógena** *adx.*
 EN: **methanogenic**
- metaterio** *s.m.* V. **marsupial**.
- metaterio, metateria** *adx.* V. **marsupial**.
- MHC** *sigla* V. **complexo maior de histocompatibilidade**.
- micela** *s.f.* Agregado de moléculas anfipáticas en auga que presenta unha disposición de tal forma que as porcións apolares quedan no interior da estrutura e as polares no exterior.
 ES: **micela** *s.f.*
 EN: **micelle**
- micelio** *s.m.* Rede de hifas que constitúe o talo dun fungo.
 ES: **micelio** *s.m.*
 EN: **mycelium**
- micoloxía** *s.f.* Eido da bioloxía que se encarga do estudo dos fungos.
 ES: **micología** *s.f.*
 EN: **mycology**
- micorriza** *s.f.* Estrutura resultante da asociación simbiótica entre un fungo e as raíces dunha planta.
 ES: **micorriza** *s.f.*
 EN: **mycorrhiza**
- microbioloxía** *s.f.* Eido da bioloxía que estuda os microorganismos. Segundo o obxecto de estudo da mesma pode dividirse en bacterioloxía (estudo das bacterias), viroloxía (estudo dos virus), micoloxía (estudo dos fungos), protozooloxía (estudo dos protozoos) e ficoloxía (estudo das algas).
 ES: **microbiología** *s.f.*
 EN: **microbiology**
- microbiota** *s.f.* Conxunto de todos os microorganismos que habitan nun lugar determinado.
 ES: **microbiota** *s.f.*
 EN: **microbiota**
- microespiña** *s.f.* V. **filopodio**.
- microevolución** *s.f.* Proceso de aparición de pequenos cambios na estrutura xenética dunha poboación co paso das xeracións.
 ES: **microevolución** *s.f.*
 EN: **microevolution**
- microfilamento** *s.m.* Compoñente do citoesqueleto de forma helicoidal formado pola polimerización de residuos de actina.
 SIN GL: **filamento de actina** *loc.s.m.*
 ES: **microfilamento** *s.m.*; **filamento de actina** *loc.s.m.*
 EN: **microfilament; actin filament**
- microfilo** *s.m.* Especie de folla de pequeno tamaño que carece de vascularización ou posúe un filamento vascular simple e que non deixa un intersticio ao se desprender da estela.
 ES: **microfilo** *s.m.*
 EN: **microphyll**
- microfilo, microfila** *adx.* Dise da vexetación de follas reducidas.
 ES: **microfilo, microfila** *adx.*
 EN: **microphyllic**
- micronutriente** *s.m.* Elemento que un organismo precisa en moi pequenas cantidades e que pode ser moi daniño en doses superiores.
 ES: **micronutriente** *s.m.*
 EN: **micronutrient**

microorganismo *s.m.* Organismo que só pode ser observado ao microscopio. Inclúe bacterias, virus, protozoos, así como algunhas algas e fungos.

ES: **microorganismo** *s.m.*

EN: **microorganism**

micrópilo *s.m.* Poro ou apertura apical do tegumento do primordio seminal que permite a entrada do tubo polínico e a fecundación.

ES: **micropilo** *s.m.*

EN: **micropyle**

micrópilo *s.m.* Orificio na cuberta do óvulo de certos animais, como insectos e peixes, que permite a entrada do espermatozoide e a fecundación.

ES: **micropilo** *s.m.*

EN: **micropyle**

micrópilo *s.m.* Orificio da parede das xémulas dun porífero a través do cal son liberadas as células do seu interior, que orixinarán novos individuos.

ES: **micropilo** *s.m.*

EN: **micropyle**

micropropagación *s.f.* Conxunto de técnicas e procesos para o crecemento de tecido en cultivo co fin de producir, de forma asexual, gran cantidade de plantas.

ES: **micropropagación** *s.f.*

EN: **micropropagation**

microsatélite *s.m.* V. **STR**.

micróspora *s.f.* Espora de pequeno tamaño de vexetais heterósporos que dá orixe ao gametófito masculino.

ES: **microspora** *s.f.*

EN: **microspore**

microtúbulo *s.m.* Compoñente citoesquelético formado pola polimerización da tubulina que ten aspecto de tubo.

ES: **microtúbulo** *s.m.*

EN: **microtubule**

microvilosidade *s.f.* Extensión da membrana plasmática baseada na actina. As microvilosidades son moi abundantes en superficies baseadas na absorción.

ES: **microvellosidad** *s.f.*

EN: **microvillus**

mielencéfalo *s.m.* V. **medula oblonga**.

mielencéfalo *s.m.* V. **medula oblonga**.

migración *s.f.* Desprazamento dunha poboación cara a outro lugar.

ES: **migración** *s.f.*

EN: **migration**

mimetismo *s.m.* Fenómeno polo que un organismo resulta perceptiblemente semellante a algún elemento (vivo ou non) do ambiente e obtén disto unha vantaxe funcional.

ES: **mimetismo** *s.m.*

EN: **mimicry**

mineralocorticoide *s.m.* Molécula pertencente a un grupo de hormonas esteroideas que actúan principalmente na regulación osmótica dos líquidos extracelulares.

ES: **mineralocorticoide** *s.m.*

EN: **mineralocorticoid**

minisatélite *s.m.* Secuencia de ADN constituída pola repetición en tándem de unidades de entre 6 e 64p.b. formando bloques entre 0,1 e 20kb nas rexións teloméricas e subteloméricas dos cromosomas.

ES: **minisatélite** *s.m.*

EN: **minisatellite**

miofibrila *s.f.* Feixe organizado de actina, miosina e outras proteínas, que se sitúa no citoplasma das fibras musculares e que ten capacidade para contraerse. As miofibrilas son conxuntos de sarcómeros.

ES: **miofibrilla** *s.f.*

EN: **myofibril**

V. TAMÉN: **sarcómero**

mioglobina *s.f.* Proteína globular que posúe un grupo prostético hemo, encargada da almacenaxe de osíxeno no tecido muscular. A mioglobina está moi relacionada coa hemoglobina tanto en estrutura como en funcións.

ES: **mioglobina** *s.f.*

EN: **myoglobin**

V. TAMÉN: **hemoglobina**

miosina *s.f.* Proteína motora que emprega ATP para desprazarse ao longo dos filamentos de actina.

ES: **miosina** *s.f.*

EN: **myosin**

V. TAMÉN: **actina**

miriápodo *s.m.* Animal artrópodo pertencente ao grupo dos *Myriapoda*.

ES: **miriápodo** *s.m.*

EN: **myriapod**

miriápodo, miriápoda *adx.* Relativo aos miriápodos.

ES: **miriápodo, miriápoda** *adx.*

EN: **myriapod**

mirrado, mirrada *adx.* V. **murcho, murcha**.

mitocondria *s.m.* Orgánulo rodeado de dobre membrana presente nas células eucariotas que leva a cabo a fosforilación oxidativa e produce a maioría do ATP dunha célula. As mitocondrias encóntranse en tódalas células eucariotas, agás algunhas excepcións como os eritrocitos.

ES: **mitocondria** *s.m.*

EN: **mitochondrion**

mitose *s.f.* Etapa do proceso de división celular das células eucariotas na cal os cromosomas replicados se separan e o núcleo se divide. O resultado da mitose son dúas células con igual dotación cromosómica, que á súa vez é igual á da célula proxenitora. Os cromosomas, previamente duplicados, sepáranse de maneira que unha copia migrará para un polo da célula e así poida ser incluído nas futuras células fillas.

ES: **mitosis** *s.f.*

EN: **mitosis**

V. TAMÉN: **meiose**

mixomiceto *s.m.* Organismo pertencente ao grupo *Myxomycota*.

ES: **mixomiceto** *s.m.*

EN: **myxomycete**

mixomiceto, mixomiceta *adx.* Relativo aos mixomicetos

ES: **mixomiceto, mixomiceta** *adx.*

EN: **myxomycetous**

mixotrófico, mixotrófica *adx.* Dise dos organismos que empregan compostos inorgánicos como fonte de enerxía (como doador de electróns) mentres que como fonte de carbono usan compostos orgánicos.

ES: **mixotrófico, mixotrófica** *adx.*

EN: **mixotrophic**

moega *s.f.* Rexión especializada do estómago, moi muscularizada e que contén partículas minerais, onde se produce a trituración do alimento.

SIN GL: **morzoa** *s.f.*; **moella** *s.f.*

ES: **molleja** *s.f.*

EN: **gizzard**

moho *s.m.* Fungo microscópico pluricelular que crece formando filamentos ou hifas.

ES: **moho** *s.m.*

EN: **mould; mold**

moho *s.m.* V. **brión**.

molusco *s.m.* Animal invertebrado pertencente ao grupo *Mollusca*.

ES: **molusco** *s.m.*

EN: **mollusc**

monera *s.f.* Microorganismo procariota. O termo bacteria incluía tradicionalmente todos os procariotas, pero na actualidade a taxinomía e a nomenclatura científica divídeos en dous grupos. Estes grupos denomínanse *Bacteria* e *Archaea*, e constitúen dous dos tres grandes dominios evolutivos da vida. Malia isto o termo bacteria aínda se usa popularmente para facer referencia aos procariotes en xeral. O termo monera actualmente atópase en desuso. Os microorganismos do dominio *Bacteria* son ubicuos e caracterízanse por seren procariotas cunha parede celular con peptidoglicano e con ribosomas cunha estrutura propia.

SIN GL: **bacteria** *s.f.*; **procarionte** *s.m.*

ES: **monera** *s.f.*; **bacteria** *s.f.*; **procarionte** *s.m.*

EN: **monera**

monocasio *s.m.* Tipo de inflorescencia cimosa na cal cada eixe sucesivo só dá orixe a un novo eixe secundario.

ES: **monocasio** *s.m.*

EN: **monochasium**

monocito *s.m.* Tipo de leucocito de maior tamaño e agranulocito que presenta un núcleo en forma de ril. Os monocitos teñen función fagocítica e son os precursores dos macrófagos.

- ES: **monocito** *s.m.*
EN: **monocyto**
- monoclonal** *adx.* Dise do grupo de células ou organismos idénticos derivados dunha única célula.
ES: **monoclonal** *adx.*
EN: **monoclonal**
- monocotiledónea** *s.f.* Planta que presenta un embrión cun único cotiledón.
ES: **monocotiledónea** *s.f.*
EN: **monocotyledon**
- monofilético, monofilética** *adx.* V. **holofilético, holofilética.**
- monoico, monoica** *adx.* Dise dos organismos, especialmente vexetais, nos que un mesmo individuo pode portar estruturas reprodutivas femininas e masculinas.
ES: **monoico, monoica** *adx.*
EN: **monoecious**
- monómero** *s.m.* Molécula ou composto que funciona como unha unidade e pode unirse a outras para formar oligómeros ou polímeros.
ES: **monómero** *s.m.*
EN: **monomer**
- monoploide** *adx.* Referente á célula ou organismo que posúe un único xogo de cromosomas.
ES: **monoploide** *adx.*
EN: **monoploid**
- monoprótico, monoprótica** *adx.* Dise do ácido no que só un dos protóns é disociable.
ES: **monoprótico, monoprótica** *adx.*
EN: **monoprotic**
- monosomía** *s.f.* Tipo de aneuploidía que resulta da perda dun membro dun par cromosómico concreto en células e individuos diploides.
ES: **monosomía** *s.f.*
EN: **monosomy**
- monotrema** *s.m.* Animal pertencente ao grupo dos *Monotremata*.
ES: **monotrema** *s.m.*
EN: **monotreme**
- monotrema** *adx.* Relativo aos monotremas.
- ES: **monotrema** *adx.*
EN: **monotreme**
- monótrico, monótrica** *adx.* Dise da célula ou organismo unicelular que posúe un único flaxelo. Son monóttricas todas as células que posúen un único flaxelo de forma independente á súa localización.
ES: **monotrico, monotrica** *adx.*
EN: **monotrichous**
- monoxenético, monoxenética** *adx.* Dise do ciclo vital no que unha xeración abonda para completalo e que por tanto carece de alternancia.
ES: **monogenético, monogenética** *adx.*
EN: **monogenetic**
- morbilidade** *s.f.* Número de casos dunha enfermidade nunha poboación e tempo determinado.
ES: **morbilidad** *s.f.*
EN: **morbidity**
V. TAMÉN: **incidencia; prevalencia**
- morfóxeno** *s.m.* Substancia que participa na formación do padrón de desenvolvemento dun organismo a través de mecanismos dependentes da variación espacial na súa concentración.
ES: **morfógeno** *s.m.*
EN: **morphogen**
- morfóxeno** *s.m.* Substancia que participa na regulación dos padróns de desenvolvemento morfolóxico dun tecido ou estrutura.
ES: **morfogén** *s.m.*
EN: **morphogen**
- mortalidade** *s.f.* Proporción de mortes nunha poboación e tempo determinado.
ES: **mortalidad** *s.f.*
EN: **mortality**
- mórula** *s.f.* Esfera celular maciza, de entre 16 e 64 células, que constitúe unha das primeiras fases do desenvolvemento embrionario dos animais.
ES: **mórula** *s.f.*
EN: **morula**
- morzoa** *s.f.* V. **moega.**

mosaico *s.m.* Organismo no que coexisten dúas poboacións celulares con diferente xenotipo.

ES: **mosaico** *s.m.*

EN: **mosaic**

mucilaxe *s.f.* Heteropolisacárido vexetal viscoso coagulable en alcol, con función protectora e de ancoraxe principalmente. As mucilaxes están duras cando secan e viscosas cando están húmidas. Algunhas plantas carnívoras empregan as mucilaxes para atrapar as súas presas.

ES: **mucilago** *s.m.*

EN: **mucilage**

muda *s.f.* V. **écdisis**.

murcho, murcha *adx.* Dise da estrutura da planta que perde a súa turgencia como consecuencia da deshidratación excesiva.

SIN GL: **mirrado, mirrada** *adx.*

ES: **marchito, marchita** *adx.*

EN: **withered**

mureína *s.f.* V. **peptidoglicano**.

músculo *s.m.* Órgano contráctil do corpo humano e do doutros animais composto por tecido muscular.

ES: **músculo** *s.m.*

EN: **muscle**

mutación *s.f.* Cambio producido na secuencia ou estrutura normal do material xenético dunha célula ou organismo.

ES: **mutación** *s.f.*

EN: **mutation**

mutaxénese *s.f.* Proceso de cambio natural ou inducido nos nucleótidos do ADN dun organismo.

ES: **mutagénesis** *s.f.*

EN: **mutagenesis**

mutaxénese dirixida *loc.s.f.* Mutaxénese inducida que permite efectuar os cambios en lugares concretos do ADN.

ES: **mutagénesis dirixida** *loc.s.f.*

EN: **directed mutagenesis; directed mutation**

mutualismo *s.m.* Relación biolóxica interespecífica na que as especies implicadas resultan beneficiadas e melloran a súa "fitness".

ES: **mutualismo** *s.m.*

EN: **mutualism**

NAD⁺ *sigla* Nicotinamida adenida dinucleótido. Coencima que funciona como transportador de átomos de hidróxeno nalgunhas reaccións redox. Presenta dúas formas: unha oxidada (NAD⁺) e outra reducida (NADH). Diferénciase da NADP⁺ en que perde o fosfato adicional que ten este nunha das ribosas.

ES: **NAD⁺** *sigla*

EN: **NAD⁺**

NADP⁺ *sigla* Nicotinamida adenina dinucleótido fosfato. Coencima que funciona como transportador de átomos de hidróxeno nalgunhas reaccións redox. Presenta dúas formas: unha oxidada (NADP⁺) e outra reducida (NADPH). Diferénciase do NAD⁺ en que presenta un fosfato adicional nunha das ribosas.

ES: **NADP⁺** *sigla*

EN: **NADP⁺**

náiade *s.f.* Ninfa acuática de certos insectos. Son náiades as ninfas da libélula ou das efémeras.

ES: **náyade** *s.f.*

EN: **naiad**

natalidade *s.f.* Produción de novos individuos (nacementos) por parte dunha poboación nun tempo determinado.

ES: **natalidad** *s.f.*

EN: **birthrate**

natriurese *s.f.* Excreción de sodio por medio da urina.

ES: **natriuresis** *s.f.*

EN: **natriuresis**

necridio *s.m.* Célula morta intercalada entre dous hormogonios no filamento dunha cianofíceo.

ES: **necridio** *s.m.*

EN: **necridium**

necrófago *s.m.* V. **preeiro**.

necrófago, necrófaga *adx.* V. **preeiro, preeira**.

necrose *s.f.* Conxunto de cambios morfolóxicos celulares causados pola acción degradadora progresiva dos encima que remata coa morte dun grupo de células, parte dun órgano ou tecido.

ES: **necrosis** *s.f.*

EN: **necrosis**

néctar *s.m.* Solución acuosa de azucres e outras substancias nutritivas que segregan as flores de moitas especies para atraeren insectos e aves nectarívoros, responsables da polinización.

ES: **néctar** *s.m.*

EN: **nectar**

necto *s.m.* Conxunto de organismos con capacidade de desprazarse significativamente nunha masa de auga con independencia das correntes.

ES: **necton** *s.m.*

EN: **nekton**

nefridio *s.m.* Órgano excretor e osmorregulador sinxelo de moitos invertebrados.

ES: **nefridio** *s.m.*

EN: **nephridium**

nefrona *s.f.* Unidade funcional do ril.

ES: **nefrona** *s.f.*

EN: **nephron**

nematocisto *s.m.* Orgánulo urticante dos cnidocitos.

SIN GL: **cnidocisto** *s.m.*

ES: **cnidocisto** *s.m.*, **nematocisto** *s.m.*

EN: **cnidocyst; cnida; nematocyst**

nemertino *s.m.* Pertencente ao grupo dos *Nemertea*.

ES: **nemertino** *s.m.*

EN: **nemertine; ribbon worm**

neodarwinismo *s.m.* Visión sintética que xorde no séc. XX como froito da unión das ideas de evolución a través do mecanismo da selección natural de Darwin coa xenética mendeliana, e que hoxe continúa a ser o paradigma vixente dentro da comunidade científica.

ES: **neodarwinismo** *s.m.*

EN: **neo-darwinism**

neoplasma monoclonal *loc.s.m.* Masa cancerosa que se reproduce a partir dunha única célula que desencadea un proceso oncoxénico.

SIN GL: **tumor monoclonal** *loc.s.m.*

ES: **neoplasma monoclonal** *loc.s.m.*; **tumor monoclonar** *loc.s.m.*

EN: **monoclonal neoplasm; monoclonal tumour**

neotenia *s.f.* Ralentización do proceso de desenvolvemento dun organismo con respecto aos seus antecesores.

ES: **neotenia** *s.f.*

EN: **neoteny**

neotipo *s.m.* Espécime escollido posteriormente como tipo, nos casos nos que o holotipo se perdeu ou nos que non foi detallado un holotipo para a descrición.

ES: **neotipo** *s.m.*

EN: **neotype**

nerítico, nerítica *adx.* Relativo ás augas mariñas que descansan sobre a plataforma continental.

ES: **nerítico, nerítica** *adx.*

EN: **neritic**

nervio *s.m.* Conxunto de fibras nerviosas ou axóns asociadas en fascículos por medio de tecido conxuntivo.

ES: **nervio** *s.m.*

EN: **nerve**

nervio *s.m.* Tendón ou calquera tecido branco, duro e resistente.

ES: **nervio** *s.m.*

EN: **nerve**

neuroglía *s.f.* Conxunto de células de soporte e nutrición do tecido nervioso.

SIN GL: **glía** *s.f.*

ES: **neuroglía** *s.f.*; **glía** *s.f.*

EN: **neuroglia; glia**

neurona *s.f.* Célula con longas prolongacións especializadas en recibir, conducir e transmitir sinais no sistema nervioso.

ES: **neurona** *s.f.*

EN: **neuron**

neuropéptido *s.m.* Cadea de dous ou máis aminoácidos que é sintetizada por unha neurona e pode actuar como neurotransmisor.

ES: **neuropéptido** *s.m.*

EN: **neuropeptide**

neurotransmisor *s.m.* Axente químico que pode ser liberado por unha neurona nunha sinapse e producir unha resposta na célula postsináptica.

ES: **neurotransmisor** *s.m.*

EN: **neurotransmitter**

neuston *s.m.* Conxunto de organismos que viven en contacto coa superficie dunha masa de auga.

ES: **neuston** *s.m.*

EN: **neuston**

neutrófilo *s.m.* Tipo de leucocito granulocito que se tingue con colorantes neutros. Os neutrófilos son o tipo de leucocitos máis numeroso, ingresan en grandes cantidades nos tecidos infectados fagocitando e destruindo os patóxenos extracelulares.

SIN GL: **leucocito polimorfonuclear neutrófilo** *loc.s.m.*

ES: **neutrófilo** *s.m.*; **leucocito polimorfonuclear neutrófilo** *loc.s.m.*

EN: **neutrophil**

neutrófilo *adx.* Que se tingue con colorantes neutros.

ES: **neutrófilo** *adx.*

EN: **neutrophil**

niada *s.f.* V. **niñada**.

nicho ecolóxico *loc.s.m.* Posición relativa que ocupa unha entidade biolóxica dentro dun determinado ecosistema.

ES: **nicho ecológico** *loc.s.m.*
 EN: **ecological niche**

nicho efectivo *loc.s.m.* Conxunto de condicións reais nas que unha poboación determinada é capaz de vivir de forma estable.
 ES: **nicho efectivo** *loc.s.m.*
 EN: **niche**

nicho fundamental *loc.s.m.* Rango completo de condicións ambientais (bióticas e abióticas) nas que teoricamente unha especie podería manter unha poboación estable.
 ES: **nicho fundamental** *loc.s.m.*
 EN: **fundamental niche**

ninfa *s.f.* Fase xuvenil dos insectos hemimetábolos. Posúen todas as características do adulto a excepción das ás (aparecendo uns rudimentos alados) e do sistema reprodutor, que aínda non existe. As ninfas non sofren en ningún caso unha fase de pupa, senón que por sucesivas mudas dan lugar ao individuo adulto.
 ES: **ninfa** *s.f.*
 EN: **nymph**

niñada *s.f.* Conxunto de ovos postos nun niño
 SIN GL: **niada** *s.f.*
 ES: **nidada** *s.f.*; **puesta** *s.f.*
 EN: **clutch**

nitroxenase *s.f.* Complexo encimático que realiza a fixación do nitróxeno atmosférico. A nitroxenase reduce o nitróxeno atmosférico a amonio, de forma que pode ser fixado.
 ES: **nitrogenasa** *s.f.*
 EN: **nitrogenase**

nó *s.m.* Rexión do caule na que se insiren as xemas e as estruturas que derivan destas (follas, flores, pólas,).
 ES: **nudo** *s.m.*
 EN: **node**

nociceptor *s.m.* Receptor sensorial que capta estímulos da dor.
 ES: **nociceptor** *s.m.*
 EN: **nociceptor**

nódulo *s.m.* V. **ganglio**.

nódulo linfático *loc.s.m.* Masa de tecido linfoide situada nos vasos linfáticos de

mamíferos e aves. Actúa como parte do sistema inmunitario, filtrando e retendo os microorganismos da linfa. Tamén produce linfocitos.
 SIN GL: **ganglio linfático** *loc.s.m.*
 ES: **nódulo linfático** *loc.s.m.*; **ganglio linfático** *loc.s.m.*
 EN: **lymph node**

nódulo nervioso *loc.s.m.* Masa de tecido nervioso formada pola acumulación de corpos neuronais que conectan con fibras nerviosas. Os ganglios nerviosos adoitan estar rodeados dunha capa de tecido conectivo.
 SIN GL: **ganglio nervioso** *loc.s.m.*
 ES: **nódulo nervioso** *loc.s.m.*; **ganglio nervioso** *loc.s.m.*
 EN: **ganglion**

nódulo radical *loc.s.m.* Avultamento na raíz de certas plantas no cal se establece unha asociación simbiótica con bacterias fixadoras do nitróxeno.
 ES: **nódulo radical** *loc.s.m.*
 EN: **root nodule**

NOR *sigla* Nucleolus Organizer Region 'rexión organizadora nucleolar'. Rexión dun cromosoma que contén un grupo de xenes de ARN ribosómico que dá lugar ao nucléolo.
 SIN GL: **organizador nucleolar** *loc.s.m.*
 ES: **NOR** *sigla*; **organizador nucleolar** *loc.sm.*
 EN: **NOR**

noradrenalina *s.f.* Molécula do grupo das catecolaminas que actúa como hormona e como neurotransmisor.
 SIN GL: **noradrenalina** *s.f.*
 ES: **norepinefrina** *s.f.*; **noradrenalina** *s.f.*
 EN: **norepinephrine**; **noradrenaline**

noradrenalina *s.f.* V. **noradrenalina**.

Northern blot *loc.s.m.* V. **hibridación Northern**.

notocorda *s.f.* Estrutura celular en forma de barra que percorre dorsalmente o corpo nos embrións de animais cordados e induce a formación do tubo neural.
 ES: **notocordio** *s.m.*
 EN: **notochord**

noz *s.f.* Froito monospermo indehiscente con pericarpo endurecido.

ES: **nuez** *s.f.*

EN: **nut**

noz *s.m.* Froito da nogueira.

ES: **nuez** *s.m.*

EN: **walnut**

nucela *s.f.* Porción central do óvulo das plantas, por debaixo do integumento, que fai a función dun megasporanxio nas plantas con semente ou espermatófitas.

ES: **nucela** *s.f.*

EN: **nucellus**

nuclease *s.f.* Encima que hidroliza os enlaces fosfodiéster nos ácidos nucleicos. Trátase dun tipo específico de fosfodiesterase.

ES: **nucleasa** *s.f.*

EN: **nuclease**

núcleo *s.m.* Orgánulo prominente delimitado por unha dobre membrana, propio da célula eucariota, que contén o ADN organizado en cromosomas.

ES: **núcleo** *s.m.*

EN: **nucleus**

nucleoide *s.m.* V. **rexión nuclear**.

nucléolo *s.m.* V. **nucléolo**.

nucléolo *s.m.* Estrutura do interior do núcleo na que se transcribe o ARN ribosómico e se ensamblan os ribosomas.

SIN GL: **nucléolo** *s.m.*

ES: **nucleolo** *s.m.*

EN: **nucleolus; nucleole** (pl. **nucleoli**)

nucleoporina *s.f.* Cada unha das proteínas dunha ampla familia que son compoñentes do complexo do poro nuclear. Orixinariamente empregábase só para describir aqueles polipéptidos que formaban parte do complexo do núcleo e que se unían ás lectinas inhibitorias.

ES: **nucleoporina** *s.f.*

EN: **nucleoporin**

nucleósido *s.m.* Composto formado por unha pentosa unida covalentemente a unha base nitroxenada.

ES: **nucleósido** *s.m.*

EN: **nucleoside**

nucleosoma *s.m.* Estrutura formada por un octámero de histonas e unha cadea de ADN de 146p.b. que envolve este en sentido antihorario.

ES: **nucleosoma** *s.m.*

EN: **nucleosome**

nucleótido *s.m.* Molécula orgánica formada pola unión dunha pentosa a unha base nitroxenada e a un grupo fosfato. Os nucleótidos son os compoñentes principais do ADN e do ARN.

ES: **nucleótido** *s.m.*

EN: **nucleotide**

núcula *s.f.* Froito de tipo noz de pequeno tamaño.

ES: **núcula** *s.f.*

EN: **nucule**

ocelo *s.m.* Estrutura fotorreceptora simple e rudimentaria propia de artrópodos e outros invertebrados.

ES: **ocelo** *s.m.*

EN: **ocellus**

ócrea *s.f.* Especie de vaíña que cobre a base do pecíolo, formada pola concrescencia de dúas estípulas membranosas.

ES: **ócrea** *s.f.*

EN: **ochrea**

odontóforo *s.m.* Estrutura oral cartilaxinosa sobre a que se atopa a membrana radular dos moluscos.

ES: **odontóforo** *s.m.*

EN: **odontophore**

OGM *sigla* Organismo que ten o material xenético alterado grazas ao uso da enxeñaría xenética

ES: **OGM** *sigla*

EN: **GMO, genetically modified organism**

oído *s.m.* Sentido especializado na recepción de ondas sonoras.

ES: **oído** *s.m.*

EN: **hearing**

oído *s.m.* Órgano especializado na audición.

SIN GL: **oído** *s.m.*

ES: **oído** *s.m.*

EN: **ear**

oído *s.m.* V. **oído**.

olfacto *s.m.* Sentido especializado na percepción de substancias químicas volátiles presentes no medio.

ES: **olfato** *s.m.*

EN: **olfaction**

oligodendrocito *s.m.* Célula glial que forma unha vaíña de mielina ao redor dos axóns neuronais no sistema nervioso central dos vertebrados.

ES: **oligodendrocito** *s.m.*

EN: **oligodendrocyte**

V. TAMÉN: **célula de Schwann**

oligoelemento *s.m.* Elemento químico que se encontra en moi baixa concentración pero é requirido por un organismo para o seu desenvolvemento . Tanto a súa ausencia absoluta coma unha concentración excesiva son moi daniñas para o organismo. Os oligoelementos requiridos ou as súas concentracións poden ser diferentes para cada especie.

ES: **oligoelemento** *s.m.*

EN: **oligoelement**

oligotrófico, oligotrófica *adx.* Dise do ambiente pobre en nutrientes e dos organismos que prosperan nel.

ES: **oligotrófico, oligotrófica** *adx.*

EN: **oligotrophic**

ollo *s.m.* Órgano fotorreceptor, base do sentido da vista.

ES: **ojo** *s.m.*

EN: **eye**

omatidio *s.m.* Cada unha das unidades sensoriais que forman o ollo composto dos artrópodos.

ES: **omatidio** *s.m.*

EN: **ommatidium**

omnívoro, omnívora *adx.* Dise do animal capaz de se alimentar tanto de materia vexetal como animal.

ES: **omnívoro, omnívora** *adx.*

EN: **omnivorous**

oncoxene *s.m.* Xene alterado que é responsable dun proceso cancerixeno.

ES: **oncogén** *s.m.*

EN: **oncogene**

oocito *s.m.* Célula xerminal feminina inmadura, na cal teñen lugar as divisións meióticas.

SIN GL: **ovocito** *s.m.*

ES: **ovocito** *s.m.*; **oocito** *s.m.*

EN: **oocyte**

oogamia *s.f.* Tipo de fecundación na que un gameto móbil e pequeno se une a outro inmóbil e grande.

ES: **oogamia** *s.f.*

EN: **oogamy**

oogonia *s.f.* Célula xerminal feminina, formada por mitose e con dotación diploide, que ao madurar dará lugar aos oocitos.

ES: **oogonia** *s.f.*

EN: **oogonium**

ooxénese *s.f.* Proceso de formación e diferenciación dos gametos femininos, dende as oogonias ao óvulo maduro.

SIN GL: **ovoxénese** *s.f.*

ES: **ovogénesis** *s.f.*; **oogénesis** *s.f.*

EN: **oogenesis**

opérculo *s.m.* Calquera estrutura a modo de tapa que cobre un órgano animal ou vexetal.

ES: **opérculo** *s.m.*

EN: **operculum**

operón *s.m.* Unidade xenética funcional que consta dun ou varios xenes estruturais (que codifican polipéptidos), un operador (secuencia á que se une unha proteína reguladora) e un promotor.

ES: **operón** *s.m.*

EN: **operon**

opistoconto, opistoconta *adx.* Dise do organismo ou célula que presenta un único flaxelo en posición posterior. Un exemplo de célula opistoconta é o espermatozoide.

ES: **opistoconto, opistoconta** *adx.*

EN: **opisthokont**

oportunista *adx.* Dise da especie que prospera mellor despois dunha perturbación.

ES: **oportunista** *adx.*

EN: **opportunistic**

opsina *s.f.* Proteína que, unida a un cromóforo, é capaz de reaccionar á luz, participando en numerosos procesos de fotosensibilidade.

ES: **opsina** *s.f.*

EN: **opsin**

opsonización *s.f.* Formación dunha capa na superficie dun patóxeno ou outra partícula por parte de calquera molécula que facilite a súa fagocitose. O exemplo máis coñecido de opsonización é o que realizan os anticorpos e o complemento coas bacterias para a súa fagocitose por parte dos neutrófilos e macrófagos.

ES: **opsonización** *s.f.*

EN: **opsonization**

ORC *sigla* Grupo de proteínas que reconece a secuencia dunha orixe de replicación e se une a ela.

SIN GL: **complexo de recoñecemento da orixe** *loc.s.m.*

ES: **ORC** *sigla*; **complejo de reconocimiento del origen** *loc.s.m.*

EN: **ORC, origin recognition complex**

organismo *s.m.* Entidade biolóxica individual e organizada, unicelular ou pluricelular, que é capaz de realizar funcións vitais como a nutrición, relación e reprodución e de completar un ciclo vital.

ES: **organismo** *s.m.*

EN: **organism**

organizador *s.m.* Rexión dun embrión que produce sinais que dirixen o desenvolvemento de todo o organismo ou dunha parte do mesmo.

ES: **organizador** *s.m.*

EN: **organizer**

organizador de Spemann-Mangold *loc.s.m.* Rexión marxinal do blastóporo de anfibios por onde comezan os movementos de gastrulación e que actúa como organizador primario.

SIN GL: **labio dorsal do blastóporo** *loc.s.m.*

- ES: **organizador de Spemann-Mangold** *loc.s.m.*; **labio dorsal del blastoporo** *loc.s.m.*
 EN: **primary organizer; Spemann-Mangold organizer**
- organizador nucleolar** *loc.s.m.* V. NOR.
- órgano** *s.m.* Estrutura conformada pola agrupación de diversos tecidos e que exerce unha ou varias funcións concretas dentro do organismo.
 ES: **órgano** *s.m.*
 EN: **organ**
- organótrofo** *s.m.* Organismo que emprega compostos orgánicos reducidos como fonte de electróns.
 ES: **organótrofo** *s.m.*
 EN: **organotroph**
- organótrofo, organótrofa** *adx.* Que utiliza compostos orgánicos reducidos como doadores de electróns.
 ES: **organótrofo, organótrofa** *adx.*
 EN: **organotrophic**
- organoxénese** *s.f.* Fase do desenvolvemento na que se forman os órganos a partir das capas xerminais do embrión.
 ES: **organogénesis** *s.f.*
 EN: **organogenesis**
- orgánulo** *s.m.* Estrutura subcelular do citoplasma das células eucariotas que presenta unha membrana limitante e forma e función ben definidas. Algúns autores consideran orgánulos non só aqueles compoñentes celulares que posúen membrana limitante, senón tamén algunhas estruturas que carecen de membrana como os ribosomas ou os centríolos.
 ES: **orgánulo** *s.m.*
 EN: **organelle**
- orixe de replicación** *loc.s.f.* Punto onde comeza a replicación dun cromosoma.
 ES: **origen de replicación** *loc.s.m.*
 EN: **replication origin; origin of replication**
- ortólogo, ortóloga** *adx.* Dise das secuencias xenéticas homólogas existentes en dous organismos ou especies diferentes que derivaron dunha mesma secuencia ancestral dun antepasado común.
 ES: **ortólogo, ortóloga** *adx.*
 EN: **orthologous**
- ósculo** *s.m.* Abertura principal do espongocele, a través da cal a auga abandona a cavidade corporal.
 ES: **ósculo** *s.m.*
 EN: **osculum**
- osmófilo, osmófila** *adx.* Dise do organismo que prospera en medios cunha elevada presión osmótica.
 ES: **osmófilo, osmófila** *adx.*
 EN: **osmophilic**
- óseo** *s.m.* Tecido firme, duro e resistente que forma parte do endoesqueleto dos vertebrados. Está composto principalmente por tecido óseo, aínda que posúe tamén cubertas de tecido conectivo, cartilaxe, nervios e, algúns, tamén tecido hematopoético e adiposo.
 ES: **hueso** *s.m.*
 EN: **bone**
- osteocito** *s.m.* Célula máis abundante encontrada nos ósos, derivada do osteoblasto. Moi importante na regulación do metabolismo do calcio e fósforo.
 ES: **osteocito** *s.m.*
 EN: **osteocyte**
- ostíolo** *s.m.* Poro ou pequeno orificio que forma a apertura dun órgano ou estrutura.
 ES: **ostíolo** *s.m.*
 EN: **ostiole**
- ovario** *s.m.* Órgano feminino onde se producen os óvulos.
 ES: **ovario** *s.m.*
 EN: **ovary**
- oviduto** *s.m.* Conduto polo que se desprazan os óvulos dende o ovario cara a outras partes do aparello reprodutor ou cara ao exterior.
 ES: **oviducto** *s.m.*
 EN: **oviduct**
- oviparismo** *s.m.* Forma de desenvolvemento na que os ovos son liberados ao exterior pola nai, polo que eclosionan fóra desta.
 ES: **oviparismo** *s.m.*

EN: **oviparity**
ovocito *s.m.* V. **ocito**.
ovoteste *s.m.* Gónada hermafrodita, na que se producen óvulos e espermatozoides.
ES: **ovotestis** *s.m.*
EN: **ovotestis**
ovoviviparismo *s.m.* Forma de desenvolvemento na que os ovos fecundados permanecen no interior do corpo da nai ata a súa eclosión, pero sen ningunha relación alimenticia con esta.
ES: **ovoviviparismo** *s.m.*
EN: **ovoviviparity**
ovoxénese *s.f.* V. **ooxénese**.
ovulación *s.f.* Proceso de liberación dun óvulo cara ás trompas de Falopio nos mamíferos.
ES: **ovulación** *s.f.*
EN: **ovulation**
óvulo *s.m.* Gameto feminino dos animais.
ES: **óvulo** *s.m.*
EN: **oocyte; ovocyte; ovum**
óvulo *s.m.* Estrutura que contén o gametófito feminino xunto coa nucela e os integumentos nas plantas espermatófitas.

ES: **óvulo** *s.m.*
EN: **ovule**
oxidación *s.f.* Perda de electróns por parte dunha substancia.
ES: **oxidación** *s.f.*
EN: **oxidation**
V. TAMÉN: **reducción**
oxidante *adx.* Que é capaz de oxidar outros compostos nunha reacción redox. Un composto oxidante gaña electróns, de forma que se reduce. Isto provoca que outro composto perda electróns, oxidándose.
ES: **oxidante** *adx.*
EN: **oxidant**
oxidante *s.m.* Axente que actúa oxidando unha substancia nunha reacción redox.
ES: **oxidante** *s.m.*
EN: **oxidicer; oxidizing agent**
oxitocina *s.f.* Hormona peptídica segregada pola hipófise.
ES: **oxitocina** *s.f.*
EN: **oxytocin**

pacedor, pacedora *adx.* Dise do animal que se alimenta selectivamente de plantas herbáceas e outra vexetacion baixa.

ES: **pastador, pastadora** *adx.*

EN: **grazeable**

paidoxénese *s.f.* Reprodución por parte-noxénese que ocorre cando o animal non acadou aínda a madurez.

SIN GL: **pedoxénese** *s.f.*

ES: **pedogénesis** *s.f.*

EN: **paedogenesis**

paisaxe *s.f.* Espazo observable cunhas dinámicas e características específicas de interacción entre factores naturais, tanto bióticos como abióticos, e antrópicos.

ES: **paisaje** *s.m.*

EN: **landscape**

paleontoloxía *s.f.* Eido da ciencia que estuda e interpreta o pasado da vida na Terra.

ES: **palentología** *s.f.*

EN: **palaeontology**

palíndromo *s.m.* Segmento de ADN no que ambas as cadeas complementarias posúen a mesma secuencia se se len na mesma orientación.

ES: **palíndromo** *s.m.*

EN: **palindrome**

palmípede *adx.* Dise das aves cuxas patas contan cunha membrana interdixital que facilita o nado.

ES: **palmípedo, palmípeda** *adx.*

EN: **webfooted**

palmípede *adx.* V. **anátida**.

palmípede *s.f.* V. **anátida**.

pálpebra *s.f.* Membrana móbil que protexe o ollo dos animais tetrápodos.

ES: **párpado** *s.m.*

EN: **eyelid; lid; palpebra**

páncreas *s.m.* Glándula situada no abdome dos vertebrados e que funciona á vez como endócrina e exócrina.

ES: **páncreas** *s.m.*

EN: **pancreas**

panícula *s.f.* Inflorescencia a modo de acio ramificado en máis acios, no cal os inferiores se atopan máis desenvolvidos, o que pode dar unha aparencia cónica.

ES: **panícula** *s.f.*

EN: **panicle**

panmixia *s.f.* Condición dunha poboación na que todos os posibles cruzamentos entre os distintos individuos que a compoñen teñen a mesma probabilidade de producirse.

ES: **panmixia** *s.f.*

EN: **panmixia**

pantano *s.m.* Ecosistema caracterizado por que a capa de auga está preto do nivel do solo, xeralmente por riba del, e unha vexetación xeralmente moi densa.

ES: **pantano** *s.m.*

EN: **marsh; fenland**

papada *s.f.* Cavidade que teñen algúns animais antes do estómago e onde se almacena a comida antes de ser dixerida.

ES: **papo** *s.m.*; **buche** *s.m.*

EN: **crop**

papila gustativa *loc.s.f.* Cada unha das pequenas estruturas prominentes que se atopan na lingua e actúan como receptores sensoriais do gusto.

ES: **papila gustativa** *loc.s.f.*

EN: **gustatory papilla**

papilionácea *s.f.* Pertencente ao grupo *Fabaceae*.

ES: **papilionácea** *s.f.*

EN: **papilionaceae**

papilionáceo, papilionácea *adx.* V. **papilionado, papilionada**.

papilionado, papilionada *adx.* Dise da flor con cinco pétalos libres, cun só plano de simetría e constituída por un pétalo grande ou estandarte, dous laterais ou alas e dous inferiores unidos formando a quilla.

SIN GL: **papilionáceo, papilionácea** *adx.*

ES: **papilionáceo, papilionácea** *adx.*

EN: **papilionaceous**

papo *s.m.* Cáliz modificado que forma unha coroa de estruturas a xeito de pelos ou plumas que facilita a dispersión por anemocoria.

ES: **vilano** *s.m.*; **papus** *s.m.*

EN: **pappus**

paquiteno *s.m.* Terceira etapa da profase I da meiose, durante a cal está perfectamente formado o complexo sinaptonémico.

ES: **paquiteno** *s.m.*

EN: **pachytene**

parácrino, parácrina *adx.* Relacionado co tipo de comunicación no que un sinal químico chega ás células adxacentes ou veciñas da célula que o segrega.

ES: **paracrino, paracrina** *adx.*

EN: **paracrine**

parafiletico, parafilética *adx.* Dise do grupo taxinómico integrado por un antepasado común e parte da súa descendencia.

ES: **parafilético, parafilética** *adx.*

EN: **paraphyletic**

paráfise *s.f.* Filamentos estériles que acompañan os que producen esporas ou gametos en certos grupos de fungos e algas.

ES: **paráfisis** *s.f.*

EN: **paraphysis**

parálogo, paróloga *adx.* Dise das secuencias xenéticas homólogas, orixinadas por duplicación, que coexisten no xenoma dun mesmo individuo.

ES: **parálogo, paróloga** *adx.*

EN: **paralogous**

parasimpático, parasimpática *adx.*

Aplícase a unha parte do sistema nervioso autónomo constituída por vías colinéxicas e que se encarga de manter o estado de repouso e funcións vitais dos órganos do sistema cardiovascular, dixestivo ou xéni-
to-urinario, entre outros.

ES: **parasimpático, parasimpática** *adx.*

EN: **parasympathetic**

parasitismo *s.m.* Tipo de interacción biolóxica estreita na que só unha das especies implicadas resulta beneficiada, mentres que a outra adoita verse danada.

ES: **parasitismo** *s.m.*

EN: **parasitism**

parasito *s.m.* Organismo beneficiado nunha relación de parasitismo.

ES: **parásito** *s.m.*

EN: **parasite**

parasito, parasita *adx.* Que resulta beneficiado nunha relación de parasitismo.

ES: **parásito, parásita** *adx.*

EN: **parasitic; parasitical**

parasitoide *s.m.* Organismo no que a larva se desenvolve no interior do corpo doutro animal e acaba por causar a morte deste.

ES: **parasitoide** *s.m.*

EN: **parasitoid**

parasitoide *adx.* Referente ao organismo cuxas larvas se desenvolven no interior doutro organismo, causándolle a morte.

ES: **parasitoide** *adx.*

EN: **parasitoid**

parathormona *s.f.* V. **hormona paratiroida**.

paratiroide *s.f.* Glándula endócrina de pequeno tamaño situada a carón ou no interior da tiroide. segrega a parathormona, que axuda na regulación do calcio e fósforo no sangue e líquidos corporais.

ES: **paratiroides** *s.m.*

EN: **parathyroid gland**

parátopo *s.m.* Secuencia específica de unión a un antíxeno, que forma parte dun anticorpo ou dun receptor de célula T. O parátopo

po é a rexión que recoñece o epítopo ou determinante antixénico.

ES: **parátopo** *s.m.*

EN: **paratope**

parazoo *s.m.* Animal que non posúe verdadeiros órganos nin tecidos.

ES: **parazoo** *s.m.*

EN: **parazoa**

parede celular *loc.s.f.* Capa ríxida que se encontra exteriormente á membrana plasmática de bacterias, fungos, algas, plantas e algunhas arqueas. As moléculas que forman a parede celular varían segundo o tipo de organismo que analicemos. Ademais, en plantas e fungos poden variar segundo o estado de desenvolvemento. A parede celular protexe a célula fronte á desecación, rotura, deformación etc.

ES: **pared celular** *loc.s.f.*

EN: **cell wall**

parénquima *s.m.* Elemento esencial específico ou funcional dun órgano constituído por células diferenciadas e cun fin específico.

ES: **parénquima** *s.m.*

EN: **parenchyma**

parénquima *s.m.* Tecido vexetal constituído por células pouco diferenciadas que se encontra en tódolos órganos enchendo os espazos libres.

ES: **parénquima** *s.m.*

EN: **parenchyma**

parental *adx.* V. **paternal**.

partenocarpia *s.f.* Desenvolvemento dun ovario sen fecundación previa que dá lugar a un froito sen semente. A partenocarpia pode ser estimulativa, cando se require un estímulo como a polinización para que se produza (ex. plátano) ou pode ser vexetativa, cando non se require estímulo ningún para que se produza (ex. cogombro)

ES: **partenocarpia** *s.f.*

EN: **parthenocarp**

partenoxénese *s.f.* Forma de reprodución na cal se produce o desenvolvemento dunha célula sexual feminina sen que teña lugar a súa fecundación.

ES: **partenogénesis** *s.f.*

EN: **parthenogenesis**

partícula de recoñecemento do sinal

loc.s.f. Ribonucleoproteína que recoñece e transporta proteínas específicas ata a membrana do retículo endoplasmático en eucariotas e ata a membrana plasmática en procariotas. A SRP recoñece un péptido sinal hidrofóbico no extremo N-terminal da proteína. Isto provoca a unión da SRP e o transporte cara a un ambiente hidrofóbico.

SIN GL: **SRP** *sigla*

ES: **partícula de reconocimiento de la señal** *loc.s.f.*; **SRP** *sigla*

EN: **SRP, signal recognition particle**

paseo con cebador *loc.s.m.* Método para a secuenciación de longas cadeas de ADN clonado.

SIN GL: **primer walking** *loc.s.m.*

ES: **paseo con cebador** *loc.s.m.*; **primer walking** *loc.s.m.*

EN: **primer walking**

paternal *adx.* Referido aos proxenitores ou á súa xeración.

SIN GL: **parental** *adx.*

ES: **paternal** *adx.*; **parental** *adx.*

EN: **paternal**

patoxenicidade *s.f.* Capacidade dun axente infeccioso para causar dano no hospedador.

ES: **patogenicidad** *s.f.*

EN: **pathogenicity**

patóxico *s.m.* Axente biolóxico capaz de producir enfermidade nun hospedador sensiblemente predisposto.

ES: **patógeno** *s.m.*

EN: **pathogen**

patóxico, patóxena *adx.* Que pode producir unha enfermidade nun organismo hospedador.

ES: **patógeno, patóxena** *adx.*

EN: **pathogenic**

pauta de lectura *loc.s.f.* Cada un dos posibles xeitos de ler unha secuencia nucleotídica entendida como unha sucesión de codóns.

SIN GL: **marco de lectura** *loc.s.m.*

- ES: **pauta de lectura** *loc.s.f.*; **marco de lectura** *loc.s.m.*
EN: **reading frame**
- PCR** *sigla* Método de amplificación in vitro de copias dun ADN obxectivo por medio do uso de cebadores complementarios a unha secuencia nucleotídica e da ADN polimerase termoestable para copiar a cadea desexada.
ES: **PCR** *sigla*
EN: **PCR, polymerase chain reaction**
- pé** *s.m.* Parte terminal das extremidades dos tetrápodos cuxa función é de soporte e locomoción.
ES: **pie** *s.m.*
EN: **foot**
- pé** *s.m.* Órgano muscular propio de moluscos.
ES: **pie** *s.m.*
EN: **foot**
- pé** *s.m.* Estrutura cilíndrica que soporta a parte aérea dunha árbore ou fungo.
ES: **pie** *s.m.*
EN: **foot**
- pecíolo** *s.m.* Parte máis estreita da folla, que une o limbo da mesma ao caule da planta.
ES: **pecíolo** *s.m.*
EN: **pedicel; pedicle**
- pedigrí** *s.m.* V. **xenealoxía**.
- pedipalpo** *s.m.* Cada un dos apéndices do segundo par cefálico en arácnidos e outros quelicerados.
ES: **pedipalpo** *s.m.*
EN: **pedipalp**
- pedomorfose** *s.f.* Cambio evolutivo polo cal un individuo adulto retén características propias de estadios máis temperáns nos seus antecesores.
ES: **pedomorfosis** *s.f.*
EN: **paedomorphosis**
- pedoxénese** *s.f.* V. **paidoxénese**.
- pedra** *s.f.* Parte dura e compacta dalgúns froitos onde se contén a semente.
SIN GL: **croia** *s.f.*; **carabuña** *s.f.*
ES: **hueso** *s.m.*
EN: **stone**
- pegada ecolóxica** *loc.s.f.* Medida da demanda de recursos que o ser humano exerce sobre o planeta.
ES: **huella ecológica** *loc.s.f.*
EN: **ecological footprint**
- peite** *s.m.* Apéndice sensorial do abdome de alacráns.
ES: **peine** *s.m.*
EN: **pecten**
- peite** *s.m.* Cada unha das placas con cilios dispostos en feiras que empregan para a locomoción os ctenóforos.
ES: **peine** *s.m.*
EN: **ctene; comb-plate**
- peixe** *s.m.* Animal vertebrado non pertencente ao grupo dos tetrápodos.
ES: **pez** *s.m.*
EN: **fish**
- peláxico, peláxica** *adx.* Referente ao mar aberto, é dicir, á parte do mar que non descansa sobre a plataforma continental.
ES: **pelágico, pelágica** *adx.*
EN: **pelagic**
- pelo absorbente** *loc.s.m.* Prolongación filiforme das células epidérmicas da zona pilífera da raíz, implicada na absorción de auga e nutrientes do medio.
SIN GL: **pelo radical** *loc.s.m.*
ES: **pelo absorbente** *loc.s.m.*; **pelo radical** *loc.s.m.*
EN: **root hair**
- pelo radical** *loc.s.m.* V. **pelo absorbente**.
- pelve** *s.f.* Cavidade limitada entre a cintura pélvica, o cóccix e o sacro en tetrápodos.
ES: **pelvis** *s.f.*
EN: **pelvis**
- pelve** *s.f.* Estrutura ósea que sustenta as extremidades posteriores de tetrápodos
SIN GL: **cintura pélvica** *loc.s.f.*
ES: **pelvis** *s.f.*; **cintura pélvica** *loc.s.f.*
EN: **pelvis**
- pene** *s.m.* Órgano copulador masculino.
ES: **pene** *s.m.*
EN: **penis**
- penetración** *s.f.* Frecuencia en porcentaxe de casos nos que un individuo que posúe

unha variante xenotípica dada manifesta o fenotipo asociado a ela.

ES: **penetración** *s.f.*; **penetrancia** *s.f.*

EN: **penetrance**

pentosa *s.f.* Monosacárido formado por unha cadea de cinco átomos de carbono.

ES: **pentosa** *s.f.*

EN: **pentose**

pepónide *s.f.* Tipo de baga procedente dun ovario ínfero e que presenta un epicarpo coriáceo, xeralmente indehiscente.

ES: **pepónide** *s.f.*

EN: **pepo**

pepsina *s.f.* Encima dixestivo proteolítico. Sintetízase como un precursor inactivo, o pepsinóxeno, que se activa por proteólise ao contactar co medio ácido do estómago.

ES: **pepsina** *s.f.*

EN: **pepsin**

pepsinóxeno *s.m.* Precursor inactivo da pepsina. Segregado polas glándulas fúxicas do estómago, actívase ao entrar en contacto co medio ácido do estómago.

ES: **pepsinógeno** *s.m.*

EN: **pepsinogen**

peptidase *s.f.* V. **protease**.

peptidase *s.f.* Encima que hidroliza enlaces peptídicos. Hoxe en día prefírese o termo peptidase a protease.

SIN GL: **protease** *s.f.*

ES: **proteasa** *s.f.*; **peptidasa** *s.f.*

EN: **protease**; **peptidase**

péptido final *loc.s.m.* V. **secuencia sinal**.

péptido sinal *loc.s.m.* Curta secuencia de aminoácidos que determina a localización final dunha proteína na célula. Existen diferentes péptidos sinal que guían os péptidos a diferentes destinos.

SIN GL: **secuencia sinal** *loc.s.f.*; **sinal de tránsito** *loc.s.m.*

ES: **secuencia señal** *loc.s.f.*; **péptido señal** *loc.s.m.*; **señal de tránsito** *loc.s.f.*

EN: **signal peptide**

peptidoglucano *s.m.* Compoñente maioritario das paredes celulares bacterianas formado por cadeas de heteropolisacáridos

paralelas entre si e cruzadas por pequenos péptidos. Os polisacáridos do peptidoglucano son a N-acetilglicosamina e o ácido N-acetilmurámico.

SIN GL: **mureína** *s.f.*

ES: **peptidoglucano** *s.m.*; **mureína** *s.f.*

EN: **peptidoglycan**; **murein**

peramorfose *s.f.* Cambio evolutivo polo cal un individuo amosa características propias de estadios adultos nos seus antecesoires cando aínda non é maduro, e logo continúa o seu desenvolvemento, que pode presentar novos trazos.

ES: **peramorfoxis** *s.f.*

EN: **peramorphosis**

percepción de quórum *loc.s.f.* Mecanismo de control da expresión xénica dependente da densidade celular. Trátase dun mecanismo de optimización da eficiencia de certos procesos, que non se iniciarán ata que se acade a concentración celular necesaria para obter unha resposta axeitada. A percepción de quórum está amplamente estudada nas bacterias, onde está implicada en fenómenos tales como a bioluminiscencia ou os procesos infecciosos, pero tamén existe en células eucariotas.

ES: **detección de quórum** *loc.s.f.*

EN: **quorum sensing**

perenne *adx.* V. **vivaz**.

perennifolio, perennifolia *adx.* Dise das plantas arbustivas ou arbóreas que manteñen a follaxe durante todo o ciclo anual, renovando só as máis vellas.

ES: **perennifolio, perennifolia** *adx.*

EN: **evergreen**

pereiópodo *s.m.* Apéndice do pereon dos crustáceos malacostráceos.

ES: **pereiópodo** *s.m.*

EN: **pereiopod**; **pereiopod**

perianto *s.m.* Envoltura da flor das anxiospermas, constituída polas follas florais.

ES: **perianto** *s.m.*

EN: **perianth**

perianto *s.m.* Estrutura que rodea o arqueogonio das hepáticas.

SIN GL: **perianto** *s.m.*

ES: **perianto** *s.m.*; **periantio** *s.m.*

EN: **perianth**
perianto *s.m.* V. **perianto**.
pericarion *s.m.* V. **soma**.
pericarpo *s.m.* Parte do froito que envolve a semente.
ES: **pericarpio** *s.m.*
EN: **pericarp**
periciclo *s.m.* Cilindro de células do parénquima situado entre a estela e o endoderma nas plantas. Nas plantas dicotiledóneas a capa de células do periciclo teñen a capacidade de producir raíces laterais. Nas plantas que non presentan crecemento secundario normalmente contribúe a formar o cámbium vascular, xeralmente o cámbium suberoso.
ES: **periciclo** *s.m.*
EN: **pericycle**
periderma *s.m.* Revestimento do corpo vexetativo da planta que substitúe a epiderme, está composto por súber felóxeno e células da feloderma.
ES: **peridermis** *s.f.*
EN: **periderm**
perífise *s.f.* Cada unha das hifas estériles que a modo de filamentos revisten o ostíolo que abre o corpo frutífero de certos fungos.
ES: **períffisis** *s.f.*
EN: **periphysis**
perífiton *s.m.* Comunidade de organismos que viven na superficie das plantas somerxidas.
ES: **perifiton** *s.m.*
EN: **periphyton**
período refractario *loc.s.m.* Intervalo de tempo, despois do remate dun proceso, durante o cal non é posible que se desencadee de novo o mesmo.
ES: **periodo refractario** *loc.s.m.*
EN: **refractory period**
perístalse *s.f.* V. **peristaltismo**.
peristaltismo *s.m.* Conxunto de movementos de contracción muscular que percorren un tubo a modo de onda rítmica e impulsan así o seu contido.
SIN GL: **peristalse** *s.f.*

ES: **peristaltismo** *s.m.*; **peristalsis** *s.f.*
EN: **peristalsis**
peristoma *s.m.* Conxunto de apéndices que rodean a cápsula de moitos briófitos, por baixo do opérculo, e contribúen á súa apertura e á regulación da saída das esporas.
ES: **peristoma** *s.m.*
EN: **peristome**
peristoma *s.m.* Rexión que rodea a apertura dos orificios de certas estruturas dalgúns organismos.
ES: **peristoma** *s.m.*
EN: **peristome**
peritecio *s.m.* Tipo de ascocarpo de forma aproximadamente esférica e aberto a través dun pequeno poro situado na parte superior.
ES: **peritecio** *s.m.*
EN: **perithecium**
peritoneo *s.m.* Membrana serosa que recobre de forma interna a cavidade e os órganos do celoma.
ES: **peritoneo** *s.m.*
EN: **peritoneum**
perítrico, perítrica *adx.* Dise da disposición de flaxelos que cobre gran parte da superficie da célula. Tamén se aplica ás bacterias ou células con esta disposición.
ES: **peritrico, peritrica** *adx.*
EN: **peritrichous**
permutación *s.f.* Cambio na dieta dun predador, que opta por unha presa preferente diferente á que tiña debido á súa abundancia.
ES: **permutación** *s.f.*
EN: **permutation**
pernilonga *s.f.* Ave cos tarsos moi longos e desprovistos de plumas.
ES: **zancuda** *s.f.*
EN: **wader; wading bird**
pernilongo, pernilonga *adx.* Relativo ás pernilongas.
ES: **zancudo, zancuda** *adx.*
EN: **wading**

peroxisoma *s.m.* Pequeno orgánulo celular delimitado por unha membrana única que emprega osíxeno molecular para oxidar moléculas orgánicas. Contén encimas (como a oxidase e a catalase) que producen e degradan peróxido de hidróxeno.

ES: **peroxisoma** *s.m.*

EN: **peroxisome**

perturbación *s.f.* Calquera evento que produce unha alteración da función e estrutura dun sistema biolóxico.

ES: **perturbación** *s.f.*

EN: **disturbance; perturbation**

pétalo *s.m.* Cada unha das pezas que forman a corola das flores anxiospermas.

ES: **pétalo** *s.m.*

EN: **petal**

peteiro *s.m.* Formación córnea da boca das aves e outros animais.

SIN GL: **bico** *s.m.*

ES: **pico** *s.m.*

EN: **beak; bill**

pezuño *s.m.* Conxunto dos dedos cubertos dunha grosa capa de queratina nos animais unglados.

ES: **pezuña** *s.f.*; **pesuña** *s.f.*

EN: **hoof**

picnidio *s.m.* Corpo frutífero asexual que contén conidióforos produtores de esporas.

ES: **picnidio** *s.m.*

EN: **pycnidium**

pigmento *s.m.* Calquera das substancias que proporcionan cor a unha célula, órgano ou tecido. Existen moitos tipos de pigmentos que levan a cabo funcións moi diferentes.

ES: **pigmento** *s.m.*

EN: **pigment**

pigmento accesorio *loc.s.m.* Pigmento que absorbe a luz visible nas plantas e bacterias fotosintéticas. Estes pigmentos complementan a clorofila na captación de luz solar.

ES: **pigmento accesorio** *loc.s.m.*

EN: **accessory pigment**

pigmento fotosintético *loc.s.m.* Pigmento de plantas e bacterias responsable de cap-

turar enerxía lumínica durante a reacción da fotosíntese. Pódese diferenciar entre pigmentos primarios e pigmentos accesorios.

ES: **pigmento fotosintético** *loc.s.m.*

EN: **photosynthetic pigment**

pigmento respiratorio *loc.s.m.* Composto coloreado capaz de unirse de forma reversible ao osíxeno.

ES: **pigmento respiratorio** *loc.s.m.*

EN: **respiratory pigment**

pilosidade *s.f.* V. vilosidade.

pilus *s.m.* Filamentos bacterianos proteicos e ocos máis curtos e finos ca os flaxelos, pero máis longos ca as fimbrias. Plural: **pili**. Xeralmente aparecen implicados na transferencia de material xenético durante a conxugación.

ES: **pilus** *s.m.*

EN: **pilus**

pinocitose *s.f.* Tipo de endocitose que permite a entrada de materiais solubles na célula por medio de vesículas para a súa dixestión.

ES: **pinocitosis** *s.f.*

EN: **pinocytosis**

V. TAMÉN: **endocitose**

pintado cromosómico *loc.s.m.* V. **chromosome painting**.

pínula *s.f.* Cada un dos folíolos dunha folla pinnada composta.

ES: **pínula** *s.f.*

EN: **pinna**

pirámide ecolóxica *loc.s.f.* Representación gráfica esquemática da estrutura trófica dun ecosistema.

ES: **pirámide ecolóxica** *loc.s.f.*

EN: **ecological pyramid**

pirenoide *s.m.* Masa rica en proteínas, sobre todo rubisco, e moi refrinxente que se atopa no interior do estroma dos cloroplastos dalgunhas algas. Os pirenoides son centros de fixación de carbono.

ES: **pirenoide** *s.m.*

EN: **pyrenoid**

pirimidina *s.f.* Base nitroxenada heterocíclica similar ao benceno, pero cos carbonos 1 e 3 substituídos por nitróxeno A citosina e

- a timina son as pirimidinas que forman parte do ADN, mentres que a citosina e o uracilo forman parte do ARN.
 ES: **pirimidina** *s.f.*
 EN: **pyrimidine**
- pistilo** *s.m.* Cada un dos carpelos do xineceo apocárpico ou monocárpico ou o conxunto de carpelos fusionados do xineceo sincárpico.
 ES: **pistilo** *s.m.*
 EN: **pistil**
- pistola de xenos** *loc.s.f.* Dispositivo empregado para inxectar información xenética nas células.
 ES: **pistola de genes** *loc.s.f.*
 EN: **gene gun; biolistics**
- pistola xénica** *loc.s.f.* V. **biolística**.
- pixidio** *s.m.* Extremo posterior de certos animais metaméricos, onde se localiza o ano.
 ES: **pigidio** *s.m.*
 EN: **pygidium**
- pixidio** *s.m.* Placa caudal que recobre o abdome dalgúns artrópodos.
 ES: **pigidio** *s.m.*
 EN: **pygidium**
- pixidio** *s.m.* Froito dehiscente no que se distingue un opérculo superior que se abre a través dunha sutura transversal e unha urna inferior que contén as sementes.
 ES: **pixidio** *s.m.*
 EN: **pyxidium**
- placa celular** *loc.s.f.* Estrutura limitada pola membrana plasmática precursora da nova parede celular en células vexetais en división. A placa celular fórmase pola fusión de vesículas no citoplasma, procedentes fundamentalmente do complexo de Golgi.
 ES: **placa celular** *loc.s.f.*
 EN: **cell plate**
 V. TAMÉN: **fragmoplasto**
- placa cribosa** *loc.s.f.* Tabique perforado transversal ou lateral dun tubo criboso.
 ES: **placa cribosa** *loc.s.f.*
 EN: **sieve tube element**
- placa dérmica** *loc.s.f.* V. **denticulo**.
- placa ecuatorial** *loc.s.f.* V. **placa metafásica**.
- placa metafásica** *loc.s.f.* Plano imaxinario que forma un ángulo recto co fuso mitótico e que é equidistante cos dous polos, onde se sitúan os cromosomas na metafase.
 SIN GL: **placa ecuatorial** *loc.s.f.*
 ES: **placa metafásica** *loc.s.f.*; **placa ecuatorial** *loc.s.f.*
 EN: **metaphase plate**
- placenta** *s.f.* Órgano polo cal se relacionan a nai e o feto na maior parte dos mamíferos.
 ES: **placenta** *s.f.*
 EN: **placenta**
- placenta** *s.f.* Parte do carpelo onde se insiren os primordios seminais.
 ES: **placenta** *s.f.*
 EN: **placenta**
- placentario** *s.m.* Mamífero que ten un desenvolvemento embrionario no interior do útero da nai, durante o cal se alimenta a través da placenta.
 SIN GL: **euterio** *s.m.*
 ES: **placentario** *s.m.*; **euterio** *s.m.*
 EN: **placetary, eutherian**
- placentario, placentaria** *adx.* Relativo aos mamíferos que contan con placenta.
 SIN GL: **euterio, euteria** *adx.*
 ES: **placentario, placentaria** *adx.*; **euterio, euteria** *adx.*
 EN: **placental; eutherian**
- placozoo** *s.m.* Pertencente ao grupo dos *Placozoa*.
 ES: **placozoo** *s.m.*
 EN: **placozoa**
- plancto** *s.m.* Conxunto de organismos con escasa ou nula capacidade de movemento autónomo, que viven libres nas augas, e que se moven dependendo das correntes.
 ES: **plancton** *s.m.*
 EN: **plankton**
- planóspora** *s.f.* V. **zoóspora**.
- planta** *s.f.* Organismo pertencente ao taxon *Plantae*.
 ES: **planta** *s.f.*

EN: **plant**

plaqueta *s.f.* V. **trombocito**.

plasma *s.m.* V. **protoplasma**.

plasma *s.m.* Compoñente líquido do sangue, no que as células sanguíneas están suspendidas.

SIN GL: **plasma sanguíneo** *loc.s.m.*

ES: **plasma** *s.m.*; **plasma sanguíneo** *loc.s.m.*

EN: **blood plasma**; **plasma**

plasma sanguíneo *loc.s.m.* V. **plasma**.

plásmido *s.m.* Molécula de ADN circular de dupla cadea, que pode existir e replicarse de xeito independente aos cromosomas. Son propios de organismos procaríotas e lévedos. Adoitan codificar características non esenciais para a vida da célula. Os plásmidos son empregados para producir ADN recombinante para usos biotecnolóxicos.

ES: **plásmido** *s.m.*

EN: **plasmid**

V. TAMÉN: **cósmido**; **fásmido**; **faxémido**

plasmodesmo *s.m.* Canle que conecta o citoplasma de células vexetais adxacentes formada por unha estrutura circular de membrana plasmática e un túbulo de retículo endoplasmático percorrendo o seu interior.

ES: **plasmodesmo** *s.m.*

EN: **plasmodesma**

plasmodio *s.m.* V. **sincicio**.

plasmogamia *s.f.* Fusión citoplasmática de dúas ou máis células permanecendo os seus núcleos separados. A plasmogamia dá lugar á formación de plasmidios.

ES: **plasmogamia** *s.f.*

EN: **plasmogamy**

plasmólise *s.f.* Proceso biolóxico de tipo osmótico polo cal o protoplasma se reduce pola perda de auga e sales minerais.

ES: **plasmólisis** *s.f.*

EN: **plasmolisis**

plastidio *s.m.* Orgánulo citoplasmático rodeado por unha dobre membrana propio de células de plantas que sintetizan o seu propio ADN. Existen diferentes tipos de plas-

tos, todos derivados dun mesmo tipo celular, os proplastidios, pero só podemos encontrar un tipo de plasto nunha célula.

SIN GL: **plasto** *s.m.*

ES: **plastidio** *s.m.*; **plasto** *s.m.*

EN: **plastid**

plastidoma *s.m.* Conxunto de plastos dunha célula.

ES: **plastidoma** *s.m.*

EN: **plastidom**

platelminto *s.m.* Pertencente ao grupo dos *Platyhelminthes*.

ES: **platelminto** *s.m.*

EN: **platyhelminth**; **flatworm**

plasto *s.m.* V. **plastidio**.

pleópodo *s.m.* Apéndice do abdome dos crustáceos malacostráceos.

ES: **pleópodo** *s.m.*

EN: **pleopod**

plesiomorfía *s.f.* Carácter ancestral, presente xa nun antepasado común.

ES: **plesiomorfía** *s.f.*

EN: **plesiomorphy**

pleurocárpico, pleurocárpica *adx.* V. **pleurocarpo, pleurocarpa**.

pleurocarpo, pleurocarpa *adx.* Dise da forma de crecemento dos briófitos na cal os esporófitos se desenvolven sobre ramas laterais curtas do gametófito. Adoita ter lugar en briófitos moi ramificados

SIN GL: **pleurocárpico, pleurocárpica** *adx.*

ES: **pleurocarpo, pleurocarpa** *adx.*; **pleurocárpico, pleurocárpica** *adx.*

EN: **pleurocarpous**

V. TAMÉN: **acrocarpo**

pleuroconto, pleuroconta *adx.* Dise da dotación flaxelar con disposición lateral nas células. Fálase de células pleurocontas, acrocontas e estefanocontas no ámbito das algas microscópicas.

ES: **pleuroconto, pleuroconta** *adx.*

EN: **pleurokont**

pliotropía *s.f.* Fenómeno polo cal un xene inflúe simultaneamente en varios trazos fenotípicos.

ES: **pleiotropía** *s.f.*
EN: **pleiotropy**

pluma *s.f.* Estrutura queratinosa complexa que recobre o corpo das aves.
ES: **pluma** *s.f.*
EN: **feather; plume**

plúmula *s.f.* Xema apical do embrión das anxiospermas, que dará orixe ao talo e ás primeiras follas.
ES: **plúmula** *s.f.*
EN: **plumule; gemmule**

pluripotente *adx.* Dise da célula nai que ten capacidade para diferenciarse en calquera tipo celular pertencente a calquera dos tecidos do individuo, agás os extraembrionarios.
ES: **pluripotente** *adx.*
EN: **pluripotent**

poboación *s.f.* Grupo de individuos dunha mesma especie que ocupa un mesmo espazo xeográfico e que de xeito potencial poden cruzarse entre si.
ES: **población** *s.f.*
EN: **population**

poboación ideal *loc.s.f.* Modelo poboacional teórico empregado en bioloxía evolutiva.
ES: **población ideal** *loc.s.f.*
EN: **idealised population**

pole *s.m.* Conxunto de grans producidos nas anteras das flores que constitúen os gametófitos das plantas espermatófitas.
ES: **polen** *s.m.*
EN: **pollen**

poliandria *s.f.* Condición da flor que posúe numerosos estames, xeralmente máis de vinte.
ES: **poliandria** *s.f.*
EN: **polyandria**

poliandria *s.f.* Tipo de organización social na que unha femia se apareia con varios machos.
ES: **poliandria** *s.f.*
EN: **polyandry**

polifilético, polifilética *adx.* Dise do grupo taxinómico que non contén o antepasado común a todos os membros que o integran.
ES: **polifilético, polifilética** *adx.*
EN: **polyphyletic**

polímero *s.m.* Composto químico constituído pola unión repetida de moléculas máis pequenas denominadas monómeros. Os polímeros poden estar constituídos pola unión repetida dunha única molécula coma no caso do glicóxeno ou pola unión de diferentes moléculas da mesma natureza coma os polipéptidos.
ES: **polímero** *s.m.*
EN: **polymer**

polimorfismo *s.m.* Fenómeno polo que existen dúas ou máis variantes dun carácter discreto nunha poboación.
ES: **polimorfismo** *s.m.*
EN: **polymorphism**

polimorfismo de nucleótido único *loc.s.m.* Variación dun único par nucleotídico nunha determinada posición do xenoma entre distintos membros dunha especie.
SIN GL: **SNP** *sigla*
ES: **polimorfismo de nucleótido único** *loc.s.m.*; **SNP** *sigla*
EN: **SNP, single nucleotide polymorphism**

polinización *s.f.* Proceso de transferencia dos grans de pole dende as anteras ao estigma das flores de anxiospermas.
ES: **polinización** *s.f.*
EN: **pollination; pollenation**

polipéptido *s.m.* Longa cadea de aminoácidos unidos por enlaces peptídicos. Normalmente o termo está limitado ás cadeas de máis de 10 aminoácidos. As súas propiedades veñen determinadas polo tipo e secuencia dos aminoácidos constituíntes.
ES: **polipéptido** *s.m.*
EN: **polipeptide**

poliploide *adx.* Dise da célula ou organismo que posúe máis de dúas dotacións cromosómicas no seu núcleo.
ES: **poliploide** *adx.*
EN: **polyploid**

pólipo *s.m.* Forma de organización dos cnidarios consistente nun corpo cilíndrico suxeito ao substrato por un disco aboral e cunha coroa de tentáculos no extremo oral.

ES: **pólipo** *s.m.*

EN: **polyp**

pólipo *s.m.* Tumor pedunculado que nace nunha membrana mucosa.

ES: **pólipo** *s.m.*

EN: **polyp**

polirribosoma *s.m.* Conxunto de ribosomas unidos a unha molécula de ARN mensaxeiro que están realizando a súa tradución.

SIN GL: **polisoma** *s.m.*

ES: **polirribosoma** *s.m.*; **polisoma** *s.m.*

EN: **polysome**; **polyribosome**

polisoma *s.m.* V. **polirribosoma**.

politénico, políténica *adx.* Dise dos cromosomas xigantes, formados por numerosas cromátides irmás unidas, que se forman nalgunhas células especializadas.

ES: **politénico, políténica** *adx.*

EN: **polytene**

polixinia *s.f.* Condición das flores que posúen numerosos pistilos.

ES: **poliginia** *s.f.*

EN: **polygyny**

polixinia *s.f.* Tipo de organización social na que un macho se apareia con varias femias.

ES: **poliginia** *s.f.*

EN: **polygyny**

polo animal *loc.s.m.* Extremo superior dun oocito ou dun cigoto, relativamente carente de vitelo.

ES: **polo animal** *loc.s.m.*

EN: **animal pole**; **germinal pole**

polo vexetativo *loc.s.m.* Extremo inferior dun oocito ou dun cigoto, no que se atopa a maior cantidade de vitelo.

ES: **polo vegetal** *loc.s.m.*

EN: **vegetal pole**; **vitelline pole**

pomo *s.m.* Tipo de froito no que a rexión carnosa procede do receptáculo floral e encerra os carpelos, que se atopan fusionados formando o corazón.

ES: **pomo** *s.m.*

EN: **pome**; **false fruit**

porfirina *s.f.* Composto nitroxenado que contén catro pirrois substituídos formando un anel. A miúdo encóntrase formando un complexo cun átomo metálico central. É un dos intermediarios da síntese de compostos moi importantes, como o grupo Hemo.

ES: **porfirina** *s.f.*

EN: **porphyrin**

porífero, porífera *adx.* Pertencente ao grupo *Porífera*.

ES: **porífero, porífera** *adx.*

EN: **poriferan**

portador, portadora *adx.* Referido ao individuo que posúe un trazo determinado no seu xenotipo pero que non é manifestado no seu fenotipo.

ES: **portador, portadora** *adx.*

EN: **carrier**

potencial de acción *loc.s.m.* Onda de descarga electroquímica que circula pola membrana plasmática.

ES: **potencial de acción** *loc.s.m.*

EN: **action potential**

potencial de membrana *loc.s.m.* Diferenza de potencial eléctrico entre cada unha das caras da membrana plasmática dunha célula.

ES: **potencial de membrana** *loc.s.m.*

EN: **membrane potential**

pradaría *s.f.* Comunidade vexetal integrada principalmente por gramíneas e outras plantas herbáceas.

SIN GL: **pradería** *s.f.*

ES: **pradera** *s.f.*

EN: **prairie**

pradería V. **pradaría**.

precoz *adx.* Dise das crías de aves e mamíferos que nacen nun estado de desenvolvemento avanzado que lles permite valerse por si mesmas ao pouco tempo de naceren.

ES: **precoz** *adx.*

EN: **precocious**

predación *s.f.* V. **depredación**.

preeiro *s.m.* Organismo que se alimenta de tecidos animais mortos.

SIN GL: **necrófago** *s.m.*

ES: **carroñero** *s.m.*; **necrófago** *s.m.*

EN: **scavenger**; **carrion-eater**

preeiro, preeira *adx.* Que se alimenta doutros animais mortos.

SIN GL: **necrófago, necrófaga** *adx.*

ES: **carroñero, carroñera** *adx.*; **necrófago, necrófaga** *adx.*

EN: **necrophagous**

prénsil *adx.* Dise da estrutura adaptada para agarrar ou suxeitar.

ES: **prensil** *adx.*

EN: **prehensile**

presión radicular *loc.s.f.* Potencial hídrico positivo no xilema pola chegada de ións nas raíces.

ES: **presión radicular** *loc.s.f.*

EN: **root pressure**

presión sanguínea *loc.s.f.* Presión exercida polo sangue na parede dos vasos sanguíneos.

ES: **presión sanguínea** *loc.s.f.*

EN: **blood pressure**

prevalencia *s.f.* Proporción de casos, novos ou vellos, dunha enfermidade nunha poboación e tempo determinado.

ES: **prevalencia** *s.f.*

EN: **prevalence**

V. TAMÉN: **morbilidade; incidencia**

primase *s.f.* Encima que cataliza a formación de oligonucleótidos de ARN empregados como cebadores polas ADN polimerases.

SIN GL: **ARN polimerase** *loc.s.f.*

ES: **primasa** *s.f.*; **ARN polimerasa** *loc.s.f.*

EN: **primase**; **RNA polymerase**

primeira maxila *loc.s.f.* Cada unha das pezas do segundo par de apéndiceas orais dos crustáceos.

SIN GL: **maxílula** *s.f.*

ES: **maxílula** *s.f.*; **primera maxila** *loc.s.f.*

EN: **first maxilla**

primer walking *loc.s.m.* V. **paseo con cebador.**

primordio *s.m.* Estrutura ou órgano rudimentario, nas primeiras fases do seu desenvolvemento.

ES: **primordio** *s.m.*

EN: **primordium**

primosoma *s.m.* Complexo proteico que intervéen ao inicio da replicación, introducindo cambios topolóxicos na molécula de ADN e sintetizando os cebadores.

ES: **primosoma** *s.m.*

EN: **primosome**

prión *s.m.* Proteína con estrutura tridimensional anómala e actividade patóxena e con capacidade para inducir esta forma nas proteínas con configuración normal. Causan enfermidades no sistema nervioso tales como a encefalopatía esponxiforme bovina (mal das vacas tolas), enfermidade de Creutzfeldt-Jacob, Kuru etc.

ES: **prión** *s.m.*

EN: **prion**

probóscide *s.f.* Prolongación cefálica animal en forma de tubo alongado.

ES: **probóscide** *s.f.*

EN: **proboscis**

producción *s.f.* Cantidade de biomasa xerada por un sistema biolóxico (individuo, poboación, ecosistema,)

ES: **producción** *s.f.*

EN: **production**

producción bruta *loc.s.f.* Producción total dun sistema, incluíndo a parte que se dedica a respiración e mantemento.

ES: **producción bruta** *loc.s.f.*

EN: **gross production**

producción neta *loc.s.f.* Incremento de biomasa dun sistema.

ES: **producción neta** *loc.s.f.*

EN: **net production**

producción primaria *loc.s.f.* Producción de materia orgánica que realizan os organismos autótrofos dun sistema.

ES: **producción primaria** *loc.s.f.*

EN: **primary production**

producción secundaria *loc.s.f.* Producción realizada polos organismos consumidores.

ES: **producción secundaria** *loc.s.f.*
EN: **secondary production**

produtividade *s.f.* Taxa de produción xerada por determinada biomasa nun período determinado de tempo.

ES: **productividad** *s.f.*
EN: **productivity**

prófago *s.m.* Fragmento de ADN correspondente ao xenoma dun bacteriófago atenuado integrado no material xenético da bacteria infectada. O ciclo vírico no que existe unha fase de prófago denomínase lisoxénico. Mentres o virus permanece nesta fase non se producirán danos na célula, replicándose o prófago e o cromosoma conxuntamente. As células lisoxénicas teñen inmunidade fronte á infección polo mesmo tipo de virus.

ES: **profago** *s.m.*
EN: **prophage**

profase *s.f.* Fase inicial do ciclo de división celular. Caracterízase pola aparición dos cromosomas e polo desenvolvemento do fuso mitótico.

ES: **profase** *s.f.*
EN: **prophase**

prolactina *s.f.* Hormona peptídica segregada pola adenohipófise que nas femias estimula a produción de leite polas glándulas mamarias e de proxesterona polos corpos lúteos.

ES: **prolactina** *s.f.*
EN: **prolactin**

prometafase *s.f.* Período do ciclo celular entre a profase e a metafase no cal se desintegra o núcleo e se aliñan os cromosomas.

ES: **prometafase** *s.f.*
EN: **prometaphase**

promotor *s.m.* Rexión de ADN recoñecida pola ARN polimerase para o inicio da transcrición.

ES: **promotor** *s.m.*
EN: **promoter**

propágulo *s.m.* Estrutura dun vexetal que é capaz de desenvolverse separadamente deste para dar orixe a un novo individuo.

ES: **propágulo** *s.m.*
EN: **propagulum**

propioceptor *s.m.* Receptor sensorial que recibe información de estímulos internos, coma os referentes á posición e movemento corporal.

ES: **propioceptor** *s.m.*
EN: **proprioceptor**

prostaglandina *s.f.* Molécula reguladora liposoluble de tipo hormonal que provén do ácido araquidónico e outros ácidos graxos poliinsaturados.

ES: **prostaglandina** *s.f.*
EN: **prostaglandin**

prostético *adx.* Dise do compoñente non aminoacídico que se encontra fortemente unido a algunhas proteínas. As proteínas que posúen grupos prostéticos denomínanse heteroproteínas.

ES: **prostético** *adx.*
EN: **prostetic**

protease *s.f.* V. **peptidase**.

proteasoma *s.m.* V. **proteosoma**.

proteína *s.f.* Macromolécula composta por unha ou varias cadeas polipeptídicas. Cada unha das cadeas polipeptídicas ten unha secuencia característica de aminoácidos.

ES: **proteína** *s.f.*
EN: **protein**

proteína conxugada *loc.s.f.* Proteína que contén un ou máis grupos prostéticos. Clasifícanse en función do grupo prostético.

ES: **proteína conxugada** *loc.s.f.*
EN: **conjugated protein**

proteína fosfatase *loc.s.f.* Encima que leva a cabo a eliminación dos grupos fosfato dalgúns substratos dando lugar á aparición dun ión fosfato e un grupo hidroxilo no substrato en cuestión. A forma plural é proteínas fosfatase.

ES: **proteína fosfatasa** *loc.s.f.*
EN: **protein fosfatase**

proteína G *loc.s.f.* Cada unha das moléculas pertencentes á familia de proteínas heterotriméricas fixadoras de GTP que actúan nas rutas de sinalización intracelular. Normalmente a unión dun ligando ao receptor adecuado induce o intercambio de GTP por GDP

permitindo que o encima active outro posterior na ruta de sinalización.

ES: **proteína G** *loc.s.f.*

EN: **G protein**

proteína quinase *loc.s.f.* Encima que transfire o grupo fosforilo terminal do ATP ou outro nucleósido trifosfato a unha proteína diana, regulando a súa actividade ou outras propiedades. A transferencia do grupo fosforilo realízase a un residuo de Ser, Thr, Tyr, Asp ou His. A forma plural é proteínas quinase.

ES: **proteína quinasa** *loc.s.f.*

EN: **protein kinase**

proteína quinase dependente de ciclina *loc.s.f.* V. **CDK**.

proteoglicano *s.m.* Compoñente do grupo das glicoproteínas formado por un polipéptido e un polisacárido denominado glicosaminoglicano. Encóntrase na matriz do tecido conectivo. O polisacárido é o compoñente maioritario.

ES: **proteoglucano** *s.m.*

EN: **proteoglycan**

proteoma celular *loc.s.m.* Totalidade de proteínas expresadas nunha célula particular baixo unhas condicións determinadas. Normalmente faise referencia a este concepto simplemente como proteoma.

ES: **proteoma celular** *loc.s.m.*

EN: **proteome**

proteoma completo *loc.s.m.* Proteínas de todas as variedades de proteomas celulares.

ES: **proteoma completo** *loc.s.m.*

EN: **complete proteome**

proteosoma *s.m.* Conxunto supramolecular de complexos encimáticos que degradan proteínas celulares danadas ou non necesarias. O proteosoma recoñece as proteínas que están poliubiquitinizadas para a súa degradación

SIN GL: **proteasoma** *s.m.*

ES: **proteosoma** *s.m.*; **proteasoma** *s.m.*

EN: **proteasome**

protista *s.m.* V. **protocista**.

protocista *s.m.* Grupo sen categoría taxinómica que comprende todos aqueles organismos eucariotas que non poden ser cla-

sificados dentro dos outros tres reinos (fungos, plantas e animais). O significado deste termo variou ao longo da historia, abrangendo distintos grupos segundo a época. Nun inicio incluía bacterias, algas, fungos e protozoos, mentres noutras etapas se restrinxiu o seu uso a eucariotas unicelulares.

SIN GL: **protista** *s.m.*

ES: **protocista** *s.m.*; **protista** *s.m.*

EN: **protist**

protonema *s.m.* Estrutura filamentosa resultante da xerminación da espóra dun briófito e da cal deriva o gametófito, de estrutura foliosa.

ES: **protonema** *s.m.*

EN: **protonema**

protooncoxene *s.m.* Xene que intervén nunha función calquera da célula e que a traves dunha alteración na súa estrutura ou expresión pode converterse nun oncoxene e iniciar un proceso carcinoxénico.

ES: **protooncogén** *s.m.*

EN: **proto-oncogene**

protoplasma *s.m.* Substancia das células rodeada pola membrana plasmática, máis ou menos líquida e coloidal, onde se atopan disoltos ou en suspensión corpos orgánicos e sales inorgánicos.

SIN GL: **plasma** *s.m.*

ES: **protoplasma** *s.m.*; **plasma** *s.m.*

EN: **protoplasm, plasma**

protoplasto *s.m.* Célula dunha planta, fungo ou bacteria na que foi total ou parcialmente eliminada a parede celular. O termo protoplasto inclúe tanto as células nas que a parede foi eliminada fisicamente, como as células completas cando só nos queremos referir á célula excluindo a parede.

ES: **protoplasto** *s.m.*

EN: **protoplast**

protoplasto *s.m.* Unidade biolóxica composta polo núcleo celular e o material protoplasmático que o rodea.

ES: **protoplasto** *s.m.*

EN: **protoplast**

protóstomo *s.m.* Animal bilateral no que o blastóporo dá orixe á boca durante o desenvolvemento.

ES: **protóstomo** *s.m.*

EN: **protostome**

protóstomo, protóstoma *adx.* Referente aos animais protóstomos.

ES: **protóstomo, protóstoma** *adx.*

EN: **protostomous**

protótrofo *s.m.* Microorganismo que non require factores de crecemento para o seu desenvolvemento.

ES: **protótrofo** *s.m.*

EN: **prototroph**

protótrofo, protótrofa *adx.* Relativo aos microorganismos que non requiren factores de crecemento para o seu desenvolvemento.

ES: **protótrofo, protótrofa** *adx.*

EN: **prototroph**

protozoo *s.m.* Microorganismo unicelular eucariota non fotótrofo que carece de parede celular. Os límites deste grupo cambiaron co tempo e non ten valor taxinómico segundo os criterios actuais.

ES: **protozoo** *s.m.*

EN: **protozoa**

provirus *s.m.* Estado do xenoma dun virus cando se está a replicar en sincronía coa célula hospedadora, no xenoma da cal pode estar integrado.

ES: **provirus** *s.m.*

EN: **provirus**

proxesterona *s.f.* Hormona esteroidea sexual feminina producida polos corpos lúteos e o córtex adrenal que regula o ciclo sexual e a xestación en mamíferos, entre outras funcións.

ES: **progesterona** *s.f.*

EN: **progesterone**

proximnosperma *s.f.* Planta pertencente ao grupo *Progymnospermophyta*.

ES: **proximnosperma** *s.f.*

EN: **progymnosperm**

pseudocelomado *s.m.* Organismo que posúe unha cavidade corporal que non supón un verdadeiro celoma.

SIN GL: **blastocelomado** *s.m.*

ES: **seudocelomado** *s.m.*; **blastocelomado** *s.m.*

EN: **pseudocoelomate**

pseudocelomado, pseudocelomada *adx.* Referente aos animais pseudocelomados.
SIN GL: **blastocelomado, blastocelomada** *adx.*

ES: **seudocelomado, pseudocelomada** *adx.*; **blastocelomado, blastocelomada** *adx.*

EN: **pseudocoelomate**

pseudópodo *s.m.* Calquera evaxinación dinámica rica en actina da superficie dunha célula animal. Os pseudópodos son os responsables do movemento ameboide e da fagocitose.

ES: **seudópodo** *s.m.*

EN: **pseudopod**

pseudoxene *s.m.* Secuencia de ADN non funcional que presenta unha alta homoloxía cun xene coñecido.

ES: **seudogén** *s.m.*

EN: **pseudogene**

psicrófilo, psicrófila *adx.* Dise do organismo que prospera a temperaturas baixas.

ES: **psicrófilo, psicrófila** *adx.*

EN: **psychrophilic**

pteridófita *s.f.* Pertencente ou relativo ao grupo *Pteridophyta*.

ES: **pteridófita** *s.f.*

EN: **pteridophyte**

pteridófito, pteridófito *adx.* Relativo ás pteridófitas.

ES: **pteridófito, pteridófito** *adx.*

EN: **pteridophytic; pteridophytous**

ptialina *s.f.* Encima hidrolase que dixire o amidón e o glicóxeno.

SIN GL: **amilase** *s.f.*

ES: **ptialina** *s.f.*, **amilasa** *s.f.*

EN: **ptyalin**

puf cromosómico *loc.s.m.* Rexión difusa de material xenético non enrolado en cromosomas politénicos.

ES: **puf cromosómico** *loc.s.m.*

EN: **chromosome puff**

pulmón *s.m.* Órgano interno especializado na respiración aérea.

ES: **pulmón** *s.m.*

EN: **lung**

pulso *s.m.* Onda de dilatación que se expande ao longo das paredes das arterias e é orixinada polo bombeo de sangue dende o corazón.

ES: **pulso** *s.m.*

EN: **pulse**

punteadura *s.f.* Zona dalgunhas células vexetais onde non hai depósito de parede secundaria, quedando a parede primaria máis adelgazada. Nestas zonas é onde ten lugar a formación de plasmodesmos.

ES: **punteadura** *s.f.*

EN: **pit**

punto de control *loc.s.m.* Mecanismo molecular do ciclo de división das células eucariotas no que se pode deter o progreso a través do ciclo ata que se dean as condicións axeitadas.

ES: **punto de control** *loc.s.m.*

EN: **checkpoint**

pupa *s.f.* Fase do ciclo vital dos insectos holometábolos, entre a de larva e imago, na que se completa a metamorfose.

ES: **pupa** *s.f.*

EN: **pupa**

purina *s.f.* Base nitroxenada heterocíclica que contén aneis fusionados de pirimidina e imidazol. A adenina e a guanina son as purinas que forman parte do ADN e do ARN.

ES: **purina** *s.f.*

EN: **purine**

queixada *s.f.* V. **mandíbula**.

QTL *sigla* Marcador asociado á herdanza dun carácter cuantitativo.

ES: **QTL** *sigla*

EN: **QTL, quantitative trait locus**

quelícero *s.m.* Cada un dos primeiros apéndices cefálicos dos quelicerados.

ES: **quelícero** *s.m.*

EN: **chelicer**

quelípedo *s.m.* Cada un dos apéndices portadores dunha quebra ou pinza nos crustáceos.

ES: **quelípedo** *s.m.*

EN: **cheliped**

quiasma *s.m.* Punto onde se produce o entrecruzamento entre dúas cromátides non irmás.

ES: **quiasma** *s.m.*

EN: **chiasma**

quiasma *s.m.* Punto onde os nervios ópticos se cruzan parcialmente no cerebro.

ES: **quiasma** *s.m.*

EN: **chiasma**

quiescencia *s.f.* Estado metabólico basal no que as sementes poden levar a cabo a xerminación se as condicións para isto son óptimas.

ES: **quiescencia** *s.f.*

EN: **quiescence**

V. TAMÉN: **durmencia**

quilla *s.f.* Parte prominente do esterno.

SIN GL: **carena** *s.f.*

ES: **quilla** *s.f.*; **carena** *s.f.*

EN: **keel; carina**

quilla *s.f.* V. **carena**.

quilomicrón *s.m.* Lipoproteína sintetizada nas células plasmáticas do intestino que transporta os triglicéridos e o colesterol procedentes da dieta. É o encargado de transportar os lípidos da dieta dende o intestino ata os tecidos a través do sangue.

ES: **quilomicrón** *s.m.*

EN: **chylomicron**

quimera *s.f.* Animal ou planta que posúe, cando menos, poboacións de células con xenotipos diferentes.

ES: **quimera** *s.f.*

EN: **chimera**

quimera *s.f.* Molécula recombinante de ADN que contén secuencias de diferentes organismos.

ES: **quimera** *s.f.*

EN: **chimera**

quimioautótrofo *s.m.* Organismo que precisa unicamente dióxido de carbono como fonte de carbono e obtén a enerxía oxidando substancias inorgánicas.

ES: **quimioautótrofo** *s.m.*

EN: **chemoautotroph**

quimioautótrofo, quimioautótrofa *adx.*

Que obtén enerxía da redución de compostos inorgánicos, e como fonte de carbono utiliza o CO₂.

ES: **quimioautótrofo, quimioautótrofa** *adx.*

EN: **chemoautotrophic**

quimioheterótrofo *s.m.* Organismo que debe de obter tanto a enerxía coma o carbono consumindo moléculas orgánicas.

ES: **quimioheterótrofo** *s.m.*

EN: **chemoheterotroph; chemo-organotroph**

quimioheterótrofo, quimioheterótrofa

adx. Que precisa de materia orgánica para obter a enerxía e o carbono necesarios para as súas funcións vitais.

ES: **quimioheterótrofo, quimioheterótrofa** *adx.*

EN: **heterotrophic**

quimiolitótrofo *s.m.* Organismo que oxida compostos inorgánicos reducidos para liberar enerxía e electróns.

ES: **quimiolitótrofo** *s.m.*

EN: **chemolithotroph; chemoautotroph**

quimiolitótrofo, quimiolitótrofa *adx.*

Que emprega a oxidación de compostos orgánicos para obter enerxía e electróns.

ES: **quimiolitótrofo, quimiolitótrofa** *adx.*

EN: **chemolithotrophic**

quimioorganótrofo *s.m.* Organismo que emprega compostos orgánicos como fonte de enerxía, hidróxeno e electróns.

ES: **quimioorganótrofo** *s.m.*

EN: **chemoorganotroph**

quimioorganótrofo, quimioorganótrofa *adx.*

Que utiliza compostos orgánicos como fonte de enerxía e doador de electróns.

ES: **quimioorganótrofo, quimioorganótrofa** *adx.*

EN: **chemoorganotrophic**

quimioquina *s.f.* Pequenas proteínas que interveñen na condución dos leucocitos ata os lugares onde se precisa a súa intervención. Desempeña un papel central na resposta inflamatoria.

ES: **quimioquina** *s.f.*

EN: **chemokine**

quimiorreceptor *s.m.* Receptor que transmite información sobre a concentración total dun soluto nunha solución ou o tipo individual de moléculas.

ES: **quimiorreceptor** *s.m.*

EN: **chemoreceptor**

quimiótrofo *s.m.* Organismo que obtén a enerxía a partir da oxidación de compostos inorgánicos.

ES: **quimiótrofo** *s.m.*

EN: **chemotroph**

quimiótrofo, quimiótrofa *adx.* Que obtén enerxía da oxidación de compostos inorgánicos

ES: **quimiótrofo, quimiótrofa** *adx.*

EN: **chemotrophic**

quimiotropismo *s.m.* Crecemento direccional dun órgano en resposta a un estímulo de tipo químico.

ES: **quimiotropismo** *s.m.*

EN: **chemotropism**

quimo *s.m.* Masa pastosa parcialmente dixirida formada no estómago e que se verte no duodeno

ES: **quimo** *s.m.*

EN: **chyme**

quinase *s.f.* V. **cinase**.

quiste *s.m.* Forma de resistencia que desenvolven algúns organismos ante condicións ambientais adversas, que se caracteriza pola formación dunha cuberta protectora illante.

ES: **quiste** *s.m.*

EN: **cyst**

quitina *s.f.* Polisacárido formado por monómeros de N-acetilglicosamina unidos por enlaces β 1-4. A quitina forma parte do exoesqueleto de artrópodos, paredes celulares dos fungos etc.

ES: **quitina** *s.f.*

EN: **chitin**

quitridiomiceto *s.m.* Fungo pertencente ao grupo dos *Chytridiomycetes*.

ES: **quitridiomiceto** *s.m.*

EN: **chytridiomycete**

quitridiomiceto, quitridiomiceta *adx.*

Relativo aos quitridiomicetos.

ES: **quitridiomiceto, quitridiomiceta** *adx.*

EN: **chytrid**

radiación evolutiva *loc.s.f.* Incremento máis ou menos rápido da diversidade taxinómica ou da disparidade morfolóxica.

ES: **radiación evolutiva** *loc.s.f.*

EN: **adaptive radiation**

radicela *s.f.* V. **radícula**.

radícula *s.f.* Parte do embrión dunha planta que se diferencia na raíz.

ES: **radícula** *s.f.*

EN: **radicle**

radícula *s.f.* Raíz pequena e delgada que se ramifica dende unha raíz principal.

SIN GL: **radicela** *s.f.*

ES: **radícula** *s.f.*

EN: **radicle**

rádula *s.f.* Órgano raspador da maior parte dos moluscos.

ES: **rádula** *s.f.*

EN: **radula**

rafe *s.f.* Pregamento, fendadura ou liña de sutura que aparece entre dúas partes dun órgano ou estrutura.

ES: **rafe** *s.m.*

EN: **raphe**

rafe *s.f.* Fenda da semente que aparece como marca da soldadura entre o funículo e o primordio seminal de óvulos anátropos.

ES: **rafe** *s.m.*

EN: **raphe**

raíz *s.f.* Órgano das plantas, de xeotropismo positivo, que permite a fixación ao substrato e a absorción de auga e nutrientes.

ES: **raíz** *s.f.*

EN: **root**

raíz *s.f.* Feixe de fibras nerviosas que se une a outros fascículos formando un tronco nervioso.

ES: **raíz** *s.f.*

EN: **root; nerve root**

raíz *s.f.* Parte dunha formación anatómica implantada nun tecido, como a dos dentes.

ES: **raíz** *s.f.*

EN: **root**

ramoneador, ramoneadora *adx.* Dise do animal herbívoro que se alimenta selectivamente de abrochos, follas e pólas tenras de plantas leñosas.

ES: **ramoneador, ramoneadora** *adx.*

EN: **browse**

RAPD *sigla* Ferramenta xenética que permite a detección de polimorfismos de ADN. Está baseada na técnica da PCR na que se empregan condicións de amplificación que permiten que os cebadores se unan de forma laxa a moitas zonas do xenoma.

ES: **RAPD** *sigla*

EN: **RAPD, random amplification of polymorphic DNA**

raque *s.f.* Estrutura que funciona como eixe de soporte, como a columna vertebral dos cordados, o eixe central dunha pluma ou o eixe de follas compostas e frondes de fentos.

ES: **raquis** *s.m.*

EN: **rachis**

ratite *s.f.* Ave pertencente ao grupo das *Struthioniformes*.

SIN GL: **estrucioniforme** *s.f.*

ES: **estrucioniforme** *s.f.*; **ratite** *s.f.*

EN: **struthioniforme**

rebento *s.m.* V. **abrocho**.

receptáculo *s.m.* Rexión fértil dalgúns vexetais, sobre a cal se atopan estruturas reproductoras como esporanxios ou game-tanxios.

ES: **receptáculo** *s.m.*

EN: **receptacle**

receptáculo *s.m.* V. **tálamo**.

recesividade *s.f.* Condición do alelo asociada a un fenotipo que non é expresado a non ser que se atope en homocigose.

ES: **recesividad** *s.f.*

EN: **recessive**

recombinación *s.f.* Proceso de reorganización do material xenético que implica cortes na cadea e a inserción de material nalgun punto distinto ao orixinal.

ES: **recombinación** *s.f.*

EN: **recombination**

recombinante *adx.* Dise da molécula de ADN que procede da unión de dúas secuencias de diferente orixe.

ES: **recombinante** *adx.*

EN: **recombinant**

recurso *s.m.* Compoñente do contorno dun organismo que pode ser empregado por este.

ES: **recurso** *s.m.*

EN: **resource**

redución *s.f.* Proceso polo cal un elemento ou átomo cede un electrón a outro elemento.

ES: **reducción** *s.f.*

EN: **reduction**

V. TAMÉN: **oxidación**

reductor *s.m.* Axente doador de electróns nunha reacción de oxidación-redución.

ES: **reductor** *s.m.*

EN: **reducing agent**

reductor, reductora *adx.* Que cede electróns nunha reacción redox, conseguindo que outra substancia se reduza.

ES: **reductor, reductora** *adx.*

EN: **reducible; reducing**

reflexo *s.m.* Resposta motora automática e estereotipada que se produce ante un estímulo definido.

ES: **reflejo** *s.m.*

EN: **reflex**

regurxitación *s.f.* Proceso voluntario de reflujo do contido a través do tracto dixestivo cara á boca.

ES: **regurgitación** *s.f.*

EN: **regurgitation; vomiting**

rendemento *s.m.* Cantidade de biomasa retirada dunha poboación nun determinado período de tempo.

ES: **rendimiento** *s.m.*

EN: **yield**

renina *s.f.* Encima proteolítico segregado polas células xustaglomerulares do ril que actúa sobre o anxiotensinóxeno producindo anxiotensina I.

ES: **renina** *s.f.*

EN: **renin**

reparación *s.f.* Calquera proceso que actúa corrixiendo os cambios que se producen no material xenético dunha célula.

ES: **reparación** *s.f.*

EN: **replication**

replicación *s.f.* Proceso de síntese de ADN a partir dunha cadea molde.

ES: **replicación** *s.f.*

EN: **replication**

repouso invernal *loc.s.m* V. **durmencia**.

repressor *s.m.* Proteína que pode unirse ao ADN diminuíndo ou bloqueando a súa transcrición.

ES: **repressor** *s.m.*

EN: **repressor**

repressor, represora *adx.* Da substancia que pode bloquear ou diminuír os niveis de expresión do ADN.

ES: **repressor, represora** *adx.*

EN: **repressor**

reproducción *s.f.* Proceso biolóxico polo cal os seres vivos orixinan novos individuos iguais ou semellantes a eles.

ES: **reproducción** *s.f.*

EN: **reproduction**

réptil *s.m.* Animal vertebrado amniota con respiración pulmonar, sangue frío e o corpo cuberto de escamas.

ES: **reptil** *s.m.*

EN: **reptile**

réptil *adx.* Referente aos réptiles.

ES: **reptil** *adx.*

EN: **reptilian**

reservorio *s.m.* Hospedador principal dun patóxeno responsable dunha enfermidade infecciosa, dende o cal pode ser transmitido a outras especies.

ES: **reservorio** *s.m.*

EN: **reservoir**

respiración *s.f.* Función fisiolóxica de intercambio de gases dos organismos aerobios, fundamentalmente de captación de osíxeno e eliminación de CO₂.

ES: **respiración** *s.f.*

EN: **respiration; breathing; ventilation**

respiración celular *loc.s.f.* Reacción catabólica na que se libera de forma controlada a enerxía de distintas biomoléculas e se incorpora á molécula de ATP.

ES: **respiración celular** *loc.s.f.*

EN: **cell respiration**

resposta inmunitaria *loc.s.f.* Conxunto de procesos bioquímicos e fisiolóxicos que recoñecen e loitan contra as substancias que detectan como estrañas ao propio corpo. O sistema inmunitario recoñece unha serie de compostos denominados antíxenos. Se estes antíxenos son recoñecidos como estraños, entón producírase unha reacción para tentar eliminarlos.

ES: **respuesta inmunitaria** *loc.s.f.*

EN: **immune response**

retículo endoplásmico *loc.s.m.* Rede extensa de tubos e cisternas rodeadas de membrana presente no citoplasma de células eucariotas, onde se sintetizan os lípidos e as proteínas unidas á membrana. Hai dúas modalidades de retículo endoplásmico (RE), rugoso (RER) e liso (REL). O RER ten a característica de presentar ribosomas unidos á súa membrana.

SIN GL: **retículo endoplásmico** *loc.s.m.*

ES: **retículo endoplásmico** *loc.s.m.*; **retículo endoplásmico** *loc.s.m.*

EN: **endoplasmic reticulum**

retículo endoplásmico *loc.s.m.* V. **retículo endoplásmico**.

retículo sarcoplásmico *loc.s.m.* Tipo especial de retículo endoplásmico liso que se encontra no citoplasma das fibras musculares. O retículo sarcoplásmico (RS) contén gran cantidade de calcio secuestrada no seu interior, que ten unha función moi importante na contracción muscular.

ES: **retículo sarcoplásmico** *loc.s.m.*

EN: **sarcoplasmic reticulum**

retráctil *adx.* Aplícase ao órgano ou estrutura que pode retroceder ou retraerse, quedando oculta.

ES: **retráctil** *adx.*

EN: **retractile**

retroalimentación negativa *loc.s.f.* V. **retroinhibición**.

retroinhibición *s.f.* Regulación dunha ruta bioquímica na que un produto de reacción inhibe un paso anterior da vía. A retroinhibición é un caso particular de retroalimentación negativa na que é o produto final o que inhibe a ruta bioquímica.

SIN GL: **retroalimentación negativa** *loc.s.f.*

ES: **retroinhibición** *s.f.*; **retroalimentación negativa** *loc.s.f.*

EN: **negative feedback**

retromutación *s.f.* Mutación que ocorre no mesmo punto que outra mutación previa e que restaura a secuencia orixinal.

ES: **retromutación** *s.f.*

EN: **reverse mutation**

retrotransposón *s.m.* Transposón que se mobiliza a través de ARN e amplifica o seu número de copias.

ES: **retrotransposón** *s.m.*

EN: **retrotransposon**

retrovirus *s.m.* Grupo de virus envoltos cun xenoma de ARN monocatenario, que se replican a través dunha forma intermedia de ADN bicatenario. O paso de ARN a ADN

- realízase grazas a un encima chamado retrotranscritase.
ES: **retrovirus** *s.m.*
EN: **retrovirus**
- reversotranscritase** *s.f.* V. **transcritase inversa**.
- rexeneración** *s.f.* Reparación dun tecido lesionado.
ES: **regeneración** *s.f.*
EN: **regeneration**
- rexión nuclear** *loc.s.f.* Rexión de aspecto irregular das células procariotas que contén o xenoma. O ADN está unido a proteínas e non pechado por unha membrana.
SIN GL: **nucleoide** *s.m.*
ES: **región nuclear** *loc.s.f.*; **nucleoide** *s.m.*
EN: **nucleoid**
- RFLP** *sigla* Incidencia de variacións no tamaño de certos fragmentos de ADN que son producidas despois da súa rotura con endonucleases de tipo II.
ES: **RFLP** *sigla*
EN: **RFLP, restriction fragment length polymorphism**
- Rh** *sigla* Sistema de antíxenos dos glóbulos vermello dalgúns primates. O sistema Rh está formado por unha serie de antíxenos entre os cales os máis importantes son o D, E, e, C, c.
SIN GL: **sistema Rh** *loc.s.m.*
ES: **Rh** *sigla*; **sistema Rh** *loc.s.m.*
EN: **Rh; Rh system**
- Rh** *sigla* Factor referido ao antíxeno D do sistema Rh. O factor Rh é o que determina que se fale dun individuo Rh+ (cando está presente o antíxeno) ou Rh- (cando o antíxeno non está presente).
SIN GL: **factor Rh** *loc.s.m.*; **antíxeno Rh** *loc.s.m.*
ES: **Rh** *sigla*, **factor Rh**; **antígeno Rh** *s.m.*
EN: **Rh antigen**
- RIA** *sigla* Ensaio inmunolóxico que emprega anticorpos ou antíxenos radiactivos para a detección de certas substancias nos fluídos corporais.
ES: **RIA** *sigla*
EN: **RIA, radioimmunoassay**
- ribocima** *s.m.* Molécula de ácido ribonucleico (ARN) con actividade catalítica. Os intróns que se escinden de forma autónoma, non cumpren rigurosamente o seu papel como catalizadores, xa que só actúan unha vez e a súa actividade queda destruída, polo que non se consideran ribocimas.
ES: **ribozima** *s.m./f.*
EN: **ribozyme**
- ribosa** *s.f.* Monosacárido de cinco átomos de carbono presente nalgúns ácidos nucleicos.
ES: **ribosa** *s.f.*
EN: **ribose**
- ribosoma** *s.m.* Complexo de ARN e proteínas no que ten lugar a tradución do ARNm a proteínas.
ES: **ribosoma** *s.m.*
EN: **ribosome**
- rigor mortis** *loc.s.m.* Estado de rixidez que aparece nos corpos pouco despois da morte.
SIN GL: **rixidez cadavérica** *loc.s.f.*
ES: **rigor mortis** *loc.s.m.*
EN: **rigor mortis**
- ril** *s.m.* Principal órgano excretor e osmorregulador dos vertebrados.
ES: **riñón** *s.m.*
EN: **kidney**
- riqueza de especies** *loc.s.f.* Número de especies presentes nunha área ou comunidade determinada.
ES: **riqueza de especies** *loc.s.f.*
EN: **species richness**
- ritmo circadiano** *loc.s.m.* Ciclo fisiolóxico de aproximadamente 24 horas que está presente en todos os organismos eucariotas e que persiste aínda en ausencia de sinais externos.
ES: **ritmo circadiano** *loc.s.m.*
EN: **circadian rhythm**
- rixidez cadavérica** *loc.s.f.* V. **rigor mortis**.
- rizobio** *s.m.* Bacteria que fixa o nitróxeno atmosférico despois de establecerse endosimbioticamente dentro de nódulos nas

raíces de leguminosas. Non poden fixar nitróxeno de forma independente.

ES: **rizobio** *s.m.*

EN: **rhizobium**

rizoide *s.m.* Estrutura análoga á raíz que presentan organismos con organización tipo talo.

ES: **rizoide** *s.m.*

EN: **rhizoid**

rizoma *s.m.* Caule subterráneo.

ES: **rizoma** *s.m.*

EN: **rhizome; rootstalk; rootstock**

rolada *s.f.* V. **deitada**.

ropalia *s.f.* Principal órgano sensorial das medusas de escifozoos e cubozoos.

SIN GL: **tentaculocisto** *s.m.*

ES: **tentaculocisto** *s.m.*; **ropalia** *s.f.*

EN: **rhopalium**

rostro *s.m.* Proxección frontal en forma de esporón na cabeza dalgúns animais, como os malacostráceos.

ES: **rostro** *s.m.*

EN: **rostrum**

rotación óptica *loc.s.f.* V. **actividade óptica**.

rubisco *s.f.* Encima dos cloroplastos capaz de fixar CO₂ á ribulosa-1,5-bisfosfato e de catalizar a osixenación do mesmo substrato. É a proteína máis abundante da biosfera.

ES: **rubisco** *s.m.*

EN: **rubisco**

ruderal *adx.* Dise das especies propias de hábitats moi alterados.

ES: **ruderal** *adx.*

EN: **ruderal**

ruminante *s.m.* Animal cun estómago tetra-cameral que realiza o proceso de rumiación.

ES: **rumiante** *s.m.*

EN: **ruminant**

ruminante *s.m.* Animal mamífero do grupo dos *Ruminantia*.

ES: **rumiante** *s.m.*

EN: **ruminant**

ruminante *adx.* Pertencente ou relativo aos ruminantes.

ES: **rumiante** *adx.*

EN: **ruminant**

sabana *s.f.* Bioma caracterizado por grandes extensións de prados de gramíneas e a presenza de árbores illadas, que non forman dosel.

ES: **sabana** *s.f.*

EN: **savanna; savannah**

saco embrionario *loc.s.m.* Parte do óvulo que constitúe o gametófito reducido das plantas espermatófitas.

ES: **saco embrionario** *loc.s.m.*

EN: **embryo sac**

saco polínico *loc.s.m.* Receptáculo da antera no que se forman os grans de pole.

ES: **saco polínico** *loc.s.m.*

EN: **pollen sac**

saco vitelino *loc.s.m.* Unha das membranas extraembrionarias de aves e mamíferos.

ES: **saco vitelino** *loc.s.m.*

EN: **yolk sac**

sangue *s.m.* Tecido conxuntivo líquido que circula a través do sistema cardiovascular. Está formado por células e un compoñente líquido chamado plasma sanguíneo.

ES: **sangre** *s.f.*

EN: **blood**

saponificación *s.f.* Hidrólise alcalina de triglicéridos que dá lugar a ácidos graxos en forma de xabón.

ES: **saponificación** *s.f.*

EN: **saponification**

saprófago *s.m.* V. **detritívoro**.

saprófago, saprófaga *adx.* V. **detritívoro, detritívora**.

sarcómero *s.m.* Unidade básica de contracción dunha miofibrina muscular.

ES: **sarcómero** *s.m.*

EN: **sarcomere**

satélite *s.m.* Secuencia de ADN constituída pola repetición en tándem de unidades de entre 5 e 171p.b., formando bloques de máis de 100kb de lonxitude.

ES: **satélite** *s.m.*

EN: **satellite**

satelitismo *s.m.* V. **sintrófia**.

secuencia -10 *loc.s.f.* Secuencia de seis nucleótidos que forma parte do promotor de transcrición bacteriano.

SIN GL: **caixa pribnow** *loc.s.f.*

ES: **secuencia -10** *loc.s.f.*; **caja pribnow** *loc.s.f.*

EN: **Pribnow box**

secuencia final *loc.s.f.* V. **péptido sinal**.

secuencia líder *loc.s.f.* Secuencia 5' dun transcrito de ARN, situada antes do codón de inicio.

ES: **secuencia líder** *loc.s.f.*

EN: **leader sequence; five prime untranslated region**

secuencia sinal *loc.s.f.* V. **péptido sinal**.

secuencia tráiler *loc.s.f.* Secuencia 3' dun transcrito de ARN, situada tras o codón de terminación.

ES: **secuencia tráiler** *loc.s.f.*

EN: **trailer sequence**

seda *s.f.* V. **seta**.

sedentario, sedentaria *adx.* Aplícase ao animal que vive permanentemente ancorado a unha superficie ou substrato, sen desprazarse significativamente sobre el.

SIN GL: **sésil** *adx.*

ES: **sésil** *adx.*; **sedentario, sedentaria** *adx.*

EN: **sessile**

sedimentívoro, sedimentívora *adx.* Dise do organismo que se alimenta de materia orgánica presente nos sedimentos e no solo.

ES: **sedimentívoro, sedimentívora** *adx.*
EN: **deposit feeder; sediment feeder**

segmentación *s.f.* Estrutura do corpo dun organismo que mostra división nunha serie de unidades repetitivas ou segmentos.

ES: **segmentación** *s.f.*
EN: **segmentation**

segmentación *s.f.* V. **clivaxe.**

segregación *s.f.* Disociación dunha parella de estruturas homólogas, particularmente das cromátides durante a meiose.

ES: **segregación** *s.f.*
EN: **segregation**

segunda maxila *loc.s.f.* Cada un dos terceiros apéndices orais dos crustáceos.

SIN GL: **maxila** *s.f.*
ES: **segunda maxila** *loc.s.f.*; **maxila** *s.f.*
EN: **maxilla**

segundo mensaxeiro *loc.s.m.* Molécula efectora sintetizada dentro dunha célula en resposta a un sinal externo. Os sinais externos máis comúns son as hormonas.

ES: **segundo mensajero** *loc.s.m.*
EN: **second messenger**

selección natural *s.f.* Mecanismo que conduce á supervivencia e reprodución diferencialmente positivas daqueles individuos que posúen caracteres fenotípicos preferentes pola súa adaptación ao ambiente, e que facilita polo tanto o espallamento e perpetuación do xenotipo que lles dá soporte.

ES: **selección natural** *s.f.*
EN: **natural selection**

selva tropical *loc.s.f.* Tipo de bioma caracterizado polas altas precipitacións, unha vexetación exuberante e unha enorme biodiversidade.

ES: **selva tropical** *loc.s.f.*
EN: **selva**

semelparidade *s.f.* Condición dos organismos que só desenvolven un evento reprodutivo ao longo da súa vida.

ES: **semelparidad** *s.f.*
EN: **semelparity**

semiente *s.f.* Estrutura de propagación orixinada pola maduración do óvulo de plantas espermatófitas.

ES: **semilla** *s.f.*
EN: **seed**

senescencia *s.f.* Conxunto de procesos encamiñados á desaparición e reciclaxe dunha parte das estruturas e moléculas que xa non son útiles para a planta.

ES: **senescencia** *s.f.*
EN: **senescence**

sentado, sentada *adx.* Dise do órgano habitualmente pedunculado cando carece desta condición.

SIN GL: **sésil** *adx.*
ES: **sentado, sentada** *adx.*; **sésil** *adx.*
EN: **sessile**

sépalo *s.m.* Cada unha das pezas que forman o cáliz das flores anxiospermas.

ES: **sépalo** *s.m.*
EN: **sepal**

seps *s.f.* Grave enfermidade causada por unha infección do torrente sanguíneo por parte de bacterias produtoras de toxinas.

ES: **sepsis** *s.f.*
EN: **sepsis**

serotipo *s.m.* Cepa dunha bacteria ou doutro patóxeno antixenicamente diferenciada. Pódense distinguir diferentes serotipos mediante probas inmunolóxicas como a detección con anticorpos.

ES: **serotipo** *s.m.*
EN: **serovar, serotype**

serotonina *s.f.* Amina derivada do triptófano que actúa como neurotransmisor. Entre outras moitas funcións, unha das máis importantes que presenta é a de contraer a musculatura lisa. A denominación química da serotonina é 5-hidroxitriptamina.

ES: **serotonina** *s.f.*
EN: **serotonin**

sésil *adx.* V. **sedentario, sedentaria.**

sésil *adx.* V. **sentado, sentada.**

seta *s.f.* Proxección quitinosa acicular do tegumento dos anélidos, artrópodos e outros animais.

SIN GL: **seda** *s.f.*; **queta** *s.f.*

ES: **seta** *s.f.*; **seda** *s.f.*; **queta** *s.f.*

EN: **chaeta; seta**

siconio *s.m.* Infrutescencia consistente nun receptáculo carnoso oco, no interior do cal se achan os froitos, e que conta cunha pequena abertura xeralmente protexida por brácteas.

ES: **sicono** *s.m.*

EN: **syconium**

sifón *s.m.* Nome que reciben algúns órganos tubulares polos que circula a auga ou outros fluídos.

ES: **sifón** *s.m.*

EN: **siphon; syphon**

sifonóglifo *s.m.* Suco ciliado na farinxe dos pólipos de cnidarios.

ES: **sifonoglifo** *s.m.*

EN: **siphonoglyph**

silenciamento xénico *loc.s.m.* Inactivación reversible da expresión dun xene debido a fenómenos epixenéticos.

ES: **silenciamiento génico** *loc.s.m.*

EN: **gene silencing**

simbiose *s.f.* Asociación estreita entre dous organismos de especies diferentes.

ES: **simbiosis** *s.f.*

EN: **symbiosis**

simpático, simpática *adx.* Aplícase a unha parte do sistema nervioso autónomo constituída por vías adrenérxicas e que se encarga de moitas respostas a estímulos emocionalmente non neutros.

ES: **simpático, simpática** *adx.*

EN: **sympathetic**

simpátrico, simpátrica *adx.* Dise daquelas poboacións que coexisten nunha determinada área xeográfica.

ES: **simpátrico, simpátrica** *adx.*

EN: **sympatric**

simplasto *s.m.* Rexión delimitada pola membrana plasmática dun grupo de células vexetais conectadas por plasmodesmos. Un simplasto permite a libre difusión de auga e pequenos solutos entre as células que están conectadas.

ES: **simplasto** *s.m.*

EN: **symplast**

V. TAMÉN: **apoplasto**

simplesiomorfía *s.f.* Trazo ancestral compartido por dous ou máis organismos que o herdaron e conservaron.

ES: **simplesiomorfía** *s.f.*

EN: **symplesiomorphy**

sinapomorfía *s.f.* Trazo derivado, compartido por dous ou máis organismos, que non se atopa presente no devanceiro común de referencia.

ES: **sinapomorfía** *s.f.*

EN: **synapomorphy**

sinapse *s.f.* Conexión que se establece entre dúas neuronas.

ES: **sinapsis** *s.f.*

EN: **synapse**

sinapse *s.f.* V. **síndese.**

sincicio *s.m.* Masa de citoplasma plurinucleada e rodeada dunha única membrana plasmática. O plasmodio pódese formar pola fusión de citoplasmas de diferentes células ou pola división citoplasmática dunha célula sen división nuclear. Denominamos preferentemente sincicio o orixinado por división e plasmodio o formado pola fusión celular.

SIN GL: **plasmodio** *s.m.*

ES: **sincitio** *s.m.*; **sincicio** *s.m.*; **plasmodio** *s.m.*

EN: **syncytium; plasmodium**

sincicio *s.m.* Estrutura multinucleada que pode resultar de sucesivas divisións celulares sen citocinese ou da fusión de varias células.

ES: **sincitio** *s.m.*; **sincicio** *s.m.*

EN: **syncytium**

síndese *s.f.* Emparellamento entre cromosomas que se produce durante o cigoteno da meiose.

SIN GL: **sinapse** *s.f.*

- ES: **sindeesis** *s.f.*; **sinapsis** *s.f.*
EN: **syndesis**; **synapsis**
- sinérxida** *s.f.* Cada unha das dúas células que se sitúan ao lado da oosfera no saco embrionario de anxiospermas.
ES: **sinérgida** *s.f.*
EN: **synergid**
- sintase** *s.f.* Conxunto de encimas que levan a cabo reaccións que aumentan a complexidade das moléculas e que non requiren dun nucleótido trifosfato como fonte de enerxía.
ES: **sintasa** *s.f.*
EN: **synthase**
- sintenia** *s.f.* Fenómeno polo que xenes homólogos manteñen unha situación en bloques de organización semellantes en especies distintas.
ES: **sintenia** *s.f.*
EN: **syteny**
- sintetase** *s.f.* V. **ligase**.
- sintipo** *s.m.* Cada un dos exemplares tomados como tipo para a descrición nos casos en que non foi nomeado un holotipo
ES: **sintipo** *s.m.*
EN: **syntype**
- sintrofia** *s.f.* Relación de dependencia nutricional pola cal dous ou máis organismos combinan as súas capacidades metabólicas para catabolizar substancias que individualmente non poderían.
SIN GL: **satelitismo** *s.m.*
ES: **sintrofia** *s.f.*; **satelitismo** *s.m.*
EN: **syntrophy**
- sirinxe** *s.f.* Órgano de fonación das aves.
ES: **siringe** *s.f.*
EN: **syrinx**
- sistema endócrino** *loc.s.m.* Conxunto de órganos secretores de hormonas a sangue e linfa.
ES: **sistema endocrino** *loc.s.m.*
EN: **endocrine system**
- sistema nervioso** *loc.s.m.* Rede de neuronas e tecidos asociados que capta, transmite e procesa información sensorial externa e sobre o estado interno do propio organismo, a partir da cal pode elaborar e coordinar unha resposta.
ES: **sistema nervioso** *loc.s.m.*
EN: **nervous system**
- sistema Rh** *loc.s.m.* V. **Rh**.
- sistema vascular** *loc.s.m.* Complexo sistema de condución de fluídos e nutrientes das plantas vasculares. Os compoñentes primarios do sistema vascular das plantas son o xilema e o floema, aos que se asocian os compoñentes secundarios como o cámbium vascular e o cámbium suberal.
SIN GL: **tecido vascular** *loc.s.m.*
ES: **sistema vascular** *loc.s.m.*; **tejido vascular** *loc.s.m.*
EN: **vascular system**
- sistemática** *s.f.* Eido da bioloxía que se ocupa de estudar a diversidade dos seres vivos, establecendo as súas relacións filoxenéticas e a orixe e causa destas.
ES: **sistemática** *s.f.*
EN: **systematics**
- sístole** *s.f.* Contracción do músculo cardíaco, auricular ou ventricular, que dá pulo á circulación sanguínea.
ES: **sístole** *s.f.*
EN: **systole**
- sitio activo** *loc.s.m.* V. **sitio catalítico**.
- sitio catalítico** *loc.s.m.* Rexión da superficie dun encima que fixa e transforma a molécula de sustrato.
SIN GL: **sitio activo** *loc.s.m.*
ES: **sitio catalítico** *loc.s.m.*; **sitio activo** *loc.s.m.*
EN: **active site**; **catalytic site**
- SNP** *sigla* V. **polimorfismo de nucleótido único**.
- sobredominancia** *s.f.* Condición pola que a expresión fenotípica do heterocigoto queda fóra do rango de expresión fenotípica dos homocigotos.
ES: **sobredominancia** *s.f.*
EN: **overdominance**
- solenoide** *s.m.* Modelo estrutural de empaquetamento do ADN que postula que os nucleosomas se compactan helicoidal-

mente, nunha disposición en forma de resorte.

ES: **solenoid** *s.m.*

EN: **solenoid**

soma *s.m.* Totalidade das células dun organismo excluindo as xerminais.

ES: **soma** *s.m.*

EN: **soma; cell body**

soma *s.m.* Rexión dilatada da neurona que contén o núcleo e o citoplasma circundante.

SIN GL: **pericarion** *s.m.*; **corpo celular** *loc.s.m.*

ES: **soma** *loc.s.m.*; **pericarion** *s.m.*; **cuerpo celular** *loc.s.m.*

EN: **soma; cyton; perikaryon**

somito *s.m.* Estructuras segmentadas de mesoderma que se atopan a cada un dos lados da notocorda no embrión de vertebrados.

ES: **somita** *s.m.*

EN: **somite**

sonda *s.f.* Cadea de ácido nucleico que pode ser marcada e hibrida con secuencias complementarias dentro dunha mestura doutros ácidos nucleicos.

ES: **sonda** *s.f.*

EN: **probe**

soralio *s.m.* Lugar máis ou menos definido onde se producen soredios por rotura do córtex liquénico

ES: **soralio** *s.m.*

EN: **soralium**

soredio *s.m.* Estructura de propagación vexetativa dos líques, de aspecto granular e sen codia, consistente nun núcleo de células da alga rodeado de hifas.

ES: **soredio** *s.m.*

EN: **soredium**

soro *s.m.* Agrupación de esporanxios.

ES: **soro** *s.m.*

EN: **sorus**

sotobosque *s.m.* Comunidade vexetal que medra por baixo do dosel nun bosque.

ES: **sotobosque** *s.m.*

EN: **undergrowth**

Southern blot *loc.s.m.* V. **hibridación Southern**.

SRP *sigla* V. **partícula de recoñecemento do sinal**.

STR *sigla* Secuencia de ADN que contén un núcleo de entre dous e seis nucleótidos dispostos de forma repetitiva en grupos adxacentes.

ES: **STR** *sigla*

EN: **STR, short tandem repeat**

STR *sigla* Secuencia de ADN constituída pola repetición en tándem de unidades curtas, de entre 1 e 6p.b., formando bloques curtos, tipicamente menores a 100p.b de lonxitude.

SIN GL: **microsatélite** *s.m.*; **SSR** *sigla*

ES: **SSR** *sigla, microsatélite* *s.m.*; **STR** *sigla*

EN: **SSR, short sequence repeat; microsatellite**

suberina *s.f.* Substancia cerosa atopada na casca das árbores superiores. Trátase dunha substancia altamente hidrofóbica que ten como principal función que a auga non penetre nos tecidos das plantas.

ES: **suberina** *s.f.*

EN: **suberin**

substitución *s.f.* Mutación puntual que implica o cambio dunha base nunha secuencia xenética por outra distinta.

ES: **sustitución** *s.f.*

EN: **substitution mutation; point mutation**

sucesión ecolóxica *loc.s.f.* Secuencia progresiva de cambios na composición e estrutura dunha comunidade ecolóxica

ES: **sucesión ecológica** *loc.s.f.*

EN: **ecological succession**

suco de segmentación *loc.s.m.* Formación que ten lugar durante a telofase, a partir da cal se desenvolve o anel contráctil que dividirá a célula en dúas. Nas células con parede celular non se forma suco de segmentación.

ES: **surco de segmentación** *loc.s.m.*

EN: **cleavage furrow**

sumación *s.f.* Proceso de adición de estímulos nerviosos que permite superar certo limiar e conseguir unha maior resposta.

ES: **sumación** *s.f.*

EN: **summation**

sumidoiro *s.m.* Hábitat marxinal no que só pode persistir unha poboación mediante inmigración continua, xa que nel a taxa reprodutiva é moi baixa e a mortalidade alta.

ES: **sumidero** *s.m.*

EN: **sink habitat**

superhélice *s.f.* Xiro do ADN no espazo, sobre o propio eixe da estrutura secundaria.

ES: **superhélice** *s.f.*

EN: **superhelix**

suspensívoro, suspensívora *adx.* Dise dos organismos que se alimentan das partículas en suspensión na auga.

SIN GL: **filtrador, filtradora** *adx.*

ES: **suspensívoro, suspensívora** *adx.*; **filtrador, filtradora** *adx.*

EN: **suspension feeder; filter feeder**

suspensor *s.m.* Filamento celular que conecta o endosperma co embrión en plantas anxiospermas.

ES: **suspensor** *s.m.*

EN: **suspensor**

táboa de vida *loc.s.f.* Representación, en formato de filas e columnas, de distintos parámetros relacionados coa supervivencia e mortalidade por idade dunha poboación.

ES: **tabla de vida** *loc.s.f.*

EN: **mortality table; life table**

tacto *s.m.* Sentido especializado na percepción de estímulos sensoriais relacionados coa presión, textura ou temperatura das entidades coas que se establece contacto físico.

ES: **tacto** *s.m.*

EN: **touch**

tagma *s.m.* Conxunto de segmentos dun animal metamerizado que constitúe unha unidade morfolóxica diferenciada.

ES: **tagma** *s.m.*

EN: **tagma**

taiga *s.f.* Bioma caracterizado polo bosque de coníferas.

ES: **taiga** *s.f.*

EN: **taiga**

tálamo *s.m.* Estrutura neuronal do encéfalo de vertebrados que funciona como principal centro coordinador dos impulsos sensoriais.

ES: **tálamo** *s.m.*

EN: **thalamus**

tálamo *s.m.* Rexión ensanchada do pedúnculo floral na que se insiren as pezas dos distintos verticilos florais ou as flores dun capítulo.

SIN GL: **receptáculo** *s.m.*

ES: **tálamo** *s.m.*; **receptáculo** *s.m.*

EN: **thalamus**

talo *s.m.* Corpo vexetal pluricelular que carece de tecidos diferenciados.

ES: **talo** *s.m.*

EN: **thallus**

talo *s.m.* V. **caule**.

tamaño efectivo *loc.s.m.* Número de individuos dunha suposta poboación ideal que sufriría as mesmas desviacións de tipo xenético que a poboación real.

ES: **tamaño efectivo** *loc.s.m.*

EN: **effective population size**

tapón vitelino *loc.s.m.* Conxunto de células endodérmicas, a modo de parche, que permanece na superficie do polo vexetal do embrión de anfibios tras os movementos de involución durante a gastrulación

ES: **tapón vitelino** *loc.s.m.*

EN: **yolk plug**

taquicardia *s.f.* Aumento do ritmo cardíaco por riba do rango normal.

ES: **taquicardia** *s.f.*

EN: **tachycardia**

taxa de mortalidade *loc.s.f.* Proporción obtida do número de mortes nun determinado intervalo de tempo fronte ao número de individuos vivos ao principio dese intervalo.

ES: **tasa de mortalidad** *loc.s.f.*

EN: **death rate; mortality rate**

taxa de natalidade *loc.s.f.* Número de novos individuos producidos por unidade de poboación.

ES: **tasa de natalidad** *loc.s.f.*

EN: **birth rate**

taxa neta de reprodución *loc.s.f.* Número promedio de descendentes femias produ-

cidas por unha femia ao logo da súa vida, se esta se adapta aos valores medios das taxas de fecundidade e mortalidade por idade nun ano determinado.
 ES: **tasa neta de reprodución** *loc.s.f.*
 EN: **net reproduction rate**

taxinomía *s.f.* Eido da bioloxía que se ocupa de estudar a diversidade dos seres vivos, describíndoos, nomeándoos e ordenándoos en grupos ou taxa.
 ES: **taxonomía** *s.f.*
 EN: **taxonomy**

taxon *s.m.* Conxunto de organismos que son agrupados segundo unha determinada clasificación e ao que se lle asigna un nome e un rango.
 ES: **taxón** *s.m.*
 EN: **taxon**

teca *s.f.* Cada unha das dúas pezas que forman o frústulo das diatomeas.
 SIN GL: **valva** *s.f.*
 ES: **teca** *s.f.*; **valva** *s.f.*
 EN: **theca**

teca *s.f.* Cada unha das dúas metades dunha antera, separadas polo feixe vascular.
 ES: **teca** *s.f.*
 EN: **theca**

tecido *s.m.* Acúmulo ou grupo de células organizadas para realizar unha ou máis funcións específicas.
 ES: **tejido** *s.m.*
 EN: **tissue**

tecido conectivo *loc.s.m.* V. **tecido conxuntivo**.

tecido conxuntivo *loc.s.m.* Tecido de sostén que deriva do mesoblasto e está formado por fibras conxuntivas e elásticas e por fibroblastos. Inclúe o tecido conxuntivo propiamente dito e os tecidos adenoide, adiposo, elástico, óseo e cartilaxinoso. O tecido conxuntivo ou conectivo subxace ou conecta os outros tres tecidos básicos: epitelial, muscular e nervioso. As células que forman parte do tecido conectivo caracterízanse por posuíren unha extensa matriz extracelular.
 SIN GL: **tecido conectivo** *loc.s.m.*

ES: **tejido conjuntivo** *loc.s.m.*; **tejido conectivo** *loc.s.m.*

EN: **connective tissue**

tecido epitelial *loc.s.m.* Tecido sen vasos nin matriz extracelular formado por células que revisten as superficies externas e as cavidades internas do corpo e que forman as porcións secretoras das glándulas.

ES: **tejido epitelial** *loc.s.m.*

EN: **epithelial tissue**

tecido muscular *loc.s.m.* Tecido formado por longos conxuntos de células contráctiles dispostos en feixes paralelos, responsables do movemento. O tecido muscular dá lugar a tres tipos de músculos: o músculo estriado, o músculo liso e o músculo cardíaco.

ES: **tecido muscular** *loc.s.m.*

EN: **muscular tissue**

tecido nervioso *loc.s.m.* Tecido formado polas células nerviosas (neuronas), as súas prolongacións e a neuroglía. O tecido nervioso encárgase de recibir, transmitir e integrar información do medio externo e interno para controlar as actividades do organismo.

ES: **tejido nervioso** *loc.s.m.*

EN: **nervous tissue**

tecido vascular *loc.s.m.* Tecido condutor complexo formado por máis dun tipo celular que se encontra nas plantas vasculares. Os compoñentes primarios son o xilema e o floema, aos que se atopan asociados compoñentes secundarios como o cámbium vascular e o cámbium suberal.

ES: **tejido vascular** *loc.s.m.*

EN: **vascular tissue**

tecido vascular *loc.s.m.* V. **sistema vascular**.

tegumento *s.m.* Tecido formado pola pel e os seus derivados.

ES: **tegumento** *s.m.*

EN: **tegument**

tegumento *s.m.* Cuberta protectora externa do óvulo das plantas. O tegumento está perforado por un pequeno poro ou micrópilo. Xeralmente hai dous tegumentos nas plantas anxiospermas e só un nas ximnospermas.

ES: **tegumento** *s.m.*

- EN: **tegument**
- telencéfalo** *s.m.* V. **cerebro**.
- telofase** *s.f.* Última etapa tanto da mitose como da meiose na que a célula se separa para dar lugar a dúas células fillas.
ES: **telofase** *s.f.*
EN: **telophase**
V. TAMÉN: **citocinese**
- telomerase** *s.f.* Complexo riboproteico que actúa como encima retrotranscritase engandindo unidades de repetición nos extremos dos telómeros.
ES: **telomerasa** *s.f.*
EN: **telomerase**
- telómero** *s.m.* Rexión terminal dun cromosoma lineal, formada por secuencias de ADN non codificante altamente repetitivas.
ES: **telómero** *s.m.*
EN: **telomere**
- telson** *s.m.* Último somita corporal dos crustáceos e outros artrópodos.
ES: **telson** *s.m.*
EN: **telson**
- tendón** *s.m.* Cordón fibroso de tecido conxuntivo mediante o cal se insire o músculo no óso ou nun órgano.
ES: **tendón** *s.m.*
EN: **sinew; tendon**
- tentáculo** *s.m.* Órgano alongado, móbil e flexible que está presente en animais moi diversos, principalmente invertebrados.
ES: **tentáculo** *s.m.*
EN: **tentacle**
- tentaculocisto** *s.m.* V. **ropalia**.
- tépalo** *s.m.* Peza do perianto nos casos nos que non existen un cáliz e unha corola diferenciados.
ES: **tépalo** *s.m.*
EN: **tepal**
- terapia xénica** *loc.s.f.* Procedemento clínico mediante o cal un xene ou secuencia de ADN son empregados para tratar unha enfermidade.
ES: **terapia génica** *loc.s.f.*
EN: **gene therapy**
- tergo** *s.m.* Rexión dorsal dos segmentos dos artrópodos.
ES: **tergo** *s.m.*
EN: **tergum**
- termófilo; termófila** *adx.* Dise do organismo que é capaz de vivir e proliferar a altas temperaturas, por riba dos 45°C.
ES: **termófilo, termófila** *adx.*
EN: **thermophilic**
- termorreceptor** *s.m.* Estrutura sensorial que detecta as variacións na temperatura cutánea.
ES: **termorreceptor** *s.m.*
EN: **thermoreceptor**
- termorreulación** *s.f.* Capacidade dos seres vivos para manter a súa temperatura corporal dentro dun determinado rango no que se desenvolven os procesos vitais.
ES: **termorreulación** *s.f.*
EN: **thermoregulation**
- terófito, terófito** *adx.* No sistema de Raunkiaer dise da planta que sobrevive ao período desfavorable en forma de semente.
ES: **terófito, terófito** *adx.*
EN: **therophytic**
- territorialidade** *s.f.* Comportamento de defensa dunha área xeográfica por parte dun individuo ou grupo de individuos.
SIN GL: **territorialismo** *s.m.*
ES: **territorialismo** *s.m.*
EN: **territoriality**
- territorialismo** *s.m.* V. **territorialidade**.
- testa** *s.f.* Capa derivada do tegumento que cobre externamente a semente.
ES: **testa** *s.f.*
EN: **testa**
- testículo** *s.m.* Órgano masculino onde se producen os espermatozoides.
ES: **testículo** *s.m.*
EN: **testis; testicle**
- testosterona** *s.f.* Hormona esteroidea sexual masculina.
ES: **testosterona** *s.f.*
EN: **testosterone**

tétrade *s.f.* Conxunto de catro células haploides resultantes en dúas divisións sucesivas nunha meiose, particularmente en lévedos.
ES: **tétrada** *s.f.*

EN: **tetrad**

tetrápodo *s.m.* Animal do grupo *Tetrapoda*.

ES: **tetrápodo** *s.m.*

EN: **tetrapod**

tetrápodo, tetrápoda *adx.* Referente aos tetrápodos.

ES: **tetrápodo, tetrápoda** *adx.*

EN: **tetrapod**

tigmomorfoxénese *s.f.* Variación nos padróns de crecemento das plantas por estímulos mecánicos. Poden afectar á tigmomorfoxénese o vento, as gotas de auga, o paso de animais etc.

ES: **tigmomorfoxénese** *s.f.*

EN: **thigmomorphogenesis**

tigmotropismo *s.m.* Crecemento direccional dun órgano en resposta a un estímulo de tipo táctil. Non se debe confundir coa tigmotaxe (haptotaxe), que se refire ao desprazamento e non ao crecemento.

SIN GL: **haptotropismo** *s.m.*

ES: **tigmotropismo** *s.m.*; **haptotropismo** *s.m.*

EN: **thigmotropism**

tilacoide *s.m.* Estrutura rodeada de membrana que se encontra nos cloroplastos e cianobacterias. É a zona física onde se producen as reaccións dependentes da luz da fotosíntese.

ES: **tilacoide** *s.m.*

EN: **thylakoid**

timo *s.m.* Glándula secretora situada na parte inferior da gorxa dos vertebrados e que ten importantes funcións no sistema inmunitario.

ES: **timo** *s.m.*

EN: **thymus**

tinguidura Gram *loc.s.m.* V. **Gram, tinguidura.**

tiroide *s.f.* Glándula endócrina dos animais vertebrados situada nas inmediacións da traquea. As principais hormonas que produce a tiroide son a tiroxina (T4) e triiodotironina (T3) e

a calcitonina. A súa acción está controlada polo hipotálamo e a hipófise.

ES: **tiroides** *s.m.*

EN: **thyroid**

tirosina quinase *loc.s.f.* V. **tirosinquinase.**

tirosinquinase *s.f.* Encima capaz de transferir un grupo fostato dende o ATP ata un residuo tirosina (Tyr) dunha proteína aceptora. As tirosinquinases correspóndense cun subgrupo encadrado dentro das proteínas quinase. A maioría das tirosinquinases son receptores de membrana, como o receptor da insulina ou do factor de crecemento epidérmico etc.

SIN GL: **tirosina quinase** *loc.s.f.* (pl. **tirosinas quinase**)

ES: **tirosinquinasa** *s.f.*; **tirosina quinasa** *loc.s.f.*

EN: **tyrosine kinase**

tirotropina *s.f.* V. **TSH.**

tiroxina *s.f.* Importante hormona tiroidea sintetizada a partir de aminoácidos (tiroxina) iodados.

ES: **tiroxina** *s.f.*

EN: **thyroxine; thyroxin**

tocoferol *s.m.* V. **vitamina E.**

ton muscular *loc.s.m.* Estado de tensión parcial, pasiva e constante dos músculos.

ES: **tono muscular** *loc.s.m.*

EN: **muscle tone; tonus**

tonoplasto *s.m.* Membrana que envolve un vacúolo.

ES: **tonoplasto** *s.m.*

EN: **tonoplast**

topoisomerase *s.f.* Encima isomerase que actúa modificando a estrutura topolóxica do ADN, é dicir, aumentando ou diminuíndo o número de veces que as cadeas da dobre hélice se cruzan unha coa outra.

ES: **topoisomerasa** *s.f.*

EN: **topoisomerase**

tórax *s.m.* Parte anterior do tronco dos animais.

ES: **tórax** *s.m.*

EN: **thorax**

torpor *s.m.* Estado, normalmente de ciclo curto, de diminución da actividade fisiolóxica nun animal.

ES: **torpor** *s.m.*

EN: **torpor**

totipotente *adx.* Dise da célula indiferenciada que ten capacidade para orixinar un organismo completo, incluíndo as compoñentes extraembrionarias.

ES: **totipotente** *adx.*

EN: **totipotential**

toxina esóxena *loc.s.f.* V. **exotoxina**.

tradución *s.f.* Proceso de síntese dun polipéptido cunha secuencia aminoacídica que deriva dos codóns dun ARN mensaxeiro segundo o código xenético.

ES: **traducción** *s.f.*

EN: **translation**

trans *adx.* Referente á localización en dúas moléculas distintas de ADN.

ES: **trans**

EN: **trans**

transaminase *s.f.* Encima que transfere un grupo amino dun metabolito a outro.

SIN GL: **aminotransferase** *s.f.*

ES: **transaminasa** *s.f.*; **aminotransferasa** *s.f.*

EN: **transaminase**

transcitose *s.f.* Transporte de moléculas desde un tipo de dominio da membrana plasmática cara a outro.

ES: **transcitosis** *s.f.*

EN: **trancytosis**

transcrición *s.f.* Proceso de síntese de ARN a partir dunha cadea molde de ADN.

ES: **transcripción** *s.f.*

EN: **transcription**

transcritase inversa *loc.s.f.* Encima que cataliza a síntese de ADN a partir dunha cadea molde de ARN.

SIN GL: **reversotranscritase** *s.f.*; **retrotranscritase** *s.f.*

ES: **transcriptasa inversa** *loc.s.f.*; **reversotranscriptasa** *s.f.*; **retrotranscriptasa** *s.f.*

EN: **reverse transcriptase**

transcrito primario *loc.s.m.* Molécula de ARN eucariótico que non sufriu ningunha modificación tras a súa síntese.

ES: **transcrito primario** *loc.s.m.*

EN: **primary transcript**

transdución *s.f.* Proceso de transferencia de material xenético entre dúas bacterias mediante a intervención dun fago que actúa como intermediario. Trátase dunha ferramenta empregada en biotecnoloxía para introducir ADN foráneo nas células.

ES: **transducción** *s.f.*

EN: **transduction**

transdución *s.f.* Transferencia dunha secuencia de ADN non viral a unha célula mediante un virus.

ES: **transducción** *s.f.*

EN: **transduction**

transdución *s.f.* Transformación dun sinal exterior á célula a unha forma capaz de producir resposta celular específica.

ES: **transducción** *s.f.*

EN: **transduction**

transfección *s.f.* Introducción de ADN en calquera célula eucariota por métodos non virais.

ES: **transfección** *s.f.*

EN: **transfection**

transferencia xénica *loc.s.f.* Calquera proceso mediante o cal un organismo incorpora ADN doutro organismo.

ES: **transferencia génica** *loc.s.f.*

EN: **gene transfer**

transformación *s.f.* Introducción, por métodos non virais, de ADN esóxico nunha bacteria ou lévedo, nos cales se produce a miúdo un cambio no fenotipo.

ES: **transformación** *s.f.*

EN: **transformation**

transformación *s.f.* Conversión de crecemento controlado a incontrolado das células animais en cultivo.

ES: **transformación** *s.f.*

EN: **transformation**

transición *s.f.* Tipo de mutación puntual na que unha base púrica é substituída por

- outra púrica ou unha pirimidínica por outra pirimidínica.
 ES: **transición** *s.f.*
 EN: **transition**
- translocación** *s.f.* Anomalía cromosómica consistente no cambio de posición dun segmento cromosómico a outra localización xenómica distinta.
 ES: **translocación** *s.f.*
 EN: **translocation**
- translocación** *s.f.* Movemento dunha proteína a través dunha membrana.
 ES: **translocación** *s.f.*
 EN: **translocation; protein targeting**
- translocación** *s.f.* Desprazamento dos ribosomas de 3 nucleótidos sobre o ARNm en dirección 3' durante o proceso de tradución.
 ES: **translocación** *s.f.*
 EN: **translocation**
- transpiración** *s.f.* Perda de auga en forma de vapor por un organismo.
 ES: **transpiración** *s.f.*
 EN: **transpiration**
- transplante** *s.m.* Fragmento de tecido vivo que se une a outro tecido vivo de forma que o desenvolvemento conxunto acabe por soldalos.
 SIN GL: **enxerto** *s.m.*
 ES: **transplante** *s.m.*; **injerto** *s.m.*
 EN: **graft**
- transplante** *s.m.* Implantación dun órgano ou tecido nun organismo receptor restablecendo as conexións vasculares entre ambos.
 ES: **trasplante** *s.m.*
 EN: **transplant**
- transposón** *s.m.* Secuencia de ADN capaz de migrar dende unha localización cromosómica a outra distinta.
 ES: **transposón** *s.m.*
 EN: **transposon**
- transversión** *s.f.* Tipo de mutación puntual na que unha base púrica da secuencia do ADN é substituída por unha pirimidínica ou viceversa.
 ES: **transversión** *s.f.*
 EN: **transversion**
- transxénese** *s.f.* Introducción dun xene nunha célula animal ou vexetal que pasará ás sucesivas xeracións.
 ES: **transgénesis** *s.f.*
 EN: **transgenesis**
- traquea** *s.f.* Cada un dos condutos respiratorios dos insectos e outros artrópodos terrestres.
 ES: **tráquea** *s.f.*
 EN: **trachea**
- traquea** *s.f.* En vertebrados, conduto que comunica a larinxe cos pulmóns.
 ES: **tráquea** *s.f.*
 EN: **trachea; windpipe**
- traquea** *s.f.* V. **vaso leñoso**.
- traqueide** *s.f.* Células alongadas pertencentes ao xilema, que serven para o transporte de auga e sales minerais.
 ES: **traqueida** *s.f.*
 EN: **tracheid**
 V. TAMÉN: **traquea**
- triacilglicérido** *s.m.* V. **triglicérido**.
- triblástico, triblástica** *adx.* V. **triploblástico, triploblástica**.
- tricociste** *s.m.* Orgánulo consistente nunha vesícula que contén un filamento longo e fino que é disparado ante algún estímulo externo.
 ES: **tricocisto** *s.m.*
 EN: **trichocyst**
- tricoma** *s.m.* Apéndice epidérmico das plantas que ten o aspecto dun pelo.
 ES: **tricoma** *s.m.*
 EN: **trichoma**
- tricoma** *s.m.* Cadea de células en algas filamentosas.
 ES: **tricoma** *s.m.*
 EN: **trichoma**
- tricóxina** *s.f.* Extensión receptora con forma de pelo do gametanxio feminino dalgunhas algas florideofíceas e fungos, especialmente ascomicetos.
 ES: **tricógina** *s.f.*
 EN: **trichogyne**

trifosfoinositol *s.m.* Segundo mensaxeiro, formado pola rotura do fosfatidilinositol, implicado na mobilización do calcio intracelular. Abreviatura: IP3

SIN GL: **inositol trifosfato** *loc.s.m.*; **inositol 1,4,5-trifosfato** *loc.s.m.*

ES: **inositol trifosfato** *loc.s.m.*

EN: **inositol triphosphate**

triglicérido *s.m.* Lípido formado por unha molécula de glicerol unida a tres ácidos graxos mediante un enlace éster. O glicerol ten esterificados os seus tres grupos hidroxilo polos tres ácidos graxos. Estes poden ser saturados ou insaturados. Os triglicéridos son os lípidos máis abundantes na natureza ao estaren presentes nos depósitos de graxa dos animais e vexetais.

SIN GL: **triacilglicérido** *s.m.*

ES: **triglicérido** *s.m.*; **triacilglicérido** *s.m.*

EN: **triglyceride**; **triacylglyceride**

trilobite *s.m.* Fósil artrópodo pertencente ao grupo dos *Trilobitomorpha*.

ES: **trilobites** *s.m.*

EN: **trilobites**

triploblástico, triploblástica *adx.*

Relativo aos animais que contan con tres capas xerminais: ectoderma, endoderma e mesoderma.

SIN GL: **triblástico, triblástica** *adx.*

ES: **triploblástico, triploblástica** *adx.*;

triblástico, triblástica *adx.*

EN: **triploblastic**

trisomía *s.f.* Anomalía xenética caracterizada pola presenza dun cromosoma supernumerario nun par concreto de homólogos en organismos diploides.

ES: **trisomía** *s.f.*

EN: **trisomy**

trofotoderma *s.m.* Capa externa do blastocisto de moitos mamíferos, que dará orixe á placenta.

SIN GL: **trofoblasto** *s.m.*

ES: **trofotoderma** *s.m.*; **trofoblasto** *s.m.*

EN: **trophoblast**

trophoblast

trofoblasto *s.m.* V. **trofotoderma**.

trombo *s.m.* Coágulo de sangue que se produce no interior dun vaso sanguíneo.

ES: **trombo** *s.m.*

EN: **thrombus**

trombocito *s.m.* Célula anucleada que se atopa en grandes cantidades no plasma sanguíneo e colabora no inicio da coagulación.

SIN GL: **plaqueta** *s.f.*

ES: **trombocito** *s.m.*; **plaqueta** *s.f.*

EN: **thrombocyte**; **platelet**

tropomiosina *s.f.* Proteína que se une aos filamentos de actina e que regula a contracción do músculo esquelético. A tropomiosina únese, por unha banda, á actina e, por outro lado, á troponina na subunidade T.

ES: **tropomiosina** *s.f.*

EN: **tropomyosin**

V. TAMÉN: **troponina**

troponina *s.f.* Complexo proteico que se une á actina e regula a contracción do músculo esquelético. Consta de tres subunidades; troponina T, troponina C e troponina I.

ES: **troponina** *s.f.*

EN: **troponin**

V. TAMÉN: **tropomiosina**

TSH *sigla* Hormona glicoproteica segregada pola adenohipófise que estimula a función da glándula tiroide.

SIN GL: **tirotropina** *s.f.*; **hormona tiroestimulante** *loc.s.f.*

ES: **TSH** *sigla*, **tirotropina** *s.f.*; **hormona tirotrópica** *loc.s.f.*

EN: **TSH**, **thyroid-stimulating hormone**; **thyrotropin**

tubérculo *s.m.* Órgano vexetal subterráneo con función de reserva ou de propagación vexetativa que xorde como unha adaptación pola cal se produce un engrosamento do talo ou da raíz.

ES: **tubérculo** *s.m.*

EN: **tubercle**

tubo criboso *loc.s.m.* Conduto vascular do floema formado por unha serie de células vivas conectadas entre si por placas cribosas e que conducen o zume elaborado.

ES: **tubo criboso** *loc.s.m.*

EN: **sieve tube**

tubo neural *loc.s.m.* Estrutura ectodérmica alongada de morfoloxía cilíndrica e oca presente nos cordados.

ES: **tubo neural** *loc.s.m.*

EN: **neural tube**

tubo polínico *loc.s.m.* Expansión tubular do citoplasma do gran de pole das espermatófitas, a través da cal migran os núcleos masculinos cara ao gameto feminino.

ES: **tubo polínico** *loc.s.m.*

EN: **pollen tube**

túbulo de Malpighi *loc.s.m.* Cada un dos tubos delgados e cegos que compoñen o sistema excretor de arácnidos e hexápodos.

ES: **túbulo de Malpighi** *loc.s.m.*

EN: **malpighian tubule system**

túbulo seminífero *loc.s.m.* Cada un dos pequenos tubos que conforman os testículos de moitos vertebrados e dentro dos cales se produce a espermatoxénese.

ES: **túbulo seminífero** *loc.s.m.*

EN: **seminiferous tubule**

tumor monoclonal *loc.s.m.* V. **neoplasma monoclonal.**

tundra *s.f.* Tipo de bioma caracterizado por liques, carrizas, herbas non gramíneas e árbores ou arbustos ananos.

ES: **tundra** *s.f.*

EN: **tundra**

tunicado *s.m.* V. **urocordado.**

tunicado, tunicada *adx.* V. **urocordado, urocordada.**

turba *s.f.* Material orgánico compacto parcialmente en descomposición.

ES: **turba** *s.f.*

EN: **peat**

turbeira *s.f.* Ecosistema de tipo humidal caracterizado pola acumulación de turba.

ES: **turbera** *s.f.*

EN: **peat bog**

ubiquitina *s.f.* Proteína encargada de marcar outras proteínas para a súa destrución. É unha proteína que se encontra na práctica totalidade das células eucariotas. Trátase dun polipéptido de 76 aminoácidos, cunha estrutura moi conservada, o que nos dá unha idea da súa importancia.

ES: **ubiquitina** *s.f.*

EN: **ubiquitin**

umbela *s.f.* Tipo de inflorescencia na cal os pedicelos de todas as flores se dispoñen radialmente a partir dun mesmo punto.

ES: **umbela** *s.f.*

EN: **umbel**

undulipodio *s.m.* Orgánulo longo e delgado implicado no desprazamento de células eucariotas libres. A súa estrutura consta de nove grupos de dous microtúbulos cada un, dispostos en círculo e rodeando dous microtúbulos máis en posición central. Todo o conxunto está delimitado pola membrana plasmática, agás a porción terminal.

SIN GL: **flaxelo** *s.m.*

ES: **undulipodio** *s.m.*; **flagelo** *s.m.*

EN: **flagellum**

unidade de mapa *loc.s.f.* V. **centimorgan**.

unión adherente *loc.s.f.* Tipo de unión intercelular mediada por cadherinas que se dá no tecido epitelial.

ES: **unión adherente** *loc.s.f.*

EN: **adherens junction**

unión comunicante *loc.s.f.* V. **unión gap**.

unión estreita *loc.s.f.* V. **zónula ocludens**.

unión gap *loc.s.f.* Nexo intercelular entre dúas células adxacentes que forma unha conexión directa entre as células.

SIN GL: **unión comunicante** *loc.s.f.*

ES: **unión comunicante** *loc.s.f.*; **unión gap** *loc.s.f.*

EN: **gap junction**

urea *s.f.* Amida formada no catabolismo das proteínas que ten como función a acumulación de nitróxeno e a eliminación do amoníaco do sangue de mamíferos, anfibios adultos e algúns peixes. É un sólido cristalino e branco, soluble en auga. O seu nome sistemático (IUPAC) é diaminometanal ou diaminocetona. $\text{CO}(\text{NH}_2)_2$.

ES: **urea** *s.f.*

EN: **urea**

ureotélico, ureotélica *adx.* Dise dos animais que segregan urea como principal produto nitroxenado de refugallo do metabolismo dos aminoácidos.

ES: **ureotélico, ureotélica** *adx.*

EN: **ureotelic**

uréter *s.m.* Conduto que transporta a urina dende o ril á vexiga urinaria.

ES: **uréter** *s.m.*

EN: **ureter**

uretra *s.f.* Conduto que leva a urina dende a vexiga ata o exterior.

ES: **uretra** *s.f.*

EN: **urethra**

uricotélico, uricotélica *adx.* Dise dos animais que segregan ácido úrico como principal produto nitroxenado de refugallo do metabolismo dos aminoácidos.

ES: **uricotélico, uricotélica** *adx.*

EN: **uricotelic**

urocordado *s.m.* Organismo pertencente ao grupo dos *Urochordata*.

SIN GL: **tunicado** *s.m.*

ES: **urocordado** *s.m.*; **tunicado** *s.m.*

EN: **urochordate**

urocordado, urocordada *adx.* Relativo aos urocordados.

SIN GL: **tunicado, tunicada** *adx.*

ES: **urocordado, urocordada** *adx.*; **tunicado, tunicada** *adx.*

EN: **urochordate**

uropodio *s.m.* Último par de apéndices abdominais de moitos crustáceos.

ES: **urópodo** *s.m.*

EN: **uropod**

útero *s.m.* V. **matriz**.

- vacina** *s.f.* Preparación antixénica específica con capacidade patóxena nula ou atenuada que produce no organismo receptor inmunidade activa contra unha enfermidade concreta.
ES: **vacuna** *s.f.*
EN: **vaccine**
- vacúolo** *s.m.* Elemento celular rodeado de membrana que se atopa no citoplasma de células eucariotas. Os vacúolos acostuman presentar un ambiente acuoso que adoita conter substancias de reserva, proteínas, encimas dixestivos etc. Son moi importantes nas plantas, onde dirixen o crecemento celular grazas á absorción de auga e ao seu expandimento.
ES: **vacuola** *s.f.*
EN: **vacuole**
- vacúolo contráctil** *loc.s.m.* Cavidade no protoplasma dos organismos unicelulares que se expande e reprega con función osmorreguladora e excretora.
ES: **vacuola contráctil** *loc.s.f.*
EN: **contractile vacuole**
- vaíña** *s.f.* V. legume.
- vaíña** *s.f.* Base ensanchada do pecíolo ou da base do limbo das follas que cingue o talo no punto de inserción da mesma.
ES: **vaina** *s.f.*
EN: **leaf sheath**
- vaíña de mielina** *loc.s.f.* Capa de mielina que rodea e illa electroquimicamente os axóns das neuronas de moitos vertebrados e algúns invertebrados. A vaíña de mielina permite que se produza o transporte saltatorio do impulso nervioso de forma eficaz.
ES: **vaina de mielina** *loc.s.f.*
EN: **myelin sheath**
- valva** *s.f.* Cada unha das dúas pezas duras que forman a cuncha dos moluscos lamelibranquios, braquiópodos e crustáceos ostrácodos.
ES: **valva** *s.f.*
EN: **valve**
- valva** *s.f.* Cada unha das divisións das cápsulas dalgúns froitos dehiscentes.
ES: **valva** *s.f.*
EN: **valve**
- valva** *s.f.* V. **teca**.
- variegación** *s.f.* Presenza nun mesmo tecido de rexións con diferentes fenotipos.
ES: **variegación** *s.f.*
EN: **variegation**
- vaso leñoso** *loc.s.m.* Vaso condutor que forma parte do xilema de anxiospermas.
SIN GL: **traquea** *s.f.*
ES: **tráquea** *s.f.*
EN: **trachea**
- vasomotor, vasomotriz** *adx.* Dise do axente que regula a vasoconstrición ou vasodilatación das paredes dos vasos sanguíneos.
ES: **vasomotor, vasomotora** *adx.*
EN: **vasomotor**
- vasopresina** *s.f.* Hormona peptídica producida no hipotálamo e que provoca un aumento da reabsorción de auga nos riles, entre outras funcións.
SIN GL: **hormona antidiurética** *loc.s.f.*, **ADH** *sigla*
ES: **vasopresina** *s.f.*; **hormona antidiurética** *loc.s.f.*; **ADH** *sigla*
EN: **vasopressin; antidiuretic hormone**
- váxil** *adx.* Dise do animal capaz de moverse ou desprazarse por un certo contorno.

- ES: **vágil** *adx.*
EN: **vagile**
- vaxina** *s.f.* Conduto fibromuscular elástico que se estende dende a vulva ata o útero nas femias de mamíferos.
ES: **vagina** *s.f.*
EN: **vagina**
- vea** *s.f.* Vaso sanguíneo que retorna o sangue ao corazón despois de irrigar os tecidos corporais (circulación maior) ou de oxixenarse nos pulmóns (circulación menor).
ES: **vena** *s.f.*
EN: **vein**
- vea** *s.f.* Cada unha das finas expansións do sistema de traqueas que sostén as ás dos insectos.
ES: **vena** *s.f.*
EN: **vein**
- vea** *s.f.* Feixe vascular das follas.
ES: **vena** *s.f.*
EN: **vein**
- vector** *s.m.* V. **vector de clonación.**
- vector de clonación** *loc.s.m.* Molécula de ADN con capacidade para integrar un ADN esóxeno e replicar nunha célula hóspede.
SIN GL: **vector** *s.m.*
ES: **vector** *s.m.*; **vector de clonación** *loc.s.m.*
EN: **vector**; **cloning vector**
- vector de expresión** *loc.s.m.* Vector de clonación que porta un promotor axeitado para a expresión do inserto na célula hóspede.
ES: **vector de expresión** *loc.s.m.*
EN: **expression vector**
- ventrículo** *s.m.* Pequena cavidade ou cámara no interior dun órgano.
ES: **ventrículo** *s.m.*
EN: **ventricle**
- vénula** *s.f.* Vaso sanguíneo de pequeno calibre que transporta o sangue dende os capilares cara ás veas.
ES: **vénula** *s.f.*
EN: **venule**
- veo** *s.m.* Repregamento a xeito de membrana que pecha parcialmente a cavidade subumbrelar dalgunhas medusas e que ten funcións motoras.
ES: **velo** *s.m.*
EN: **velum**
- veo** *s.m.* Órgano ciliado nadador da larva velíxera.
ES: **velo** *s.m.*
EN: **veil**
- veo** *s.m.* Estrutura membranosa dalgúns animais, como o veo do padal dos mamíferos.
ES: **velo** *s.m.*
EN: **veil**
- veo** *s.m.* Membrana que cobre total ou parcialmente as láminas do carpóforo dalgúns fungos antes da maduración do corpo frutífero e as esporas.
ES: **velo** *s.m.*
EN: **veil**
- vernalización** *s.f.* Proceso polo que se fai ás plantas competentes para florecer en primavera pola exposición prolongada a baixas temperaturas.
ES: **vernalización** *s.f.*
EN: **vernalization**
- vertebrado** *s.m.* Organismo pertencente ao grupo *Vertebrata*.
ES: **vertebrado** *s.m.*
EN: **vertebrate**
- vertebrado, vertebrada** *adx.* Relativo aos vertebrados.
ES: **vertebrado, vertebrada** *adx.*
EN: **vertebrate**
- verticilo** *s.m.* Conxunto de órganos vexetais que nacen a un mesmo nivel sobre un eixe.
ES: **verticilo** *s.m.*
EN: **verticil**; **whorl**
- vesícula** *s.f.* Pequeno orgánulo que forma un compartimento pechado rodeado de membrana no citoplasma.
ES: **vesícula** *s.f.*
EN: **vesicle**
- vesícula biliar** *loc.s.f.* Órgano de vertebrados no que é almacenada e concentrada a bile antes de ser requirida para a dixestión.

SIN GL: **vesícula do fel** *loc.s.f.*

ES: **vesícula biliar** *loc.s.f.*

EN: **gallbladder; cholecyst**

vesícula do fel *loc.s.f.* V. **vesícula biliar**.

vesícula seminal *loc.s.f.* Cada unha das glándulas presentes nos machos de mamíferos nas cales é segregada gran parte do líquido seminal.

ES: **vesícula seminal** *loc.s.f.*

EN: **seminal vesicle; gonecyst; seminal gland**

vesícula seminal *loc.s.f.* Órgano dos machos de moitos animais, en especial invertebrados, no que se almacena o esperma.

ES: **vesícula seminal** *loc.s.f.*

EN: **seminal vesicle**

vestixial *adx.* Relativo a estruturas anatómicas rudimentarias que estiveron desenvolvidas nalgún antecesor evolutivo ou no embrión.

ES: **vestigial** *adx.*

EN: **vestigial**

vexetal *s.m.* Termo sen valor taxinómico que se emprega para facer referencia aos organismos estudados tradicionalmente pola Botánica.

ES: **vegetal** *s.m.*

EN: **vegetable**

vexetal *adx.* Que pertence ou é propio dos vexetais.

ES: **vegetal** *adx.*

EN: **vegetal**

vexetal *adx.* Relativo ao grupo *Plantae*.

ES: **vegetal** *adx.*

EN: **vegetable**

vexiga *s.f.* V. **vincha**.

vexiga natatoria *loc.s.f.* Órgano en forma de saco flexible que pode encherse de gas e regula a flotación en moitos peixes.

ES: **vejiga natatoria** *loc.s.f.*

EN: **swim bladder; air bladder; gas bladder**

vexiga urinaria *loc.s.f.* Órgano oco muscular de moitos vertebrados no que se almacena a urina antes de ser eliminada cara ao exterior.

SIN GL: **vincha** *s.f.*

ES: **vejiga urinaria** *loc.s.f.*

EN: **urinary bladder**

vibrisa *s.f.* Cada un dos pelos modificados que poden aparecer no fociño ou outras partes do rostro de moitos mamíferos, especializados como órganos táctiles.

SIN GL: **bigote** *s.m.*

ES: **vibrisa** *s.f.*

EN: **vibrissa; whisker**

vilosidade *s.f.* Cada unha das prominencias da mucosa do intestino delgado que son prolongacións do propio tecido.

SIN GL: **pilosidade** *s.f.*

ES: **vellosidad** *s.f.*; **pilosidad** *s.f.*

EN: **villus**

vincha *s.f.* Calquera dos diferentes órganos de morfoloxía sacular que serven para o almacenamento de aire, auga ou outras substancias.

SIN GL: **vexiga** *s.f.*; **vesícula** *s.f.*

ES: **vejiga** *s.f.*

EN: **bladder**

vincha *s.f.* V. **vexiga urinaria**.

virión *s.m.* Partícula vírica libre, morfoloxicamente complexa e infecciosa.

ES: **virión** *s.m.*

EN: **virion**

viroide *s.m.* Axente infeccioso constituído por unha cadea cíclica curta de ARN e que, ao igual que os virus, ten un ciclo no que alterna unha fase extracelular e outra intracelular. Non posúe cápside nin proteínas ou lipidos.

ES: **viroide** *s.m.*

EN: **viroid**

virulencia *s.f.* Grao de patoxenicidade que é capaz de producir un determinado patóxeno.

ES: **virulencia** *s.f.*

EN: **virulence**

virusoide *s.m.* V. **ARN satélite circular**.

vista *s.f.* Sentido animal especializado na recepción e procesamento da luz.

ES: **vista** *s.f.*

EN: **sight; eye sight**

vitamina B8 *loc.s.f.* V. **biotina**.

vitamina B12 *loc.s.f.* V. **cobalamina**.

vitamina E *loc.s.m.* Lípido que contén un anel aromático substituído e unha cadea lateral isoprenoide longa. Existen catro formas de tocoferol ou vitamina E: α , β , γ e δ .

SIN GL: **tocoferol** *s.m.*

ES: **vitamina E** *loc.s.m.*; **tocoferol** *s.m.*

EN: **tocopherol**; **vitamin E**

vitelo *s.m.* Conxunto de substancias presentes no oocito e que serven de alimento ao embrión.

ES: **vitelo** *s.m.*

EN: **vitellus**; **yolk**

vivaz *adx.* Dise da planta que vive máis de dous anos ou que florece e produce sementes máis dunha vez ao longo da súa vida.

SIN GL: **perenne** *adx.*

ES: **vivaz** *adx.*; **perenne** *adx.*

EN: **perennial plant**

viviparismo *s.m.* Forma de desenvolvemento na que os embrións permanecen no interior do corpo da nai, e recibindo achega nutritiva desta, ata o estado xuvenil.

ES: **viviparismo** *s.m.*

EN: **viviparity**

VNTR *sigla* Rexión do xenoma composta pola repetición en tándem dunha secuencia nucleotídica moi curta.

ES: **VNTR** *sigla*

EN: **VNTR**, **variable number of tandem repeats**

**Western blot *loc.s.m.* V. hibridación
Western.**

xantofila *s.f.* Pigmento fotosintético do tipo dos carotenoides que posúe un ou máis átomos de osíxeno na súa estrutura. A xantofila que posúen os animais é de orixe vexetal.

ES: **xantofila** *s.f.*

EN: **xanthophyll**

V. TAMÉN: **carotenoide**

xema *s.f.* V. **abrocho**.

xemación *s.f.* Forma de reprodución asexual na que se forman pequenas prominencias ou xemas sobre o proxenitor, que ao medraren darán lugar aos novos individuos.

ES: **gemación** *s.f.*

EN: **budding**

xene estrutural *loc.s.m.* Xene que codifica a secuencia aminoacídica dunha proteína.

ES: **gen estrutural** *loc.s.m.*

EN: **structural gene**

xene homeótico *loc.s.m.* Xene que determina as identidades dos segmentos no desenvolvemento.

ES: **gen homeótico** *loc.s.m.*

EN: **homeotic gene**

